

# A CONSTRUCCIÓN MEDIÁTICA DO CONFLITO POLÍTICO EN GALICIA: O TRATAMENTO DE RESISTENCIA GALEGA NA PRENSA

Helena Domínguez García

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015



# A CONSTRUCCIÓN MEDIÁTICA DO CONFLITO POLÍTICO EN GALICIA: O TRATAMENTO DE RESISTENCIA GALEGA NA PRENSA

*Asdo.* .....

Helena Domínguez García

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015



D. Marcelo A. Martínez Hermida

Como director da tese de doutoramento titulada “A construción mediática do conflito político en Galicia: o tratamento de Resistencia Galega na prensa” presentada por Dna. Helena Domínguez García, alumna do Programa de Doutoramento Comunicación Audiovisual e Xornalismo (2012-2015)

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.

Santiago de Compostela, a 13 de novembro de 2015

ASINADO.....





## Agradecementos

A Catuxa, por todo o tempo que lle roubei para rematar esta investigación. Que ninguén lle diga nunca o que ten que pensar.

A tío Juan, a xeito de despedida.

Á miña familia, en especial a miña irmá Luísa Domínguez, ao meu compañeiro Luis Berroy e a miña nai, cuxa axuda foi fundamental para rematar dentro de prazo esta investigación. A Luísa débolle o procesamento dos datos estatísticos e a elaboración das gráficas, entre outras moitas cousas; a Luis agradézolle a compilación do material de prensa, entre outras moitas cousas tamén. E a miña nai que coidara tan ben de Catuxa na miña ausencia.

A meus irmáns e os meus avós.

Á xente do movemento independentista que se ofreceu a contarme a súa versión do relato.

Ao meu titor, Marcelo Martínez, por apoiarme sempre.

A todas as persoas que me axudaron, me guiaron, me aconsellaron e me animaron a concluír esta tese nalgún momento, que foron moitas. Grazas!





## **A construción mediática do conflito político en Galicia: o tratamento de Resistencia Galega na prensa**

### **RESUMO**

A presente investigación analiza a construción mediática do conflito político en Galicia, tomando como unidade de análise o tratamento que realizou a prensa do fenómeno Resistencia Galega no período 2005-2014. Partindo dun enfoque crítico e mediante a aplicación de diversas técnicas de análise textual e a realización de entrevistas en profundidade, investigamos o rol que desempeñaron os medios no conflito, é dicir, a maneira en que lles deron voz e visibilidade a identidades e intereses en competencia, e as influencias que exerceu o poder político neste proceso. Para iso, seleccionamos tres cabeceiras que representan distintas posicións ideolóxicas e que pertencen, ao mesmo tempo, a esferas mediáticas diferenciadas, a dos medios dominantes e a dos alternativos. Trátase dos diarios *La Voz de Galicia*, *ABC* e o xornal mensual *Novas da Galiza*.

### **PALABRAS CHAVE**

independentismo, conflito, propaganda, prensa, Resistencia Galega

### **RESUMEN**

La presente investigación analiza la construcción mediática del conflicto político en Galicia tomando como unidad de análisis el tratamiento que realizó la prensa del fenómeno Resistencia Galega en el período 2005-2014. Partiendo de un enfoque crítico y mediante la aplicación de diversas técnicas de análisis textual y la realización de entrevistas en profundidad, investigamos el rol que desempeñaron los medios en el conflicto, es decir, la manera en que dieron voz y visibilidad a identidades e intereses en competencia, y las influencias que ejerció el poder político en este proceso. Para ello, seleccionamos tres cabeceras que representan distintos posicionamientos ideológicos y que pertenecen, al mismo tiempo, a esferas mediáticas diferenciadas, la de los medios dominantes y la de los medios alternativos. Se trata de los diarios *La Voz de Galicia*, *ABC*, y el periódico mensual *Novas da Galiza*.

### **PALABRAS CLAVE**

Independentismo, conflicto, propaganda, prensa, Resistencia Galega

### **SUMMARY**

This research analyzes the media construction of the political conflict in Galicia taking as the unit of analysis the media treatment of the phenomenon Resistencia Galega in 2005-2014. Starting with a critical approach and by applying various techniques of textual analysis and in depth-interviews, we investigate the role played by the media in the conflict, that is, the way they gave voice and visibility to identities and interests in competition, and the influences of political power in the process. To do this, we selected three newspapers representing different ideological positions and belonging, at the same time, to different media spheres, the mainstream media and the alternative media. This is the daily *La Voz de Galicia* and *ABC*, and the monthly newspaper *Novas da Galiza*.

### **KEYWORDS**

Independentism, conflict, propaganda, press, Resistencia Galega



# ÍNDICE

## INTRODUCCIÓN

### 1. ACOUTAMENTO CONCEPTUAL E ESTADO DA CUESTIÓN

1.1. Nacionalismo, galeguismo e independentismo.....	13
1.2. Conflito político.....	14
1.3. Violencia política.....	15
1.4. Terrorismo.....	16
1.5. Medios dominantes <i>versus</i> medios alternativos.....	17
1.6. Precedentes da investigación.....	18
1.6.1. Conflito e comunicación na investigación estatal e internacional.....	18
1.6.2. Estudos sobre medios e conflito político en Galicia: ulos?.....	21

### 2. A CONSTRUCCIÓN DO CONFLITO NA PRENSA

2.1. Da mediación á mediatización do conflito político.....	23
2.2. A discusión conceptual sobre a mediatización.....	25
2.3. Discurso, ideoloxía e manipulación.....	27
2.4. Discurso oculto e resistencia.....	30
2.5. Medios de comunicación e nacionalismo.....	31

### 3. TERRORISMO E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

3.1. Principais posicións sobre a cobertura do terrorismo.....	35
3.2. O modelo de propaganda.....	37
3.3. A semántica do terror.....	39
3.4. As fontes na información.....	42
3.5. A desinformación.....	44

### 4. DESEÑO DA INVESTIGACIÓN E METODOLOXÍA


4.1. Obxecto de estudo .....	47
4.2. Obxectivos e hipóteses .....	47
4.3. Definición da investigación .....	47
4.4. Definición da mostra .....	48
4.5. Análise de contido .....	50
4.6. Análise de discurso.....	52
4.6.1. Análise da ideoloxía .....	52
4.6.2. Análise das voces.....	55
4.6.3 Outros aspectos analizados.....	57
4.7. Entrevistas.....	58
4.8. Fontes documentais.....	58

### 5. CONTEXTO POLÍTICO

5.1. Características do movemento independentista galego.....	59
5.2. Unha ollada ao tratamento na prensa da loita armada .....	61
5.3. A aparición de Resistencia Galega.....	66

<b>6. CONTEXTO MEDIÁTICO</b>	
6.1. A prensa en Galicia.....	69
6.1.1. <i>La Voz de Galicia</i> .....	71
6.1.2. <i>ABC</i> .....	72
6.1.3. <i>Novas da Galiza</i> .....	73
6.2. Lingua, nacionalismo e sistema mediático.....	74
<b>7. ANÁLISE</b>	
7.1. Atención mediática.....	77
7.1.1. Evolución de conxunto.....	77
7.1.2. <i>La Voz de Galicia</i> .....	78
7.1.2.1 Evolución anual.....	78
7.1.2.2 Evolución da opinión.....	82
7.1.3. <i>ABC</i> .....	84
7.1.3.1.Evolución anual.....	84
7.1.3.2. Evolución de opinión.....	88
7.1.4. <i>Novas da Galiza</i> .....	89
7.1.4.1. Evolución anual e opinión.....	89
7.2. Fontes mencionadas.....	93
7.2.1. <i>La Voz de Galicia</i> .....	93
7.2.2. <i>ABC</i> .....	95
7.2.3. <i>Novas da Galiza</i> .....	96
7.2.4. Gráfico de fontes de conxunto.....	97
7.3. Análise ideolóxica.....	98
7.3.1. Definición do grupo.....	98
7.3.2. Estratexias de polarización, extensión e estereotipia.....	99
7.4. Desinformación, propaganda e manipulación.....	102
7.4.1. Todo é Resistencia Galega.....	102
7.4.2. Falta de rigor nos datos.....	107
<b>8. CONFIRMACIÓN DAS HIPÓTESES E CONCLUSIÓN</b> .....	109
<b>BIBLIOGRAFÍA</b> .....	115
<b>ANEXOS</b>	
Anexo 1. Transcrición das entrevistas.....	135
Anexo 2. Fichas de análise ideolóxica da opinión.....	166
Anexo 3. Fichas de análise de fontes mencionadas.....	253
<b>ÍNDICE DE TÁBOAS E FIGURAS</b>	
Figura 1. Noticia sobre o Novo Exército Galego.....	64
Figura 2. Noticia sobre a FAI.....	65
Figura 3. Evolución da atención mediática en <i>La Voz de Galicia</i> , <i>ABC</i> e <i>Novas da Galiza</i> .....	77
Figura 4. Atención mediática 2005-2014. <i>La Voz de Galicia</i> .....	78
Figura 5. Atención mediática 2005-2010 por meses. <i>La Voz de Galicia</i> .....	79
Figura 6. Atención mediática 2011-2014 por meses. <i>La Voz de Galicia</i> .....	80

Figura 7. Evolución anual por xéneros 2005-2014. <i>La Voz de Galicia</i> .....	82
Figura 8. Atención mediática 2005-2010 por meses. <i>La Voz de Galicia</i> .....	83
Figura 9. Atención mediática 2005-2014. <i>ABC</i> .....	85
Figura 10. Atención mediática 2005-2010 por meses. <i>ABC</i> .....	85
Figura 11. Atención mediática 2011-2014 por meses. <i>ABC</i> .....	86
Figura 12. Evolución anual por xéneros 2005-2014. <i>ABC</i> .....	88
Figura 13 Atención mediática 2011-2014 por meses. <i>ABC</i> .....	89
Figura 14 Atención mediática 2005-2014 <i>Novas da Galiza</i> .....	90
Figura 15. Atención mediática 2011-2014 por meses <i>Novas da Galiza</i> .....	91
Figura 16. Fontes mencionadas <i>La Voz de Galicia</i> .....	93
Figura 17. Fontes mencionadas <i>ABC</i> .....	95
Figura 18. Fontes mencionadas <i>Novas da Galiza</i> .....	96
Figura 19. Fontes <i>La Voz de Galicia</i> , <i>ABC</i> e <i>Novas da Galiza</i> .....	97
Figura 20. Noticia de detencións <i>La Voz de Galicia</i> .....	103
Figura 21. Noticia de detencións <i>La Voz de Galicia</i> .....	104
Figura 22. Noticia de <i>ABC</i> .....	105
Táboa 1. Ficha de análise ideolóxica dos artigos de opinión de <i>La Voz de Galicia</i> e <i>ABC</i> .....	53
Táboa 2. Ficha de análise ideolóxica de artigos do <i>Novas da Galiza</i> sobre os medios.....	55
Táboa 3. Ficha de análise das fontes mencionadas.....	57
Táboa 4. Definición do grupo <i>La Voz de Galicia</i> .....	98
Táboa 5. Definición do grupo <i>ABC</i> .....	98
Táboa 6. Estratexias de desinformación <i>La Voz de Galicia</i> .....	99
Táboa 7. Estratexias de desinformación <i>ABC</i> .....	99





## INTRODUCCIÓN

A idea orixinal desta investigación cando formalizamos a matrícula de tese na USC era estudar o repertorio de prácticas comunicativas do movemento independentista galego. Viñamos de realizar en Barcelona unha investigación para a obtención do Diploma de Estudos Avanzados sobre o movemento okupa e queríamos seguir indagando durante o doutoramento nas prácticas comunicativas dos movementos sociais que desafían o sistema. En Galicia, só o movemento independentista propoñía un grao de disidencia similar ao que viñamos de estudar e, de certo, compartía certas ligazóns coa okupación, como a súa orientación anticapitalista e a súa aposta polo desenvolvemento de centros sociais

Efectuamos unha primeira aproximación ao tema con motivo da participación no Congreso Ibercom 2013, celebrado en Santiago de Compostela. Daquela realizamos unha serie de entrevistas en profundidade con activistas do independentismo implicados en proxectos de comunicación alternativos, dos que obtivemos unha queixa común sobre o silenciamento e a distorsión á que eran sometidas as súas actividades na prensa dominante. Asemade, durante a pescuda constatamos a falta de estudos sobre a comunicación do movemento nun dobre sentido; tanto no referente ás propias prácticas comunicativas dos independentistas como no relacionado ao tratamento do que eran obxecto nos medios dominantes. A exploración da primeira das áreas quedou plasmada nunha comunicación sobre os portais *Diário Liberdade* e *Galiza Livre* –este último xa desaparecido– e o xornal impreso *Novas da Galiza*, elaborada a partir dos datos recolectados nas entrevistas. E a segunda das áreas decidimos abordala con máis profundidade nesta tese, o que supuxo unha mudanza na nosa perspectiva da investigación.

O obxectivo xeral de estudar o tratamento mediático do independentismo galego concreouse finalmente na análise do discurso sobre o conflito político representado por Resistencia Galega. Cando escollemos este obxecto de estudo, Resistencia Galega viña de ser declarada unha organización terrorista por parte dos tribunais e atopábase no centro do debate político. A constatación da existencia de graves prácticas de manipulación por parte dos medios motivounos para estudar non só o discurso senón tamén o contexto que influíu na construción mediática do fenómeno.

Así, decidimos centrar a nosa investigación nos xornais *La Voz de Galicia*, *ABC* e *Novas da Galiza*, tres cabeceiras que representan distintas posicións ideolóxicas e que pertencen, ao mesmo tempo, a esferas mediáticas diferenciadas, a dos medios dominantes e a dos alternativos.

Por que eliximos estudar os xornais? En primeiro lugar, porque contabamos cunha literatura específica sobre conflitos políticos e prensa no contexto español que nos podía servir de guía; e en segundo lugar, debido á repercusión social e á influencia sobre a opinión política da que goza a prensa non so no contexto estatal, senón tamén de xeito particular no ámbito galego, debido á histórica preeminencia dos medios impresos diarios e á súa forte implantación nos seus mercados locais.

Despois de moitos meses estudando a construción mediática de Resistencia Galega, chegamos á conclusión de que só conseguimos enxergar a punta do iceberg dunha complexa rede de intereses creados arredor do fenómeno. En todo caso, a presente investigación ten o valor de ofrecer dende a perspectiva dos Estudos da Comunicación unha interpretación dun movemento contemporáneo de violencia política aínda en curso. E presenta unha limitación fundamental, o curto período de tempo no que foi rematada.

A tese estrutúrase en dúas partes fundamentais, un marco teórico e unha análise empírica. O marco teórico, á súa vez, tamén presenta tres áreas diferenciadas. Na primeira delas clarexamos algúns dos conceptos básicos relacionados coa investigación, como conflito

político, nacionalismo, terrorismo e violencia política, e ofrecemos unha breve panorámica da literatura científica precedente sobre o conflito e a comunicación.

Na segunda parte do marco teórico repasamos as teorías que abordan o rol dos medios de comunicación nos conflitos contemporáneos e tamén prestamos atención á reprodución das ideoloxías a través do discurso e á reprodución do nacionalismo a través dos medios de comunicación. Por último, a terceira parte presenta unha visión dos principais trazos que caracterizan a información xornalística sobre terrorismo, especialmente no referido á linguaxe, ás fontes e aos mecanismos de desinformación.

No que fai á investigación empírica, presenta unha disección do discurso da prensa sobre Resistencia Galega, resultado de aplicar varias técnicas de análise textual. Vai acompañada dunha dobre contextualización: comunicativa, referida á situación e características da prensa en Galicia, e política, relativa á presentación do movemento independentista galego e de Resistencia Galega.



# 1. ACOUTAMENTO CONCEPTUAL E ESTADO DA CUESTIÓN

## 1.1. NACIONALISMO, GALEGUISMO, INDEPENDENTISMO

Nacionalismo, galeguismo e independentismo son tres conceptos que comparten atributos mais presentan diferencias. Vexamos en que consisten. En boa parte da literatura especializada preséntase o nacionalismo como unha forza regresiva, mesmo entre as voces máis respectadas e citadas da teoría do nacionalismo (Hobsbawm, 1998; Gellner, 1988). Ademais, adoita establecerse unha distinción entre dúas versións antagónicas, segundo a cal o nacionalismo decimonónico orientado á construción e unificación dos Estados-nación europeos foi un fenómeno positivo, mentres que os movementos nacionalistas xurdidos dentro dos estados xa constituídos son interpretados como reaccións perturbadoras en contra da modernidade (Hobsbawm, 1992, Arendt, 2005). En consecuencia, existe unha tendencia a lexitimar o nacionalismo que emana do Estado de arriba cara abaixo e a desvirtuar as demandas de categorías identitarias que flúen de abaixo cara arriba. Este reduccionismo maniqueo ten sido contestado por autores como Smith (1997), Kymlica (1999) ou Calhoun (2007), que destacaron que os nacionalismos das minorías tamén están relacionados con procesos de democratización da sociedade, coa creación de ligazóns de solidariedade social e co desexo moderno de maiores cotas de autonomía individual.

Mentres que Ernest Gellner, autor de referencia nas teorías do nacionalismo e destacado antinacionalista, considera que é o nacionalismo o que fai as nacións, o profesor Beiras Torrado (2007, p. 6), líder histórico do nacionalismo galego, afirma que as nacións son independentes da existencia do nacionalismo. “Que un povo constitúa unha nación en canto realidade obxectiva non implica necesariamente que teña conciencia de tal cousa, de xeito análogo a como a existencia dunha clase social, en canto a realidade obxectiva na estrutura da sociedade, non implica que os seus membros teñan conciencia de séreno”. Para Beiras, a proba máis contundente da existencia da nación galega é a existencia dun proceso histórico de douscentos anos de “conciencia loitadora do pobo galego pola súa identidade colectiva, pola conquista dos correlativos dereitos políticos e polo exercizo da súa soberanía nacional”.

Nesta definición aparece unha das principais diferencias que adoita sinalarse entre o nacionalismo e o galeguismo, a súa maior significación política. Tal e como explica Subiela (2013), os nacionalistas sempre viron na apelación ao galeguismo un xeito de diluír as súas demandas ou ben un xeito de instrumentalizar un sentimento valioso, facendo un uso perverso do seu capital simbólico. A idea do galeguismo, di Subiela, subsistiu como unha identidade difusa que implicaba o recoñecemento dun suxeito colectivo sen acabar de estar cómodo co apelativo de nación e as consecuencias políticas derivadas. De todos os xeitos, a fronteira entre galeguista/nacionalista nunca estivo moi clara e Subiela (2013, pp. 10-11) propón no seu ensaio unha reconsideración do galeguismo, xa que “apela a un sentimento moi estendido entre a poboación, un capital simbólico susceptible de ser activado politicamente”.

No que fai ao independentismo, trátase dunha expresión política nacionalista que reclama a independencia dun territorio con respecto ao Estado ao que pertence. Tamén é chamado separatismo ou arredismo. O movemento nacionalista, porén, non reivindica necesariamente a creación dun Estado propio, pois pode abondarlle con que a nación sexa recoñecida e goce de

certa autonomía cultural, social e económica dentro do marco político do Estado ao que está adscrita. Finalmente, aínda podemos falar doutra expresión política chamada “soberanismo”, que propugna a autonomía política dunha comunidade, pero non necesariamente a través dun Estado. Para Diéguez Cequiel (2009. p. 9), falamos de nacionalismo soberanista cando “reclama o lexítimo dereito da nación a ser soberana, como suxeito político de seu, diante dun *statu quo* verificado como ‘opresivo’ e cos matices históricos que se quixer propios de cada época”.

## 1.2. CONFLITO POLÍTICO

A existencia de Resistencia Galega é expresión dun conflito político, -ou se se quer identitario, nacional ou étnico, conforme as múltiples denominacións que atopamos na literatura especializada-, entre Galicia e o estado español. Trátase, polo tanto, dun enfrontamento que pode ser interpretado no marco dos conflitos nacionais xurdidos da relación entre centro e periferia, tal e como os entende Letamendía (1997) dende a Ciencia Política. Este autor explica a aparición dos movementos nacionalistas que recorren á violencia como resultado dunha mímese do Estado. Segundo a súa argumentación, a construción do Estado-nación xera procesos lesivos para grupos específicos étnicos, lingüísticos ou relixiosos, como poden ser o desfase no seu desenvolvemento económico, cultural ou político ou a discriminación lingüística. Os movementos das periferias reaccionan ante isto mimetizando o proceso de creación de comunidade levado a cabo polo Estado-nación, en forma de movementos nacionalistas, e esta reacción á súa vez é susceptible de provocar novas contra mobilizacións do centro en forma de nacionalismos centralistas. De aí que Letamendía utilice a expresión xogo de espellos para referirse ás dinámicas que se establecen entre centro e periferia.

A mímese entre a periferia e o centro tamén se dá coa violencia. Os grupos armados nacionalistas mimetizan o estado como centro monopolizador da violencia e, á súa vez, o Estado tamén pode imitar o grupo violento periférico na súa faceta máis cruel, coa posta en práctica dunha guerra sucia mergullada. O paradoxo é que a erradicación do grupo violento non fai desaparecer o conflito centro-periferia polo que resulta imposible unha vitoria militar do Estado. E de igual xeito, o obxectivo de liberación nacional queda bloqueado co uso da violencia, dando lugar a unha situación de empate infinito que pode durar décadas. Nesta dinámica, Letamendía considera que o fin da violencia só pode vir da negociación, unha idea que está en consonancia coa concepción relacional de Tilly (2007) da violencia colectiva.

O modelo de relación centro-periferia e as súas consecuencias perversas en forma de colonialismos internos está na base de varios estudos que explican a persistencia de movementos identitarios que desafían a lexitimidade dos Estados-nación europeos. O colonialismo interior é un modelo segundo o cal o centro domina politicamente a periferia e explótaa materialmente, de xeito que o benestar económico e a integridade cultural das rexións resultan ameazados. O intelectual occitano Robert Lafont (1971) estudou este proceso en relación a certas rexións de Francia diferenciadas culturalmente, como a Bretaña ou Occitania. Pola súa parte, Michael Hechter (1999) analizou as consecuencias da incursión colonial de Inglaterra nas rexións de Escocia, Gales e Irlanda. E Xosé Manuel Beiras (1981). introduciu a perspectiva do colonialismo interno no nacionalismo galego coa obra *O atraso económico de Galicia*. Ademais das repercusións económicas, o colonialismo ten implicacións no campo das representacións, xa que adoita ir acompañado dunha ideoloxía racista da cultura dominante e dunha estereotipia do colonizado (Ó Caollaí, 2007), que contribúen a naturalizar certos significados.

O paradigma do colonialismo mantense vixente no campo dos estudos literarios galegos contemporáneos, a través do recurso a ferramentas teóricas pensadas para analizar os discursos en contextos poscoloniais (González Millán, 2000). Nesta corrente, é de destacar o estudo de

Miguélez-Carballeira (2013), que analiza o estereotipo da Galicia sentimental dende unha perspectiva dos estudos coloniais e de xénero. Segundo a autora, o ubicuo discurso da sentimentalidade galega que apareceu no XIX e que segue vixente aínda hoxe, cumpriu varias funcións políticas contraditorias. Así, para as posicións aliñadas historicamente cos valores do centralismo español, o tropo da sentimentalidade serviu como estratexia discursiva coa que debilitar un movemento nacionalista con aspiracións políticas e potencialmente violento. Porén, para o nacionalismo galego insurxente, que usou a idea da sentimentalidade para neutralizar as concepcións negativas dos galegos de ampla circulación en España, resultou ser unha lousa que lastrou as súas posibilidades políticas. O estereotipo rexional cumpriu, segundo Miguélez-Carballeira, unha función desmobilizadora e foi empregado para un propósito político específico, mentres que outras formas de narrar a nación foron deliberadamente purgadas, a través do ostracismo, a ridiculización ou a sanción.

### 1.3. VIOLENCIA POLÍTICA

Dende o ámbito académico da socioloxía do conflito, Vinyamata (2005) define que “violencia es todo aquello que pueda representar o significar perjuicio, producir, por efecto o por defecto, un mal a otro, a uno mismo o al entorno; ya sea realizado o llevado a cabo de manera consciente o inconscientemente” (p. 26). Segundo a definición que acabamos de ver, para exercer a violencia non é preciso que interveña a forza. A violencia posúe múltiples expresións, dende a violencia física ata a violencia simbólica, e ambas as dúas poden producir efectos equivalentes.

Charles Tilly ten estudado amplamente a violencia colectiva e a contenda política dende unha perspectiva histórica (1975; 2007; 2007b). Na súa obra amosa que a violencia colectiva é común e frecuente na vida política, tanto na era democrática como antes dela. Tilly (2007, p.6-8) concibe a violencia dende un enfoque relacional, que sitúa as causas nas interaccións sociais. Dende esta perspectiva, a violencia equivale a un tipo de conversación, por moi brutal ou parcial que esta poida ser. E a súa erradicación depende da transformación das relacións entre persoas e grupos, máis ca da eliminación das ideas destrutivas (enfoque dos ideais) ou da eliminación de oportunidades e da supresión de impulsos (enfoque condutual). Así resulta máis difícil, argumenta Tilly, exaltar, defender ou culpabilizar de maneira individual. Cando hai un goberno implicado, a violencia colectiva convértese nun caso especial de contenda política. Seguindo a argumentación deste autor, o uso da violencia por parte dos Estados, por un lado, e por parte dos movementos nacionalistas, por outro, podería considerarse como variantes dun mesmo fenómeno. Vexamos agora que nos di o autor sobre cada unha destas manifestacións.

Unha das súas teses é que a aparición e consolidación dos Estados occidentais europeos a partir do século XVII non se podería explicar sen ter en conta a guerra e o desenvolvemento de distintos modos de coerción. Segundo Tilly (1975), a vitoria bélica foi unha das condicións que levou ao éxito os Estados europeos, pola razón obvia de que a maioría das unidades políticas que desapareceron, pereceron na guerra. Ademais, a creación dunha maquinaria militar efectiva impuxo unha pesada carga sobre a poboación en forma de impostos e de servizo militar obrigatorio. Só o feito de desenvolver estes instrumentos, subministroulles aos gobernos recursos para outros propósitos. Así, case todos os principais impostos europeos comezaron como gravames extraordinarios para guerras particulares e chegaron a ser fontes rutineiras de ingresos gobernamentais. Isto permitiu o desenvolvemento dos medios necesarios para controlar a resistencia: o exército, que á súa vez tendeu a promover a consolidación territorial, a centralización e a monopolización dos medios de coerción. Tilly aínda sinala outra contribución das guerras á creación dos Estados, e é que estas viraron na principal vía para configurar os realiañamentos e as fronteiras, de xeito que contribuíron, en realidade, a crear un

sistema interconectado de Estados. “War made the state, and the state made war” [A guerra fixo o Estado e o Estado fixo a guerra] (1975, p. 42).

O Estado non só necesitou usar a violencia colectiva a nivel externo, senón tamén a nivel interno. Tilly sinala con ironía que a pesares da súa reputada docilidade, a xente de Europa loitou contra os reclamos dos Estados centrais durante séculos. Os impulsores dos Estados só lograron impoñer a súa vontade sobre a poboación despois de séculos de esforzo, a través da creación de exércitos e de burocracia, de instrumentos policiais efectivos e dunha mestura de coerción con implicación e lexitimación, que lles garantiron o consentimento de diferentes segmentos de poboación.

Se viaxamos no tempo dende a creación dos Estados nación ata as sociedades democráticas occidentais contemporáneas, atopamos que todos os gobernos se reservan o control de certos medios de violencia, en forma de armas, tropas, gardas, sistema xudicial e prisións. A maioría dos gobernos utilizan amplamente todos estes medios para manter o que definen como a orde pública. E ás medidas coercitivas, súmanse outras accións de violencia simbólica, que poden incluír accións sobre os medios de comunicación, como a propaganda.

O outro reverso da moeda está representado pola violencia exercida por certos movementos nacionalistas. Tilly (2007, p. 31) sinala que o Estado separa as identidades en lexítimas e ilexítimas, recoñecidas e non recoñecidas. Mesmo alí onde as asociacións que representan categorías étnicas, relixiosas ou raciais teñen lexítimo dereito a existir, algunhas obteñen recoñecemento como representantes válidas das súas categorías mentres que outras non, e aquí reside a orixe das loitas polo recoñecemento. Porén, Tilly argumenta que este tipo de loitas se viron agravadas dende finais do século XVIII, cando cobrou importancia o principio político ‘unha nación, un Estado’. Así, xurdiron dúas versións antagonistas do nacionalismo, de arriba cara abaixo, que defende o dereito dos gobernantes a impoñer a súa definición de cultura, e de abaixo cara arriba, que reivindica o dereito de nacións específicas dentro de Estados heteroxéneos a gozar de independencia política. Segundo Tilly, ambas as dúas se alimentan mutuamente: canto máis tentan os gobernantes impoñer culturas nacionais máis claman pola independencia as minorías específicas. Este tipo de reivindicacións estiveron presentes na maioría dos conflitos violentos de gran escala que tiveron lugar no mundo dende a II Guerra Mundial.

#### **1.4. TERRORISMO**

Sobre a noción de ‘terrorismo’ non existe un consenso nin na literatura académica nin no marco xurídico internacional, así que existen múltiples definicións que consideran diferentes factores. O fracaso dos sucesivos intentos de definir o terrorismo dende o Dereito Internacional propiciou un abuso do termo e, en moitos casos, a adopción de políticas que vulneran os dereitos humanos, especialmente a partir dos atentados do 11 de setembro de 2001 en Estados Unidos (Martín Martínez, 2009).

A nivel xeral, as nocións adoptadas polas institucións políticas internacionais poñen a énfase nos obxectivos das accións violentas, nomeadamente, nas ameazas á democracia, mentres que nos ámbitos académicos trata de evitarse a consideración de factores relacionados coa intencionalidade. Nesta liña, a proposta do investigador Schaffert (1992, p. 15) é definir o terrorismo polo método da violencia, sen ter en conta nin os promotores nin os obxectivos das accións violentas. Para este autor, o que define o terrorismo é a metodoloxía do ataque. Así, sinala que o terrorismo se diferencia doutras categorías de violencia política polo emprego dun modo de violencia non aceptable contra vítimas simbólicas e pola súa deliberada busca da máxima publicidade: “the perpetration of an unacceptable form of violence agaisnt symbolic victims to maximize publicity for the attainment of political goals” [a perpetración dunha forma

de violencia inaceptable contra vítimas simbólicas para maximizar a publicidade coa fin de acadar logros políticos].

A definición de Schaffert admite varias obxeccións. En primeiro lugar, a súa ambigüidade, dada a dificultade para precisar que tipo de violencia se considera aceptable nas sociedades democráticas. O que propón o autor é ter en conta as convencións de *ius in bello*, que subministran un marco universal sobre os actos de violencia específicos que son aceptados na guerra. En segundo lugar, a definición semella excluír a posibilidade de que o perpetrador do terrorismo sexa o propio Estado, pois non parece plausible que o terror exercido dende as institucións oficiais busque a máxima publicidade.

Pola súa parte, Tilly (2007, p. 173) tamén foxe das definicións que requiren información sobre as motivacións e intencións da violencia colectiva, xa que, argumenta, rara vez se dispón de probas sólidas sobre estas. Para este autor, o que define o terrorismo son os danos asimétricos e pouco convencionais. Así, considera que o terror é o despregue asimétrico de ameazas de violencia contra o inimigo á marxe das formas de contenda que rutineiramente operan dentro do réxime en cuestión. O terror consiste nunha estratexia de conflito dunha soa parte, máis ca nunha categoría causalmente coherente de violencia colectiva.

Así as cousas, na presente investigación intentaremos evitar o concepto de ‘terrorismo’ para definir as prácticas de violencia política ás que nos referimos, dado a imprecisión e arbitrariedade que caracterizan termo. Deste xeito, tamén esquivamos o seu elevado grao de connotación, un tema sobre o que volveremos no epígrafe 3.3, dedicado a explicar a semántica do terror.

Dende outra perspectiva diferente, considérase o terrorismo como un acto comunicativo ou un ritual simbólico (Piñuel, 1986). Sobre o seu simbolismo, é interesante traer aquí, polas implicacións para esta investigación, a reflexión do antropólogo Roger Bartra (2007, p. 18), quen considera que o terrorismo ten un alto contido imaxinario e alegórico. Así, explica que nos anos 70 as ameazas encarnáronse en grupos terroristas como Baader-Meinhof, as Brigadas Vermellas italianas, o IRA e algunhas sectas relixiosas, grupos cuxo poder simbólico e imaxinario é moito maior que a súa forza táctica. “Este poder imaxinario genera una especie de halo que es estimulado, ampliado y manipulado por los gobiernos establecidos con el fin de aumentar la cohesión de la sociedad y su legitimidad”, di Bartra.

Segundo este autor, a dimensión imaxinaria radica na construción dun escenario omnipresente onde se enfrontan, por un lado, a civilización democrática avanzada e, por outro, un amplo imperio maligno de outredades ameazantes, primitivas e fanáticas. A redución da complexidade política a este esquema binario é inmensamente eficaz para estimular formas renovadas de lexitimidade postdemocrática.

Sobre a consideración do terrorismo como un acto de comunicación, Rodrigo (1991) sinala que o terrorismo é un fenómeno moi complexo que non pode ser reducido á propaganda. A faceta comunicativa é unha consecuencia do terrorismo, non unha causa, afirma, e mentres que algúns actos terroristas prodúcense coa intención de ser noticia, outros obteñen unha publicidade non buscada e outros baséanse no secreto.

### **1.5. MEDIOS DOMINANTES *VERSUS* ALTERNATIVOS**

A denominación medios alternativos súmase á longa lista de conceptos que se manexan para estudar os outros medios, é dicir, aqueles proxectos comunicativos xurdidos da sociedade civil, que non pertencen estritamente nin á esfera do mercado nin á do Estado. Nesta gran familia, están os medios dos movementos sociais, os medios de contrainformación, os medios para o cambio social ou os medios cidadáns, por citar algunhas das expresións máis estendidas. A escolla dun termo ou outro non é un asunto banal, dadas as implicacións de cada un, e por

iso a cuestión conceptual está no centro do debate da área da comunicación alternativa (Downing 2010, Hadl, 2007). Nesta investigación, optamos por usar o termo “medios alternativos” xa que conta cunha ampla tradición de uso, tanto na literatura especializada como no propio ámbito do activismo. Ademais, é un concepto que, en tanto que propón unha alternativa a algo, implica un enfrontamento ou distinción con respecto aos medios de comunicación dominantes. As diferenzas poden fundamentarse en moitos niveis: na propiedade dos medios, nas relacións de produción, nos contidos ou nos obxectivos. É polo tanto, unha denominación acaída para definir a prensa do movemento independentista galego. Por medios dominantes referímonos logo á prensa comercial galega e estatal que historicamente dominou o sistema de medios e resultou favorecida polas políticas de comunicación.

## 1.6. PRECEDENTES DA INVESTIGACIÓN

### 1.6.1. Conflito e comunicación na investigación internacional e estatal

Na presente investigación interseccionan dúas áreas de coñecemento, a da Política e a da Comunicación, e tres temas principais: o nacionalismo, os medios de comunicación e o conflito político. Aínda que tomados por separado os tres representan campos de estudo cunha vigorosa produción científica, as investigacións que fan unha abordaxe conxunta son escasas. E se ademais pretendemos que teñan en conta a realidade galega, entón temos que admitir que nos movemos nun terreo ermo. Quédanos, con todo, a opción de considerar os temas mencionados de forma illada.

Nos estudos da Comunicación existe unha revitalizada corrente que interrelaciona nacionalismo, medios e identidades, e que deu ao prelo títulos como *Mediating the nation*, de Mirca Madianou (2005), que propón un estudo de recepción sobre a influencia dos medios na constitución das identidades das minorías culturais; *Identidades mediáticas*, de Enric Castelló (2008), que funciona a xeito de compendio teórico para introducirse no estudo da identidade, os medios e o nacionalismo; e *Media nations*, de Sabina Mihelj (2011), que propón un estudo histórico e comparativo coa vontade de amosar diferentes realidades nas que se interrelacionan o Estado-nación, os medios e a identidade nacional. Estas publicacións súmanse a outras obras xa consideradas clásicos da área (Deustch, 1975; Anderson, 1993; Billig, 1995) polo seu grande impacto na literatura especializada e que teremos ocasión de revisar neste marco teórico.

No que fai á pescuda sobre os medios de comunicación e o conflito, podemos rastrexar referencias ao papel dos medios nos conflitos políticos en traballos de diversas disciplinas: na Ciencia Política, (Letamendia, 1997; Guibernau, 1999), na Socioloxía do conflito (Vinyamata, 2005), no ámbito da Cooperación Internacional (Pérez de Armiño e Areizaga, 2002) e na Socioloxía da acción colectiva (Tarrow, 2004), por citar algúns exemplos. O que ocorre nestes traballos é que a práctica mediática non constitúe o tema principal, senón un aspecto secundario da análise.

Nos estudos da Comunicación, o conflito atopou unha nova centralidade na teoría da mediatización, que se fundamenta na idea de que os medios de comunicación ‘mediatizan’ os conflitos a través do seu tratamento; é dicir, inflúenos, transfórmanos e mesmo os constitúen. Dúas lecturas fundamentais que parten desta perspectiva teórica son *Mediatized conflict*, do autor británico Simon Cottle (2006) e *La mediatización del conflicto político. Discursos y narrativas en el contexto español*, unha obra colectiva editada por Enric Castelló (2012).

Na primeira, Cottle examina a investigación sobre conflitos de diferente natureza - ambientais, terroristas e racistas, entre outros-, os seus achados principais, as metodoloxías e os marcos teóricos, para tentar comprender as complexas e cambiantes dinámicas que interveñen na cobertura xornalística dos conflitos contemporáneos. Ademais, sintetiza o estudo da relación entre medios e conflitos en tres paradigmas: a creación do consentimento (*manufacturing*

*consent*), a competencia de medios (*media contest*) e a cultura mediática (*media culture*), dos que describe as súas utilidades e limitacións.

1) O paradigma da creación do consentimento é herdeiro da tradición crítica da Escola de Frankfurt e contempla os medios como industrias culturais que reproducen as ideoloxías dominantes. Este paradigma subliña a natureza capitalista dos medios, as estruturas económicas e os controis políticos que peneiran os contidos mediáticos. Nesta corrente inclúese, por exemplo, o modelo de propaganda desenvolvido por Herman e Chomsky, que teremos ocasión de revisar. A súa principal eiva é que a suposta sinerxía entre os intereses do Estado, o mercado e os medios non deixa ver as contradicións económicas e políticas que existen entre os diferentes centros de poder e como estas cambian no tempo. Cottle argumenta que existe unha relación máis complexa e menos próxima entre medios e poder. Os medios toman as súas propias decisións e as súas mensaxes poden ser menos ideolóxicas do que pensamos.

2) O paradigma da competencia mediática observa os medios dunha forma máis dinámica e continxente. Os medios son considerados escenarios de loita de poder, nos que cada protagonista intenta promover os seus propios marcos de conflito, de xeito que se pode dar unha confrontación pública entre o goberno e outros actores. Aquí inclúense estudos sobre a esfera pública, o acceso mediático e análises da produción mediática. A debilidade deste paradigma é que se centra no político e esquece o económico, polo que apenas fai referencia á estrutura de propiedade dos medios e aos imperativos comerciais. Asemade, tamén obvia o contexto histórico.

3) O paradigma da cultura mediática ten a súa orixe nos *Cultural Studies* e pregúntase como a cultura mediática permea a vida cotiá e as identidades. Os procesos de formación da identidade, o consumo de textos mediáticos e a creación de significados por parte da audiencia asumen un interese central nesta corrente, que se ocupa de cuestións de representación e das loitas pola hexemonía que teñen lugar no terreo da cultura popular. As limitacións do paradigma citadas por Cottle refírense á posibilidade de caer nun mediacentrismo ou á inclinación a reducir todas as explicacións a operacións de resistencia.

Cada un dos paradigmas, sinala Cottle, axuda a entender diferentes dimensións dun mesmo obxecto polo que non deben ser observados como excluíntes. Así, o autor británico anima a unha comprensión multidimensional, xa que sostén que as relacións entre medios e conflitos non debe ser xunguida nin ao modelo de propaganda nin á preocupación polas representacións, senón nun marco de análise máis amplo que teña en conta as complexas interaccións entre medios e conflitos. En liña con estas ideas, nesta investigación adoptamos un enfoque multidisciplinar.

Na segunda das obras á que nos referimos anteriormente, Castelló reúne diferentes investigacións que analizan, a través da prensa escrita, conflitos recentes relacionados coas tensións territoriais e identitarias no estado español, como a ilegalización de partidos políticos en Euskadi, o recorte do Estatut de Catalunya nos tribunais ou o estancamento da reforma do Estatuto galego. A obra, que pon a énfase nas narrativas, supón unha nova forma de mirar o conflito dende os estudos da Comunicación, especialmente nos textos do prólogo e nas conclusións, que lle dan cohesión á diversidade de temas e metodoloxías propostos. Castelló non considera o conflito como unha anomalía, senón como un motor social que, ademais, é xerador de identidades porque xustamente consiste no establecemento dun límite respecto do outro.

Cando os conflitos se refíren a situacións bélicas, de terrorismo e outros contextos de violencia física introducímonos noutro terreo teórico. A este respecto, un título de referencia para introducirse nos principais debates que se libran nos estudos da Comunicación sobre a relación entre a violencia e a construción das identidades colectivas nas democracias liberais

contemporáneas constitúeo *Media, state and nation. Political violence and collective identities*, de Philip Schlesinger (1991). Neste texto xa se apuntan as connotacións ideolóxicas que supón etiquetar como ‘terroristas’ aos grupos insurxentes que desafían o Estado-nación. Non obstante, boa parte da literatura relevante para a nosa investigación está constringida no marco do terrorismo, pois non podemos obviar o feito de que así foi tratado o movemento Resistencia Galega nos medios.

A exploración do estado da arte sobre Comunicación e terrorismo conduciunos a dous fenómenos principais, ao xihadismo no plano internacional e ao conflito vasco no contexto estatal. Aínda que consultamos algunhas obras colectivas nas que se abordaban diferentes aspectos comunicativos das manifestacións de terrorismo internacional (Nossek, Sreberny e Sonwalkar, 2007; Cuesta, Canel e Gurrionero, 2012), determinamos finalmente que esta corrente propuña problemáticas que se apartaban dos intereses inmediatos deste traballo.

Os estudos sobre o conflito vasco, pola contra, servíronnos de guía para construír o marco teórico e deseñar a investigación sobre Resistencia Galega e, en especial, aqueles que botaron man da análise textual da prensa, a principal técnica que despregamos neste traballo. O conflito de Euskadi presenta características diferentes ás do caso galego, por exemplo no grao de violencia, no contexto sociopolítico e cultural e mesmo no sistema de medios, mais ambos os dous comparten o mesmo marco xurídico e político do Estado e unha natureza similar. Así, tivemos en conta as investigacións sobre o tema de Miquel Rodrigo (1991), Rivas Troitiño (1992), Antoni Batista (2003) e Petxo Idoiaga e Txema Ramírez de la Piscina (2002), todas elas resultado de aplicar análises de contido e do discurso e da mestura de técnicas cuantitativas e cualitativas. Doutra banda, as conclusións coincidentes ás que chegaron estes estudos permitíronnos extraer unha serie de tendencias na información sobre o terrorismo en España:

- Aliñamento ideolóxico dos xornais, que afecta á calidade da información.
- Mensaxes contraditorias sobre a natureza do conflito. Dende as autoridades négase o seu carácter político pero a resposta que ofrecen é política.
- Dominio das fontes oficiais na construción das noticias e marxinación das voces dos colectivos sociais.
- Habitual presenza de mecanismos de desinformación.

O diagnóstico da prensa que subministran as investigacións mencionadas é certamente demoledor e deita unha grande sombra de dúbida sobre a fiabilidade dos xornais. Aínda así, isto non significa que os medios impresos non poidan desempeñar unha función social positiva en determinados conflitos, como de seguro fan; o que ocorre é que a análise do tratamento da violencia política, e nomeadamente a de signo nacionalista, é unha boa ferramenta para facer emerxer as debilidades e as dependencias das institucións mediáticas, debido á gran complexidade do fenómeno, aos múltiples intereses cos que está conectado e aos seus vínculos co poder e a política.

Finalmente, sobre o tratamento mediático do conflito vasco, tamén utilizamos de material de consulta algunhas teses de doutoramento, que tratan da interpretación periodística do conflito vasco na prensa catalá (Xicoy, 2008); da complicidade da prensa coa política española no País Vasco (Cabezas de Alcalá, 2010); do tratamento informativo de ETA nos xornais madrileños e vascos (García-Lafuente Boix, 2014) e da construción mediática das vítimas (Sánchez Duarte, 2013). Ademais, outros traballos de temáticas diferentes á tratada nesta investigación servíronnos de guía para cuestións metodolóxicas (Puñal Rama, 2015).

### 1.6.2. Estudos sobre medios e conflito político en Galicia: ulos?

Para rastrexar antecedentes da presente investigación na literatura xerada dende as universidades galegas, seguimos a mesma estela ca na revisión da teoría a nivel estatal e internacional, buscar en dúas áreas de coñecemento principais, a do nacionalismo e a do conflito político, sempre coa Comunicación como eixo de rotación.

Tal e como asegura o historiador Diéguez-Cequiel (2009), nas últimas décadas tense avanzado moito nos estudos e investigacións referidas á realidade nacionalista galega, coa saída de diversas obras monográficas que enriqueceron o coñecemento sobre a materia. En boa parte desta literatura de carácter histórico e político achamos referencias a diversas publicacións impresas, non en balde a creación de medios de comunicación comprometidos coa defensa da propia cultura foi sempre un obxectivo estratéxico do movemento nacionalista galego. Entre as obras que localizamos durante o proceso de pescuda, independentemente de se foron citadas ou non, un grupo significativo presenta unha perspectiva histórica e trata das orixes e da traxectoria da prensa nacionalista, considerada de xeito xeral ou centrándose na experiencia de cabeceiras concretas (Ledo Andión, 1982; Cal, 1998, López, 2012; VVAA, 2013); outro grupo analiza a ideoloxía da prensa e a súa posición ante o galeguismo ou nacionalismo (Beramendi, 2002; Almuíña, 2003; Roig e Filgueira, 2004; Pérez Pena, 2005) e un terceiro grupo, máis heteroxéneo, do que non pode dicirse que aborde estritamente o estudo da comunicación e o nacionalismo, trata distintos aspectos da prensa dende unha mirada galega (Alvarez Pousa, 1999; López García, Aneiros Díaz e Pérez Pena, 2005; Freixeiro, Ríos e Filloy, 2008).

No que fai aos estudos sobre o conflito e a violencia política en Galicia, proporcionánnos algunha pista sobre o rol dos medios de comunicación dominantes neste tipo de fenómenos. Así por exemplo, sabemos que nos anos vinte a prensa conservadora do país utilizou a ameaza dunha inminente revolución obreirista para xustificar a represión exercida sobre os movementos populares (Míguez Macho, 2007); na literatura sobre os guerrilleiros antifranquistas que resistiron nos montes faise constar que os medios controlados polo réxime franquista escarneceron a figura do guerrilleiro tratándoo de asasino vulgar e agochando a súa actividade política (Saco, 2006, p. 67); e tamén contamos con relatos xornalísticos da traxectoria dos principais grupos de loita armada en Galicia (Navaza, 1991), na que abundan as referencias á cobertura da prensa.

Doutra banda, é preciso sinalar que o conflito identitario galego tamén se dirime no eido da literatura (González-Millán, 2000; Rábade Villar, 2011; Miguélez Carballeira, 2013) e no da sociolingüística (Herrero Valeiro, 2011; Costas 2009), áreas de coñecemento que nos poden axudar a comprender dun xeito amplo que representa iso chamado Resistencia Galega.

Se afinamos a pescuda sobre Resistencia Galega mesmo, atopámonos con dúas fontes bibliográficas antagónicas; dun lado, os documentos, publicacións e blogs xerados polas organizacións e a militancia independentista<sup>1</sup>; e doutro, as análises que proveñen de instancias policiais ou asociadas a temas de seguridade e defensa (Buesa, 2013; García Magariños, 2013).

Polo que fai aos estudos da Comunicación en Galicia, teñen pendente unha reflexión crítica sobre a influencia e a participación dos medios no conflito político galego. Este traballo pretende ser un primeiro paso e agardamos que lle sigan moitos máis.

---

<sup>1</sup> O portal do observatorio Esculca (<http://esculca.gal/web>), o xornal lusófono *Diário Liberdade* (<http://www.diarioliberalidade.org>) e a web do colectivo Ceivar (<http://www.ceivar.org>) son algúns dos sitios onde se poden atopar referencias ao tema da violencia tanto a practicada dende o Estado como dende os grupos independentistas.



## 2. A CONSTRUCCIÓN DO CONFLITO NA PRENSA

### 2.1. DA MEDIACIÓN Á MEDIATIZACIÓN DO CONFLITO POLÍTICO

De que maneira se interrelacionan os medios de comunicación, a vida política e o conflito? Para dar resposta a esta pregunta abordaremos primeiro a literatura sobre as influencias mutuas entre sistema mediático e sistema político, para logo ver que relación ten isto co conflito.

A tese de que os medios e, en concreto, a prensa desempeñan en España unha función política está presente dende moi cedo nos estudos xornalísticos. Xa a mediados dos anos setenta Lorenzo Gomis desenvolveu esta idea en *El medio media*. A contribución do xornal ao mantemento da vida política consiste, seguindo a Gomis, en actuar de mediador entre o sistema político e o ambiente social, e entre os diversos sectores de un e outro. “El periódico puede considerarse, pues, como intérprete y como mediador. La interpretación es la tarea o actividad profesional propia del periódico y la mediación su función política” (1987, p. 308). Segundo a explicación do autor, o xornal está no medio do seu público e as diversas persoas e grupos que forman parte do público relaciónanse a través do xornal, que non só os pon en comunicación, senón que media entre eles, é dicir, úneos e reconcíalos ao ofrecerlles unha interpretación da realidade que poidan utilizar. E como dese público tamén forman parte cargos de autoridade e a eles se dirixe o xornal nun bo número de ocasións, a mediación tamén inclúe o sistema político. Así, o xornal encárgase de transmitir ao sistema político as demandas do ambiente social e viceversa.

Pola súa parte, Héctor Borrat desprazou o interese pola función política dos medios cara o ámbito do conflito na súa obra *El periódico, actor político*. O autor considera a política como o lugar primordial no que aparece o conflito, xa que enfrenta aos actores polo poder. Neste contexto, o xornal é concibido como un actor político máis, cuxo eido de actuación non é a conquista do poder senón a influencia. Así, Borrat define o periódico como un “narrador, comentarista y participante del conflicto político” (1989, p.31) e distingue tres niveis de implicación: 1) no nivel extra, o xornal é observador externo dos conflitos que desenvolven outros actores; 2) no nivel inter é parte principal ou asume o rol de intermediario ou de parte beneficiada do conflito doutros actores; e 3) no nivel intra, o xornal é un actor colectivo involucrado en conflitos internos. Nalgúns casos, a participación nun determinado conflito é explicitada publicamente polo xornal e noutros, omitida.

Só polo feito de construír a actualidade política xornalística mediante un proceso de toma de decisións baseado en exclusións e xerarquizacións de feitos e actores “con frecuentes caídas en el trato informativo injusto y desequilibrado y en la ausencia o la insuficiencia del pluralismo en sus comentarios” (Borrat, p. 36), o xornal xa xera unha constelación de conflitos nos que é participante no nivel inter cos actores que se senten excluídos ou agraviados.

Esta lectura de Borrat condúcenos inmediatamente a pensar na realidade de Euskadi, onde algunhas cabeceiras remataron convertidas en participantes involuntarias da contenda violenta, tanto aquelas aliñadas co centralismo español como as que apoiaban o nacionalismo vasco. Durante o conflito, dous xornalistas foron asasinados por ETA e moitos outros foron obxecto de intentos de atentado, ameazas e actos de intimidación polas súas ideas (Idoiaga e Ramírez, 2002). Asemade, a prensa afin á esquerda abertzale sufriu o acoso do aparato político-xudicial do goberno central, que encarcerou xornalistas e ordenou o peche de varias publicacións -*Egin* en 1998, *Ardi Beltza*, no 2001 e *Euskaldunon Egunkaria*, no 2003-, pola súa suposta relación co terrorismo, sen que finalmente puidese ser probada ningunha actividade delictiva.

No que fai ao contexto galego, tamén podemos atopar algúns episodios nos que o movemento nacionalista manifestou o seu malestar coa cobertura da prensa con enfrontamentos directos. Así por exemplo, a finais dos setenta, un grupo de militantes nacionalistas irrompeu na redacción de *La Voz de Galicia* para protestar polas informacións que os acusaban de queimar os montes, unha acción que quedou reflectida nun breve artigo editorial do xornal (“El ‘BNPG’”, 1979). E a finais dos noventa, o grupo Estudiantes Independentistas-EI paralizou durante un día a distribución na Universidade de Santiago do xornal estudiantil gratuito *Gaceta Universitaria* (“Secuestran la Gaceta”, 1999), que editaba por entón o grupo Recoletos, de ideoloxía centralista conservadora. Paralelamente, tamén se produciron casos de peches de medios. En novembro de 2005, no marco da Operación Castiñeira, a Audiencia Nacional ordenou a clausura temporal do portal de información *Galizalivre.org* e tamén interveu a web oficial de AMI, colectivo ao que pertencían a maioría dos detidos.

Retomando a Gomis e Borrat, estes dous autores e colegas coinciden na afirmación de que os medios de comunicación adquiren a cor da estrutura política na que están inseridos. Esta tese callou definitivamente co estudo comparado de Hallin e Mancini (2008), que identificou tres modelos de sistemas mediáticos segundo certas características chave dos sistemas políticos. Así, baseándose en catro indicadores, o grao de intervención estatal nos medios, o grao de paralelismo político, a estrutura do mercado e a profesionalización do xornalismo definiron tres modelos, coincidentes con outras tantas rexións xeográficas: o modelo liberal, correspondente a Gran Bretaña, Irlanda e Norte América; o modelo democrático corporativo, do norte de Europa, e o pluralista polarizado dos países do sur de Europa, formado por España, Francia e Italia.

O modelo democrático-corporativo caracterízase pola énfase posta no papel dos grupos sociais organizados na sociedade e polo compromiso co ben común. O Estado ten un papel activo, por exemplo no fomento da libre circulación da información, pero limitado, xa que se valora a autonomía dos medios. A cultura mediática concibe os medios como vehículos de expresión de ideoloxías diversas. Pola súa parte, o modelo liberal caracterízase por unha concepción máis individualista de representación. O papel do Estado obsérvase en termos negativos, xa que dominan os mecanismos de mercado. Os medios concíbense como subministradores de información aos cidadáns-consumidores e como vixiantes do goberno. Por último, o modelo pluralista polarizado, que é o que nos afecta, caracterízase por un alto nivel de politización, manifestada na intervención do Estado e dos partidos políticos no sector mediático. Os medios de comunicación asumen o papel de defensores de diversas ideoloxías políticas e o compromiso con estas ideoloxías adoita pesar mais ca o compromiso cunha cultura profesional común. Os xornais dan moita importancia ao comentario dirixido aos activistas políticos que adoitan lelos.

Así pois, unha das características da prensa no estado español é o seu alto grao de paralelismo político. O principal indicador do paralelismo é, segundo Hallin e Mancini, o contido pero a orientación política tamén se manifesta nas relacións organizativas entre medios, partidos, igrexa e sindicatos, na selección dos traballadores dos medios e nas audiencias ás que se dirixen.

Na última década, a preocupación pola influencia do sistema político nos medios recibiu un xiro e pasou a centrarse na influencia do sistema mediático na política, de xeito que comezou a falarse de ‘conflitos mediatizados’ (Cottle, 2006). Xa nos referimos anteriormente a Cottle, quen sinala que debemos prestar atención ao como, por que e con que impactos se desenvolven os conflitos nos medios. Para este autor, os medios teñen natureza performativa, é dicir, están facendo algo máis que contar os conflitos. A través do xornalismo, os conflitos son visibilizados, definidos, enmarcados, elaborados, narrados e valorados.

Pero que novidades introduce a “mediatización” con respecto ao concepto ‘mediación’ de longa tradición? É preciso botar man dun novo concepto? Cottle fai un esforzo por xustificar o uso de “mediatización” -un empeño que está presente en moitos investigadores que tamén o utilizan (Hjarvard, 2008; Castelló, 2012; Hepp, 2014)- sinalando o rol activo dos medios na creación dos conflitos contemporáneos, mais non entra de cheo no debate conceptual nin tampouco intenta conectar a súa obra con outros desenvolvementos teóricos que se refiren á mediatización das sociedades. Así, o que faremos agora é examinar a teoría da mediatización para ver cales son as súas principais preocupacións e obxectos de estudo para comprobar en que medida pode contribuír a unha mellor comprensión dos conflitos políticos.

## 2.2. A DISCUSIÓN CONCEPTUAL SOBRE A MEDIATIZACIÓN

Os antecedentes do concepto mediatización podémoslos atopar en autores de Latinoamérica (Verón, 1997) e algúns desenvolvementos máis recentes proceden da academia británica (Livingstone, 2014). Con todo, nós aquí referirémonos fundamentalmente a algúns autores da escola xermano-nórdica, que están a protagonizar a nivel europeo o debate teórico sobre a mediatización, en concreto, a Stig Hjarvard e Andreas Hepp.

A mediatización é un concepto que pretende captar as transformacións derivadas da omnipresencia e continua intervención dos medios nas sociedades contemporáneas. Hjarvard (2008, p. 113) defíneo como “the process whereby society to an increasing degree is submitted to, or becomes dependent on, the media and their logic” [o proceso polo cal a sociedade está sometida nun elevado grao ou chega a ser dependente dos medios de comunicación e da súa lóxica].

De acordo co autor, a mediatización non se pregunta polos efectos, entendidos estes, por exemplo, como a influencia dos titulares de portada na opinión pública. Tampouco ten que ver coa mediación, que describe un acto concreto de comunicación a través dun medio nun contexto específico. A mediatización refírese a un proceso máis permanente e interrógase como cambiaron as institucións sociais e culturais e os modos de interacción a consecuencia da influencia dos medios. Para ilustrar a teoría, Hjarvard proporciona exemplos de mediatización directa e indirecta. Entre os primeiros, cita a transformación do xadrez de xogo físico de taboleiro a xogo de ordenador, un cambio que afectou tanto á experiencia de xogar como ao contexto cultural no que se xoga. O feito de que os individuos non compartan o mesmo espazo muda tamén a relación entre os participantes e mesmo as normas de comportamento. Entre os segundos, menciona o feito de que a visita a un restaurante como McDonalds ou Burger King signifique tamén a oportunidade de facerse con xoguetes e bonecos dos filmes de moda, de xeito que o contexto cultural de comer unha hamburguesa se ve afectado pola presenza dos medios, tanto dun xeito simbólico como económico.

A mediatización, di Hjarvard, non é un proceso universal que caracteriza todas as sociedades, senón o resultado dun estadio de desenvolvemento que se acelerou particularmente nos últimos anos do século XX nas sociedades occidentais modernas e altamente industrializadas de Europa, Estados Unidos, Xapón e Australia. Para que haxa mediatización, teñen que darse dous factores; primeiro, que os medios sexan institucións independentes con autoridade e lóxicas propias, de xeito que as demais institucións sociais se vexan empuxadas a acomodarse ás lóxicas mediáticas. Esta adaptación evidénciase, por exemplo, no crecente uso de xornalistas e expertos en relacións públicas por parte de empresas, institucións educativas e partidos políticos, entre outras. E segundo factor, que os medios estean, simultaneamente, integrados no funcionamento cotián doutras institucións, como a política, a familia, o traballo ou a relixión. A este respecto, o autor identifica tres funcións fundamentais dos medios que están afectando ás sociedades: serven de vínculo de interrelación entre diferentes institucións,

proporcionan unha experiencia compartida que crea comunidade e contribúen a crear unha esfera política pública na que as institucións poden presentar e defender os seus intereses e establecer as súas lexitimidades.

O concepto de 'lóxicas mediáticas' (*media logic*) é fundamental na tradición de estudo da mediatización e utilízase para dar conta de dous procesos diferentes. Por unha banda, refírese á acomodación e adaptación das institucións ás necesidades e rutinas dos medios, unha liña de pescuda que agromou especialmente na comunicación política e que amosa como os partidos políticos poñen e marcha toda unha serie de estratexias para intentar controlar ao seu favor a información xornalística (Casero Ripollés, 2009). Por outra banda, trátase dun concepto que pon énfase na forma da comunicación fronte aos contidos. Así, interésase pola maneira en que o formato, a gramática e o ritmo influencian a construción de mensaxes en cada medio particular (Altheide, 2002, p. 102) e como isto afecta aos procesos de interpretación social.

A importancia da lóxica mediática ten a súa aplicación no ámbito do conflito político se entendemos, seguindo a Castelló (2012), o conflito como unha forma de comunicación, que se adapta perfectamente ás lóxicas mediáticas, especialmente ás narrativas xornalísticas. O autor chega á conclusión de que ás veces o contido pode ser intercambiable se se mantén o ton ou a forma conflictiva e que a determinados actores pode resultarlles útil mantelo, alimentalo ou mesmo construílo na procura doutros obxectivos. "Cualquier contenido puede entonces ser utilizado, puesto que la centralidad del acto comunicativo no es transmitir información o conocimiento sobre el objeto, sino mantener el conflicto en funcionamiento" (2012, p. 19), apunta.

Así, Castelló considera que a mediatización é un factor central na constitución do conflito, e non un aspecto máis a ter en conta. Tal e como sinala, "la comunicación del conflicto constituye el conflicto en sí" (2012 p. 17). Isto non quere dicir que os conflitos sexan inventados ou que carezan de referentes reais senón que se observa os medios como espazos de constitución simbólica dos conflitos, unha perspectiva que nos remite á idea radical de Bourdieu (2001) sobre a capacidade do discurso para provocar o advento da realidade.

Afirma Castelló que as narrativas dos medios non son en ningún caso espellos que nos ofrecen unha realidade desprovista de interpretación. As opcións narrativas do xornalista son elementos que constrúen e constitúen un determinado entendemento do conflito. Así, a clave para entender o rol dos medios é considerar o discurso que xera o conflito como un actor político. Os medios poden contribuír a impulsar determinados conflitos, invitando á participación, poden negalos, promovendo a desafección, ou tamén poden ocultalos total ou parcialmente, silenciando certas dimensións.

Na súa abordaxe, Castelló intenta tender pontes coa perspectiva da mediatización que comentabamos anteriormente, pero a súa aproximación pode considerarse singular<sup>2</sup> xa que pon a énfase nas narrativas e nos marcos interpretativos dos medios, un campo descoidado nos actuais traballos da mediatización, máis centrados no estudo da transformación sociocultural.

Doutra banda, a teoría da mediatización pode presentar un difícil encaixe en determinados contextos culturais. Na súa exposición, Hjarvard (2008) dá por feita a independencia dos medios de comunicación en toda Europa. Por medios de comunicación independentes entende aqueles que gañaron autonomía como institución social, un status que, segundo el, se acadou coa profesionalización e a autonomía fronte aos intereses económicos e comerciais. Tomando como exemplo o desenvolvemento histórico da prensa danesa, Hjarvard afirma que nas sociedades contemporáneas a lóxica dos medios xa non pode reducirse aos intereses partidistas que caracterizaron a prensa decimonónica nin tampouco estritamente ás orientacións comerciais

---

<sup>2</sup> Así nolo recoñeceu o propio autor nunha consulta por *mail* efectuada o 20 de setembro de 2015.

derivadas da liberalización dos mercados, xa que os medios interactúan con outras institucións dende unha gran independencia.

Porén, estudos comparados como o de Hallin e Mancini (2008) amosan as notables diferencias que existen entre diferentes sistemas mediáticos segundo a rexión xeográfica. Se unha condición da mediatización é a existencia de medios autónomos e independentes, podemos falar de mediatización nun sistema pluralista polarizado no que existe un gran paralelismo político? Por outra parte, se a teoría da mediatización presta atención á influencia que os medios exercen sobre a política, podemos seguir usando o concepto se o que nos atopamos é unha influencia das organizacións políticas no discurso mediático?

Nun traballo posterior ao que vimos de revisar de Hjarvard, este autor xunto con outros teóricos afíns (Hjarvard, Hepp, Lundby 2015, p. 5) aclara que a mediatización non é un todo ou nada e que pode darse unha simultánea mediatización da política e unha politización dos medios. Ademais, para xustificar unha certa desconexión entre o concepto e as evidencias empíricas que o sosteñían, sinala que se trata dun campo de estudo que está nos seus primeiros estadios de desenvolvemento. Estas aclaracións foron realizadas en contestación a un artigo crítico (Deacon e Stanyer, 2014) que se preguntaba se o concepto mediatización sería algo máis ca unha moda teórica.

Así as cousas, aínda que contemplamos nalgún momento a posibilidade de usar o concepto de “mediatización” para titular esta tese, optamos finalmente pola expresión “construción mediática” para evitar o compromiso cun termo que aínda está en discusión e que nos podería xerar confusión no canto de contribuír a unha mellor comprensión do fenómeno que nos ocupa. En todo caso, recoñecemos que para esta investigación pode resultarnos de utilidade para comprender o tratamento de Resistencia Galega tamén o concepto de lóxicas mediáticas.

### 2.3. DISCURSO, IDEOLOXÍA E MANIPULACIÓN

Guiándonos por diferentes artigos de Teun Van Dijk, neste epígrafe centraremos nas definicións de “ideoloxía” (1996), “poder” (2009) e “manipulación” (2006), tres conceptos fundamentais nesta investigación. Na explicación dos tres conceptos, o autor holandés combina tres dimensións de análise recorrendo na súa teoría socio cognitiva: o discurso, a cognición e a sociedade, baseándose nunha idea chave: a cognición social é a interface entre a sociedade e o discurso, ou dito doutra maneira, a cognición social media entre as situacións sociais e o texto.

As ideoloxías son descritas por Van Dijk (1996) como representacións mentais codificadas esquematicamente, que comprenden seleccións de valores baseadas nos intereses dos membros do grupo. Para afondar na descrición, considera tres elementos: 1) a función social das ideoloxías, xa que son fenómenos socialmente compartidos por grupos; 2) a estrutura cognitiva, dado que os sistemas ideolóxicos de crenzas requiren ser explicados en termos de representacións mentais; e 3) a expresión discursiva, posto que as ideoloxías só existen na interacción ou no discurso.

En canto ao primeiro aspecto, a principal función das ideoloxías é a coordinación das prácticas sociais dos membros de grupos, con vistas a protexer os seus intereses grupais. Isto aplícase tanto ás prácticas internas como á interacción entre grupos. De feito, Van Dijk sinala que moitas ideoloxías se desenvolveron para sustentar, lexitimar ou xestionar conflitos entre grupos, así como as relacións de poder e dominación. Por outra banda, o autor non limita as ideoloxías á reprodución e lexitimación da dominación de clase. Tamén os grupos dominados precisan ideoloxías como base para a resistencia.

No que fai ás estruturas cognitivas, Van Dijk analiza as ideoloxías a nivel abstracto dos grupos e non a nivel da cognición individual. Nesta liña, sinala que as ideoloxías representan os principios básicos que gobernan o xuízo social, é dicir, o que os membros do grupo

consideran acertado ou erróneo, verdadeiro ou falso. Moitas ideoloxías de grupos inclúen a representación de si mesmos e dos outros dunha forma polarizada, especialmente cando existen intereses en conflito: nós somos bos e eles son malos. Posto que os esquemas utilizados para a representación son ideolóxicos, a forma en que os grupos se representan a si mesmos e aos demais pode estar nesgada.

Para explicar a forma máis habitual, indirecta, de expresión ideolóxica no discurso, Van Dijk utiliza o concepto de modelo. Os modelos representan coñecementos e opinións persoais que se derivan tanto de opinións ou actitudes socialmente compartidas como das experiencias individuais de cada persoa. A diferenza das representacións sociais, os modelos son persoais, subxectivos e están limitados polo contexto. Todas as nosas prácticas sociais están controladas –pensadas e entendidas– en termos de modelos mentais que nos axudan a comprender o mundo. A relación entre modelos, ideoloxías e discurso é, pois, a seguinte: as ideoloxías organizan actitudes específicas dos grupos, estas actitudes poden intervir na formación de opinións persoais representadas en modelos e, finalmente, esas opinións persoais poden expresarse no texto (1996, p. 15). Deste xeito, podemos entender como as ideoloxías inflúen no traballo dos xornalistas.

O terceiro factor considerado por Van Dijk, as estruturas discursivas, amósanos os diferentes niveis nos que se expresa a ideoloxía no texto e pode servir de guía para analizar o discurso da prensa sobre os conflitos. As propostas do autor, por certo, non difiren moito se se trata de xéneros de opinión (1996) ou de noticias (1993).

Unha das principais estratexias presente na maioría dos conflitos é a polarización, que consiste na descrición positiva do propio grupo e negativa do grupo alleo. Esta polarización pode expresarse na elección de elementos léxicos que implican valoracións positivas ou negativas, como por exemplo a palabra terrorista; ou na estrutura das proposicións –oracións e cláusulas–, por exemplo, mediante o uso de activas ou pasivas que enfatizan ou atenuan a axencia.

A estratexia de enfatizar o positivo do grupo falante e o negativo do outro, que Van Dijk denomina cadrado ideolóxico, non só se expresa a través de palabras explicitamente valorativas, senón tamén a través doutras estratexias que teñen a función de realzar a credibilidade dos relatos. Van Dijk refírese a toda unha serie de mecanismos habituais nun típico artigo de opinión de prensa, entre os que destacamos as estruturas formais do texto impreso (titulares, columnas, tipo de letra), a omisión de informacións, o recurso á historia, por exemplo, no caso do terrorismo, presentándoo como un mal eterno sen antecedentes nin explicacións, ou amosando a súa continuidade histórica; ou a intensificación das opinións mediante procedementos estilísticos e retóricos, como a comparación do inimigo con outro certificado, por exemplo, Saddam Hussein con Hitler.

Toda esta exposición condúcenos a pensar que todo texto xornalístico é, en realidade, unha construción ideolóxica, xa que a práctica cotiá do xornalismo implica operacións de selección e xeraquización da información das que se derivan consecuencias ideolóxicas. O problema, xa que logo, non é a ideoloxía subxacente no texto, senón que esta contribúa á reprodución das desigualdades sociais.

Noutra orde de cousas, como se relaciona un texto con algo tan abstracto como as relacións de poder? Van Dijk (2009) define o poder social atendendo ao control, o control que exerce un grupo sobre os outros grupos. Se ese control se exerce en beneficio propio e en detrimento dos grupos controlados, falamos de abuso de poder. No discurso, o control exerceuse en tres niveis, en consonancia co trípede analítico do autor: o control do contexto (dimensión social), o control da mente (dimensión cognitiva) e o control do propio discurso (dimensión discursiva).

O control do contexto regula o acceso ao discurso público dos medios, é dicir quen ten acceso á produción de noticias e a quen corresponde a definición da situación política e social. Ao controlar a produción, contrólanse tamén os contidos, é dicir, que temas se inclúen e como se formulan e indirectamente, os temas sobre os que vai pensar a opinión pública. É de destacar que Van Dijk conecta nesta idea coa hipótese da *agenda setting*, sobre os efectos a longo prazo dos medios (Wolf, 1987).

Por último, o control tamén se exerce sobre a mente, é dicir, sobre as opinións e os coñecementos, así como sobre outras representacións sociais. Por exemplo, pódense crear ou confirmar prexuízos ou estereotipos que poden conducir a determinadas ideoloxías. Posto que as accións das persoas están controladas polas súas mentes, para Van Dijk isto implica tamén o control indirecto da acción.

Moitas formas de poder contemporáneo están relacionadas co acceso preferencial ao discurso público, polo que deberían definirse, en palabras de Van Dijk (2009 p. 36), como “poder simbólico”. De feito, este acceso preferencial pode ser utilizado por membros das elites simbólicas, tales como políticos e xornalistas para exercer unha manipulación. Interésanos agora desenvolver este outro concepto de manipulación, xa que tal e como sinala Van Dijk (2006), a violencia política e as ideoloxías antiterroristas, que involucran fortes opinións, actitudes e ideoloxías, adoitan ser casos exemplares de manipulación da poboación por parte de medios e goberno.

A manipulación é unha das prácticas discursivas dos grupos dominantes para a reprodución do seu poder e vai en contra dos intereses dos grupos dominados. O obxectivo dos discursos manipulativos é, fundamentalmente, o control das representacións sociais compartidas, tales como coñecementos, actitudes e ideoloxías, debido a que estas, á súa vez, controlan o que a xente fai e di. A manipulación pode afectar ás representacións sociais de moitas maneiras, por exemplo, poden incluír categorías esquemáticas dos participantes e das súas propiedades. Así, as actitudes cara os ataques terroristas poden conter unha estrutura tipo guión, cos terroristas como actores principais, asociados cun número de atributos prototípicos (crueis, radicais, fundamentalistas) que usan medios violentos (bombas) para matar a inocentes civís (2006, p. 62). A manipulación da cognición social inflúe tamén nas normas e valores usados para avaliar as persoas e para condenar ou lexitimar as súas accións. No caso das accións e ameazas, o discurso antiterrorista celebra o valor da seguridade, asignándolle unha prioridade máis elevada que, por exemplo, ao valor dos dereitos civís ou da equidade.

De forma similar ao que vimos nas ideoloxías, Van Dijk (2006, p. 73) sinala que a manipulación maniféstase no discurso a través das habituais estruturas polarizadas de autopresentación positiva fronte á presentación negativa dos outros, expresando así conflito ideolóxico. Ademais, inclúe estratexias como destacar o poder, a superioridade moral e a credibilidade do falante e desacreditar os disidentes, así como botar man do recurso emocional e de probas aparentemente irrefutables das propias crenzas.

Para que exista manipulación, requírese unha posición dominante do manipulador e que os receptores presenten unha falta de coñecemento, depende logo de criterios contextuais. O autor aclara que na maioría das situacións hai xente escéptica e incrédula impermeable á manipulación, pero mentres non dominen os medios de comunicación principais, os contradiscursos non resultan unha ameaza para os manipuladores. Pero cando esas voces críticas se fan máis poderosas e difundidas, como sucedeu coa guerra de Vietnam, a manipulación pode chegar a ser inútil porque os cidadáns teñen suficientes argumentos para resistir o discurso manipulativo.

## 2.4. DISCURSO OCULTO E RESISTENCIA

Dado que nesta investigación tamén traballamos con medios de comunicación alternativos, a teoría de Van Dijk non nos serve para interpretar estes textos, polo que precisamos mudar de perspectiva. Neste caso xa non estamos ante o discurso das elites dominantes, senón ante o discurso oculto dos grupos dominados, tal e como o entende o antropólogo estadounidense James Scott (2000).

Scott propón unha distinción entre discurso público e discurso oculto para darlle visibilidade a unha serie de sutís formas de resistencia ás que historicamente recorreron os grupos dominados, dende diferentes formas de disfraces políticos, ata dobres sentidos e inversións simbólicas, expresadas a través da cultura popular. Atopámonos así cunha “infrapolítica”, en palabras de Scott, composta de protestas deliberadamente invisibles, resultado de decisións tácticas.

A teoría de Scott susténtase na idea de que as relacións de poder son tamén relacións de resistencia. Así, cada grupo subordinado produce, a partir do seu sufrimento, un discurso oculto que representa unha crítica do poder. Trátase dun discurso oculto porque se produce e expresa fóra de escena, é dicir, en espazos á marxe das relacións de dominación, onde os grupos carentes de poder poden expresarse libremente sen correr riscos.

O discurso oculto está constituído polas manifestacións lingüísticas, xestuais e prácticas que confirman, contradín ou terxiversan o que aparece no discurso público, opoñendo a súa propia versión da dominación social. Este discurso prodúcese en función dun público diferente e en circunstancias de poder diferentes ás do discurso público, creando unha subcultura distintiva, que posúe con frecuencia un imaxinario social moi marcado pola oposición “nós” contra “eles”. Vemos que aquí se reproducen as mesmas estruturas polarizadas que describía Van Dijk (1996) para a expresión da ideoloxía, -referímonos a este tema no punto 2.3-, pero neste caso para a creación dunha contraideoloxía.

Con respecto o discurso público de dominación, Scott considérao un autorretrato das elites dominantes, unha construción discursiva partidista e parcial na que os grupos dominantes aparecen como queren verse. Así, pode darse o caso de que o discurso público oculte feitos que todo o mundo coñece. Nesas circunstancias, sinala Scott, é posible que se desenvolva unha cultura dobre, a oficial chea de eufemismos, silencios e lugares comúns e a non oficial, cunha historia, unha literatura, un dialecto e un coñecemento dos problemas propios.

O discurso público de dominación é ontoloxicamente anterior ao discurso oculto que se desenvolve fóra de escena. Con esta afirmación, Scott quere subliñar a natureza reflexiva do discurso oculto, en tanto traballo de neutralización e negación. O discurso oculto comprende as reaccións e as réplicas que se fan á marxe do discurso público, trátase desa parte do diálogo violento que o poder expulsou. A relación entre ambos os dous discursos é, pois, dialéctica, xa que se atopan nunha diálogo constante e nunha loita pola definición das súas fronteiras, o que constitúe unha incesante fonte de conflitos. O feito de que o discurso oculto se convirta en resistencia explícita ten para Scott unha grande significación política.

A vontade de crebar a ilusión de equilibrio do discurso oficial está presente noutras interpretacións etnográficas que, ao igual que Scott, sinalan o papel activo dos grupos subordinados na contestación dos discursos oficiais a través de canles alternativas. Herzfeld (2005), por exemplo, explica que os grupos minoritarios non sempre están de acordo coas interpretacións oficiais da historia, polo que elaboran sutís reformulacións dos discursos oficiais, nos que propoñen un pasado alternativo. O autor denomina estas prácticas contrainvenções da tradición e sinala que habitualmente ocorren nos espazos íntimos de cultura, ao igual que outras tácticas que denegan a lexitimidade dos poderes dominantes do Estado.

Segundo o exposto, a prensa alternativa do movemento independentista galego pode ser considerada como unha forma de expresión pública do discurso oculto, fraguado durante anos de marxinação desta opción política nos discursos públicos oficiais. Neste caso, os textos son producidos en condicións de maior liberdade e apertura ca nos casos aos que se refire Scott no seu estudo, centrado en formas de dominación extremas como a escravitude, que requiren de estratexias de rexeitamento e de evasión cautelosas, que non poñan en risco a supervivencia. Pola súa parte, a prensa independentista non procura enmascaramentos voluntarios para exercer a súa actividade de oposición ás elites dominantes, mais non deixa de ser un discurso oculto, recluso a xornais de escasa tiraxe e circulación e a espazos íntimos de cultura.

En tanto que espazos de cultivo dunha cultura política disidente, no discurso dos medios alternativos imos atopar disparidades con respecto ao que se di na comunicación política do poder. Tal e como puidemos observar empiricamente nun estudo sobre a prensa doutros movementos sociais antagonistas (Domínguez García, 2010), a contestación ao discurso público oficial vaise producir, moitas veces, de xeito explícito en forma de críticas e comentarios ás informacións publicadas polos medios de comunicación dominantes. Así, agardamos que da comparación entre o que se di no discurso oficial e no discurso oculto sobre Resistencia Galega poidamos tirar unha mellor comprensión dos mecanismos e influencias que interviñeron na súa construción mediática.

## 2.5. MEDIOS DE COMUNICACIÓN E NACIONALISMO

Unha das primeiras obras en abordar o rol da comunicación no nacionalismo foi *Nationalism and Social Communication. An Inquiry into the Foundations of Nationality*, de Karl Deutsch, un estudo publicado orixinalmente en 1953 e que pode ser considerado a antesala da influente corrente modernista do nacionalismo. Para Deutsch, a pertenza a unha nacionalidade consiste esencialmente nunha ampla “complementariedade de comunicación social” (1975, p. 97), que lles permite aos individuos comunicarse cos membros do seu grupo de forma máis eficiente ca cos de fóra, sobre un amplo rango de temas e independentemente dos cambios nas súas circunstancias externas. O que conta para a formación dunha comunidade nacional non é a presenza ou ausencia de ningún factor único, senón a existencia de redes de comunicación (*communication facilities*) con suficiente complementariedade para producir o resultado global. Deutsch define o nacionalismo como unha especie de “entendemento mutuo” (*mutual rapport*) a larga escala (p.188).

En liña con esta idea, existen varios estudos que apoian a tese de que a contribución dos medios ao nacionalismo non está nos contidos que poñen en circulación, senón no tipo de comunidades que contribúen a crear. Para Gellner (1988), por exemplo, é a difusión dunha comunicación abstracta, centralizada e estandarizada, que procede dun punto e se proxecta en moitos, a que crea o ideal de nacionalismo sen que importe moito o contido das mensaxes. A mensaxe esencial “es que el lenguaje y el estilo de las transmisiones es importante, que sólo quien puede entenderlos o adquirir tal comprensión está incluido en una comunidad moral y económica, y que quien no lo hace o no puede hacerlo está excluido.” (p. 164). En todo caso, os medios de comunicación constitúen un factor secundario na explicación teórica de Gellner sobre as orixes do nacionalismo, máis centrada nos factores económicos e nas necesidades derivadas da moderna sociedade industrial.

Os medios de comunicación, e particularmente as publicacións impresas, aparecen como elementos fundamentais no ascenso do nacionalismo a partir do século XVIII na célebre obra de Benedict Anderson, *Comunidades imaginadas*, na que propón a súa coñecida definición de nación como unha comunidade política imaxinada como inherentemente limitada e soberana (1993). Seguindo o autor, é imaxinada porque os seus membros non coñecerán nunca á maioría

dos seus compatriotas, pero na mente deles vive a imaxe da súa comunión. E imaxínase limitada porque incluso a maior nación ten fronteiras finitas, máis alá das cales se atopan outras nacións (pp. 23-24).

Anderson explica a aparición deste tipo de comunidade nacional pola converxencia e interacción dunha tecnoloxía de comunicación, a imprenta, o sistema de produción capitalista, que alentou a busca de novos mercados de lectores e o ascenso das linguas vernáculos en detrimento do latín. Así, o capitalismo impreso asentou as bases da conciencia nacional en tres formas distintas: creou campos unificados de intercambio e comunicación; deulle unha nova firmeza á lingua, que contribuíu a longo prazo a fixar unha imaxe de antigüidade fundamental para a idea subxectiva da nación. E terceiro, creou novas linguaxes de poder que estaban máis preto dos dialectos dos lectores ca as antigas linguas administrativas.

Anderson refírese en concreto á importancia da aparición da novela e do periódico, dúas “formas de imaxinación” (p. 46) que fixeron posible a representación da nación. Así por exemplo, o periódico, cuxo consumo é masivo e simultáneo, favoreceu unha idea de simultaneidade marcada pola coincidencia temporal, necesaria para a imaxinación da comunidade nacional.

Aínda que pode ser criticada por certo determinismo tecnolóxico, o certo é que a tese de que a imprenta e o seu impacto nas linguas vernáculos están detrás do xermolo do nacionalismo está presente en autores de diversas correntes e disciplinas. Elizabeth Eisenstein (1994) sinala a importancia que supuxo a imprenta para a elaboración de mitoloxías nacionais por parte de certos grupos diferenciados no interior de Estados multilingües. E Andrian Hastings vai máis alá e sostén que foi a existencia dunha escritura extensa no propia idioma a que converteu as etnias en nacionalidades:

“A algunos les puede perturbar la idea de que, en cierto sentido, los textos pueden dar origen a pueblos. Pero en realidad no hay alternativa. Una comunidad, política, religiosa o del tipo que sea, es esencialmente una creación de la comunicación humana, y cabe esperar que la forma de la comunicación determine el carácter de la comunidad” (Hastings, 2000, p. 35).

Dende outra perspectiva, tamén atopamos estudos que se centran no papel dos medios en tanto que reprodutores cotiáns dunha determinada nacionalidade. Billig (1995) acuñou o termo de nacionalismo sutil (*banal nationalism*) para distinguir o nacionalismo que reproducen rutineiramente as nacións-Estado consolidadas daquel nacionalismo das nacións sen Estado que se expresa de forma máis evidente, apaixonada e con frecuencia con violencia (*hot nationalism*). O nacionalismo sutil refírese a hábitos ideolóxicos que resultan case imperceptibles, como unha bandeira ondeando nunha oficina de correos. Billig afirma que tamén se expresa na prensa, a través da estrutura dos xornais e da selección de novas, xa que todas as cabeceiras se dirixen aos seus lectores como membros da nación. Ademais, tal e como sinala, tamén existe unha sintaxe da hexemonía e uns trazos deícticos da patria, que se manifestan no uso de expresións como ‘nós, a nosa’, ou ‘este país’, que están continuamente facéndolle a acordante aos lectores de cal é a súa nación de referencia. O que acontece con este recordatorio é que resulta tan familiar e continuo que non se percibe como tal.

A formulación de Billig, que se baseou no estudo da prensa inglesa durante un día, desencadeou toda unha restra de estudos dedicados a confirmar ou desmentir a existencia de indicadores de nacionalismo sutil nos medios. Podemos citar, por exemplo, algunhas investigacións sobre a prensa escocesa, que atoparon que os medios das nacións sen Estado poñen máis énfase na nación que a prensa de contextos nacionais consolidados (Higgins, 2004), ou outros que sinalan que non existe un simple ‘nós’ nacional nos medios, senón un

calidoscopio de diferentes ‘nós’ que poden representar diferentes categorías nacionais e, ás veces, é o propio lector quen ten que decidir se está incluído ou excluído nese ‘nós’ (Petersoo, 2007).

A consideración do nacionalismo como un tipo particular de discurso vinculado ás identidades está na base de varias aproximacións recentes ao tema (Calhoun, 2007; Castelló, 2008; Mihelj, 2011). Ademais, a identidade nacional dos medios maniféstanse non só no contido da mensaxe e no seu contexto, senón tamén nos aspectos formais do discurso, como a lingua e a ortografía. Así, posto que existen linguas dominantes e linguas dominadas, a escolla dunha ou outra pode funcionar como un índice nacional. E no caso da lingua galega, onde existe un conflito polo control da norma ortográfica entre os partidarios dunha grafía próxima española e os defensores da grafía portuguesa, mesmo a escolla de determinados trazos gráficos e morfolóxicos pode funcionar como símbolo dunha identidade colectiva diferenciada. Así, Herrero Valeiro (2011, p.21) fala da “indexicalidade ideolóxica” para referirse á identidade grupal dos utilizadores dun determinado sistema gráfico, ou nun sentido máis amplo, da “indexicalidade politográfica” para referirse á representación da ortografía en termos de identidade nacional dos seus falantes. No caso que nos ocupa, trala elección de cada sistema gráfico atopamos dous discursos identitarios diferentes, o que establece a individualidade lingüístico cultural de Galicia, tanto fronte a España como a Portugal, e o que reconece unha unidade lingüístico-cultural de Galicia con Portugal. A primeira tese é a defendida polo discurso socio político oficial e a segunda foi condenada á marxinalidade polo seu potencial risco de subversión nacional (Herrero Valeiro, 2011).

Quédanos neste capítulo referirnos aos estudos da Comunicación e o nacionalismo que parten dende a perspectiva dos receptores, xa que tamén neste ámbito aparece a prensa como un mecanismo de construción nacional. Unha análise etnográfica de Sampedro (1996) sobre o consumo de prensa por parte de estudantes estranxeiros amosou que o hábito de ler os xornais dos seus países permitíalle á audiencia levar a termo funcións simbólicas, necesarias para o mantemento da identidade nacional: a posta en común de imaxinarios compartidos e a construción de fronteiras exclusivas e inclusivas, que enfatizaban as diferenzas con outras identidades nacionais ou subliñaban unha suposta identidade común.

Por outra banda, tamén temos constancia doutros estudos de recepción que creban a ligazón entre a exposición ao nacionalismo dos medios e o sentimento de identificación (Madianou, 2005; Slavtcheva Petkova, 2014). En todo caso, a conclusión que extraemos e que quixeramos poñer de relevo é que todos os medios definen, dalgún xeito ou outro, unha nación, e ao facelo, están decidindo inclusións e exclusións. O que fagan os públicos con estes materiais simbólicos, iso xa é outra cuestión diferente.



## 3. TERRORISMO E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

### 3.1. PRINCIPAIS POSICIÓN S SOBRE A COBERTURA DO TERRORISMO

Os estudos que abordan a relación entre o terrorismo e os medios de comunicación nas democracias occidentais adoitan apoiar, desafiar ou comentar unha serie de clixés sobre a influencia dos medios nos conflitos violentos. Unha destas asuncións é que a cobertura mediática beneficia os terroristas. Entre os autores que subscriben esta idea figura Schaffert (1992), que asegura que existe unha significativa relación entre o grao de cobertura mediática e o éxito dos terroristas na obtención de concesións dos gobernos. O autor argumenta que o carácter comercial e competitivo das compañías mediáticas dos Estados Unidos xunto coa hostilidade que amosan contra o goberno propicia que se produza a curto prazo unha simbiose entre terroristas e medios, unha relación que a longo prazo se converte en parasitaria, coa explotación dos medios por parte dos terroristas. Neste contexto, Schaffert xustifica que Washington recorra a tácticas de desinformación nas campañas antiterroristas xa que considera que a seguridade nacional e a sociedade democrática están en perigo. Entre as prácticas mediáticas que serven aos terroristas, Schaffert refírese ás entrevistas televisadas, ao considerar que elevan os terroristas ao status de políticos lexítimos.

A idea de que os terroristas manipulan os medios está amplamente rebatida na literatura académica. Tal e como amosan os estudos ao respecto, os medios déixanse utilizar só ata certo punto e de acordo ao seus intereses, xa que os temas introducidos polos terroristas son case sempre suprimidos ou distorsionados (Herman e Chomsky, 1979). Así, a cobertura mediática dun conflito non é garante de que as causas dos terroristas vaian ser lexitimadas publicamente, pois é frecuente que os medios se aliñen coas posicións favorables aos gobernos (Schlesinger, 1991; Paletz, Fozzard e Ayanian, 1982). Ademais, a idea da vulnerabilidade das democracias liberais que é presentada nalgúns estudos sobre terrorismo tamén ten sido cuestionada (Schlesinger, 1991). Os atentados terroristas poden amosar deficiencias nos sistemas de defensa pero non poñen en perigo a orde social nin colapsan a democracia, xa que as funcións dos gobernos non se interrompen debido a este tipo de accións (Ignatieff, 2005, p. 82).

Outro clixé sobre o rol da cobertura mediática do terrorismo é que a violencia ten un efecto contaxioso. Non obstante, tamén neste punto son varios os autores que sinalan que non existen evidencias científicas que apoien esta asunción (Schlesinger, 1991; Rodrigo, 1991), polo que non se pode establecer unha simple relación causa-efecto entre a narración da violencia nos medios e unha resposta social dada. Aquí entran en xogo outros factores determinantes, relacionados co complexo proceso de mediación do significado.

As posicións que acusan os medios de proporcionarlles osíxeno aos terroristas son usadas frecuentemente para xustificar medidas de control da información. Schaffert por exemplo, propón a posta en marcha de mecanismos de control dos medios que non danen os procesos democráticos. Certamente, a imposición dunha censura explícita por parte do goberno non sería ben vista nas democracias occidentais, polo que a ortodoxia oficial recorre a propostas máis sutís, como o establecemento de relacións de traballo máis estreitas entre goberno e xornalistas ou o desenvolvemento de mecanismos de responsabilidade e autocontrol dos medios (Schlesinger, 1991). Deste xeito, a restrición directa e obvia da información pode ser evitada e substituída por un control indirecto en forma de autocensura, unha práctica que pode resultar igual de eficaz que a censura (Herman e Chomsky, 1979). Neste contexto enmárcanse

iniciativas como a do Consejo de Administración de Radio Televisión Española, que elaborou no ano 2002 o documento “Reflexiones sobre los medios de comunicación y el terrorismo” coa intención de establecer uns criterios que guíen a actividade do xornalismo en materia de terrorismo. O documento, segundo sinalan Idoiaga e De la Piscina (2002, p. 113), baséase en dous puntos fundamentais, o principio de belixerancia fronte ao terrorismo e a existencia dunha posible colisión entre o dereito á información e o dereito á vida, na que prevalece o segundo. Para os autores mencionados, esta guía, que parte dunha ridiculización da neutralidade informativa e propón dilemas irrealis, vulnera os códigos éticos e deontolóxicos do xornalismo e supón unha volta a formas de censura descartadas nas sociedades democráticas. Así, afirman que nos medios existen lexítimos posicionamentos ideolóxicos e editoriais ante a violencia, pero estes deben estar sometidos aos códigos profesionais.

Dende outra perspectiva diferente, considérase que o terrorismo tamén pode ser obxecto de manipulación política e beneficiar ás elites do poder. Os medios de comunicación poden esaxerar o alcance e o perigo dos ataques terroristas, coa finalidade de suscitar reaccións de alarma e peticións de orde social (Rodrigo, 1991, p. 43). A creación dun clima de medo pode ser utilizado polo goberno para reforzar o *statu quo*, para lexitimar as súas accións e deslexitimar as dos opositores e para dispoñer, en xeral, de maiores marxes de manobra. Este posicionamento que pon o foco de atención nas reaccións do poder ante o terrorismo presenta extremos que van dende a crítica severa á actuación dos gobernos, cuxo máximo representante sería o modelo de propaganda de Herman e Chomsky (1979, 1994), no que afondaremos máis adiante, ata posicións intermedias como a de Ignatieff (2005), que fala do “mal menor” para referirse á suspensión de dereitos civís e liberdades que adoita acompañar a loita antiterrorista dos gobernos. Este autor sostén que as derogacións de dereitos en situacións e emerxencia non poñen en perigo o Estado de dereito, sempre que sexan temporais, estean xustificadas publicamente e sexan utilizadas só en último recurso.

Ás teses sobre as vantaxes da cobertura mediática para os terroristas e para o poder político, aínda podemos engadir unha terceira suposición, que mantén que son os medios de comunicación os que sacan proveito dos atentados terroristas, xa que este tipo de información aumenta a audiencia e conseguintemente, os beneficios (Rodrigo, 1991, p. 42). Isto pode ser certo no caso de accións violentas de grande espectacularidade, pero non semella que esta explicación poida aplicarse a Resistencia Galega, cuxas actuacións, maioritariamente sabotaxes contra a propiedade mediante explosivos de fabricación caseira, deron como resultado poucas imaxes verdadeiramente espectaculares. En todo caso, si pode considerarse que as accións violentas dos independentistas e as conseguintes reaccións do sistema político contribúen a alimentar un conflito social que pode ser instrumentalizado polos medios non só para xerar abondoso material informativo senón tamén para intervir na vida pública e gañar influencia política e social.

As tres posicións que acabamos de expoñer captan algún aspecto da relación entre terrorismo e medios de comunicación e poñen de relevo que todos os actores tratan de facer unha utilización do fenómeno terrorista, con maior ou menor éxito. Nesta situación, os xornalistas vense condicionados por diversas limitacións que afectan ao seu xeito de traballar: a politización dos medios, o temor a contribuír a estender o eco que os terroristas buscan na opinión pública, o perigo de prexudicar as investigacións policiais ou o risco de xerar demasiado efecto emocional na poboación (Gurrionero, Canel e Guadaño, 2012). O que é claro é que non hai unha única maneira de responder comunicativamente ao terrorismo e sexa cal sexa o enfoque vai estar suxeito a un grande escrutinio por parte de todos os axentes implicados no problema.

### 3.2. O MODELO DE PROPAGANDA

O modelo de propaganda insírese na tradición crítica da investigación en Comunicación de masas, que concibe os medios como transmisores dos valores da clase dominante. Nesta formulación resoa de fondo a definición de Althusser (1988) dos medios como aparatos ideolóxicos do Estado. Segundo este autor, a concepción marxista do Estado como un aparato represivo, no que se inclúen a policía, os tribunais, os cárceres e o exército, debe ser completada coa influencia dos aparatos ideolóxicos do Estado, entre os que figuran a escola -o aparato predominante-, a relixión, os partidos políticos, os sindicatos, as institucións culturais e os medios de comunicación. A diferenza fundamental entre o aparato represivo e o aparato ideolóxico é que o primeiro funciona fundamentalmente mediante a violencia e o segundo utiliza a ideoloxía como forma predominante, pero ambos os dous cumpren a función de reproducir a orde establecida de dominación de clase. É máis, Althusser sinala que é precisamente coa posta en marcha dos aparatos ideolóxicos do Estado como a ideoloxía dominante se realiza e chega a converterse en dominante. Algunhas voces sinalan que hoxe en día non pode considerarse o Estado como único xerador ideolóxico nin tampouco poden reducirse os conflitos sociais e políticos á vertente de clase (Castelló, 2012). Aínda así, que o teña máis difícil non significa que o Estado claudicara das súas funcións de reproducir a dominación ideolóxica.

O modelo de propaganda de Herman e Chosmky (1994) aséntase na existencia dunha serie de filtros políticos e económicos que afectan aos medios de comunicación. O primeiro refírese á propiedade dos medios dominantes, á concentración e á súa orientación comercial. Os medios de comunicación requiren amplos investimentos, polo que a súa propiedade está concentrada en poucas mans. As principais institucións mediáticas convertéronse en xigantes que participan en diversos negocios e que están sometidas a múltiples presións, como as que exercen investidores e banqueiros. Outra relación estrutural de importancia é a dependencia que teñen do goberno, en forma de políticas que lles afectan, como os impostos e a lexislación en materia laboral e de competencia, ou en forma de concesión de licencias, no caso da radio e da TV.

O segundo filtro é a publicidade como fonte de ingresos. A falta de apoio dos anunciantes pode facer desaparecer cabeceiras, así que os anunciantes poden decidir non só a influencia que acadan os medios senón tamén a súa supervivencia. Algúns xornais non atraen anuncios porque os seus lectores non teñen capacidade adquisitiva, un criterio económico que pode prexudicar certos grupos sociais e medios alternativos que, á parte de carecer de apoios, teñen que lidar coa hostilidade da prensa dominante. Ademais, as firmas anunciantes tamén aplican filtros ideolóxicos, que as levan a rexeitar inimigos ideolóxicos ou que danan os seus intereses, e outros filtros propios que evitan as complexidades e as controversias.

O terceiro filtro é a confianza dos medios na información subministrada polo goberno, as empresas e os expertos, que se converten en fontes primarias. Os medios teñen unha relación simbiótica coas fontes dos axentes do poder por necesidade económica e por reciprocidade de intereses. Os medios precisan fluxos de información fiable, xa que non poden permitirse ter reporteiros en todos os lugares importantes. Así, no ámbito local, o concello e a policía funcionan como fontes habituais de noticias. Ademais, este material está revestido dunha obxectividade que semella non requirir confirmación, de maneira que se simplifica o traballo e ao tempo evítanse acusacións de nesgo. Doutra banda, as institucións gobernamentais con servizos de comunicación facilitanlles o traballo aos medios: fan notas de prensa, sesións de fotos..., reducindo os custes de produción das noticias. Estas fontes poden chegar a ser rutineiras e ter acceso privilexiado aos medios, de xeito que poden influencialos. As fontes críticas evítanse non só pola súa menor dispoñibilidade ou polo elevado custe de establecer a súa credibilidade senón tamén porque as fontes primarias poderían resultar ofendidas. As fontes

poderosas tamén usan o seu prestixio e importancia para vetar o acceso de voces críticas aos medios ou para introducir as mensaxes de expertos que axudan a diseminar as súas ideas.

O cuarto filtro do modelo de propaganda represéntano as críticas (“*fak*”), como mecanismo para disciplinar os medios. Refírese ás respostas negativas que xera a actividade mediática en forma de cartas, chamadas telefónicas e peticións. Se a crítica procede de individuos ou grupos con grandes recursos pode ser moi incómoda ou custosa para os medios. O maior produtor de críticas é o goberno, que ataca e ameaza os medios, intentando corrixir as desviacións da liña marcada.

O último dos filtros é ideolóxico e refírese ao anticomunismo como mecanismo de control. Os asuntos tenden a ser enmarcados nunha dicotomía entre comunistas e anticomunistas, de xeito que os adversarios son acusados frecuentemente de procomunistas ou de non ser o suficientemente anticomunistas. Este filtro, que responde a un contexto xeopolítico determinado, perdeu vixencia tras o colapso da Unión Soviética e doutros estados comunistas do Leste, mais pode ser adaptado á época contemporánea en forma de loita antiterrorista ou de guerra contra o terror (Cottle, 2006, p. 17), xa que constitúe a ideoloxía hexemónica no ámbito internacional tralos atentados do 11 de setembro de 2001 en Estados Unidos. Tamén é un filtro dominante no debate político e mediático do estado español, cuxa polarización adoita estar representada pola condena pública do terrorismo. Así, é habitual que a dereita política force aos adversarios a posicionarse publicamente contra a violencia dos grupos independentistas, de xeito que o discurso oficial resulte favorecido, mentres que obvia a condena doutras expresións violentas que non ameazan os seus intereses. Cando os partidos políticos non aceptan a provocación, rematan sendo acusados de proterroristas nos titulares.

O modelo de propaganda tamén inclúe unha clasificación política das vítimas, segundo sexan merecedoras de atención (*worthy*) ou non, de acordo cos intereses do estado. Así, mentres que as vítimas causadas polos inimigos dan lugar a un estalido da propaganda, as vítimas do propio goberno ou dos seus clientes apenas reciben cobertura. Na prensa española tamén se dá unha clasificación das vítimas de ETA, aínda que atendendo a outros parámetros diferentes, neste caso, de elitismo institucional (Sánchez e Sampedro, 2011). Así, as evidencias empíricas amosaron que a cobertura mediática dos periódicos é proporcional ao status socio-laboral das vítimas.

Herman e Chomsky usaron este modelo para explicar o tratamento que realizaron os medios de comunicación estadounidenses sobre determinados conflitos bélicos e reximes tiránicos de Asia e Centroamérica, nos que Estados Unidos tivo un polémico papel. Aínda que transcorreron máis de dúas décadas da elaboración orixinal do modelo e que se trata dun desenvolvemento teórico baseado na experiencia mediática estadounidense, os cinco filtros teñen validez para o contexto que tratamos nesta investigación, dada a súa capacidade para explicar a convivencia entre os medios de comunicación e o sistema político, especialmente cando se trata de casos de terrorismo.

É interesante aclarar, ademais, que nas sociedades democráticas liberais os medios non funcionan da mesma maneira propagandística que nun estado totalitario, tal e como Herman e Chomsky poñen de relevo. Os medios permiten e incluso alentan o debate, a crítica e a disidencia, sempre e cando permanezan dentro do sistema de presupostos e principios que constitúen o consenso da elite, un sistema tan poderoso que é interiorizado inconscientemente (1994, p. 302). Doutra banda, a existencia de medios de comunicación alternativos que contestan os significados difundidos polas institucións mediáticas do poder non lle resta eficacia ao modelo de propaganda, dado que existe un desequilibrio no alcance e nos recursos de cada un deles. Se nos referimos á realidade da prensa galega, é evidente que non se pode

comparar o impacto de *La Voz de Galicia*, un xornal cunha tiraxe de 86.604 exemplares diarios<sup>3</sup>, co alcance do *Novas da Galiza*, cunha tiraxe mensual declarada de 150 exemplares.

No contexto español sabemos polas referencias espalladas en diversos estudos que existiu unha intencionalidade do goberno de impoñer nos medios de comunicación unha determinada liña de pensamento con respecto ao conflito vasco. Así por exemplo, Letamendía (1997, p. 336) dá conta de que nunhas xornadas sobre terrorismo celebradas en 1980 no Centro Superior de Estudios de la Defensa Nacional en Madrid, ás que foron convidados os principais diarios do país, os expertos militares formuláronlles aos xornalistas as seguintes recomendacións: 1) separar a información da propaganda, polo tanto non reproducir os comunicados dos terroristas. 2) evitar os xiros semánticos que favorezan as imaxes dos terroristas, e 3) rexeitar toda xustificación do crime terrorista, presentando a vítima sempre como inocente. Segundo Letamendía, o compromiso acadado entre Defensa e prensa cumpriuse maioritariamente, tal e como afirmaron dende o propio departamento goberamental.

Por outra banda, Miquel Rodrigo (1991, pp 20-21) explica que a mediados dos oitenta produciuse un desencontro entre as autoridades políticas españolas, que avogaban por non darlle publicidade ao terrorismo, e os medios de comunicación, que rexeitaron unanimemente as teses que propuñan silenciar as accións terroristas. Non obstante, esta postura non impediu que algúns medios de comunicación asumisen en determinados momentos un rol propagandístico ao servizo do goberno, como revelou a análise do xornalista Antoni Batista (2003) sobre o tratamento mediático das eleccións autonómicas no País Vasco no ano 2001. Batista sinala que, para intentar gañar as eleccións, o goberno central conservador impulsou nos medios de comunicación unha campaña antinacionalista baseándose nunha estratexia de contaminar o nacionalismo vasco democrático co terrorismo de ETA. Así, conformou ao seu redor un conglomerado mediático que seguiu as súas directrices ou porque “depenien directament –que és el cas de les capçaleres institucionals-, o perquè en depenien indirectament –a través de les concessions de publicitat o llicències que atorga-, o perquè hi tenia alguns del seus homes més influents” (p. 55). Paradoxalmente, a estratexia propagandística foi tan esaxerada que provocou o efecto contrario ao buscado na opinión pública vasca.

As propostas que tentan fuxir do modelo de propaganda avogan por un “xornalismo comprensivo” (Pereira, 2001, p.33), “aquele que en vez de juzgar, busca más bien investigar, comprender, explicar, reflexionar una y otra vez, dejar abiertas otras pistas y caminos para quienes lo lean”. Non debe pensarse que calquera intento de comprensión do terrorismo é apoloxía, pois comprender non significa compartir nin xustificar: “si esto fuera así sólo cabría intentar comprender las acciones y actitudes con las que uno está de acuerdo” (Rodrigo, 1991, p. 56). Outras voces cunha postura similar falan de “democratizar a violencia” (Cottle, 2006), unha expresión que fai referencia á necesidade de dar conta do contexto, das causas e das consecuencias dos actos terroristas, procedan de onde procedan, así como de someter a pública discusión as reaccións políticas desproporcionadas e os excesos militares.

### 3.3. A SEMÁNTICA DO TERROR

Un dos poderes máis importantes dos medios de comunicación radica na súa capacidade para definir o mundo. A través da linguaxe, os *mass media* definen que accións son terroristas e cales non. E co uso de certa terminoloxía e de etiquetas semánticas, contribúen a crear unha imaxe determinada do fenómeno violento. Tal e como sinala Bourdieu (2001), o nomeamento da realidade contribúe a construír a estrutura do mundo. Así as cousas, a cuestión sobre que

<sup>3</sup> Datos de OJD interactiva, consultados a 8 de outubro de 2015. <http://www.introl.es/medios-controlados/>

palabras utilizar para definir nun xornal as accións de violencia política non é un asunto banal, dadas as implicacións ideolóxicas da escolla. Os xornalistas traballan co realidade que xa foron nomeadas e clasificadas, polo que non resulta fácil abstraerse dese “capital simbólico acumulado” do que fala Bourdieu (2001).

O “terrorismo” é un concepto moi connotado e lixado, sometido a todo tipo de manipulacións. No discurso occidental, por exemplo, o termo adoita usarse para designar a violencia de individuos e grupos marxinais que se opoñen á orde establecida, mentres que o terrorismo de Estado é unha categoría apenas empregada (Schlesinger, 1991). A elección do nome vén definida por varios factores. Un deles é o status, oficial ou non, dos perpetradores da violencia. Así, Herman e Chomsky (1979) distinguen entre o terrorismo a grande escala exercido polos Estados (*wholesale terror*), que é xustificado mediaticamente como unha reacción necesaria para manter a orde e a seguridade, e o terrorismo a pequena escala (*retail terror*) das organizacións, presentado, neste caso si, como terrorismo. Outro factor represéntano as filiacións políticas, de xeito que os crimes dos réximes amigos poden ser cualificados de accións policiais e os dos inimigos, de accións terroristas. Neste senso, os medios de comunicación estadounidenses despregaron toda unha serie de estratexias para minimizar a gravidade do terrorismo exercido por algúns Estados de Latinoamérica e de Asia apoiados polos Estados Unidos. As institucións mediáticas optaron por suprimir calquera acto desagradable sobre a tortura e os asasinatos de Estado, ao tempo que enfatizaban o positivo, poñendo o foco de atención sobre inminentes reformas e supostas melloras. Ademais, presentaron os Estados Unidos como unha testemuña inocente mais ca un patrocinador dos réximes fascistas, contribuindo, desta maneira, a minimizar a súa responsabilidade. E por último, fixeron unha utilización propagandística das matanzas, co uso selectivo da información sobre as supostas atrocidades do inimigo. Estas matanzas míticas cumpriron unha importante función de relacións públicas para a mobilización do apoio á intervención militar estadounidense.

Doutra banda, tal e como sinalan Herman e Chomsky, a aplicación da linguaxe do terrorismo por parte do Estado resulta útil para a construción dun inimigo susceptible de ser eliminado sen preguntar e contribúe a crear na poboación a sensibilidade e o estado de ánimo que permiten unha maior liberdade de acción para o Estado.

O feito de que o Estado etiquete as actividades de certos grupos opositores como terroristas serve a tres propósitos (Guibernau, 1999, p. 129): primeiro, establece explicitamente ante a poboación a ilexitimidade da oposición e de todos aqueles relacionados con ela; o fácil acceso aos medios facilítalle ao Estado a presentación do terrorismo como inxustificable e ilegal, reducíndoo a unha actividade criminal baleira de contido político; segundo, proporciona unha xustificación para o castigo severo da disidencia, que ademais é deshumanizada; e terceiro, pretende persuadir o mundo da natureza marxinal da oposición política interna e enfatizar a estabilidade do sistema político.

No estado español, tal e como sinala Fernández Prieto (2004) nun artigo no que cuestiona a linguaxe historiográfica herdada do franquismo, a loita armada vinculada aos movementos de liberación nacional e do post-68 foi encadrada canonicamente na definición de terrorismo desde os anos setenta. Neste contexto, as investigacións que analizan o discurso mediático sobre a violencia política adoitan tomar a definición lexicográfica dos grupos violentos e das súas accións como unha variable relevante, mesmo dende posicións ideolóxicas diverxentes. Así, Idoiaga e de la Piscina (2002, p.101) sinalan no seu estudo da prensa española que todos os xornais sosteñen que ETA é unha “banda terrorista” e preguntábase se este termo resulta útil para comprender o fenómeno. Segundo explican, “banda” equivale a mafia ou “grupo de delinquentes” que buscan un beneficio ou unha mellora do seu status económico ou social. Isto non se corresponde coas aspiracións dos militantes de ETA nin facilita a comprensión da súa

vinculación cunha expresión social e político-electoral cun peso importante na sociedade vasca. Pola súa parte, Díaz Cerveró (2009), que estudou o tratamento de ETA no diario *Le Monde*, critica que o xornal francés se refira aos membros da organización como separatistas e independentistas, en vez da denominación “terrorista” que a investigadora considera máis adecuada. Para Díaz Cerveró este tratamento da banda exímelle de responsabilidade criminal.

Partindo de catro campos semánticos, Miquel Rodrigo (1991) definiu outros tantos discursos xornalísticos que conceptúan a violencia dunha forma particular. Trátase dos discursos xurídico, patolóxico, político e militar (pp 80-84 e p.134 ), que pasamos a describir a continuación:

- O discurso militar usa termos do tipo “acción armada”, “accións de guerra” e “comando armado”. O terrorismo é contemplado como unha guerra. O suxeito de enunciación corresponde tanto aos que lexitiman o terrorismo, a través do eloxio da boa violencia, como os que queren acabar con el e xustifican a intervención militar no conflito. É o discurso da lexitimidade dos dous contendentes.

- O discurso político usa expresións como “terroristas”, “bandas fascistas”, “atentado terrorista” ou “acción revolucionaria”. Considera que a violencia política forma parte da historia da humanidade e busca as causas do terrorismo. É enunciado tanto polos que lexitiman a violencia como por aqueles que descualifican o sistema político debido á existencia do terrorismo. É o discurso da lexitimidade ou da lexitimidade aínda non conseguida. A solución ao terrorismo pasaría pola negociación.

- O discurso xurídico distínguese por expresións como “secuestradores”, “asasinos”, “acción criminal”, “gánsteres”. Equipara o terrorismo á delincuencia común, prodúcese unha despolitización do fenómeno. É o clásico discurso da lei e da orde. A transgresión da lei é máis escandalosa que a gravidade do acontecemento. É o discurso da ilegalidade. A solución ao terrorismo é policial.

- O discurso patolóxico utiliza termos como “grupo dexenerado”, “banda de tolos” ou “feito irracional”. O terrorismo responde a un problema psiquiátrico de carácter privado. Este discurso, usado principalmente nos xéneros de opinión, adoita ser enunciado desde o plano do saber dos expertos e postula ao mesmo tempo, o falso saber dos terroristas. É o discurso da irracionalidade.

Cada un destes discursos, sinala Rodrigo, supón unha representación do terrorismo que vai determinar, en boa parte, unha resposta determinada ao mesmo. Pero, ademais, cando a definición de organización terrorista adquire status legal, os grupos afectados son obxecto de severas consecuencias punitivas que, baixo o pretexto da loita antiterrorista, poden incluír prácticas contrarias aos dereitos humanos (Martín Martínez, 2009).

O movemento independentista galego non é alleo á importancia da linguaxe e da atribución de significados nos conflitos políticos mediatizados. Así, previo á declaración xurídica de Resistencia Galega como organización terrorista, algúns colectivos lanzaron iniciativas nas que cuestionaban que é o terrorismo, dende o artigo publicado por Esculca (s.d.) baixo o título ‘Estado de dereito de baixa intensidade, Máquinas administrativas com vida propia’, ata o vídeo ‘Terrorismo é’ lanzado polo portal de información alternativa *Galiza Contrainfo* (2013). Asemade, nalgúns casos os activistas tratan de subverter a linguaxe propoñendo novas maneiras de definir a realidade que contestan o discurso oficial. Así por exemplo, no último documento de reflexión redactado pola Assembleia da Mocidade Independentista –AMI (2014) inclúen unha análise sobre o terrorismo na que se refiren baixo este epígrafe á violencia de xénero e aos accidentes laborais.

De todo o exposto, impórtanos destacar a idea de que o tratamento mediático dos conflitos políticos esixe un uso responsable da linguaxe. Mais para que poida falarse de palabra

responsable, di Patrick Charaudeau (2003, p. 271), é preciso que o suxeito responsable desa palabra se formule a pregunta sobre os efectos que esta é susceptible de producir nos que a recibirán. E o problema dos medios é que moitas veces non se interroga sobre os efectos nada mais que en termos de audiencia.

En todo caso, nas universidades e nos colectivos sociais e culturais de diversa índole xorden cada vez máis iniciativas que poñen no centro das súas preocupacións o uso da linguaxe e a necesidade de elaborar novos discursos sobre todo tipo de problemas e grupos sociais que se ven excluídos, marxinados ou prexudicados polas formas de representación social (Ogando, Campoy e Álvarez, 2015). En referencia aos conflitos políticos e territoriais, o grupo de investigación Asterisc da Universitat Rovira i Virgili (2014) propón as seguintes suxestións para o tratamento profesional dos conflitos:

- Escoller léxico que non tenda á presentación dos feitos de forma esaxerada ou tendenciosa.
- Vixiar o vocabulario e as metáforas que enfatizan o desentendemento e a violencia simbólica. Os campos semánticos bélico, deportivo ou taurino reforzan unha estrutura de enfrontamento e división social.
- Ser coidadoso co uso de metáforas que explican un feito usando campos semánticos extremadamente distantes ao referente, como por exemplo, o uso de metáforas de catástrofes naturais para falar dunha expresión política.
- Non reproducir acriticamente a terminoloxía das partes en conflito. Buscar campos léxicos e metafóricos alternativos que ofrezan imaxes inéditas das comunidades e dos diferentes líderes políticos.
- Ofrecer unha presentación respectuosa e comprensible das partes en conflito, vixiando os elementos do discurso que axudan a lexitimalas e o uso de ironías ou adxectivacións con alto poder connotativo.

#### **3.4. AS FONTES DE INFORMACIÓN**

A calidade dun xornal mídese polas súas fontes de información. Tal e como explica Borrat (1989, p. 54), canto maior sexa a cantidade, a calidade e a diversidade das informacións que comunica e das fontes que cita, maior será a súa credibilidade e, polo tanto, a súa influencia. Así, a potencia informativa dunha cabeceira ponse de manifesto na dispoñibilidade de fontes contrastables que reflectan as versións das varias partes implicadas no conflito. Non obstante, sinala Borrat, os grandes xornais xeralistas semellan entender a calidade das fontes de dúas maneiras, segundo a calidade profesional e segundo a altura de rango que ocupan no sistema político. A calidade profesional é medida seguindo as pautas da propia profesión xornalística, e por iso se privilexian no trato as axencias de noticias e os gabinetes de prensa. E o criterio do rango favorece a aqueles que ocupan posicións de goberno ou de liderado. Deste xeito, no tratamento da maioría dos conflitos existe un trato desequilibrado das fontes. E dado que moitas veces as noticias introducen a valoración dos acontecementos a través das declaracións das fontes, ao darlles máis voz a unhas cá outras estase lexitimando unha determinada maneira de interpretar o acontecemento (Rodrigo, 1991).

Cando nos referimos á información sobre terrorismo, Miquel Rodrigo (1991) identifica tres tipos de fontes principais: as xornalísticas, que inclúen o propio xornal, as axencias e outros medios, que son as primeiras en transmitir a información; as fontes dos terroristas, que son de difícil acceso; e as oficiais, entre as que se contan o goberno, os partidos políticos e a policía. As fontes xornalísticas, que Rodrigo identifica como as máis citadas, supoñen unha autolexitimación do sistema informativo e un efecto eco que conduce a que todos os medios de

comunicación falen do mesmo. No que fai aos terroristas, son fontes coas que os xornalistas teñen pouca capacidade de interactuar, así que o seu papel adoita limitarse ao envío de comunicados. E con respecto ás fontes oficiais, as máis habituais son as políticas, tales como partidos e autoridades gobernamentais, que actúan como produtores de feitos secundarios relacionados co terrorismo (conferencias, comunicados de condena, manifestacións...). A estas séguenlle en importancia as policiais. En xeral, no estudo realizado por Rodrigo, as fontes policiais aparecen nunha menor porcentaxe que as terroristas.

Outros estudos como o de Batista (2003) revelan unha hipertrofia das fontes policiais e do Ministerio de Interior nas informacións sobre o conflito vasco. Este autor amósase moi crítico co seguidismo das notas de prensa dos gabinetes da policía por parte dos xornalistas, xa que dá lugar a varios problemas. Por unha banda, lesiónase o dereito fundamental da presunción de inocencia. Argumenta Batista que existe unha gran diferenza entre o número de persoas detidas e as que logo son encarceradas, pero é fácil que a prensa xa as condenara a partir da nota policial da súa detención. Posto que os gabinetes de prensa da policía son organismos públicos, Batista considera que a versión policial dos feitos debería ir acompañada da opinión do avogado das persoas detidas. Por outra banda, a prensa pode incidir no sistema xudicial a través da figura xurídica da ‘alarma social’, que pode ser utilizada para encarcerar persoas inocentes, de maneira que os medios se converten en fiscais.

Os trazos sobre a cobertura mediática que vimos de apuntar poden ser rastrexados en diferentes conflitos sociais, tal e como puidemos comprobar nun estudo sobre o movemento okupa de Barcelona (Domínguez García, 2010) ao que lle dedicaremos agora algunha atención. O 12 de outubro de 1999, día da Hispanidade, tivo lugar na cidade catalá unha manifestación en reacción a outra concentración de grupos de ultradereita. Durante a protesta, enmarcada nunha época de intensas mobilizacións sociais da mocidade, producíronse algunhas accións de vandalismo, que desencadearon a intervención das forzas antidisturbios. O enfrontamento entre activistas e policía saldouse cunha trintena de mozos e mozas detidos. Posteriormente, algúns deles ingresaron en prisión preventiva, con cargos de lesións, danos e asociación ilícita.

Os actos vandálicos, así como as consecuencias políticas e xudiciais que xeraron, obtiveron unha ampla resonancia na prensa, que foi debullando todos os acontecementos nas seguintes semanas, chegando a vincular os activistas detidos coa pertenza a grupos terroristas. Descontentos coa maneira en que se mediatizaron os feitos e convencidos de que os medios influíran na decisión xudicial de encarcerar os manifestantes, un grupo de estudantes de Ciències de la Comunicació da Universitat Autònoma de Barcelona, por unha parte, e un colectivo de pais dos detidos, por outra, presentaron cadansúa queixa ante o Col·legi de Periodistes de Catalunya contra oito diarios por incumprimento do código deontolòxic do xornalismo. O Colexio escoitou as partes e consultou varios informes sobre os feitos, entre eles, unha análise de contido das noticias de prensa encargado a un equipo de investigación universitario, e determinou que efectivamente algúns medios non diferenciaron claramente entre a manifestación pacífica da mocidade e a actuación minoritaria dalgúns violentos. Ademais, ditaminou que non se respectara o principio de presunción de inocencia e que a maioría das informacións se basearan en comunicados policiais non contrastados con outras fontes. Sobre o movemento okupa en particular, o informe apuntaba á necesidade de indagar no fondo social e político do fenómeno:

S'emfatitza l'enfrontament amb la policia i les destroces en el mobiliari urbà, llavors queda poc espai per a fer una lectura comprensiva dels fets i parlar del problema de l'habitatge i de l'accés al treball dels joves en la societat actual. Si se'ls descriu com a "organitzats i armats", automàticament s'exclou el moviment okupa del diàleg (Consell de la Informació, 1999).

Así pois, este acontecemento sérvenos para comprobar que a relación acrítica que se establece entre fontes policiais e medios de comunicación non é un feito excepcional da información sobre terrorismo. Ademais, tamén nos permite amosar unha asociación perversa que a miúdo se establece na prensa dominante: a equiparación entre movementos sociais nos que participa a xuventude e a violencia.

Volvendo ás fontes, cando se trata de informacións sobre violencia política tamén ocorre que a orixe da información non se especifica explicitamente e recórrese a fórmulas do tipo “fontes da investigación”, “fontes da loita antiterrorista” ou “fontes próximas ao goberno”, unha práctica que na xerga xornalística recibe o nome de atribución con reservas. Segundo Charaudeau (2003), do que se trata aquí é de producir un dobre efecto que xustifica a vocación cidadá dos medios: efecto de máscara e efecto de desenmascaramento. Ao proceder deste xeito, as institucións mediáticas suxiren que os poderes políticos intentan enmascarar feitos pero que elas mesmas, ao desenmascarar o que estaba oculto, cumpren ante o cidadán co seu deber de informar. Sen dúbida, di Charaudeau (2003, p. 270), hai unha guerra entre os poderes políticos e os medios e sen dúbida toda verdade non pode dicirse en público. “El problema es que así nacen los rumores y que no es seguro que rumor sea sinónimo de información”, asegura este autor.

Pola súa parte, Borrat sinala que a atribución reservada das fontes pode servir de arranque para verdadeiras investigacións ou de máscara de filtracións interesadas que hai que manter no anonimato. O autor entende por filtración a comunicación pública que fai o xornal dunha información procedente dunha fonte que, ante o lector, o xornal mantén no máis estrito secreto. Agás nos casos de falsidades, as filtracións proporcionanlles aos xornais exclusivas que potencian o seu prestixio fronte aos actores políticos, a súa audiencia e os outros medios competidores.

Ata aquí fixemos referencia ao funcionamento das fontes de información nos medios de comunicación hexemónicos. Pero que podemos dicir das fontes dos medios de comunicación alternativos ou dos movementos sociais? Sabemos que este tipo de medios nacen moitas veces motivados pola vontade de darlles voz aos movementos excluídos dos medios convencionais (Domínguez García, 2013), o que implica a construción dunha rede de fontes diferente á hexemónica. Ademais, algúns estudos sobre os medios de esquerda alternativos amosan que a información procede dos propios activistas que participan nos conflitos e tamén dos outros medios, debido ás condicións precarias da produción da información e á carencia de servizos de axencia. “Lo interesante es la operación que realizan sobre esa información oficial: una operación de manipulación, en el sentido más lato de manipular el objeto, recortarlo, fragmentarlo; pero también en el sentido más fuerte del término: hacerle decir la verdad que no dice, exprimirla, sacarle la sangre” (Gándara, 2008, p. 28). Certamente, unha das características do xornal *Novas da Galiza* que analizamos neste traballo é o seu permanente escrutinio crítico das informacións sobre o independentismo publicadas pola prensa dominante.

### 3.5. A DESINFORMACIÓN

A desinformación é unha práctica habitual nos conflitos de carácter bélico ou violento, dado o seu potencial de arma psicolóxica contra o inimigo. De feito, un dos casos máis célebres de desinformación xornalística tivo lugar durante a guerra colonial de Cuba contra o Reino de España a finais do século XIX, no tratamento do conflito que realizou a prensa estadounidense, e nomeadamente, o *New York Journal* do magnate William Randolph Hearst, a quen se lle atribúe a coñecida frase “Vostede facilite as ilustracións que eu porei a guerra”. Para o xornalista Manuel Leguineche (1998), esta foi a primeira gran guerra inventada pola prensa de masas. No

seu libro dedicado a este conflito explica que os redactores estadounidenses mesmo chegaron a inventar que as tropas españolas botaban os corpos dos prisioneiros cubanos aos tiburóns.

O xornalista francés Roland Jacquard (1988) tamén se refire a este acontecemento histórico no seu estudo sobre a desinformación e sinala que, neste caso, a campaña desinformativa da prensa non supuxo un cambio no rumbo da historia, xa que España xa perdera o seu imperio colonial antes de que a opinión pública norteamericana se volcara a favor da independencia de Cuba e da guerra contra a coroa española; pero noutros casos, o impacto da desinformación resulta decisivo no curso dos feitos. Por desinformación, o autor entende o “conjunto de técnicas utilizadas para manipular la información conservando su verosimilitud con el fin de influenciar sobre la opinión y las reacciones de las gentes” (p. 9).

Na literatura que manexamos sobre a construción do terrorismo nos medios, cada investigador entende a desinformación á súa maneira, mais é un elemento común a todos os estudos e adoita aparecer emparentado con prácticas como a intoxicación, a manipulación, a terxiversación ou a propaganda. As fronteiras entre estes conceptos non están claras e ás veces podemos atopar que se utilizan como sinónimos ou como aspectos diferenciados.

Para Rivas Troitiño (1992, p. 362), o concepto de desinformación aplícase a toda situación “en la que, por incumplimiento de las normas lingüísticas y/o profesionales, el destinatario de la información recibe un producto informativo incorrecto, a causa del silencio o la intencionalidad o el error de la fuente, del periodista o del emisor, o de su interrelación”. Así, pode xurdir intencionadamente, por negligencia ou por incompetencia e plásmase na intoxicación, manipulación ou contrainformación; tamén mediante o silencio ou non publicación, e coa publicación de datos falsos, erróneos, incompletos ou non contrastados. Aínda que a desinformación non sexa intencionada, é preciso sinalar que de todas maneiras non é frecuente a explicación pública cando se comproba que o publicado non corresponde coa realidade (Rivas Troitiño, 1992, p. 53).

Nunha liña diferente, Borrat (1989) considera que para que sexa considerada como tal a desinformación require intencionalidade, polo que lle outorga natureza de actuación estratéxica. O periódico pode ser vítima, cómplice ou coautor dunha estratexia desinformativa posta en marcha polo goberno. Entre os numerosos mecanismos desinformativos citados por Borrat están a mentira, a omisión, as analoxías, as metáforas, as xeralizacións falsas e as transferencias de sentido, entre outras.

Para Rodrigo (1991), o tratamento desinformador é aquel que enmascara a realidade, unha práctica que pode producirse de moi diversas maneiras. Unha delas é a intoxicación da opinión pública, por exemplo, ampliando a responsabilidade real dun feito terrorista a unha posible responsabilidade intelectual, que se sitúa nos grupos da oposición, de xeito que se involucra a intelectuais e políticos de esquerda. Ademais, terxivérsase a realidade ao darlle a impresión ao lector de que se ten toda a información simplemente porque se recollen todos os detalles. Por último, despolitízase o acto e reformúlase en motivacións privadas ou psicolóxicas. Rodrigo tamén fala de énfase en aspectos emotivos, exceso de información alarmista e da insinuación de posibles conexións causais sen probas.

Idoiaga e De la Piscina, citando a Marletti (1988), sinalan que dous son os paradigmas principais na cobertura informativa da violencia política: o espectáculo e a manipulación (p. 110). A espectacularización enfatiza os elementos sicopatolóxicos dos activistas e amplifica a dimensión dos atentados, provocando alarma social. Unha práctica habitual no conflito vasco é, por exemplo, a caricaturización dos militantes de ETA e dos líderes políticos da esquerda *abertzale*. No que fai á manipulación política, ten por obxectivo xerar un estado de opinión pública que transmita unha grave situación de risco para a seguridade cidadá e para a estabilidade do sistema democrático, de maneira que as reaccións sociais se dirixan á demanda

de maiores medidas de orde e seguridade. Ademais, a manipulación só deixa entrever as motivacións políticas da violencia, neste caso a súa vinculación con demandas nacionalistas, para reducilas a factores que producen prácticas terroristas (Idoiaga e De la Piscina, 2002, p. 110). O paradigma da manipulación implica o establecemento dun marco de colaboración entre os medios, o Estado, a policía e os xuíces. A este respecto, Jacquard (1988, p. 97) fala de “vetetismo” para referirse ás relacións que se establecen entre certos xornalistas especializados e os responsables dos sectores públicos ou privados sobre os que informan. No ámbito da política, os grandes cronistas especializados son recibidos por altas instancias, que os teme, adúlaos e trata de utilizalos como intermediarios. Así, Jacquard sinala que moitos deles pasan a ser axentes de influencia, de información ou de intoxicación, se cadra non retribuídos pero si recompensados con datos e exclusivas. O vetetismo arrastra, pois, a aspectos desinformativos e non debería ser confundido co cultivo das fontes que caracteriza o traballo do xornalismo. O límite vén marcado polo código deontolóxico do xornalismo.



## 4. DESEÑO DA INVESTIGACIÓN E METODOLOXÍA

### 4.1. OBXECTO DE ESTUDO

O obxecto desta investigación é analizar a construción mediática do conflito político en Galicia, tomando como unidade de análise o tratamento que realizou a prensa do fenómeno Resistencia Galega. Interésanos coñecer o discurso que construíron os medios sobre o conflito, é dicir, a maneira en que lle deron voz e visibilidade a identidades e intereses en competencia e as influencias que exerceu o poder político neste proceso. Para iso, seleccionamos tres cabeceiras que representan distintas posicións ideolóxicas e que pertencen, ao mesmo tempo, a esferas mediáticas diferenciadas, a dos medios dominantes e a dos alternativos. Trátase dos diarios *La Voz de Galicia*, *ABC* e o xornal mensual *Novas da Galiza*.

### 4.2. OBXECTIVOS E HIPÓTESES

O obxectivo xeral é analizar o tratamento xornalístico de Resistencia Galega na prensa de Galicia. Este obxectivo de estudo deslínase en varios obxectivos concretos:

- 1- Determinar de que maneira participou a prensa no conflito político.
- 2- Analizar en que medida influíron as lóxicas mediáticas e as lóxicas políticas na atención prestada ao fenómeno.
- 3- Avaliar se existiu desinformación no tratamento xornalístico do conflito.
- 4- Analizar se se produciu unha instrumentalización política do terrorismo a través do discurso da prensa.

De acordo cos obxectivos mencionados, formulamos as seguintes hipóteses:

- 1- A prensa dominante desempeñou un rol propagandístico na estratexia de loita antiterrorista do goberno central, mentres que a prensa alternativa dedicouse a contradicir o discurso oficial ofrecendo a versión dos colectivos independentistas.
- 2- Existe unha maraña de intereses interconectados, de tipo político e mediático, que inflúen na forma en que é representado o conflito.
- 3- O tratamento de Resistencia Galega dende a perspectiva do terrorismo condicionou de forma distorsionante a práctica xornalística e deu lugar a diversos mecanismos de desinformación.
- 4- O imaxinario do terrorismo foi utilizado polos sectores conservadores do nacionalismo español para criminalizar e desacreditar mediaticamente as expresións do nacionalismo galego.

### 4.3. DEFINICIÓN DA INVESTIGACIÓN

A presente investigación é de tipo exploratorio, dada a ausencia en Galicia de literatura específica sobre o tema tratado. Trátase, ademais, dun traballo crítico, no sentido que o define Van Dijk (2009), polo que asumimos os principios marcados por este autor para a análise crítica do

discurso (ACD). A ACD é un tipo de investigación analítica sobre o discurso que estudia primariamente o xeito no que o abuso do poder social, o dominio e a desigualdade son practicados e reproducidos nos textos. Mais ca unha escola ou unha especialidade, é un intento de ofrecer unha perspectiva distinta de teorización, análise e aplicación. Esta perspectiva caracterízase, entre outros aspectos, por unha posición explícita do investigador nos problemas sociais e nos asuntos políticos que aborda. O investigador crítico parte da idea de que a elaboración da teoría está situada socio politicamente e toma partido en favor dos grupos e xentes socialmente dominados. Estas condicións fan que o ACD sexa marxinado dende certos sectores académicos, que o tachan de político e, polo tanto, de acientífico. Van Dijk rexeita este tipo de críticas e sinala que, guste ou non, toda investigación é política. Non está de máis, tampouco, lembrar que non existe o método de pescuda perfecto e que nin sequera o máis científico dos métodos produce resultados totalmente obxectivos, unha asunción que non debe ser confundida cunha relaxación no rigor do procedemento.

Doutra banda, a ACD estimula a multidisciplinaria e adéntrase no contexto teórico de diferentes disciplinas, todas aquelas que se consideren acaídas para contribuír ao coñecemento do obxecto de estudo. De igual maneira, non recomenda ningún método específico, o investigador pode botar man de calquera técnica das Ciencias Sociais que sexa pertinente para os obxectivos da súa investigación. No noso caso, recorreremos a unha metodoloxía cualitativa, na que combinamos diversas técnicas de análise textual coa realización de entrevistas e coa revisión documental e hemerográfica. A utilización de múltiples fontes de evidencia permitiunos triangular os datos e buscar explicacións alternativas.

Para a análise textual, decidimos traballar con tres xornais, *La Voz de Galicia*, *ABC* e *Novas da Galiza*, que sometemos a unha exhaustiva revisión para compilar todos os textos xornalísticos relacionados con Resistencia Galega, dende que emerxeu mediaticamente o fenómeno no ano 2005 ata finais de 2014. Esta primeira compilación produciu un corpus de 759 unidades redaccionais, que nos serviron de base para elaborar novas mostras máis reducidas, de acordo cos propósitos das diferentes abordaxes textuais que realizamos e que iremos explicando en cada un dos epígrafes correspondentes.

#### 4. 4. DEFINICIÓN DA MOSTRA

Para elixir as cabeceiras que compoñen a mostra, seguíronse criterios xeográficos, ideolóxicos e sociolóxicos, atendendo a unha clasificación de Miquel Rodrigo (1991, p. 129). O xeográfico fai referencia ao punto de observación, que neste caso pode partir de Galicia ou da capital do estado, Madrid. O criterio ideolóxico contempla o grao de afinidade coa clase política e tamén a identidade nacional coa que se identifica a cabeceira. Entedemos aquí por ‘identidade nacional’ un tipo de discurso que integra elementos culturais e políticos, presente nos medios de comunicación e utilizado a diario na axenda política (Castelló, 2008, p. 109-112). Por último, o criterio sociolóxico ten que ver co índice de difusión do xornal e coa súa consideración de medio dominante de referencia ou de medio alternativo.

*La Voz de Galicia* é o xornal galego con maior tiraxe e difusión. Está aliñado co centralismo español, aínda que presenta trazos galeguistas. O *ABC* é un diario de difusión estatal, que representa as posición do nacionalismo español de tendencia conservadora. A pesares de que non ocupa os primeiros postos entre os xornais madrileños máis lidos de Galicia, é o único que conta cunha delegación na comunidade, dende a que se elaboran páxinas específicas de información galega. Polo que fai ao xornal *Novas da Galiza*, representa o discurso da esquerda independentista. A súa liña editorial favorece os movementos sociais contrahegemónicos, razón pola que o consideremos un medio de comunicación alternativo. Afondamos na descrición destes xornais no capítulo 6.

O feito de contar na mostra con textos xornalísticos de cabeceiras tan diferentes proporcionounos un interesante contraste ideolóxico que arrequeceu as posibilidades da análise do discurso. Tal e como sinala Rivas Troitiño (1992, p.13), o que publique ou silencie un xornal só é plenamente comprensible ao contrastalo coas presencias e silencios dos demais medios, á parte de que permite buscar o posible tratamento diferente que uns e outros dan ao mesmo acontecemento.

Poderíase obxectar da mostra que inclúe unha menor representación da esquerda política, mais este desequilibrio ten as súas razóns. Entre as cabeceiras estatais, decidimos escoller o *ABC* porque non existía ningunha outra do mesmo ámbito de circulación que tivese redacción en Galicia, unha das condicións que nos marcamos para a selección, ao considerar que o feito de contar con xornalistas propios na comunidade implicaría unha maior atención ao fenómeno. Así por exemplo, para testar isto, en xullo de 2015 buscamos en varias hemerotecas en liña a expresión “resistencia galega”. A busca en *El País* amosou 82 resultados, en *El Mundo*, 77 e a mesma procura no *ABC* devolveu 409 resultados, dos cales 366 correspondían a noticias e o resto a vídeos e imaxes. Doutra banda, algúns estudos (Rodrigo, 1991 p. 21) apuntan que, na cobertura do terrorismo, aínda que cada medio pode facer un tratamento de acordo coa súa ideoloxía, na práctica as diversas cabeceiras adoitan levar a cabo unha actividade produtiva moi similar, que pode apreciarse, por exemplo, na utilización das mesmas fontes. Así as cousas, é posible que neste tema non existan grandes diferenzas entre a cobertura dos diarios españois de esquerdas e de dereitas, como si podería haber, por exemplo, en cuestións de relixión.

No que fai á prensa galega de esquerdas, poderíamos incluír neste grupo o xornal quincenal *Sermos Galiza*, mais esta cabeceira foi creada no 2012 e non nos permitiría observar a evolución do fenómeno Resistencia Galega en toda a súa traxectoria, tal e como é a nosa intención. Para incluír na mostra outras cabeceiras que poderíamos considerar progresistas teríamos que movernos cara o ámbito das revistas impresas ou dos xornais dixitais, un sector que non nos interesaba abranguer.

O período temporal analizado comprendeu dende o primeiro gran acontecemento mediático relacionado con Resistencia Galega, que tivo lugar nas vésperas do Día nacional de Galicia do ano 2005, ata a fin de 2014. Xa que o proceso de redacción desta tese desenvolveuse durante o ano 2015, decidimos fixar o límite para a compilación da prensa no ano natural previo ao comezo da redacción. A procura hemerográfica efectuouse, nunha primeira fase, a través dos buscadores e das hemerotecas dixitais dos propios xornais. Non obstante, esta acción revelouose pronto como problemática ao comprobar que os arquivos dixitais do *ABC* e de *La Voz de Galicia* recollían as pezas xornalísticas redactadas para a edición dixital e que estas non coincidían coa versión do mesmo acontecemento que finalmente se publicara ao día seguinte no xornal impreso; unha disparidade de textos lóxica, xa que nos primeiros primaba a inmediatez e nos segundos poñíase énfase en dar a coñecer datos non confirmados ou aínda non coñecidos o día anterior. Polo tanto, para axilizar o traballo de recompilar o material xornalístico publicado ao longo de nove anos, decidimos utilizar o buscador en liña de *La Voz de Galicia* para rexistrar todos os titulares publicados na edición dixital. E logo, con esta información, acudimos á hemeroteca da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago para obter de cada un dos titulares anotados a versión definitiva que apareceu impresa. Este labor resultou ingrato, xa que a información se atopaba arquivada en CDs, agrupada en trimestres e cada páxina se presentaba como un arquivo pdf individual.

O mesmo procedemento foi seguido para o xornal *ABC*. Esta cabeceira inclúe na súa hemeroteca en liña unha duplicidade de textos, os elaborados para a web en formato html e mais os textos que foron impresos, dispoñibles en formato pdf. Isto non é así no caso da información elaborada para a edición de Galicia, da que só se mostra a versión dixital. Polo que

tamén neste caso compilamos da web unha primeira listaxe de titulares e logo botamos man dos xornais en papel almacenados na hemeroteca da USC para comprobar as equivalencias. Temos que dicir que esta tarefa, tanto no caso de *La Voz de Galicia* como no do *ABC* procurounos algún desconcerto ao non localizar algún titular dos publicados na web na edición en papel. O habitual é que a noticia e o seu correspondente titular cambiasen substancialmente dunha versión a outra, pero atopámonos cuns poucos casos nos que non atopamos ningún referente en papel.

Para peneirar as páxinas do *ABC* non só botamos man do buscador en liña, senón que sometemos os resultados atopados ao contraste cos de *La Voz de Galicia*. Posto que este último xornal conta con máis espazo dedicado á información galega, é o que publicou un maior número de pezas sobre o fenómeno Resistencia Galega. Así, certos acontecementos que en *La Voz de Galicia* mereceron cobertura e que non apareceron rexistrados no buscador en liña de *ABC*, foron procurados directamente no xornal en papel, coas datas como principal orientación. Isto permitiunos recuperar nalgún caso información que a edición dixital non amosaba.

Unha vez que tivemos a compilación completa do material de *La Voz de Galicia* e do *ABC*, utilizámolo de guía para facer as procuras no xornal *Novas da Galiza*. Neste caso, as edicións completas en formato pdf atópanse dispoñibles en liña. En moitos dos números revisados do *Novas da Galiza*, non atopamos o mesmo acontecemento ao que se referían os outros xornais dominantes, pero si outros feitos relacionados co fenómeno Resistencia Galega. Posto que se trata dunha cabeceira mensual, obtivemos unha cantidade de resultados significativamente inferior á dos diarios.

Para localizar as pezas nos buscadores do *ABC* e de *La Voz de Galicia*, introducimos nun primeiro momento a expresión “resistencia galega” como ítem de procura. Non obstante, cando fixemos a revisión das edicións impresas observamos que a expresión chave seleccionada resultaba insuficiente para dar con todo o material relevante para a nosa investigación, tendo en conta a confusión que rodea o fenómeno Resistencia Galega. Así, atopámonos con informacións sobre actos de violencia política que non eran atribuídos a ningún grupo e que posteriormente, mesmo meses despois, noutras reportaxes eran citados como parte do repertorio de accións de Resistencia Galega. Así, a medida que íamos localizando unidades redaccionais nas edicións impresas, procedíamos á lectura destas para comprobar os vínculos con accións anteriores. Isto supuxo en máis dunha ocasión volver sobre os pasos para recoller acontecementos que nun primeiro momento non advertían a súa relación con Resistencia Galega.

#### 4.5. ANÁLISE DE CONTIDO

Unha das obras de referencia sobre a análise de contido é a de Krippendorff (1990), quen define a técnica así: “es una técnica de investigación destinada a formular, a partir de ciertos datos, inferencias reproducibles y válidas que puedan aplicarse a su contexto” (p. 28). A forma máis recorrente de compendio destes datos é a representación de frecuencias, que pode tomar, entre outras, a forma de gráfico de liñas ou de barras.

O primeiro impulso de envergadura que recibiu esta ferramenta foi durante a II Guerra Mundial en Estados Unidos, para a análise de propaganda dos países en conflito, tal e como explica Krippendorff na súa introdución histórica. Xa daquela se extraeron algunhas leccións que seguen vixentes, por exemplo, o recoñecemento de que o contido non constitúe unha cualidade absoluta e que, polo tanto, emisor e receptor poden diferir radicalmente na súa maneira de interpretalo. E a consideración da natureza sistémica do contido, que desaconsella a súa análise como unidade illada.

Entre as fortalezas da análise de contido tense sinalado que é eficiente e replicable. Pero tal e como dá conta Heloiza Golbspan (2007), a técnica tamén ten recibido críticas. Dun lado,

é acusada polos cualitativos de ser superficial por desconsiderar o contido latente e o contexto. E doutro lado, é rexeitada polos cuantitativos por non ser suficientemente rigorosa na definición de categorías nin plenamente replicable. Non obstante, para Golbspan, a característica híbrida da análise de contido –pode ser vista como un método que reúne elementos cualitativos e cuantitativos- colócaa nun gueto metodolóxico de onde sae reforzada. Ademais, como sinala, a tendencia actual da análise de contido desfavorece a dicotomía entre o cuantitativo e o cualitativo, de xeito que se procura unha integración das dúas visións no mesmo estudo, o contido manifesto e o latente.

Nesta investigación, botamos man da análise de contido diacrónica para avaliar o grao de atención prestado a Resistencia Galega pola prensa. A unidade de rexistro máis frecuente neste método adoita ser a palabra-termo (Navarro e Díaz, 1998), non obstante, nós consideramos as noticias enteiras como unidades de rexistro, unha opción aceptada para procesar textos informativos (Golbspan, 2007). Así, seleccionamos por cada unha das cabeceiras todas as pezas xornalísticas relacionadas de forma directa con Resistencia Galega, ou de xeito indirecto, a través de referencias tales como ‘movemento independentista radical’ ou ‘radicais violentos’, no período comprendido entre xullo de 2005 e decembro de 2014, ambos os dous meses completos incluídos. O obxectivo desta análise foi obter unha liña lonxitudinal que reflectise os diferentes aumentos e diminucións da información en cada ano estudado, co obxectivo de poñer estas variacións en relación con contexto socio político e establecer posibles vínculos. O grao de atención foi medido segundo o número de pezas xornalísticas publicadas. Non obstante, non nos interesa o valor numérico da cantidade de información, senón a súa maior ou menor concentración nun período temporal concreto, para determinar que conflitos estiveron detrás dunha maior repercusión mediática.

Ademais, tamén quixemos observar a relevancia outorgada a determinados acontecementos tomando como medida a presenza de artigos de opinión. Seguindo ao profesor Gomis (1987, p. 11), consideramos que “es más noticia el hecho que produce más comentarios y tiene más consecuencias”. Descartamos como índice de relevancia global a presenza na portada, así como o número de páxinas ou columnas, debido á disparidade de condicións das cabeceiras seleccionadas. Así por exemplo, *La Voz de Galicia* inclúe portadas diferentes para cada unha das súas edicións locais, polo que a presenza na portada asegura unha maior visibilidade só no seu ámbito xeográfico próximo. O *ABC* publica unha única portada para todo o estado, polo que as posibilidades de que os temas galegos ocupen a primeira páxina son moito máis reducidas que no caso das outras dúas cabeceiras. Por outra parte, cada un dos xornais dispón dun espazo diferente para a información sobre Galicia, así que as medicións de cada un non terían valor comparativo.

Para procesar toda a información, utilizamos unha folla de cálculo de Excel na que introducimos as seguintes categorías: o número da unidade de rexistro, a data, o titular e o xénero xornalístico. A continuación explicamos os criterios seguidos para codificar os datos nas diferentes categorías:

- **Número:** identifica cada unidade de rexistro mediante un valor numérico.
- **Data:** a referencia temporal na que foi publicada. No caso do xornal mensual *Novas da Galiza*, cuxa data vén expresada cunha fórmula do tipo ‘do 15 de xaneiro ao 15 de febreiro’, elixiuse como data o último día mencionado, é dicir, neste caso, o 15 de febreiro. Este axuste foi necesario para establecer na folla de cálculo unha única forma de codificación temporal válida para as tres cabeceiras e que permitira facer operacións.
- **Titular:** as unidades de rexistro seleccionáronse recollendo todas as pezas xornalísticas individualizadas mediante un titular. Así por exemplo, cada vez que nos atopamos con reportaxes a páxina completa formadas por varios despieces, con un titular central a varias

columnas e logo outros titulares menores en columnas laterais ou inferiores, procesamos cada un dos despeces como unha unidade de rexistro separada. No rexistro incluíronse todos os textos de información e opinión publicados, agás as cartas ao director e as ilustracións.

-**Xénero:** a clasificación en xéneros reducímola a dúas categorías excluíntes, opinión e información, unha decisión metodolóxica en liña co pensamento de Lorenzo Gomis, que considera que no xornalismo, dende a noticia ao editorial, todo é interpretación. O autor concibe o xornal como un intérprete da realidade social, de xeito que información e opinión son dúas clases de interpretación, unha de primeiro grao, descritiva; e outra de segundo grao, avaliativa. “La información es interpretación de realidades y la opinión, interpretación de posibilidades” (1987, p. 10). Seguindo esta idea, poderíamos radicalizar a nosa postura e desdubuxar toda fronteira entre xéneros, pois certamente atopámonos con textos xornalísticos codificados como reportaxes, cuxa alta carga de valoración permitiría a súa clasificación como ‘opinión’. Non obstante, existen unhas convencións profesionais e deontolóxicas que distinguen a información da opinión e, unha delas, fundamental, son as normas con respecto ás fontes, que deben ser claramente explicitadas e equilibradas, unha esixencia que non rexe sobre a opinión. Así as cousas, clasificamos dentro da categoría de información todos os xéneros obrigados a observar o correcto uso das fontes e na categoría de opinión, basicamente os editoriais e os artigos de opinión de autor.

A contabilización dos artigos de opinión serviunos a varios propósitos. Como xa dixemos, para obter unha visión dos eventos ou episodios que o xornal considerou máis importantes. E en segundo lugar, a selección dos artigos de opinión permitiunos conformar unha nova mostra de textos xornalísticos, que sometemos a unha análise de discurso.

#### 4.6. ANÁLISE DE DISCURSO

A análise do discurso, segundo explica Marcia Benetti (2007), é especialmente produtiva para dous tipos de estudo no xornalismo, o mapeamento de voces e a identificación da produción dos sentidos. E estas foron precisamente as principais direccións que tomou a análise do discurso nesta investigación, para as que seleccionamos cadansúa mostra coa súa correspondente matriz de análise.

##### 4.6.1. Análise da ideoloxía

O estudo da produción dos sentidos ten por misión enxergar a camada ideolóxica latente no discurso, un proceso que se inicia a partir do propio texto, coa identificación de “formacións discursivas”, unha especie de rexións de sentidos en torno ás que se reúnen diversos pequenos significados que constrúen e consolidan o sentido nuclear (Benetti, 2007). Ademais desta liña de traballo, o estudo dos sentidos tamén se ocupa da análise do silenciamento e identifica aqueles sentidos que, aínda sendo significativos, están ausentes do espazo discursivo.

Para a análise ideolóxica, seleccionamos todos os artigos de opinión relacionados con Resistencia Galega, publicados por *La Voz de Galicia* e *ABC* durante os nove anos que abarca a mostra. O que fixemos logo foi localizar nos textos as marcas discursivas –nalgúns casos palabras e noutros frases- do sentido rastrexado e rexistralas na ficha que presentamos na táboa 1, e cuxas variables e categorías imos describir. No que fai á análise do *Novas da Galiza*, seguimos outro procedemento diferente, que tamén explicamos máis adiante.

Táboa 1. Ficha de análise ideolóxica dos artigos de opinión de *La Voz de Galicia* e *ABC*

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número:	Medio	Data:
	Titular:		
	Autor:		U. rexistro:
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>OUTRAS OBSERVACIÓNS</b>		

Fonte: elaboración propia

A área de identificación da táboa 1 ten por obxectivo recoller os datos básicos do artigo. Ademais do titular e da data, inclúese o autor, xa que neste caso é un dato relevante, en tanto que fala como membro dun grupo. O número de unidade de rexistro é coincidente co número que lle foi asignado á unidade redaccional na compilación global de textos xornalísticos que describimos no epígrafe 4.5. dedicado á análise de contido. E o número indica a posición do texto xornalístico na serie que definimos para esta mostra concreta.

Unha das variables de análise que introducimos foi a definición do grupo, coa intención de recoller os substantivos e adxectivos utilizados para referirse aos activistas de Resistencia Galega. Inspirándonos no estudo de Rodrigo (1991), establecemos tres categorías, con cadanseu campo léxico específico, en consonancia cos tipos de discurso sobre o terrorismo que definimos no marco teórico. A categoría política inclúe termos do tipo terroristas, fascistas, independentistas; a patolóxica, dexenerados, tolos, irracionais e salvaxes. E a xurídica/militar fai referencia, por unha parte, a termos como asasinos ou criminais. E por outra, a expresións como acción armada, acción de guerra ou comando. No estudo de Rodrigo contéplanse as categorías militar e xurídica como separadas, mais no noso caso, logo de varias probas, comprobamos que a categoría militar apenas producía resultados, polo que decidimos agrupala xunto coa xurídica.

As diferentes categorías non son excluíntes, de xeito que se poden marcar varias opcións para un mesmo artigo. Doutra banda, interésanos rexistrar a presenza ou ausencia, non a repetición. A reiteración no uso dunha categoría no texto non implica unha nova marca.

A análise da opinión tamén incluíu o rexistro das estratexias de polarización e de extensión do terrorismo, tal e como amosamos na táboa. A primeira organiza os conflitos segundo unha pauta ideolóxica que polariza ao propio grupo e aos alleos, tal e como nos referimos cando falamos da análise do discurso proposta por Van Dijk no epígrafe 2.3. Esta práctica imos atopala, por exemplo, cando se define o independentismo en negativo fronte aos galegos de ben. As estratexias de extensión do terrorismo decidimos incluílas inspirándonos no estudo de Batista (2003), quen comprobou que no caso das informacións sobre ETA, a acusación de terrorismo estendíase a outras manifestacións como a desobediencia civil ou as disidencias políticas. No conflito galego, as estratexias de extensión van estar encamiñadas a deitar unha sombra de dúbida sobre a relación do nacionalismo coa violencia atribuída a Resistencia Galega. Finalmente, tamén introducimos a variable da estereotipia galega para recoller estereotipos do carácter da sociedade ou da súa lingua. Todos estes elementos están destinados a comprobar a hipótese de que o terrorismo foi utilizado para criminalizar e devaluar o nacionalismo galego. A matriz de análise completouse cun apartado de ‘observacións’, para poder rexistrar outras frases e expresións que se consideraran relevantes para a investigación.

Como xa adiantamos, a matriz deseñada para analizar os artigos de opinión de *La Voz de Galicia* e *ABC* revelouse inaxeitada para aplicar ao *Novas da Galiza* por diversas razóns. En primeiro lugar, neste xornal as fronteiras entre os xéneros son difusas, derivada da maior liberdade estilística que adoita existir nos medios alternativos, polo que os artigos sinalados estritamente como “opinión” resultaron escasos. Non quere dicir isto que non existise valoración, pois comprobamos a súa presenza continua no discurso do xornal. Doutra banda, non atopamos textos dedicados a valorar o fenómeno de Resistencia Galega, senón críticas á valoración do fenómeno efectuada pola prensa dominante. Así as cousas, decidimos compilar todos os textos xornalísticos cuxo tema principal era a análise do rol dos medios para descubrir cales eran as prácticas criticadas dende o xornal independentista. Para procesar os datos, confeccionamos a seguinte ficha:

Táboa 2. Ficha de análise de artigos do *Novas da Galiza* sobre os medios

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número:	Medio: Novas da Galiza	Data:
	Titular:		
	Autor:		U. rexistro:
<b>V2</b>	<b>Medio ao que se refire</b>		
	Prensa		Especificar:
	Radio		Especificar:
	TV		Especificar:
	Outro		Especificar:
<b>V3</b>	<b>Peza á que se refire</b>		
<b>V4</b>	<b>Práctica denunciada</b>		
	<b>Outras observacións</b>		

Fonte: elaboración propia

A área referida aos datos de identificación seguiu os mesmos criterios que na matriz anterior. Na variable do medio establecéronse varias categorías para coñecer que tipo de medios eran obxecto de crítica con máis frecuencia. Ademais, tamén se incluíron espazos para rexistrar as informacións/espazos ou programas obxecto de queixa e as prácticas concretas que se denunciaban.

#### 4.6.2. Análise das voces

O estudo das voces concentrouse na análise das fontes, un aspecto que nos permite coñecer a polifonía do xornal e afondar, ao mesmo tempo, nas distintas dependencias ás que está sometido.

O que nos interesaba neste caso é poder comparar a diversidade das fontes mencionadas nas tres cabeceiras coas que traballamos. Así, sobre o corpus global compilado, seleccionouse unha mostra de textos informativos centrados en tres tipos de eventos ou episodios relacionados coa actividade de Resistencia Galega: accións violentas, detencións e xuízos. O principal criterio para a escolla dos eventos foi, en primeiro lugar, que aparecesen reflectidos nos tres xornais. Deste xeito, eventos que parecían relevantes nuns medios pola ampla cobertura recibida tiveron que ser descartados porque non aparecían nos outros. E en segundo lugar, que fosen relevantes no seu ano. Así, tras cotexar as tres cabeceiras, seleccionáronse os seguintes acontecementos:

#### 2005

- Artefacto en caixeiro Compostela, 23 xullo
- Dez detencións, Operación Castiñeira, 14 novembro

#### 2007

- Artefacto en urbanización de Cangas, 9 de maio

- Artefacto en Cangas, 15 novembro
- Tres detencións en Portosín, 14 decembro

### **2008**

- Artefacto en Perbes, casa de Manuel Fraga, 7 febreiro
- Carta bomba inmobiliaria de Vigo, 22 de maio

### **2010**

- Detención de dous activistas en Pontevedra, 15 de xaneiro
- Artefacto na vivenda do catedrático Blanco Valdés, 28 xaneiro
- Artefacto na sede do PP de Nigrán, 19 de abril
- Artefacto na sede do PSOE da Estrada, 16 de setembro
- Detención de dous activistas en busca e captura, 12 de outubro

### **2011**

- Artefacto sede PP Ordes, 13 de xuño
- Artefacto Fundación Fraga, 26 de setembro
- Detención de catro activistas en Santiago e Vigo, 1 de decembro
- Detención de dous activistas en Lugo, 3 de decembro.

### **2012**

- Detención de dous activistas en Ferrol, 30 de outubro
- Artefacto na sede do PP de Ribadumia, 8 de xuño

### **2013**

- Xuízo na Audiencia Nacional a catro activistas, 24-27 de xuño
- Artefacto no Concello de Beade, 7 de outubro

### **2014**

- atentado Concello de Baralla, 1 de outubro.
- Detención dun activista en Santiago, 3 de outubro.

No ano 2009, non se atoparon noticias coincidentes nos tres xornais, polo que non se puido incluír ningún evento neste período. O maior número de acontecementos seleccionado para o ano 2010 corresponde a unha maior actividade de violencia política rexistrada nese ano.

Doutra banda, a compilación de textos sobre cada evento limitouse ao primeiro día de publicación da noticia e mais ao seguinte. No caso do xuízo da Audiencia Nacional no que se declarou organización terrorista a Resistencia Galega, celebrado en xuño de 2013, considerouse oportuno recoller todas as informacións publicadas durante os catro días que se prolongou o proceso xudicial.

Unha vez conformada a mostra, procedemos ao rexistro de fontes mediante unha nova ficha con categorías inspiradas en traballos empíricos xa existentes (Rodrigo, 1991), que foron adaptadas á presente investigación logo de facer probas. Seguíronse as mesmas pautas que en anteriores análises: as diferentes categorías non son excluíntes e a presenza dunha determinada fonte só é marcada unha vez, independentemente do número de veces que se mencione.

Táboa 3. Ficha de análise das fontes mencionadas

V1		IDENTIFICACIÓN	
Número:	Medio:	Data:	
Titular:		U. de rexistro:	
V2		FONTES MENCIONADAS	
Goberno central			
Goberno da Xunta			
Goberno municipal			
Partidos políticos			
Colectivos independentistas			
Forzas de seguridade			
Medios/axencias			
Testemuñas/veciños			
Xudiciais			
Atribución reservada			
Outras			
OBSERVACIÓNS			

Fonte: elaboración propia

A categoría de medios/axencias recolle tanto os casos nos que o medio se cita a si mesmo, con fórmulas do tipo “segundo puido saber a redacción”, como nos que se refire a outros medios de comunicación ou ás axencias. Na categoría de fontes de atribución reservada inclúense fontes non identificadas como ‘fontes da loita antiterrorista’ ou ‘fontes da investigación’. É preciso sinalar que aquí identificamos só as fontes mencionadas e que nos atopamos con algunhas informacións nas que non se mencionaba ningunha fonte e que, polo tanto, non produciron ningún resultado.

Con respecto á categoría ‘outros’, sabemos por Krippendorff (1990) que debería ser evitada, xa que non representa un conxunto claramente delimitado de fenómenos e podería orientar tendenciosamente os resultados da investigación. Así e todo, considerouse necesario incluíla para aplicar ás fontes que non tiñan a suficiente relevancia para conformar unha categoría propia pero que debían ser contabilizadas. Na matriz, está contemplado un espazo para que a categoría ‘outros’ sexa completada coa especificación da fonte á que se refire.

#### 4.6.3. Outros aspectos analizados

Da lectura crítica do fluxo informativo producido sobre Resistencia Galega pola prensa dominante tamén se recolleron casos de desinformación, fundamentalmente relacionados coa forma de presentación do grupo, a atribución das responsabilidades das accións violentas e a falta de respecto á presunción de inocencia das persoas detidas.

#### 4.7. ENTREVISTAS

A entrevista é un proceso comunicativo polo cal un investigador extrae información dunha persoa ou informante. O produto informativo xerado desta técnica é subxectivo e permite analizar o obxecto temático a través da experiencia que del posúen un certo número de individuos, que son parte e produto da acción estudada (Alonso, 1998).

Alonso sinala que a entrevista é refractaria a calquera criterio científico de definición da ferramenta metodolóxica. Non existen regras, só pode ser xulgada polos resultados finais. Sobre os campos básicos de utilización da entrevista, o mesmo autor menciona catro: a reconstrución de accións pasadas, o estudo das representacións e dos estereotipos, o estudo de interacción entre constituicións psicolóxicas persoais e condutas sociais e a prospección de campos semánticos e discursos arquetípicos.

Na presente investigación, a realización de entrevistas abertas serviu a varios propósitos. En primeiro lugar, para adquirir en pouco tempo unha comprensión global do movemento independentista, así como para coñecer aspectos históricos e sociolóxicos que descoñecíamos. En segundo lugar, coa selección de determinados informantes procuramos coñecer as complexas relacións entre medios de comunicación e activistas, a través das testemuñas persoais destes, así como as lóxicas mediáticas que entraron en xogo no conflito sobre Resistencia Galega. Así, entrevistamos tanto a activistas que participan nos medios de comunicación alternativos como a outros que nun momento determinado se converteron en obxecto de atención da prensa dominante. E tamén conversamos cun xornalista xa retirado dunha coñecida cabeceira galega. A relación completa de informantes pode consultarse no anexo 1.

En todos os casos, partiuse dun cuestionario básico dos aspectos que se desexaban coñecer ou tratar, mais deixamos que xurdiran espontaneamente novas cuestións e temas. A maioría das entrevistas foron efectuadas de xeito persoal, así, desprazámonos a Santiago en varias ocasións, a Vigo e á Coruña. As conversas foron rexistradas cunha gravadora de voz. Cando a distancia non permitiu o contacto cara a cara, as entrevistas foron realizadas por vía telefónica e tomamos nota das respostas de xeito manual, e mediante o envío de cuestionarios por correo electrónico. Nalgunha ocasión, tamén resolvemos cuestións a través do servizo de intercambio de mensaxes WhatsApp.

O acceso aos informantes do movemento independentista, especialmente a aqueles que se viran envoltos nalgunha causa xudicial, non resultou fácil, xa que a presión permanente á que están sometidos por parte das forzas policiais fai que os activistas amosen unha actitude de desconfianza ante as preguntas de descoñecidas. Este handicap resolveuse coa intermediación do colectivo Ceivar, que se ofreceu a colaborar na investigación e a poñernos en contacto con algúns informantes. Algunhas da xestións que fixemos á marxe deste colectivo para falar con persoas resultaron infructuosas.

Unha vez transcritas as entrevistas, para traballar con elas seleccionamos segmentos representativos ou excepcionais do texto, buscando liñas temáticas e a relación cos conceptos teóricos que guiaran a investigación.

#### 4.8. FONTES DOCUMENTAIS

O traballo de campo apoiouse en dous tipos principais de fontes documentais, as hemerográficas, procedentes da prensa diaria convencional e das publicacións alternativas vencelladas ao movemento independentista; e os informes e dossieres elaborados dende diversos colectivos do ámbito do activismo independentista, como AMI ou Esculca. Este tipo de datos foron utilizados fundamentalmente para elaborar os capítulos sobre o contexto político e comunicativo do traballo empírico.

## 5. CONTEXTO POLÍTICO

### 5.1. CARACTERÍSTICAS DO MOVEMENTO INDEPENDENTISTA GALEGO

A liña independentista estivo sempre presente no decurso histórico do nacionalismo galego, aínda que de xeito minoritario. As correntes arredistas non callaron nin no sistema de partidos nin tampouco no electorado, de xeito que ningunha forza nitidamente independentista logrou ata o momento obter representación parlamentaria na Xunta, unha situación moi diferente ao que acontece nas outras nacionalidades históricas do estado. Non compete a este traballo afondar nas razóns que explican a escasa penetración das correntes independentistas, mais poderíamos resumir os factores en dous tipos, os históricos e socioeconómicos, que influíron na forma en que os galegos e galegas pensan sobre si mesmos como pobo diferenciado, e os de carácter interno do propio movemento independentista, organizado en torno a unha morea de pequenos partidos desavidos, de siglas cambiantes e incapaces de agruparse baixo unha fronte común (Rios Bergantinhos, 2002).

As orixes e as demandas das primeiras organizacións independentistas da esquerda galega foron estudadas e recollidas en detalle por Rios Bergantinhos (2002), cuxa investigación se detén xusto no período que a nós máis nos interesa, a finais dos anos noventa. A investigadora remata o seu estudo sinalando que se abría unha nova etapa no independentismo marcada pola entrada en acción de novos actores, como a organización xuvenil AMI ou o partido comunista Primeira Linha. Certamente, ambos os dous colectivos tiveron un papel destacado na evolución do movemento independentista galego e mesmo confluíron nun dos intentos máis relevantes de unificar as diversas organizacións existentes, o coñecido como Proceso Espiral, que deu lugar á constitución do partido Nós-Unidade Popular en 2001. Mais a procurada unidade non prosperou e Nós-UP anunciou a súa disolución en xuño de 2015 ao considerar esgotado o seu ciclo político. Polo que fai á AMI, tamén dissolveu as súas siglas no 2014, logo de case vinte anos de activismo durante os que foi obxecto dunha intensa presión xudicial e policial e tras ser sinalada nos medios, en diversas ocasións, como o xermolo de Resistencia Galega.

A fragmentación continúa a ser unha das características do independentismo a finais de 2015, coa concorrencia de, polo menos, cinco pequenas organizacións políticas que se declaran abertamente arredistas: Movemento Galego ao Socialismo –incluído dentro do Bloque Nacionalista Galego-, Frente Popular Galega (FPG) -que forma parte de Anova-, Primeira Linha, Agora Galiza e Causa Galiza. Algunhas das diferenzas entre estas organizacións poden ser sinaladas dende unha perspectiva lingüístico cultural. Así, a FPG defende a independencia do galego con respecto do portugués e apoia a normativa da lingua sancionada oficialmente polo goberno autonómico da Xunta. Pola súa parte, Primeira Linha, Agora Galiza e Causa Galiza manteñen a tese da unidade glotopolítica do galego-portugués e apostan polo uso da normativa reintegracionista. E finalmente, o Movemento Galego ao Socialismo apoia ambos os dous extremos. Como xa temos sinalado, as implicacións dos diferentes posicionamentos van máis alá da mera cuestión ortográfica (Herrero Valeiro, 2011).

Así e todo, a incidencia social da esquerda independentista galega non pode ser avaliada restrinxíndose á súa representatividade nas institucións políticas tradicionais, xa que o independentismo, especialmente dende a entrada no século XXI, expresouse tamén como un movemento social, que atopou acubillo nos centros sociais, en torno a proxectos de comunicación e colectivos de diversa índole, como ecoloxistas, feministas e estudiantís. Neste

sentido, pódense recoñecer no independentismo algunhas das características que identificou a socioloxía europea como propias dos denominados novos movementos sociais, como a súa autonomía dos sistemas políticos (Offe, 1988) e a súa orientación expresiva e cultural (Melucci, 2002). Non obstante, hai un elemento fundamental que separa o independentismo galego daqueles e é a relevancia que outorga aos códigos sociopolíticos de clase, que, pola contra, semellarían diluídos en moitas das mobilizacións contemporáneas das democracias occidentais.

En tanto que movemento identitario, o independentismo pode ser visto como un movemento da mocidade, que se manifesta nunha determinada subcultura, cun estilo de vida e unha estética determinada e uns consumos culturais. O seu carácter xuvenil, que podería ser unha fortaleza para o independentismo, é precisamente unha das súas principais debilidades, tal e como sinala o activista Vidal Alvarinho (2002) nun artigo da publicación partidista *Abrente*. Vidal Alvarinho explica que esta circunstancia vai condicionar non só a representación mediática senón tamén a resposta que vai recibir das autoridades, debido aos prexuízos que rodean á mocidade: “Quando os meios de comunicación se referem à juventude, normalmente o fazem com umha linguagem especialmente tendenciosa que convida a instalarem-se em preconceitos acerca da gente nova”. Así, o activista fala dunha estratexia de illamento do movemento independentista, compartida por medios de comunicación e partidos políticos dominantes, baseada en tres eixos argumentais: a excentricidade das ideas que defende, o seu carácter supostamente de tribo xuvenil e a natureza non xenuína do movemento, que estaría adoutrinado e financiado fóra de Galicia. Estas impresións sobre a cobertura mediática procedentes da militancia independentista semellan confirmadas polas evidencias empíricas. A este respecto, unha análise das noticias publicadas na prensa galega sobre Galiza Nova, organización da mocidade que poderíamos enmarcar no nacionalismo moderado, confirmou “que aínda existe nos medios de comunicación galegos unha actitude belixerante co nacionalismo galego, e en concreto co xuvenil” (López López, 2006). Do corpus de 50 noticias avaliadas, o 68% presentou un posicionamento aséptico con respecto ao colectivo, o 24%, negativo, e un 8% amosou un posicionamento positivo.

A mocidade é, de acordo con Vidal Alvarinho, un sector da poboación especialmente vulnerable ás presións externas. Segundo sinala, movemento é obxecto de represión dende o plano das administracións locais e autonómicas, mediante normativas que dificultan a organización das protestas, a constante identificación de activistas na rúa ou a imposición de sancións administrativas que estrangulan economicamente os activistas. E dende os corpos represivos do Estado, encárganse “de acossar e perseguir os e as filiadas das organizacións independentistas, alterando a súa vida diária e pressionando as súas familias para criar un conflito” (Vidal Alvarinho, 2002). Ademais, continúa o mesmo autor, neste proceso tamén opera a censura, que consiste “no silenciamento da actividade política e na negaçon do dereito à propia defensa contra a intoxicaçom ou a denunciar os abusos de poder que se cometem contra o movimento”. Certamente, é preciso sinalar que a denuncia de seguimentos, espionaxe e ameazas é unha constante na literatura xerada dende o propio movemento independentista (AMI, 1998; AMI, 2013) mais a repercusión destas prácticas non adoita traspasar os espazos da propia militancia.

Dende outra perspectiva, o activista Mauricio Castro, responsable do xornal dixital *Diário Liberdade*, a quen entrevistamos para esta investigación<sup>4</sup>, identifica dúas tendencias no tratamento mediático do independentismo: a primeira delas é o silenciamento de todo tipo de iniciativas positivas, como podería ser, por exemplo, a organización dun festival. E a segunda, unha vez atravesada a peneira mediática, é a distorsión do que realmente representa o

---

<sup>4</sup> A transcripción da entrevista está incluída no anexo 1.

movemento a través dunha caricaturización violenta: “Parece que a violencia é o único que interesa”, sinala, “a violencia que poida ser atribuída a unha organización identificada como independentista ou as especulacións sobre o tema”.

Certamente, semella haber unha concorrencia paradóxica de sectores sociais antagonistas na magnificación da relevancia de certas prácticas de violencia política. É unha realidade que dende os anos noventa veñen producíndose accións de sabotaxes e colocacións de artefactos explosivos e incendiarios en obxectivos simbólicos, que foron reivindicadas por activistas do movemento independentista. Ademais, no seo do movemento existen voces que lexitiman o uso da violencia para rebelarse contra os poderes establecidos, amparándose fundamentalmente na teoría da violencia estrutural. En palabras de Miquel Rodrigo, trátase dunha liña de pensamento que considera que “el verdadero terrorismo es la represión estatal, que se manifiesta en la actuación policial, en la explotación obrera, en la dominación social, etcétera. Es el orden establecido el que genera violencia” (1991, p. 116).

Os nacionalismos subestatais que recorreron á violencia nas democracias occidentais durante a segunda metade do século XX buscaron as súas fontes ideolóxicas nas guerras de liberación de países como Cuba e Alxeria, así como nas guerrillas urbanas latinoamericanas (Letamendía, 1997). Unha das obras canónicas desta etapa é *Les Damnés de la Terre*, de Frantz Fanon, publicada por primeira vez en Francia en 1961, na que o autor xustifica a violencia como única vía de liberación do colonizado. Na literatura contemporánea xerada polo movemento independentista galego podemos atopar reflexións sobre o uso da violencia baseadas no pensamento do filósofo polaco Gunther Anders e do historiador arxentino Osvaldo Bayer, tal e como se recolle, por exemplo, na revista *O Golpe* nº1, datada no verán de 2012. Esta publicación amosa un desprazamento teórico do referente das loitas coloniais cara outro inspirado na resistencia de minorías étnicas:

“o noso conflito ja non é categorizábel baixo un modelo de país que se enfrenta a outro, mas en alguns aspectos começa a parecer-se notavelmente a certos conflitos étnicos encalhados no corazón das metrópoles modernas. Na medida em que perdeu sentido inspirar-se na FLN argelina, ganhou-no fazê-lo nos Black Panthers.

Cada vez máis somos inmigrantes no noso propio país.” (“o noso camiño”, 2012).

A violencia figura pois no repertorio de prácticas do activismo independentista mais non é, dende logo, a única forma de resistencia que ofrece o movemento nin estamos seguras de que sexa a máis representativa. Pódese tomar a parte polo todo? Pódense reducir as demandas dun movemento político e sociocultural histórico á súa dimensión violenta? Existen evidencias que nos conduzan a pensar que o recurso á violencia no independentismo é maior ca noutros movementos sociais?

## 5.2. UNHA OLLADA AO TRATAMENTO NA PRENSA DA LOITA ARMADA

A pegada dos grupos armados que foron aparecendo nas diversas etapas históricas do nacionalismo galego pode seguirse a través das informacións publicadas polos xornais, cuxo tratamento mediático do fenómeno foi conformando unha serie de tendencias que se mantiveron no tempo.

Nos anos 70, aínda baixo a ditadura de Franco, a Unión do Povo Galego emprendeu a formación dun grupo armado, para o que chegou a manter contactos con ETA. A fronte armada galega cometeu un atraco a unha sucursal bancaria e o roubo de impresos do DNI nunha oficina da policía, pero a súa actividade non durou moito tempo, xa que un dos asesores vascos resultou ser un axente policial infiltrado (Beramendi e Núñez Seixas, 1995). O comando, no que segundo Beramendi e Núñez Seixas non chegaron a participar máis de dez persoas, caeu nunha

redada en agosto de 1975 na que morreu abatido pola policía o mozo Moncho Reboiras. Naquel episodio, que permanece a día de hoxe sen esclarecer (Soria, 2015), comezou a poñerse en práctica o que sería un trazo característico do tratamento mediático da violencia independentista en Galicia, a súa identificación con ETA. Así, os xornais da época coincidiron nos titulares. *La Voz de Galicia* publicou: “Detalles de la desarticulación en Galicia la organización subversiva ETA-UPG” (“detalles”, 1975) e o diario *ABC* titulou: “Desarticulación en Galicia de las organizaciones E.T.A.-U.P.G.” (“desarticulación”, 1975).

Coa chegada da democracia, volveu constituírse un novo grupo armado baixo o nome de Loita Armada Revolucionaria (LAR), que desenvolveu a maioría das súas accións no marco das protestas contra a construción da autoestrada do Atlántico AP-9. Rios Bergantinhos (2002, p. 39) explica na súa pescuda que o grupo cometeu máis de cen actos de sabotaxe que foron silenciados pola prensa. Finalmente, LAR saíu á luz pública coa detención en 1980 de máis dunha ducia de militantes nacionalistas. O diario *El País*, citando fontes da policía, publicou daquela: “Nacionalistas gallegos, acusados de matener contactos con ETA” (Conde, 1980).

“Estas detencións fñrom consideradas como un golpe político a unha organización, mais que unha operación policial contra un grupo armado, como demostraria posteriormente o juízo no qual só cinco persoas som condenadas”, sinala Rios Bergantinhos (p. 40). A historiadora tamén destaca o feito de que as detencións se producisen só uns meses antes do referendo de autonomía, o que abafou a campaña electoral e minguou a capacidade operativa dalgunhas organizacións políticas, que ademais se viron abocadas a desmentir a través de comunicados a súa relación co grupo armado.

Nos acontecementos que acabamos de relatar emerxen dúas tendencias que serán unha constante na construción mediática do conflito. Por unha banda, a tendencia xa comentada de subordinar a actividade do independentismo galego á fronte armada vasca, unha práctica que foi definida dende o propio ámbito do activismo como unha “desnacionalización e satelización da luta independentista” (AMI, 1998, p. 40). E por outra banda, a implicación no barullo mediático de partidos e colectivos de actividade pública e legal coas manifestacións de violencia política, alimentada, en ocasións pola dobre militancia practicada por algúns activistas. Este proceso de contaminación obrigará ás organizacións nacionalistas a desvencellarse publicamente da violencia<sup>5</sup> para marcar as distancias.

En 1986 xurdiu un novo grupo que apostou pola acción violenta, o Exército Guerrilleiro do Povo Galego Ceive, que estendeu a súa actividade ata 1990, data en que foi practicamente desartellado pola policía. O Exército Guerrilleiro carga co lastre de ter provocado as únicas vítimas mortais da loita armada en Galicia, un garda civil abatido nunha emboscada; e dous militantes do propio Exército e mais unha estudante, que faleceron a consecuencia da explosión incontrolada dunha bomba colocada pola organización nunha discoteca compostelá. Estas accións provocaron unha gran conmoción no seo do nacionalismo galego e abriron fendas nalgunhas organizacións (Rios Bergantinhos, 2002).

Polo demais, o grupo realizou preto dun centenar de atentados -algún deles de grande repercusión mediática, como o atentado contra a casa do entón presidente da Xunta, Manuel Fraga-, e mantivo unha intensa relación cos medios, a través da emisión de comunicados. Na cobertura deste caso imos atopar unha vez máis as analoxías coa realidade do País Vasco, mais

---

<sup>5</sup> Rios Bergantinhos (2002, p. 40) explica que tras as detencións dos supostos membros de LAR en setembro de 1980, o Partido Galego do Proletariado (PGP) tivo que enviar varios comunicados á prensa desmentindo a súa vinculación co grupo armado. Doutra banda, ao analizar o tratamento mediático de Resistencia Galega, atopamos que o Bloque Nacionalista Galego reaccionou aos atentados insistindo na “conciencia pacifista do pobo galego”, tal e como quedou recollido en diferentes informacións de prensa (“enérgica condena”, 2008; “todos los partidos”, 2010; “non ten cabida”, 2011”), para distanciarse da violencia.

tamén a novidade dunha conexión con grupos armados portugueses. Así, o diario *ABC* publicou daquela unha información (Fonseca e Zuloaga, 1989) na que, citando fontes dos servicios de información españois, aseguraba que existía colaboración entre os militantes galegos e as Forzas Populares 25 de abril, unha organización que a policía portuguesa daba por desartellada. O xornalista Xavier Navaza (1991, p. 209) explica no seu libro *Disparos* que as novas do *ABC* foron acollidas con escepticismo en medios políticos galegos e que mesmo o primeiro ministro portugués, Aníbal Cavaco Silva, se referiu a elas como meras especulacións, ao tempo que recoñecía que non tiña información abonda ao respecto.

A conexión portuguesa da loita armada galega vai ficar incorporada ao imaxinario mediático de diversas formas. Dunha banda, é certo que as terras veciñas foron tradicionalmente lugar de refuxio e de actividades clandestinas de militantes radicais, polo que vai ser un escenario habitual no relato do conflito<sup>6</sup>. Mais o construto mediático de Portugal neste contexto vai quedar configurado como o lugar ficcional no que semella abrollar a ameaza terrorista galega. E como parte deste proceso, a lingua vai ser representada como un elemento de carácter subversivo. Un exemplo paradigmático témolo na información á que nos referíamos de *ABC*, na que os vencellos entre terroristas galegos e portugueses son ilustrados así:

“Tampoco por casualidad pudo escucharse recientemente, en el Primer Congreso de Escritores en Lengua Portuguesa, celebrado en Lisboa, que la lengua gallega es gemela de la portuguesa.

Lo que no se puede negar es que existen unas relaciones intensas y una simpatía entre ciertos medios portugueses y gallegos. Esta identificación llega incluso al hecho de que un profesor de la Universidad de Santiago, José Paz Rodríguez, declara a un medio portugués su esperanza y su ilusión ‘por la llegada hasta nosotros de vuestro canales de televisión y vuestros libros, que podrán salvarnos tal vez de esta situación en la que vivimos’” (Fonseca e Zuloaga, 1989).

As detencións de membros do Exército Guerrilleiro Galego deron lugar a unha morea de informacións e rumores que mesturaban as actividades dos guerrilleiros con militantes de organizacións políticas e sindicais nacionalistas, tal e como relata Xavier Navaza, e xa nos oitenta se falaba da existencia dunha campaña que procuraba a identificación do nacionalismo de esquerdas co terrorismo (1991, p. 213). O xornalista relata como participaron no espallamento das sospeitas autoridades e partidos políticos. Velaquí un trazo que xa apuntamos con anterioridade e que agora reformulamos con maior precisión: a utilización do terrorismo como arma de lanza contra o nacionalismo galego.

Con todo, o tratamento mediático da violencia política de carácter independentista acadou as maiores cotas de desinformación co anuncio da creación de grupos de loita armada de dubidosa existencia, como é o caso do Novo Exército Galego, do que se falou a finais dos 90, e das Forças Armadas Irmandinhas, cuxo nome irrompeu na prensa no 2001, ambos os dous coincidindo con momentos de reorganización do movemento independentista.

Así, en setembro de 1995 foron arrestados na Coruña dous mozos independentistas por prenderlle lume a un caixeiro na véspera do 25 de xullo, Día Nacional de Galicia. Pertencían á Assembleia da Mocidade Independentista (AMI), un novo grupo que viña de constituírse trala crise aberta no independentismo coa desaparición do Exército Guerrilleiro e a autodisolución do que era considerado o seu brazo político, a Assembleia do Povo Unido (APU). O gobernador

<sup>6</sup> Apuntamos algúns titulares referidos a Portugal que detectamos na cobertura de Resistencia Galega. En *La Voz de Galicia*: “El independentismo gallego se repliega al norte de Portugal” (26/01/2011) e “Resistencia Galega tiene quince miembros en Galicia y estructura en Portugal” (20/01/2014). No diario *ABC*, “Resistencia Galega introdujo en Galicia seis pistolas muy fiables de un robo en Oporto” (10/11/2013).

civil da Coruña e a policía presentaron os detidos ante a prensa como integrantes do Novo Exército Galego, unha nova organización que supostamente se presentara un mes antes a través dun comunicado enviado ao xornal *A Nosa Terra*. As detencións e as supostas actividades atribuídas aos terroristas recibiron a atención dos medios durante varios días, falouse dun “Comando Cospeito” (“comando cospeito”, 1995) e do habitual apoio dos grupos vascos. O entón ministro de Xustiza, Juan Alberto Belloch, mesmo chegou a louvar a operación policial (S.M. e R.S. 1995).

Figura 1. Noticia sobre o Novo Exército Galego



**EL CONGRESO DE SILLEDA, DE INTERÉS SANITARIO**

El Ministerio de Sanidad y Consumo ha otorgado el reconocimiento de interés sanitario al segundo Congreso de Medio Ambiente del Arco Atlántico, que se celebrará del 25 al 27 de octubre en Silleda y en el que se estudiará el tratamiento de residuos sólidos urbanos y las políticas medioambientales de la UE. Este congreso, que organiza la Fundación Semana Verde de Galicia, reunirá a una treintena de científicos de prestigio internacional y 250 congresistas.

**CURSO EN LUGO SOBRE CIRURÍA EN LOS ANIMALES**

La fundación lucense Rof Codina inició ayer el segundo curso de especialización en cirugía laparoscópica para animales, que hoy avanza la última de las jornadas de este mes. El curso está incluido en el plan de formación teórica y práctica en cirugía que organiza la fundación lucense, la Universidad de Santiago y el Serzas. La conferencia inaugural estuvo a cargo del doctor Félix García Arnás.

**PIDEN INFORMES DE CONTAMINACIÓN DE ENGE**

El grupo parlamentario del BNG pidió ayer a Política Teritorial los informes de contaminación realizados, entre otros, por las empresas Cotecho y Wallace Evans sobre los vertidos y emisiones gaseosas de las factorías Ence-Elnosa, desde mayo de 1994 hasta la actualidad. Los nacionalistas se preguntan «qué impide» que esos datos sean facilitados por la consellería al grupo parlamentario del BNG.

**FENE CELEBRA HOY LA FIESTA DEL PINCHO MORUNO**

La fiesta del pincho moruno de Fene se celebra hoy y no mañana, como por error se informó en la edición de ayer. En la fiesta se pondrán a la venta 5.000 pinchos morunos, a 300 pesetas la unidad, con pan y vino.

**LEY DE MANCOMUNIDADES PARA EL TRANSPORTE**

El diputado del BNG Xosé Henrique Rodríguez Peña dirigió ayer a la Mesa del Parlamento una pregunta sobre el plazo de presentación por el Gobierno gallego del proyecto de ley regulador de las mancomunidades de transporte. Rodríguez Peña recuerda que hace casi un año el Parlamento aprobó una iniciativa instando a la Xunta a que en seis meses presentase a la Cámara un proyecto de ley en ese sentido.

El juez Bueren levantó la Ley Antiterrorista a los dos detenidos, que el lunes serán trasladados a La Coruña

**La policía investiga posibles conexiones del Novo Exército con grupos radicales vascos**

Adolfo Martín Naya Fernández y Armando Luis Rivadulla Pérez, los jóvenes vinculados al Novo Exército Galego, son militantes de la Asamblea da Mocidade Independentista (AMI). La banda armada pudiera estar directamente relacionada con algún grupo radical del País Vasco, extremo acerca del cual

investigan funcionarios del Cuerpo Nacional de Policía, según manifestó el gobernador civil de La Coruña, Carlos Vacas Belda, durante una conferencia de prensa celebrada ayer. Entretanto, el juez Carlos Bueren ha levantado la Ley Antiterrorista a los dos detenidos, que el lunes regresarán a La Coruña.

LA CORUÑA Redacción

El jefe superior de Policía, Miguel Ángel Fernández Rancallo, dijo en la misma conferencia de prensa que «no hay ninguna información que permita vincular a AMI con el Novo Exército Galego» ni tampoco con la Confederación Interregional Galega (CIG).

Respecto a esa cuestión, Carlos Vacas aclaró que «nosotros no somos los que decimos que pertenecen al Novo Exército Galego, son ellos los que lo manifiestan así». Adolfo Martín Naya y Armando Luis Rivadulla se encuentran a disposición del juez de la Audiencia Nacional Carlos Bueren, quien dirigió la operación contra el grupo armado, y han reconocido su participación en el atentado perpetrado en La Coruña el 25 de julio contra un cajero automático de Caixa Galicia y en otros actos violentos, tales como el lanzamiento de «objetos y huevos» contra el cuartel de Atocha, en La Coruña, el día 12 de octubre durante la celebración del Día de la Hispanidad. Sin embargo, negaron su participación en los atentados cometidos contra la sede del Partido Popular en Santiago durante la pre-campaña electoral.

Las gestiones policíacas que condujeron a la detención de los jóvenes se realizaron en diversas «ciudades gallegas» a raíz de sucesos cuya gravedad fue en aumento «a partir de mayo de 1994» y su «objeto principal era conseguir el temo», según Carlos Vacas.

**Escasa estructura y medios**

La investigación en torno al movimiento juvenil radical sigue abierta, aún cuando «está perfectamente controlado» y carece de «estructura y medios para realizar una serie de cosas». De todos modos, preocupa que el Novo Exército Galego pueda ser el «germen de algo» que con el tiempo pudiera tener importancia. Por esta y otras razones, la policía trata de averiguar si hay relación entre dicha organización y algún grupo radical del País Vasco, ya que el Gobierno Civil tiene «información de que pueda existir» tal vínculo.



El jefe superior de Policía y el gobernador civil de La Coruña explicaron los pormenores de la operación

**El «Comando Cospeito» del grupo terrorista se atribuyó los atentados**

El gobernador civil precisó que el Novo Exército Galego se dio a conocer el pasado 10 de agosto mediante un comunicado publicado en el semanario *A Nosa Terra* en el que reivindicaba la autoría de las acciones violentas contra el cajero de Caixa Galicia y el local del PP, que habrían sido llevadas a cabo por el llamado *Comando Cospeito*.

Naya Fernández y Rivadulla Pérez han declarado que el Novo Exército Galego no tiene «ninguna relación» con el Ejército Guerrillero do Povo Galego (Ejército Ceibe, pero las autoridades consideran que «su metodología es similar».

Acerea de la posible conexión entre ambos ejércitos, Fernández Rancallo reconoció que veinte integrantes del desaparecido grupo armado han cumplido parte de su condena y están en libertad, mientras otros siete permanecen en prisión.

La Asamblea da Mocidade Independentista (AMI) se autodefine como

un colectivo «independiente dentro del Movimiento de Liberación Nacional Galego y su objetivo inmediato es desarrollar toda forma de lucha para conseguir sus fines», según Carlos Vacas.

El arresto de Adolfo Martín Naya y Armando Luis Rivadulla, en favor de los que ha emitido un comunicado de apoyo la Asamblea para Ceivar os Presos Políticos Galegos, se practicó a las 18.30 horas del martes en la vía pública coruñesa, cerca de los domicilios de ambos. Las detenciones se realizaron «en momentos distintos» y los jóvenes no opusieron resistencia, según Miguel Ángel Fernández, que desmintió que se hubiese detenido a una tercera persona.

La AMI no está inscrita en el registro de asociaciones del Gobierno Civil de La Coruña. Fue constituida en 1993 y comenzó su actividad a mediados del 94. Según el jefe superior de Policía, «no todos sus miembros han participado en acciones violentas».

**Fraga no cree que la violencia política rebrote en Galicia**

SANTIAGO Redacción

El presidente de la Xunta, Manuel Fraga, no cree que se vaya a producir un rebrote del fenómeno de «violencia política» protagonizado en su día por el Ejército Guerrillero do Povo Galego (Ejército Ceibe). «Todo parece indicar que no. Parece difícil siempre refractaria a situaciones violentas o seguirá siendo».

Manuel Fraga añadió —asegurando que si no lo decía rebrotaba— que considera que las recientes declaraciones en las que el fundador del Ejército Guerrillero, Antón Arias Curto, consideraba legítima defensa matar a un guardia civil que se negó a entregar su uniforme y sus armas son «das cousas máis graves que teño leído na miña vida, e teño leído moito, e non todo simpático. Eso pode pensar Arias Curto, os galegos, gracias a Deus, non».

Sobre la actuación policial en relación con las detenciones practicadas en los últimos días, Fraga afirmó que «todo o que sexa eficaz na loita contra o terrorismo e contra a delincuencia organizada (...) me parece moi ben e hai que felicitar ás forzas do orden público».

Non obstante, o tema do Novo Exército desinchou ao pouco tempo, ao desestimar o xuíz da Audiencia Nacional a relación dos activistas co terrorismo. O pai dun dos detidos reaccionou á cadea de noticias publicadas coa organización dunha conferencia de prensa na que anunciou accións legais contra o gobernador civil da Coruña por ter relacionado os mozos cun grupo terrorista cuxa existencia, ademais, puxo en dúbida publicamente. O caso é que non se volveu saber máis do misterioso grupo armado e os activistas detidos foron xulgados nun tribunal ordinario por un delito de estragos. Vinte e cinco anos despois, tal e como nos contaron os implicados<sup>7</sup>, sábense vítimas dunha campaña de intoxicación informativa.

Doutra banda, en marzo de 2001, *La Voz de Galicia* dedicou unha páxina enteira á presentación dun novo grupo violento chamado Forças Armadas Irmadinhas (FAI).

Figura 2. Noticia sobre a FAI

Lunes  
12 de marzo de 2001
Galicia / 5




Las pintadas contra las fuerzas de seguridad son comunes en Galicia. A la derecha —foto de archivo—, acto de protesta contra la conferencia de un militante de Jarrai en Pontevedra.

Las fuerzas de seguridad intentan identificar a los impulsores de las Forças Armadas Irmadinhas

## Un grupo independentista amenaza con acciones violentas en territorio gallego

*Un decenio después de que dos «gerrilheiros» y una inocente joven murieran al explotar una bomba en la santiaguesa discoteca Clangor, un grupúsculo autodenominado Forças Armadas Irmadinhas (FAI) amenaza con «açoms armadas contra os bens, os intereses e os directivos das empresas de capital español que humillan aos galegos». Las FAI abogan en favor de la «agrupaçom das organizaçoms independentistas galegas na Unidade Popular», dice el primer pronunciamiento de la nueva banda.*

**F. GARCÍA**  
A CORUÑA

Todos los consultados por *La Voz*, tanto en el mundo del nacionalismo radical como en la Policía y la Guardia Civil, estiman improbable que las FAI esté formada por ex-militantes del Ejército *Gerrilheiro* do Povo Galego Ceive (EGPGC). La mayoría de *gerrilheiros*, así como sus colaboradores y simpatizantes, se integraron en la extinta *Assembleia do Povo Unido* (APU) y, más recientemente, en la *Assembleia da Mocidade* Independentista.

Otros ex-activistas y partidarios teóricos de la lucha armada se incorporaron a formaciones como *Primeira Liña* (fundada por dirigentes de los *Comités Abertos de Facultade*, incluido su líder *natural*, el intelectual Carlos Morais); *Inzar*, *Fronte Popular Galega* y otros colectivos que ya han desapa-

recido o que sobreviven a base de voluntarismo.

El nuevo grupúsculo de violentos estaría formado, según todas las fuentes, por una decena de personas sin experiencia en acciones subversivas pero, quizá por ello, «potencialmente peligrosos porque pueden optar por perpetrar agresiones muy llamativas».

El objetivo inmediato de las FAI sería establecer contactos estables y arbitrar formas de colaboración con las organizaciones que impulsan la constitución del frente independentista *Nós-Unidade Popular* (Nós-UP), que no sólo copiará el nombre de *Herri Batasuna*, sino también su modelo organizativo y los criterios que guían la acción política y la táctica de alianzas de la organización *abertzale*.

En ese escenario, las FAI aspiran a ser el germen de una ETA gallega, motivo por el que han ofrecido apoyo logístico para, por ejemplo, «sustentar plenamente a campaña da AMI para suprimir da nosa patria toda a simboloxía do imperio español».

A preguntas de *La Voz*, militantes o simpatizantes de organizaciones que trabajan en pro de Nós-UP han negado mantener vínculos con las FAI, han relativizado la importancia y significados del nuevo grupúsculo, o bien han negado —en algunos casos con notable agresividad verbal— la existencia misma de la nueva banda terrorista.

EL ESCENARIO

- **El proyecto.** Las cúpulas de *Primeira Liña* y de la *Assembleia da Mocidade* Independentista (AMI) han convocado para los próximos días 2 y 3 de junio la constitución de Nós-UP.
- **Los invitados.** Los impulsores del nuevo frente, que en gran medida copia los criterios y el organigrama de HB, aspiran a que en Nós-UP converjan Estudiantes Independentistas, el *sindicato Central* Unitaria dos Traballadores, *Fronte Popular Galega*, *Inzar* (M.C.L.R.), *Partido Comunista de Liberación Nacional*, más colectivos como las *Juntas pola Amnistía* y los *Comités Antirrepresivos*.
- **El intruso.** Las FAI, aprovechando la corriente, se han autoinvitado al llamado «proceso espiral» con la pretensión de aportar las armas y la brutal intransigencia de los iluminados.

Fonte: hemeroteca da Biblioteca Xeral da USC

<sup>7</sup> No anexo 1 incluímos os cuestionarios sobre este acontecemento que nos contestaron os dous activistas implicados, Adolfo Naya e Armando Ribadulla, identificados como informante 2 e informante 3, respectivamente.

O movemento independentista atopábase daquela nun momento de reagrupación coñecido como Proceso Espiral, que culminaría poucos meses despois na constitución do grupo Nós-UP. A noticia do diario informaba de que a FAI tiña como obxectivo inmediato establecer contactos co novo partido político en cernes, “que no sólo copiará el nombre de Herri Batasuna, sino también su modelo organizativo y los criterios que guían la acción política y la táctica de alianzas de la organización abertzale” (García, 2001). A contaminación informativa do Proceso Espiral coa aparición dun descoñecido grupo armado indignou aos militantes independentistas, que contactaron co xornal e esixiron unha explicación, segundo nos informou o activista Carlos Morais, integrante de Primeira Linha e un dos impulsores daquel proceso. O xornal xustificouse argumentando que recibira un comunicado en nome da suposta FAI, do que achegou unha copia do texto aos militantes mais sen indicar o enderezo orixinal do remitente. Segundo Carlos Morais<sup>8</sup>, aquel texto tivo a súa orixe nalgún departamento do Ministerio do Interior co obxectivo de criminalizar o independentismo galego, unha sospeita que probablemente nunca poidamos chegar a confirmar oficialmente. Para evitar problemas, aos poucos días do anuncio da FAI, *La Voz de Galicia* ofreceulle aos independentistas a oportunidade de explicar o seu proxecto nunha páxina completa (Soria, 2001). Da FAI nunca máis se volveu saber pero o Proceso Espiral deu moito que falar na prensa.

### 5.3. A APARICIÓN DE RESISTENCIA GALEGA

Non resulta fácil definir o que é Resistencia Galega, dadas as amplas zonas de escuridade que rodean o fenómeno e a confusión coa que é tratado dende as forzas de seguridade e dende os medios de comunicación. Aspectos como a súa estrutura e organización, o número de militantes e mesmo o seu repertorio de protesta fican sen esclarecer e son obxecto de interpretacións contraditorias segundo a fonte consultada. A ausencia de reivindicacións da maioría das accións e o carácter difuso do movemento dificulta coñecer con exactitude o seu alcance. Esta vaguidade é, precisamente, unha das estratexias de intervención despregadas intencionadamente polos activistas, tal e como se anunciou no primeiro manifesto da Resistencia Galega, publicado na web de Indymedia Brasil: “O relevante nom é quem bate senom em quem se bate. O relevante nom é quem organiza nem o grau de organizaçom, senom o certoiro das açõens e o afortalamento da luta” (Manifesto, 2005).

Así as cousas, consideramos Resistencia Galega como un paraugas conceptual e político baixo o que se abrigan toda unha serie de sabotaxes e ataques dispersos que se veñen cometendo dende o ano 2005 contra entidades bancarias, obras de infraestruturas, intereses inmobiliarios, sedes de partidos políticos e vivendas dalgúns persoeiros públicos, entre outros obxectivos. En realidade, a práctica da violencia a pequena escala contra bens materiais simbólicos por parte de certos grupos independentistas é anterior á data sinalada, como se pode comprobar nas hemerotecas. Así por exemplo, a festividade do 25 de xullo, Día Nacional de Galicia, foi escollida en diversas ocasións para dramatizar o conflito político e levalo á atención pública mediante a violencia. Neste traballo referímonos a algúns episodios, como o relatado no epígrafe 5.2., sobre o Novo Exército Galego. E tamén podemos mencionar, polo seu interese para o tema que nos ocupa, o ataque con artefactos incendiarios que sufriu a sede de *El Correo Gallego* en Compostela en 1998. “Nada nuevo: son, otra vez, los cachorros de Jarrai, la organización juvenil del independentismo vasco, que tiene en nuestra tierra a un puñado de seguidores cuya mentalidad se ha instalado en una especie de fascismo de viejo cuño” (“los cachorros de Jarrai”, 1998), dicía o xornal no editorial do día seguinte.

<sup>8</sup> A entrevista a Carlos Morais está incluída no anexo 1, identificada baixo o título de informante 4.

A diferenza do ciclo de violencia inaugurado no terceiro milenio con respecto a prácticas similares da década anterior foi o uso da marca distintiva ‘Resistencia Galega’. Durante os seus nove anos de traxectoria, o movemento irrompeu en varias ocasións na esfera pública a través de diferentes comunicacións difundidas pola rede. Ao primeiro manifesto de 2005, seguiu no 2007 a difusión en *Indymedia Brasil* dunha entrevista a un suposto activista de nome Osvaldo Brea (“Osvaldo Brea”, 2006), logo no 2011 apareceu un segundo manifesto (Burns, 2011) e en xullo de 2014, un vídeo de arenga atribuído ao activista fuxido Antón García Matos. Finalmente, en marzo de 2015 circulou na rede unha publicación denominada *A guerrilheira*, que se presentou como ‘a voz’ da resistencia galega. Todas estas prácticas mediáticas acompañáronse do envío ocasional aos medios dalgún comunicado reivindicando accións concretas.

Outro dato salientable sobre Resistencia Galega é que emerxeu mediáticamente nun contexto político caracterizado pola chegada ao poder da Xunta de Galicia dunha coalición de esquerdas con participación do nacionalismo galego, despois de 16 anos de goberno conservador. Aínda que poida semellar paradoxal, Letamendía (1997) explica que nos conflitos centro-periferia, a implantación de certo grao de autogoberno territorial pode supoñer unha radicalización da violencia, é dicir, a hexemonía institucional do nacionalismo moderado radicaliza o conxunto antisistema, que tenta abortar mediante a violencia as zonas fronteirizas de incorporación do nacionalismo ao consenso do Estado. Velaí unha posible variable que podería explicar o xurdimento do fenómeno, mais non a consideramos nin a única nin a definitiva, pois é honesto recoñecer que non dispoñemos das chaves para ir máis aló na interpretación, un labor que, en todo caso, supera os lindes da presente investigación.

Así e todo, a actividade de Resistencia Galega intensificouse baixo o mandato na Xunta do goberno de dereitas do Partido Popular. O maior número de accións atribuídas ao movemento concentrouse no ano 2010, con sete ataques ás sedes locais do PSOE e do PP, ademais doutros ataques contra persoeiros e sedes sindicais. A partir de entón, produciuse un punto de inflexión na resposta xudicial ao conflito, escenificado pola advertencia pública da Audiencia Nacional, a través de *La Voz de Galicia*, de que a violencia do independentismo sería considerada como terrorismo, de xeito equiparable ás accións de ETA.

A declaración oficial de banda terrorista fíxose efectiva no verán de 2013, nun xuízo celebrado na Audiencia Nacional non exento de polémica<sup>9</sup>. A decisión foi ratificada meses máis tarde polo Tribunal Supremo, que ditaminou a existencia dunha organización terrorista en fase incipiente. Deste xeito, a Resistencia Galega converteuse no único grupo terrorista de carácter separatista en activo en España, logo do cese da violencia armada de ETA no País Vasco no 2011. No contexto europeo, non é o único, xa que a Europol (2014) recoñece a existencia doutros pequenos grupos de ‘terrorismo etnonacionalista’ en Irlanda e Francia.

Os Estados europeos desenvolveron unha lexislación *ad hoc* para combater xurídica e politicamente os fenómenos de alteración sociopolítica que xurdiron no seu seo en cada momento histórico. Así, os distintos gobernos británicos elaboraron leis especiais para xulgar a actividade do IRA irlandés e mais recentemente varios países acometeron leis específicas para afrontar o problema xihadista, tal e como nos informa o letrado Manuel Chao, especializado na materia e ao que consultamos para esta investigación<sup>10</sup>. Estas legalidades específicas permanecen nos corpos xurídicos e logo poden aplicarse a calquera realidade conflitiva, aínda de distinta natureza.

<sup>9</sup> Pódese ler unha crónica do xuízo en: Sampedro, Xoán R. (2013, 15 de setembro). Audiencia Nacional española decidirá existencia ou nom de ‘terrorismo’ na Galiza. *Novas da Galiza*, p.16

<sup>10</sup> O cuestionario completo pode consultarse no anexo 1, informante 8.

En España, sinala Chao, o dereito penal en materia de terrorismo caracterízase pola imposición de penas mais alá da idea de proporcionalidade e pola redución ao mínimo das garantías procesuais das persoas investigadas e dos dereitos de defensa. O proceso xudicial decorre baixo unha lexislación especial, que supón a detención incomunicada, o encarceramento provisorio, o endurecemento do réxime carcerario e a celebración do xuízo nun tribunal de excepción como a Audiencia Nacional. Ademais, a lexislación antiterrorista consinte na criminalización de condutas que realmente non supoñen un verdadeiro risco para bens xurídicos concretos.

Neste marco, na loita contra Resistencia Galega foron detidas 26 persoas, segundo os cálculos que nos facilitou o colectivo Ceivar<sup>11</sup>, das que só 12 foron finalmente condenadas polos tribunais. Mais todas elas sufriron a condena dos medios, cuxas prácticas neste asunto chegaron a ser, nalgúns casos, obxecto de denuncia interna dos traballadores<sup>12</sup>.



---

<sup>11</sup> Datos facilitados polo colectivo Ceivar, nunha consulta por correo electrónico efectuada o 8 de novembro de 2015.

<sup>12</sup> O Comité de Empresa da Televisión de Galicia dirixiu en decembro de 2011 un escrito aos Servizos Informativos da TVG solicitando a rectificación dunha información errónea sobre Resistencia Galega. A solicitude non recibiu contestación, tal e como nos informaron dende o sindicato CIG, nunha consulta efectuada por correo electrónico o 27 de outubro de 2015.

## 6. CONTEXTO MEDIÁTICO

### 6.1. A PRENSA EN GALICIA

Neste capítulo describimos a industria da prensa diaria en Galicia atendendo á súa situación económica, á estrutura de propiedade, ás relacións co poder, ao uso da lingua galega e ao tratamento que outorgan aos movementos nacionalistas. Todas estas cuestións actúan como indicadores para coñecer ata que punto poden ser fiables os medios de comunicación no tratamento dun fenómeno como o de Resistencia Galega e por que deciden actuar en determinado momento dun xeito ou outro.

Unha das características conxunturais máis salientable da prensa en Galicia no momento de facer este traballo é a grave situación de crise pola que atravesamos, na que leva inmersa máis dun lustro (Campos, 2010; Martínez e Juanatey, 2013; Blanco Ramil, 2013). A cómoda situación económica da que veu gozando dende os anos 90 comezou a degradarse como consecuencia, entre outros factores, da irrupción do fenómeno dixital e dos profundos cambios no comportamento do consumidor. E a isto, uniuse a crise económica e financeira que sacudiu as economías europeas e que afectou ás principais fontes de ingresos dos xornais, a publicidade e a venda do produto (Martínez e Juanatey, 2013).

Así as cousas, as empresas mediáticas arrastran un elevado endebedamento, cunha taxa media do 90% (Blanco Ramil, 2013), que as coloca nunha situación de especial vulnerabilidade fronte a hipotéticos intentos de control por parte do poder. Ademais, esta situación estase a traducir na precarización e no despedimento de xornalistas, cando non na desaparición de cabeceiras, o que afecta á calidade da información. Así por exemplo, mentres redactamos estas liñas, os traballadores das varias cabeceiras de ámbito local editadas pola editorial La Capital están en folga e a Editorial Compostela, responsable de *El Correo Gallego*, atópase ao borde da creba.

Un factor que xoga en contra das empresas é a ampla oferta de cabeceiras existentes, que obedece á peculiar estrutura da prensa galega. A industria dos medios impresos asentouse sobre un modelo de empresa familiar, con cabeceiras centenarias que acadaron unha forte implantación no seu ámbito xeográfico próximo e que gozaron tradicionalmente dunha grande fidelidade de públicos. Mentres que no contexto internacional e estatal se produciu un proceso de concentración da industria xornalística en grandes grupos mediáticos, non aconteceu isto en Galicia, onde as cabeceiras conseguiron manter a propiedade familiar autóctona. O xornalista Afonso Eiré (2008) atribúe esta particular evolución á continuidade do escenario mediático herdado da ditadura franquista. Segundo sinala, foi determinante o feito de que o poder autonómico en Galicia se sustentase nun partido político que non cría nel e que non presentou vontade real de cambio nin nas relacións económicas nin nas sociais e, menos, nas políticas. “A maioría dos medios de comunicación sentíronse a gusto con esta política, apoiándoa, mentres que desde a Xunta, con axudas directas e indirectas, apostaban por manter o mapa comunicacional invariábel. Así mantívose unha propiedade dos medios familiar, fronte ao agrupamento do capital nos medios que se deu noutras latitudes” (p. 38).

Así as cousas, no ano 2015 circulan a diario na comunidade dezaseis diarios de información xeral. Dez corresponden a cabeceiras de seis grupos mediáticos galegos: *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *Diario de Pontevedra*, *El Correo Gallego*, *La Región*, *Atlántico Diario*, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. A estes hai que engadir

as cabeceiras *Faro de Vigo* e *La Opinión de A Coruña*, propiedade da Editorial Prensa Ibérica, un dos grandes grupos mediáticos do mercado español, e o resto de xornais de ámbito estatal con distribución en Galicia: *ABC*, *El País*, *El Mundo* e *La Razón*.

Moitas destas cabeceiras son sostidas de xeito artificial polos diferentes departamentos da Xunta, a través de subvencións, convenios e publicidade institucional, de xeito que o mercado se atopa distorsionado. Ademais, algunhas delas, valéndose desa posición de vantaxe, levan a cabo accións de competencia desleal tanto no xornalístico como no comercial (Barreiro e Pérez Pena, 2013). Aínda que esta é unha situación publicamente coñecida e referenciada nas análises da prensa galega, é difícil estimar ata que punto son en realidade viables os diversos xornais existentes, xa que como sinala Blanco Ramil (2013) na súa tese de doutoramento sobre a estrutura dos medios de comunicación galegos, a falta de transparencia do sector dificulta o acceso á información sobre a propiedade e o financiamento. Ademais, a investigadora apunta outro elemento importante que compromete a independencia dos medios, “a existencia de conexións políticas e económicas, máis aló das relacións familiares, que resultan difíciles de concretar, cando menos dunha maneira explícita” (p. 428). Así, continúa, as empresas foxen de dar explicacións, ou mesmo de facer visibles os seus consellos de administración, as súas contas de resultados e os seus intereses e recursos financeiros.

Unha das fórmulas máis polémicas utilizadas polo goberno galego para financiar os medios son os denominados convenios de colaboración, “contratos sen oferta pública asinados polos empresarios, en ocasións explicitamente, a cambio de páxinas de información non identificada nos xornais como publicidade” (Álvarez Pousa, 1999, p. 202). A opacidade do sistema impide coñecer con exactitude a contía dos convenios, impulsados dende diferentes departamentos da administración pública, así como os fins concretos para os que son concibidos e os criterios de adjudicación. Algúns medios dixitais independentes, como *Galicia Confidencial*, veñen denunciando nos últimos anos esta praxe, facendo públicas as cantidades de diñeiro que a administración transfere ás grandes familias mediáticas. En maio de 2015, *Galicia Confidencial* publicaba o seguinte:

“Nos últimos seis meses, o Goberno de Núñez Feijóo leva gastados, cando menos e dos que *Galicia Confidencial* teña constancia, 6.5 millóns de euros neste tipo de convenios. As últimas axudas chegan, ademais, logo cun gran batacazo eleitoral do PPdeG, coa perda de tres cidades e dúas deputacións, ademais de numerosos concellos” (Salgado, 2015)

A legalidade deste tipo de convenios foi posta en dúbida pola oposición parlamentaria en diferentes ocasións, tal e como sinala Álvarez Pousa (1999, p. 213), pero nunca chegou a cuestionar xuridicamente o problema. De feito, este tipo de convenios seguiron a subscribirse na época do goberno bipartito do PSOE e do BNG, no período 2005-2008, de xeito que se deu continuidade ás relacións clientelares tecidas polo goberno conservador.

O clientelismo, que non é unha práctica allea á vida política galega, aséntase nun modelo vertical de relación coa administración e favorece a permanencia nos postos de poder de certas elites que utilizan o seu acceso privilexiado aos recursos para crear lealdades electorais (Jablonski, 2009). Nestes contextos, como afirma Casero, o sistema político goza dunha ampla capacidade para ofertar incentivos aos actores mediáticos a cambio dun tratamento informativo privilexiado en termos de visibilidade pública. “Estas contraprestacións van desde la concesión de licencias de emisión para ofrecer servicios de radiodifusión hasta la concesión de subvenciones administrativas o subsidios diversos, pasando por el suministro de información privilegiada en exclusiva sobre la actualidad política” (Casero, 2009, p. 354).

Por último, é preciso sinalar neste apartado que a gravidade da crise dos medios impresos non é necesariamente proporcional á súa perda de influencia. Os datos rexistrados por OJD confirman a continua perda de difusión das principais cabeceiras, que pasaron dos 200.000 exemplares diarios difundidos no 2002 ata os 170.000 no 2013 (Martínez e Juanatey, 2013). Non obstante, algúns estudos tamén amosan que as versións en liña dos xornais están entre as webs máis visitadas polos internautas, o que suxire que a prensa galega podería manter un importante volume de público, aínda que nun soporte diferente ao papel (Martínez e Juanatey, 2013). O problema para as empresas é que aínda non atoparon a fórmula para traducir o tráfico de internautas en ingresos nas contas de resultados.

### **Grupos xornalísticos galegos/cabeceiras**

- Corporación Voz de Galicia: *La Voz de Galicia*
- Grupo El Progreso: *El Progreso, Diario de Pontevedra*
- Editorial Compostela: *El Correo Gallego*
- Grupo La Región: *La Región*
- Rías Baixas: *Atlántico Diario* (pertence nun 74,17% a La Región)
- Editorial La Capital: *El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario de Arousa e Diario de Bergantiños* (o 84,3% da prensa pertence á Editorial Celta. É a única que non está baixo a batuta dunha empresa familiar, constitúe un caso singular).

### **Principais grupos estatais con distribución en Galicia**

- Vocento: *ABC* e 129 diarios máis
- Grupo Prisa: *El País* e 2 cabeceiras máis
- Grupo Unidad Editorial: *El Mundo*
- Grupo Godó: 2 diarios sen distribución en Galicia
- Grupo Zeta: 6 diarios sen distribución en Galicia
- Prensa Ibérica: *Faro de Vigo, La Opinión* de A Coruña e 13 cabeceiras máis
- Audiovisual española 2000: *La Razón* e dous diarios máis.

#### **6.1.1. La Voz de Galicia**

Cunha difusión media de 75.104 exemplares<sup>13</sup>, *La Voz de Galicia* é o principal xornal da comunidade e ocupa, ademais, o cuarto posto entre os diarios de información xeral máis lidos a nivel estatal<sup>14</sup>. O xornal é o principal produto da Corporación Voz de Galicia, un *holding* de carácter familiar controlado polo seu presidente, Santiago Rey Fernández Latorre. A cabeceira está organizada en torno a unha rede de trece edicións locais que dan cobertura a todo país. De todos os diarios galegos é o único que pode dicirse que actúa estratexicamente sobre o conxunto do espazo social galego, aínda que fortemente condicionado polo seu territorio de orixe, a cidade da Coruña e o seu entramado de intereses (Blanco, 2013).

Aínda que a cabeceira foi creada en 1882 coa definición de republicana e progresista, a liña editorial do xornal foi mudando ao longo dos anos, en función tamén dos cambios na presidencia e na dirección. Segundo explica o politólogo Barreiro (2011), que no seu libro *A novísima dereita e nós* dedica varias páxinas á evolución ideolóxica da cabeceira, *La Voz de Galicia* logrou facerse con maior autonomía política que calquera outro dos medios galegos históricos, unha autonomía e influencia que se manifestou con maior vigor en determinadas

<sup>13</sup> Datos de OJD correspondentes ao período xaneiro-décembro 2014, consultados en [www.ojdinteractiva.es](http://www.ojdinteractiva.es)

<sup>14</sup> Datos consultados en AIMC (2015). EGM: Año móbil outubro de 2014 a mayo de 2015. Recuperado de: <http://www.aimc.es/-Datos-EGM-Resumen-General-.html>

etapas políticas, como na última etapa de Manuel Fraga á fronte da Xunta ou durante o goberno de coalición PSOE-BNG, co que se amosou belixerante.

Durante amplos períodos foi un xornal apañao-todo que se fixo cunha ampla pluralidade de voces e cun extraordinario equipo de profesionais. Este pluralismo permitiulle presentarse como espello da sociedade galega. Con todo, continúa explicando Barreiro, o traballo xornalístico comezou a verse comprometido polas interferencias do presidente e editor e polo control das informacións e das opinións en asuntos económicos e políticos que comezaron a practicar algúns directores. A deriva comezaría aproximadamente coincidindo coa dirección de Bieito Rubido, no período 2002-2006, e acrecentaríase co actual director, Xosé Luís Vilela. Así as cousas, o xornal ten hoxe a menor cota de pluralismo dende a instauración da democracia e está moi arredado do seu cometido de actuar como consciencia crítica do poder.

No que fai ao discurso identitario, algúns estudos para o período 1977-1996 amosan que no xornal dominou un marco interpretativo galeguista (Máiz, 2004), que avogou por un modelo autonómico para Galicia como nacionalidade (Roig e Filgueira, 2004). Non faltan voces (Luca de Tena, 2005), porén, que contradín esta versión, impulsada, por certo dende o propio xornal. Sexa como for, a realidade actual é outra, tal e como indica Barreiro na seguinte frase: “Aínda que se faga fachenda do contrario, nunca estivo máis desmellorado o seu “galeguismo” (p. 135). A liña editorial do xornal vén marcada, en boa medida polo padroado da Fundación Santiago Rey Fernández Latorre, composto por empresarios e intelectuais afíns ao nacionalismo español centralista.

Doutra banda, a cabeceira goza dunha grande influencia e “sábese cuarto poder” (p. 137), di Barreiro, ata o punto de que Fernández Latorre se reivindica como o dono dun xornal que quita e pon presidentes. Unha das manifestacións máis evidentes do seu exercicio de poder son os editoriais estratéxicos que publicou na última década ( Rey Fernández-Latorre, 2004, 2009 e 2009b) e cos que aspiraba a influír nas decisións do sistema político en determinadas materias.

Así e todo, é difícil determinar quen exerce realmente o poder nas relacións entre a prensa e o sistema político. *La Voz de Galicia* é o principal xornal beneficiario das axudas e convenios da Xunta destinados aos medios. Segundo as estimacións feitas por Sandra Blanco (2013, p. 141 e p. 148), só entre os anos 2009 e 2012 recibiu 2,8 millóns de euros en axudas da Secretaría Xeral de Comunicación, aos que hai que sumarlles outros 4,9 millóns de euros percibidos entre 2004 e 2011 en concepto de convenios de colaboración. Nestas cifras non se inclúen todas as axudas procedentes dos diversos departamentos da administración pola imposibilidade de acceder aos datos. Aínda así a inxección de fondos públicos non conseguiu deter a crise económica que arrastra dende hai uns anos. No 2010, baixou por primeira vez da cifra de 100.000 exemplares distribuídos e iniciou unha tendencia á baixa que continúa ata os nosos días. A tendencia non é exclusiva da cabeceira coruñesa, senón que afecta a toda a prensa en papel de distribución estatal e mesmo mundial.

### 6.1.2. ABC

Dos xornais diarios de ámbito estatal, o *ABC* é o único que mantén unha delegación en Galicia. Cunha difusión media na comunidade de 6.111 exemplares segundo datos de OJD de 2014<sup>15</sup>, ocupa o décimo quinto posto entre os xornais máis lidos de Galicia<sup>16</sup>. A cabeceira, fundada orixinalmente en 1905, pertence ao Grupo Vocento, un dos principais grupos de prensa escrita de España, resultado da fusión de Prensa Española e Grupo Correo.

<sup>15</sup> Datos de OJD correspondentes ao período xaneiro-décembro 2014

<sup>16</sup> Datos consultados en Avante (2015). Avance datos. EGM 1er acumulado móvil 2015 Galicia. Recuperado de: <http://www.avantemedios.com/avanteclientes/AvancePrensayRadio1erAcum2015Galicia.pdf>

No marco da bipolaridade ideolóxica da prensa española, tal e como a define o profesor e investigador Ramón Reig (2011), concentrada en torno á socialdemocracia ou en torno á dereita liberal, o *ABC* representa o espectro máis conservador. Ademais, como sinala Reig, tradicionalmente definiuse por unha liña “ferozmente antiterrorista” (p. 226) que mesmo chegaba a confundirse e mesturarse co antivasco e que se freou a raíz da creación de Vocento en 2001, o que lle supuxo a perda dos lectores afeitos a ler unha interpretación simplificada do conflito.

Dende o ano 2010, o *ABC* está dirixido polo xornalista galego Bieito Rubido, que anteriormente fora director de *La Voz de Galicia*, e que mantén unha estreita relación cos gobernos autonómico e central do Partido Popular. No que fai á delegación en Galicia, creouse no ano 1995 e conseguiu manterse dende aquela, un logro que non acadaron nin *El Mundo*, que tamén tivo redacción en Santiago de Compostela entre 1995 e 2001, nin *El País*, que estivo en actividade na mesma cidade entre 2006 e 2012.

En canto ás axudas que percibiu por parte da administración, o caso do *ABC* en Galicia non está tan estudado como o de *La Voz de Galicia*, polo que non dispoñemos de ningunha estimación global de cifras. Sabemos por diferentes informacións que foi publicando o xornal dixital *Galicia Confidencial* (“a actual xunta deu”, 2007; Burns, 2010) que a cabeceira madrileña foi beneficiaria de convenios durante os gobernos autonómicos de diferente signo político, mais as cantidades percibidas que constan son significativamente inferiores ás transferidas aos grupos mediáticos autóctonos, en concordancia coa discreta posición da cabeceira no mercado galego da prensa.

As estreitas relacións do poder autonómico coa delegación galega de *ABC* evidéncianse no paralelismo político cos profesionais do medio, ata o punto de que se producen transvases de xornalistas dende a redacción do *ABC* aos organismos públicos controlados polo Partido Popular, e viceversa. Así, o xornal dixital *El Plural* (“Feijóo sí paga”, 2012; “Alfredo Aycart”, 2012) informou de que varios xornalistas do *ABC* foron recompensados polas forzas conservadoras con postos na axencia pública de noticias EFE, logo da campaña de desprestixio que lanzaron contra o goberno bipartito da Xunta no ano 2008. Ademais, o Partido Popular galego tamén empregou profesionais do *ABC* en postos de comunicación no partido e na Federación Galega de Municipios e Provincias.

No que fai á difusión do xornal, a nivel estatal afronta unha grave caída de vendas, que non semella ser tan acusada en Galicia, pois xa nos anos 90 vendía arredor de 6.000 exemplares (López, 2001, p. 18), unha cifra próxima á declarada na actualidade. Unha clave do seu mantemento pode residir no feito de que alcanzase un acordo de distribución coa Editorial La Capital no 2009, para distribuír o *ABC* xuntamente coas cabeceiras publicadas por este grupo. Doutra banda, nos últimos tempos produciuse un achegamento ao Grupo Voz, en cuxa rotativa se imprime ao *ABC*, na procura de alianzas empresariais.

### 6.1.3. *Novas da Galiza*

O xornal *Novas da Galiza* é a única publicación periódica de información xeral escrita en galego-portugués. Fronte aos proxectos mediáticos que vimos de describir anteriormente, este xornal de periodicidade mensual apenas é un “pauzinho na engrenagem”, en palabras do xornalista portugués Rui Pereira (2005, p.45). A difusión en papel non sobrepasou nunca dos 150 exemplares, segundo informaron os responsables<sup>17</sup> da propia cabeceira.

A creación do *Novas da Galiza* inspirouse na experiencia precedente do boletín cultural reintegracionista *A Gralha*, que tirou 18 números na segunda metade da década dos anos 90 e

<sup>17</sup> Informounos da tiraxe Raúl Rios, nunha consulta realizada a través de WhatsApp o 14 de outubro de 2015.

se distribuíu baixo subscrición. De feito, parte das persoas que participaron nese proxecto implicáronse logo na constitución da empresa Minho Media, responsable da edición do *Novas da Galiza* e do selo editorial A Fenda, especializado en libros en galego-portugués.

No primeiro número do xornal, que saiu á rúa en febreiro 2002, coincidindo co Día do Orgullo Gai, fanse explícitos os seus principios fundacionais, entre os que figuran o compromiso cos movementos da esquerda nacionalista e cun xornalismo “impulsador do galego-portugués, independente de organizacións políticas e de institucións e profesional” (“Principios fundacionais”, 2002). O editorial afirma tamén a súa concepción do xornalismo como un exercicio do contrapoder.

Dende entón, a publicación da cabeceira mantívose con regularidade, con algúns períodos de interrupción e sempre afrontando dificultades para acadar unha distribución eficaz. A escolla do código galego-portugués significou a súa exclusión das convocatorias de axudas institucionais aos medios dos diferentes gobernos autonómicos. Segundo confirmaron dende o propio xornal, durante a etapa do bipartito na Xunta o *Novas* conseguiu acceder por primeira vez á inserción de anuncios de publicidade institucional, mais non ao resto de medidas de apoio á prensa.

O código lingüístico non é o único elemento que pode arredar o proxecto dos sectores do nacionalismo galego hexemónico, senón tamén a súa capacidade para aglutinar activistas da disidencia independentista. Así, algúns colaboradores da publicación víronse implicados en operacións policiais e xudiciais ou mesmo foron condenados pola súa suposta vinculación con Resistencia Galega. Aínda que as actividades penadas non tiñan ligazón coas prácticas mediáticas dos activistas, en virtude dun siloxismo perverso (Alba Rico, 2013), o xornal pasa a converterse cando menos en sospeitoso.

Debido ás dificultades económicas, no 2012 a sociedade limitada Minho Media foi disolvida e substituída por unha forma xurídica de asociación cultural, que mantivo o nome e continuou a editar o *Novas da Galiza*. Isto non supuxo un cambio nin nos obxectivos nin nas condicións de produción da publicación, que sempre responderon a unha forma de activismo mediático (Domínguez García, 2013). No momento de redactar esta investigación, en setembro de 2015, a publicación en papel atópase interrompida dende o verán á espera de reformular o proxecto e lograr unha extensión cualitativa e cuantitativa do equipo de redacción e de colaboradores (“ate ja”, 2015).

## 6.2. LINGUA, NACIONALISMO E SISTEMA MEDIÁTICO

A efectos desta investigación, a lingua dos medios é un aspecto relevante, en tanto que funciona tamén como marcador ideolóxico. Aínda que a escolla da lingua non mantén unha correspondencia unívoca coa liña editorial, o certo é que historicamente foi o movemento nacionalista galego o que asumiu a responsabilidade de crear unha prensa comprometida coa defensa da propia cultura; outra cousa diferente é como lle foi no empeño, que pode resumirse nunha historia de proxectos frustrados (Blanco, 2013, pp. 391-402). Pola contra, os grandes medios impresos de Galicia, identificados co nacionalismo centralista español, actuaron como elementos de desgaleguización (Hermida Gulías, 2008). Partindo destas condicións, non é esperable na prensa dominante un tratamento mediático favorable ao nacionalismo galego, e menos aínda do independentismo. Sabemos que historicamente, e agás casos puntuais, a prensa de Galicia combateu o nacionalismo (Beramendi, 2002; Pérez Pena, 2005). E coñecemos pola experiencia relatada dos participantes no independentismo (Méndez Ferrín, 2001; Penabade, 2005; Morais, 2012) que existe un sentimento de agravio con respecto ás formas en que son representados mediaticamente.

A análise da presenza do galego na prensa pon de manifesto que a lingua sofre unha exclusión nun ámbito fundamental para a reprodución social das culturas nas sociedades contemporáneas. Con todo, esta situación non se debe unicamente á súa condición de lingua minorizada, xa que a realidade das outras nacionalidades históricas próximas é diferente. Un estudo comparativo de Galicia, Cataluña e o País Vasco (Zabaleta, Xamardo, Urrutia et al., 2010) contabilizou os medios de comunicación monolingües das tres comunidades lingüísticas, é dicir, aqueles que teñen máis do 70% do contido na lingua autóctona, e non só confirmou empiricamente que a escasa oferta de medios en galego non se corresponde co uso real da lingua, senón tamén que Galicia ten, proporcionalmente, menos medios na lingua propia. Así, en Cataluña, existían no 2008 unhas 796 organizacións de prensa, radio e televisión; no País Vasco, 108 e en Galicia, 45 -o principal medio en galego é, por certo, o radiofónico-. Isto supuña para os casos catalán e vasco unha proporción de aproximadamente 8.000 falantes por cada organización mediática mentres que no caso galego a proporción subía ata os 48.000 falantes. Ademais, dúas terceiras partes dos medios en galego son de propiedade pública, o que indica, segundo os autores, unha gran dependencia do financiamento público e a probabilidade de influencia política do partido no poder. En Cataluña ocorre algo similar en canto á propiedade, xa que as institucións públicas posúen case a metade das organizacións mediáticas. Porén, no caso vasco só o 18% son públicas e máis da metade pertencen a organizacións sen fins de lucro.

No último informe *A Comunicación en Galicia* editado polo Consello da Cultura Galega, Barreiro e Pérez Pena (2013) suxiren a posibilidade de que sexa a falta de dinamismo da sociedade a que estea detrás da ausencia dun espazo galego de comunicación. Os autores analizan as causas que puideron levar a media ducia de cabeceiras en lingua galega, impresas e dixitais, a pecharen nos últimos anos e, entre as varias causas apuntadas, citan a excesiva énfase na función política de promoción da lingua dalgunhas apostas xornalísticas, que primaron o esforzo normalizador fronte ao esforzo de comunicación. Barreiro e Pérez Pena consideran que a lingua galega funciona cada vez menos como un obstáculo, nin sequera para acceder a un público castelanfalante, “o que pode ser un obstáculo é a representación que o propio medio faga de si mesmo como medio en galego como o seu principal valor no canto de salientar outras virtudes xornalísticas ou de representación social” (2013, p. 239). E para concluír, pregúntanse ata que punto existe unha demanda social de novos medios que poida dar lugar á consolidación de cabeceiras en galego.

Dende outro punto de vista, o xornalista Eiré (2008, p. 40) considera que a batalla por uns medios de comunicación propios ten que ir ligada directamente á batalla política polo autogoberno. O apoio do capital á aparición de empresas fortes que aposten por medios de comunicación en galego, sinala, só é posíbel se parte do empresariado asumir Galicia e os seus intereses como propios. E esta transformación “non é posíbel tampouco sen que Galiza gañe poder político de seu e a Xunta sexa consecuenta coa defensa dos nosos intereses nacionais”.

Chegados a este punto, podemos preguntarnos que leva feito a Xunta ata o momento para apoiar a presenza da lingua galega nos medios. A este respecto, cómpre sinalar que o uso da lingua na prensa diaria xeralista está incentivado con subvencións públicas, mais estas non conseguiron unha extensión do uso da lingua, se cadra porque as maiores cantidades van destinadas a empresas que tratan o galego como marxinal (Díaz, 2008). En efecto, co argumento da promoción do galego, os fondos da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta destínanse tamén aos medios en castelán, que fan un uso da lingua testemuñal e diglósico (Álvarez Pousa, 1999, p. 104), relegándoa ás seccións culturais e aos artigos de opinión. Os case catro anos de goberno bipartito, contan Barreiro e Pérez Pena (2013), significaron un

aumento das axudas directas aos medios en galego e supuxeron un incremento noutro tipo de achegas públicas, aínda que nunha medida inferior á esperada e reclamada polas cabeceiras.

Así as cousas, a prensa impresa en galego fica reducida ao ámbito das publicacións non diarias, como o mensual *Tempos Novos*, o semanario *Sermos Galiza* e varias publicacións máis de circulación local ou comarcal. Xunto a estas, florece na rede unha pequena industria de medios en galego, entre os que destacan os xornais *Galicia Confidencial*, en activo dende 2003, e *Praza*, creado no 2012.

Pero se o espazo mediático galego é de reducidas dimensións aínda o é máis o espazo dos medios escritos no código galego-portugués. O grupo Minho Media, creado no 2001 coa cabeceira *Novas da Galiza* como principal insignia, representa o intento máis relevante de conformar unha empresa mediática en torno ao reintegracionismo. A empresa tivo actividade durante unha década antes de extinguirse no 2012. Con todo, o xornal mensual continuou a editarse baixo o paraugas da mesma firma, reconvertida agora en asociación cultural.

Máis alá dos propios proxectos mediáticos creados no seo do reintegracionismo, a normativa portuguesa non ten cabida nas páxinas do resto dos xornais xeralistas. A exclusión non afectá só ao código lingüístico, senón tamén ao reintegracionismo en tanto que movemento cultural, sometido a un silenciamento cando non a manipulación (Penabade, 2005). Algunhas voces sinalan que esta situación non sempre foi así, xa que nos primeiros anos da Televisión de Galicia chegaron a celebrarse debates sobre a cuestión ortográfica. O tema desapareceu da televisión na década seguinte e dende entón só aparece esporadicamente nos medios escritos (Herrero Valeiro, 2011). O principal referente informativo deste movemento atópase na rede, no portal da Associação Galega da Língua (AGAL)<sup>18</sup>.



---

<sup>18</sup> O sitio web oficial é <http://www.agal-gz.org>


## 7. ANÁLISE

### 7.1. ATENCIÓN MEDIÁTICA

#### 7.1.1. Evolución de conxunto

Adentrámonos na análise empírica da prensa cunha visión de conxunto da evolución da atención médiática nos tres xornais analizados. En tanto que fenómeno mediático, Resistencia Galega apareceu en xullo de 2005, cando dous activistas foron sorprendidos nas vésperas do Día Nacional de Galicia cando se dispoñían a deixar un artefacto explosivo nun caixeiro de en Santiago de Compostela. Daquela, non se falaba aínda de Resistencia Galega, aínda que esta acción remataría integrada en sucesivas relecturas do fenómeno como parte do repertorio de ataques e atentados atribuídos ao movemento.

Figura 3. Evolución da atención mediática en *La Voz de Galicia*, *ABC* e *Novas da Galiza*



Fonte: elaboración propia

Dende aquel primeiro acontecemento, a atención mediática á violencia política experimentou un crecemento continuo durante os nove anos analizados, con picos informativos moi marcados que, a grandes trazos, coincidiron nas tres cabeceiras. O cumio informativo acadouse no ano 2013, con motivo da celebración do xuízo no que se declarou organización terrorista a Resistencia Galega e toda a constelación de conflitos políticos que rodeou o proceso xudicial. Os activistas xulgados foran detidos no ano 2011, nunha operación policial que tamén recibiu unha grande atención por parte da prensa e que está detrás do pico informativo que se produciu nese ano.


Aínda que no gráfico de liñas (figura 3) se percibe que os diferentes medios seguiron unha pauta de comportamento moi similar, logo, ao observar os diversos conflitos e acontecementos reflectidos en cada cabeceira emerxeron as diferenzas.

### 7.1.2. *La Voz de Galicia*

#### 7.1.2.1. Evolución anual


O corpus para a análise de contido de *La Voz de Galicia* compúxose de 416 unidades de rexistro correspondentes a outras tantas pezas xornalísticas de información e opinión. A evolución anual do volume de textos aparece representada no gráfico de liñas da figura 4, que amosa tres picos principais claramente diferenciados, nos anos 2007, 2011 e 2013.

Figura 4. Atención mediática 2005-2014. *La Voz de Galicia*



A continuación observaremos na figura 5 a evolución mensual para identificar as datas concretas nas que se produciu unha maior atención ao fenómeno e intentar explicar as razóns que motivaron eses picos informativos. Presentaremos os datos agrupados en dous lustros (figuras 5 e 6) para obter un maior detalle. Aínda que o gráfico mostra en vermello a evolución dos textos informativos e en azul o volume de artigos de opinión, de momento só prestaremos atención á información.


Figura 5. Atención mediática 2005-2010 por meses. *La Voz de Galicia*



Fonte: elaboración propia

Os principais volumes informativos no ano 2007 concentráronse nos meses de maio e de decembro. O pico de maio coincidiu cunha maior actividade de violencia política, coa colocación de artefactos nunha urbanización de Cangas e no polígono lugués de O Ceao. Meses despois, en novembro, rexistrouse unha nova explosión en Cangas e en decembro produciuse a detención de dous activistas que foron sorprendidos cando transportaban unha bomba en Porto do Son, de aí que o volume de textos xornalísticos aumentase a finais do ano 2007. Nesa operación policial foi a primeira vez que se relacionou os activistas coa súa pertenza a Resistencia Galega, xa que en operacións anteriores nas que resultaran detidos militantes independentistas, como na detención de Ugio e Xiana en xullo de 2005 e na operación Castiñeira en novembro do mesmo ano, a prensa e as forzas de seguridade sinalaron a AMI como grupo indutor.

No lustro representado na figura 5 amósase, ademais, outro pico de información relevante en xaneiro de 2010, que coincide co ataque rexistrado nas inmediacións da vivenda do profesor e columnista de *La Voz de Galicia*, Roberto Blanco Valdés. Como este acontecemento rexistrou o maior volume de artigos de opinión de todo o período estudado, analizarémolo máis adiante, cando abordemos a análise do xénero da opinión.

Figura 6. Atención mediática 2011-2014 por meses. *La Voz de Galicia*

Fonte: elaboración propia

No ano 2011, a maior atención ao fenómeno concentrouse nos meses de xaneiro e de decembro (figura 6). O ano arrincou con varios ataques con cócteles molotov ás sedes do PSOE en Betanzos e en Carral, en continuidade a unha campaña de accións contra organizacións políticas emprendida meses antes e atribuída a Resistencia Galega. Neste contexto, *La Voz de Galicia* anunciou en portada que a Audiencia Nacional ía tratar este tipo de violencia como terrorismo, a partir da entrada en vigor da reforma do Código Penal: “La Audiencia Nacional advierte que los ataques radicales en Galicia se tratarán como el terrorismo etarra” (“la audiencia nacional”, 2011). O xornal publicou en páxinas interiores unha reportaxe con declaracións exclusivas do fiscal xefe da Audiencia Nacional concedidas a Julio A. Fariñas, un xornalista cunha rede de fontes privilexiada nos tribunais e nos corpos policiais, e cuxas reportaxes sobre o independentismo xa foran obxecto de crítica nas páxinas do *Novas da Galiza* (Ponte, 2007). O tema do cambio lexislativo terá continuidade en días seguintes.

En decembro, produciuse a primeira gran operación policial contra Resistencia Galega, coa detención de seis activistas en Santiago, Vigo e Lugo. O xornal dedicoulle dúas portadas e unha ampla cobertura. Ás informacións das detencións e ao perfil dos detidos, seguíronlles unha entrevista ao daquela delegado do goberno en Galicia, o socialista José Manuel Pose, e unha reportaxe de contexto sobre os colectivos que compoñen o movemento independentista.

O maior grao de atención mediática nos nove anos analizados produciuse no ano 2013 e, concentrouse, en concreto, entre os meses de maio e outubro. Nese período celebrouse o primeiro xuízo na Audiencia Nacional contra Resistencia Galega, no que ademais se produciu

a declaración oficial de organización terrorista. O proceso xudicial, que durou catro días, foi seguido a diario polo xornal, que publicou trece textos xornalísticos dedicados a explicar os pormenores do xuízo. Con todo, non é este evento o que explica unicamente a gran cobertura do fenómeno rexistrada neses meses, senón todas as reaccións políticas que se desencadearon.

Poucos días antes de que comezase o xuízo, o 9 de xuño de 2013, o novo delegado do goberno en Galicia, o popular Samuel Juárez, concedeu unha entrevista a *La Voz de Galicia* na que suxería que o Bloque Nacionalista Galego (BNG) apoiaba a Resistencia Galega. O titular “Me gustaría ver en el Bloque una condena clara de Resistencia Galega” (José Manuel Pan, 2013) daba paso ás declaracións sobre o suposto apoio do nacionalismo galego ao terrorismo:

“hombre, he observado como por parte del Bloque se habla de violencia de móvil político. Entre decir eso y decir que son presos políticos va poquito. Con lo que hemos sufrido con el terrorismo (...). Esta organización terrorista tiene un móvil que comparte con algunos partidos políticos. Yo pido a esos grupos un desmarque más claro”. (José Manuel Pan, 2013)

E ante novas preguntas do xornalista sobre a conexión entre o BNG e Resistencia Galega, Juárez esgrimiou os seguintes argumentos:

“hombre, yo tengo encima de la mesa una proposición no de ley del Bloque donde pide acabar con la política de dispersión de presos. Me preocupa porque entender que la política de dispersión de presos es un castigo a las familias e no entender que se trata de evitar que los miembros de una organización terrorista sigan organizados en la cárcel” (José Manuel Pan, 2013).

As declaracións do delegado do goberno suscitaron a reacción inmediata do BNG, que anunciou publicamente que pediría a súa reprobación. Mais Juárez volveu insistir en que as palabras expresadas na entrevista “eran fruto de una reflexión sobre las actitudes del Bloque durante los últimos meses, con un discurso “que oímos a algunos grupos como Herri Batasuna” (Sampedro e Pan, 2013). Dende entón e ata o seu o cese a finais de 2014, o delegado do goberno mantivo unha actitude belixerante cos partidos nacionalistas con representación parlamentaria que se manifestou en titulares como os seguintes:

- Juárez en V TV: ‘Me preocupan ciertas actitudes del BNG y de AGE’ ( 26/06/2013).
- Juárez: “Espero una rectificación de BNG y AGE” (13/09/2013) [despois da sentenza que declara grupo terrorista a RG].
- Juárez acusa a Resistencia Galega de manifestarse con algunos partidos (07-12-2013).

Paralelamente a este enfrontamento, durante a celebración do xuízo emerxeu un novo actor no conflito, o líder da coalición nacionalista AGE<sup>19</sup>, Xosé Manuel Beiras, que perturbou o relato oficial sobre Resistencia Galega ao amosarse comprensivo cos activistas e rebaixar o seu grao de perigo. As súas declaracións convertéronse nun filón para a prensa e tamén foron aproveitadas polo Partido Popular para despregar unha campaña de descrédito da oposición. Recollemos os seguintes titulares sobre este conflito:

- Feijóo reprende a Beiras por sus ‘eloxios’ a los ‘actos de terrorismo’ (21/06/2013).
- PP intenta aislar a Beiras con su defensa de Resistencia Galega (22/06/2013).
- El PP reprocha a PSdeG y BNG su tibieza frente a Resistencia Galega (15/08/2013).

<sup>19</sup> Siglas correspondentes a Alternativa Galega de Esquerda

- El PP decide ir al choque con AGE (15/09/2013).
- Beiras vuelve a excusar los actos delictivos de Resistencia Galega (18/09/2013).
- Beiras se reafirma al ver ‘accións heroicas’ en Resistencia Galega (19/09/2013).
- Beiras no rectifica, pero pide acabar con el ‘culebrón’ sobre Resistencia Galega (20/09/2013).
- Beiras dice que no está probado que exista Resistencia Galega. (26/09/2013).
- Beiras ve amparada su crítica a las condenas de Resistencia Galega (23/10/2013).


Neste ambiente, o Partido Popular decidiu promover unha moción en todos os municipios de Galicia co obxectivo de que os partidos políticos se pronunciasen publicamente sobre a condena a Resistencia Galega. A estratexia de levar o debate sobre o terrorismo aos concellos abriu novos conflitos e aumentou a visibilidade de Resistencia Galega nas edicións locais de *La Voz de Galicia*, que publicou entre o 1 de xullo e o 30 de outubro vinte informacións nas que se trataba a discusión sobre Resistencia Galega nos plenos municipais, nalgúns casos como tema principal, e noutros, de xeito secundario. Ademais, os conservadores tamén presentaron mocións similares no Congreso dos Deputados e no Senado en Madrid e tamén nos plenos das deputacións provinciais.

Finalmente, a principal acumulación de información no 2014 produciuse en outubro, coincidindo co atentado ao Concello de Baralla. A acción ocupou a portada do día 3 de outubro e mantívose na axenda mediática coa detención, aos poucos días, do activista que presuntamente colocara o artefacto. Tamén aquí o grupo AGE virou en protagonista de titulares, ao negarse a emitir unha condena: “El grupo Age se queda solo al poner reparos a la condena del atentado” (“el grupo Age”, 2014), “Feijoo censura la ‘injustificable’ reacción de AGE y Juárez pide una ‘condena sin peros” (“Feijoo censura”, 2014).

#### 7.1.2.2. Evolución da opinión

Entre 2005 e 2014 rexistrámos en *La Voz de Galicia* un total de 43 artigos de opinión relacionados con Resistencia Galega, cuxa publicación se distribuíu tal e como aparece representada na figura 7 pola liña azul.

Figura 7. Evolución anual por xéneros 2005-2014. *La Voz de Galicia*



Fonte: elaboración propia

Os acontecementos máis comentados foron as declaracións de Xosé Manuel Beiras e Age sobre Resistencia Galega e o ataque contra a vivenda de Blanco Valdés.

O ano que rexistrou maior volume de comentarios foi o 2013, debido a todos os acontecementos que vimos de describir no epígrafe 7.1.2.1. sobre a evolución da información. Dos once artigos de opinión que se publicaron, seis presentaban unha crítica contra AGE ou o seu principal voceiro, Xosé Manuel Beiras. A xenreira contra o líder nacionalista acadou cotas desmedidas nalgúns comentaristas, como o caso do columnista Ignacio Bermúdez de Castro, que suxeriu en varios artigos a posibilidade de que fose procesado por apoiar o terrorismo:


“No son de recibo las manifestaciones de Beiras defendiendo a los presuntos miembros de Resistencia Galega. Rozan lo ilícito penal, y no debiera extrañarnos que la Fiscalía incoara las oportunas diligencias” (Bermúdez de Castro, 2013b).

“Los que ahora tendrán que tener cuidado son los Beiras y compañía, pues una vez dictada esta sentencia, de seguir manifestando su apoyo a estos terroristas, pueden vulnerar (...) el artículo 578 del Código penal relativo a la pena de prisión (...) para aquellos que enaltecieran o justificasen...” (Bermúdez de Castro, 2013c).

A fórmula de considerar terrorismo calquera desviación ou disidencia política está presente noutros textos do mesmo autor, que tamén se referiu a unha concelleira do BNG que saiu en defensa de Arnaldo Otegui en termos similares: “Quizás algún avezado fiscal, si escarbara un poco, podría encontrar algún ilícito penal en las declaraciones de la edila” (Bermúdez de Castro, 2013).

O segundo período anual con maior volume de artigos de opinión é o 2010. Unha ollada en detalle ao gráfico mensual (figura 8) permítenos comprobar que a concentración de textos produciuse case exclusivamente no mes de xaneiro, coincidindo co ataque dirixido contra o articulista Roberto Blanco Valdés, membro do padroado da Fundación Rey Fernández-Latorre.

Figura 8. Atención mediática 2005-2010 por meses. *La Voz de Galicia*



Fonte: elaboración propia

O profesor Blanco Valdés, significado pola súa belixerancia co nacionalismo galego e coa normalización da lingua, xa fora obxecto en anteriores ocasións doutras accións de violencia política de pouca entidade atribuídas a grupos independentistas. Desta vez, o xornal converteu o acontecemento nun alegato á liberdade de expresión e publicou oito textos de opinión sobre o tema, un deles na portada, a modo de editorial, no que se afirmaba que “fue un atentado contra el derecho de los lectores de este periódico a conocer distintas opiniones” (“un hombre firme”, 2010); e outro asinado polo propio editor de *La Voz*, Santiago Rey Fernández-Latorre, baixo o título “Siempre Libre” (Rey Fernández-Latorre, 2010). A relación de todos os titulares permítenos extraer unha idea do ton que dominou o movemento de solidariedade co columnista:

- Un hombre firme (29/01/2010)
- La libertad y sus enemigos, (29/01/2010)
- Delito de pensamiento (29/01/2010)
- La mordaza de madrugada (29/01/2010)
- Lo han hecho imprescindible (30/01/2010)
- Odiadores (30/01/2010)
- Siempre libre (31/01/2010)
- Así non é (31/01/2010)


Este foi o acontecemento concreto que máis comentarios de opinión xerou nos nove anos analizados. Tamén nos outros medios que compoñen a mostra desta investigación se referiron a este acontecemento. Así, o *ABC* publicou un artigo de opinión sobre o acontecido baixo o título “Todos somos Blanco Valdés” (Casal, 2010) e unha información na que destacaba a condena de institucións e partidos, “mientras que el bng no hizo público ayer ninguna valoración” (Jiménez, 2010). Pola súa parte, o *Novas da Galiza* destacou o amplo despregue mediático en contraste “com outros ataques e sabotagens de maior entidade que se tenhem producido nos últimos anos (como o atentado contra o Grupo Puentes em Oroso, ou outros contra imobiliárias e bancos) que foram silenciadas polos meios de comunicação” (“ataque contra a vivenda”, 2010).

### **7.1.3. ABC**

#### **7.1.3.1. Evolución anual**

O corpus para a análise de contido do *ABC* compúxose de 238 unidades de rexistro correspondentes a outras tantas pezas xornalísticas de información e opinión. Neste caso, os picos principais de acumulación de información situáronse nos anos 2011, 2013 e 2014 (figura 9). Tamén destaca un pico informativo no 2008, que non coincide coa evolución de *La Voz de Galicia*.


Figura 9. Atención mediática 2005-2014. ABC



Fonte: elaboración propia

Vexamos agora os gráficos mensuais en detalle, para comentar os acontecementos que explican unha maior atención mediática en cada momento (figuras 10 e 11).

Figura 10. Atención mediática 2005-2010 por meses. ABC




Fonte: elaboración propia

O evento que obtivo máis repercusión nos cinco anos representados no gráfico mensual da figura 10 foi o boicot da organización estudiantil AGIR a unha charla de María San Gil, política vasca do Partido Popular, na Universidade de Santiago de Compostela. O *ABC* abriu a súa edición do 13 de febreiro de 2008 cun gran titular en portada sobre este incidente: “Radicales gallegos abren otra campaña de violencia contra candidatos del PP” e no editorial solicítalle ao PSOE que condene a violencia. “Sólo así Zapatero dejará de ser identificado por un amplio sector como un político que tolera sin reacción alguna ciertas coacciones antidemocráticas hacia sus oponentes” (“coacciones antidemocráticas”, 2008). O xornal explica en páxinas interiores que tras a organización independentista AGIR está “la larga mano de otros grupos como AMI, Briga, Independenza Galega (cuyos activistas Ugio Caamaño y Giana Rodrigues atentaron contra una oficina de Caixa Galicia), o Resistencia Galega, autora de diversos atentados” (“grupos organizados”, 2008). Así, o xornal fai unha mestura de colectivos estudiantís con Resistencia Galega e mesmo pon da súa colleita unha nova organización, “Independenza Galega”.

O incidente na universidade acaparou espazos de opinión nos días seguintes, como teremos ocasión de comentar máis adiante, e foi instrumentalizado para atacar o presidente socialista da Xunta con titulares coma este: “El socialista Touriño niega una condena de su gobierno al intento de agresión a San Gil” (Jiménez, 2008). Touriño tamén protagonizou algún titular acusando o PP de trasladar a Galicia as maneiras de manipulación de Madrid. Un mes despois do conflito, o vicepresidente da Xunta, Anxo Quitana, apuntou nunha entrevista no mesmo xornal que se producira unha sobredimensión do acontecemento: “No es la única que sufrió boicot, a Touriño le ha pasado y a mi también. Hay que llevar estas cosas con normalidad, porque cuando se le da la dimensión que no merecen, en vez de arreglar el problema se agranda” (Martínez, 2008).

Figura 11. Atención mediática 2011-2014 por meses. ABC



Fonte: elaboración propia

Os maiores volumes de información rexistrados entre os anos 2011 e 2014 (figura 11) coinciden con algúns dos acontecementos que xa describimos para *La Voz de Galicia*, como a

primeira gran operación policial de detencións contra Resistencia Galega que tivo lugar en decembro de 2011 e o clima político que rodeou o xuízo no que se declarou a organización terrorista, no verán de 2013. De feito, as declaracións de Beiras e de AGE ocuparon boa parte da actualidade da edición galega durante o mes de setembro. Con todo, a evolución da atención mediática no *ABC* amosou tamén unha tendencia propia, cos picos de información rexistrados en outubro de 2013 e en marzo de 2014, que agora pasamos a explicar.

En outubro de 2013 Resistencia Galega actuou por primeira vez contra un Concello, coa colocación dun artefacto explosivo na casa consistorial de Beade. Tratouse dunha acción con pretendida carga de simbolismo xa que o alcalde do pequeno municipio ourensán tiña destacado publicamente polo seu apoio ao réxime franquista. O atentado ocupou ao día seguinte as catro páxinas da edición galega de *ABC*, nas que se incluían dous artigos de opinión, unha entrevista co propio alcalde, cun provocador titular: “A un terrorista que mata por matar hay que hacerle lo mismo” (Pan, 2013) e unha referencia explícita ao posicionamento de AGE: “Age rechaza todo tipo de violencia y hace unánime la condena del atentado de Beade” (Abet, 2013).

O incremento da atención mediática en marzo de 2014 respondeu á cobertura da protesta que se celebrou nesa data en Madrid baixo o lema ‘Marcha da Dignidade’ e que constitúe un dos casos máis graves e evidentes de manipulación que temos detectado.

A manifestación, que contou coa participación de colectivos procedentes de distintos puntos do Estado, converteuse en noticia debido aos violentos enfrontamentos entre as forzas de seguridade e grupos de activistas, que se saldaron cunha vintena de detidos e un centenar de feridos; entre estes, había tamén policías. O *ABC* fixo un seguimento ininterrompido do acontecemento durante unha semana, incidindo ao principio na dimensión violenta dos movementos sociais, tal e como queda reflectido nos seguintes titulares: “La guerrilla de extrema izquierda atacó a la Policía con lanzacohetes, acero y clavos” (24/03/2014); “La policía era vigilada por osbservadores de la OSCE mientras la atacaban el 22-M” (25/03/2014); “El agresor de un policía tuvo un ‘subidón’ al apedrearle hasta dejarle inconsciente” (26/03/2014); para logo xustificar nos días seguintes a entrada en vigor da nova lei de seguridade cidadá: “Un peligro real para la democracia” (27/03/2014).

A deriva informativa do 22-M alcanzou un xiro inesperado coa revelación de que Resistencia Galega era unha das organizacións que estaban detrás dos altercados de Madrid. O *ABC* publicou unha reportaxe de Javier Pagola titulada “Los vándalos tienen nexos con proetarras y Resistencia Galega”, na que se sinalaba:

“Preocupa la infiltración de Resistencia Galega, la última banda terrorista que se mantiene operativa en España. Lo hace a través de simpatizantes que pivotan en torno al Movimiento de Liberación Nacional Galego, constituido a imagen y semejanza del MLNV etarra. Tres de ellos figuran entre los detenidos” (P. J., 2014).


O vínculo entre grupos terroristas galegos e vascos vai ser unha constante nas reportaxes sobre Resistencia Galega asinadas por Pagola, xornalista especializado no conflito vasco que aparece referenciado como un voceiro da Garda Civil no libro *Egin investigación: otra forma de periodismo*, de Pepe Rei e Eurne San Martín. A reportaxe mencionada deu paso días despois a un especial informativo de sete páxinas sobre a violencia dos grupos antisistema, que foi anunciado na portada co titular “Hereditarios del terrorismo callejero”. En páxinas interiores publicouse que “Decenas de jóvenes que nutrían las juventudes de organizaciones terroristas como ETA, Grapo o Resistencia Galega se han desplazado ahora hacia los grupos de extrema izquierda que mueven los hilos de graves disturbios como los registrados en Madrid” (Pagola e Muñoz, 2014). Ademais, o especial informativo incluíu unha infografía sobre os principais colectivos independentistas do estado, no que se presentaba a asociación canaria Azarug como

unha “organización juvenil que lucha por la independencia gallega”. A falta de rigor será una característica habitual nas reportaxes do *ABC* sobre Resistencia Galega, como teremos ocasión de ver noutros exemplos no epígrafe 7.4.2.

O *ABC* mantivo a tese da participación de Resistencia Galega no 22-M a pesares de que a Fiscalía e o Ministerio do Interior o desmentiron. Mais o xornal non só non rectificou, senón que continuou coa mesma liña editorial con titulares como este: “Tres independentistas radicales gallegos, detenidos por el 22-M” (Hidalgo, 2014). Finalmente, tamén se soubo que os mozos galegos detidos non pertencían a colectivos radicais e algún deles denunciou ante os medios de comunicación que foi arrestado cando se manifestaba de forma pacífica e tratado como un terrorista (“tivéronnos nove horas”, 2014).

### 7.1.3.2. Evolución da opinión

Figura 12. Evolución anual por xéneros 2005-2014. *ABC*



Fonte: elaboración propia


A compilación dos textos de opinión do *ABC* relacionados con Resistencia Galega deu como resultado 34 artigos de opinión, a maioría deles publicados nos anos 2013 e 2014, tal e como se mostra na liña azul da figura 12.

Os cinco artigos do 2008 corresponden ás valoracións do incidente que relatamos da política María San Gil, que foi utilizado para subliñar o carácter violento e disgregador dos movementos nacionalistas. Son de destacar o editorial “La tensión nacionalista” (“la tensión”, 2008), co que a cabeceira fixo explicita a súa posición, e o artigo “Galletarras”, do columnista Ignacio Camacho, un compendio de estratexias discursivas de desinformación:

“De un lado, la reciente crecida en Galicia de grupos radicales cercanos al estilo, la ideología y el método de la kale borroka, surgidos, como los maulets catalanes, al calor del emergente credo ultranacionalista. Son los galletarras (...), los cachorros amamantados bajo la emergencia de un BNG que sin la sensata tutela de Beiras camina por senderos de presión política e institucional”

“Lo que más duele y más alarma causa no es la escalofriante maldición de las crías gallegas de la serpiente etarra, sino la banalización exculpatoria con que la izquierda oficial insiste en desplazar hacia los agredidos, hacia las víctimas, la culpa de la agresión”. (Camacho, 2008).

Figura 13. Atención mediática 2011-2014 por meses. ABC



Fonte: elaboración propia

Este novo gráfico de detalle da evolución da opinión (figura 13) permítenos situar o maior volume de artigos nos anos 2013 e 2014, nos meses de outubro e de marzo, respectivamente, que son coincidentes cos episodios do atentado contra o Concello de Beade e da marcha do 22-M de Madrid. Asemade, tamén é de destacar o pico de textos de opinión que se produciu no verán 2013, en paralelo á declaración de Resistencia Galega como organización terrorista e ás reaccións políticas que suscitou. Nese período, entre xuño e setembro, o columnista e deputado do PP, Pedro Arias, e o daquela delegado de ABC en Galicia, Pablo Alcalá, publicaron cinco artigos de opinión referidos ás declaracións de Xosé Manuel Beiras sobre este tema.


### 7.1.4. Novas da Galiza

#### 7.1.4.1. Evolución anual e opinión

O corpus para a análise de contido do *Novas da Galiza* compúxose de 105 textos xornalísticos. É preciso lembrar que esta publicación é de periodicidade mensual, polo que


produciu unha cantidade de textos moi inferior aos outros medios analizados. Doutra banda, a gráfica (figura 14) que representa a atención ao fenómeno Resistencia Galega non presenta vaivéns tan acusados como nas outras cabeceiras, aínda que tamén coincide cos outros xornais en rexistrar os maiores picos informativos con motivo do xuízo contra Resistencia Galega no 2013 e as detencións de decembro de 2011.

Figura 14. Atención mediática 2005-2014. *Novas da Galiza*



Como fixemos anteriormente, imos recorrer ao gráfico por meses para buscar os acontecementos que están detrás dos principais incrementos de cobertura mediática (figura 15, liña vermella). Así, observamos que o ano 2012 arrincou cun pico de información, que se corresponde coa primeira operación policial contra Resistencia Galega, que supuxo a detención de 6 activistas a finais do ano 2011. Dado que é unha publicación mensual, foi en xaneiro cando se recolleron as consecuencias deste acontecemento. Ademais, o encarceramento destes activistas é a razón que explica o elevado volume de textos publicados ao longo de todo o ano 2012, xa que o xornal estivo pendente da súa situación nas prisións. No que fai ao ano 2013, o auxe informativo deste período acadouse coa celebración do xuízo na Audiencia Nacional e a declaración de Resistencia Galega como organización terrorista. E no ano 2014, confluiron informacións heteroxéneas que non constitúen unha unidade temática -xuizos, detencións e a disolución de AMI, entre outras-, que provocaron un pequeno pico en novembro.

Afondaremos agora nalgúns destes acontecementos que vimos de mencionar, poñéndoos en relación coas críticas ao tratamento mediático que publicou o *Novas da Galiza*, e que recolleemos no anexo 2.

Figura 15. Atención mediática 2011-2014 por meses. *Novas da Galiza*

Fonte: elaboración propia

A cobertura da operación policial de decembro de 2011 por parte do *Novas da Galiza* centrouse especialmente en valorar o papel dos medios de comunicación dominantes neste acontecemento. Unha das principais informacións ao respecto titúlase: “Detencións de independentistas provocan espectáculo mediático e geram solidariedade” (“detencións”, 2012) e nela dáse conta da sorte dos diferentes activistas detidos e dalgúns dos trazos que caracterizaron o tratamento mediático. A valoración do rol dos medios continúa nese mesmo número noutro artigo asinado por Xoán R. Sampedro, membro do consello de redacción do *Novas da Galiza*. Baixo o título “Da intoxicación como estratexia de guerra” (Sampedro, 2012), o articulista acusa os medios de facer un traballo parapolicial e de non respectar a presunción de inocencia, coa publicación dos nomes e apelidos completos das persoas detidas. Ademais, en concreto, refírese á cobertura da Televisión de Galicia, que introduciu un corte de voz dun activista fóra do seu contexto, de xeito que lle deu un novo significado ás declaracións –referímonos a este incidente no epígrafe 5.3., cando demos conta da queixa do comité de empresa da TVG–, e da irrupción das cámaras no domicilio da nai dun dos detidos. Tamén critica o ton de paternalismo que adopta *La Voz de Galicia* ao dar conta do perfil persoal dalgún dos detidos.

Como xa adiantamos, as informacións sobre a situación nos cárceres foron unha constante durante todo o ano 2012, como amosa a seguinte selección de titulares:

- Solidariedade com as persoas presas vai às cadeias polo Natal (15/02/2012)
- Oito independentistas em oito prisons espanholas (15/02/2012)
- Reivindicam sabotagens 'em solidariedade com os presos' (15/03/2012)
- Transferem Eduardo Vigo para o cárcere de Teixeiro por julgamento en Compostela, (15/03/2012)
- Mês agitado para o coletivo de independentistas em prisom (15/05/2012)

- Advogados denunciam que o dereito a unha defensa justa está en risco (15/05/2012)
- Coletivo de presos independentistas incrementa protestos nas cadeas (15-10-2012)
- Proibem 'Teto' Rodrigues asistir ao enterro do seu pai (15-10-2012)
- Mais catro independentistas galegos dispersados em cadeas españolas (15-11-2012)
- Eludem a prisom os ativistas detidos no Día da Pátria de 2011 (15-11-2012).

A atención prestada á situación das persoas detidas é unha característica que singulariza o *Novas da Galiza* fronte aos outros medios analizados, nos que a presenza de informacións relacionadas co cárcere son unha excepción. Nos nove anos revisados, en *La Voz de Galicia* só detectamos unha noticia sobre esta temática, motivada pola iniciativa dos grupos municipais do BNG e Anova no Concello de Teo para pedir o achegamento a Galicia dos presos dispersos en cárceres do estado. No obstante, esta información aparece acompañada dun artigo de opinión na mesma páxina no que se critica que se abran debates:

“que no aparecen en la agenda de la gente normal y posicionarse, por acción u omisión, ante sus cofrades. La pregunta, tan hipócrita como sus mociones es sencilla: ¿En cuantos hogares de Santiago y Teo que suman más de 120.000 vecinos, se hablará esta noche de la situación carcelaria de estas dos joyas de la sociedad local?” (Capeáns, 2013).

A présa en criticar a iniciativa argumentando que se trata de forzar un posicionamento político ante un tema alleo á veciñanza contrasta co rebumbio que recibiron no xornal algunhas das mocions de condena a Resistencia Galega promovidas polo Partido Popular nos plenos municipais e das que, certamente, se podería dicir o mesmo.

Na mesma liña, no diario *ABC* tamén destaca a ausencia de temáticas sobre a situación das persoas detidas, xa que no período analizado só localizamos dúas noticias, unha referida á iniciativa do pleno de Teo á que nos acabamos de referir e outra co titular “Afines a Resistencia vinculan la dispersión de los presos con “actos de venganza” (Paz, 2014).

Volvendo ao *Novas da Galiza*, outro dos puntos álxidos na cobertura sobre Resistencia Galega produciuse en setembro de 2013, logo do primeiro gran xuízo contra Resistencia Galega. Tamén neste caso imos atopar unha reflexión sobre a participación dos medios no acontecido. Así, o xornalista Rodri Suárez (Suárez, 2013) criticou a forma en que a Televisión de Galicia contextualizou a noticia do proceso xudicial no fluxo informativo global do telexornal. A cadea de televisión autonómica encadeou a nova con outras informacións relativas a ETA e mais a un sonado caso de parricidio, suxerindo un fío argumental condutor entre as diferentes informacións. O columnista tamén denunciou a falta de respecto á presunción de inocencia.

No 2014 atopamos outros tres artigos que fan referencia á construción mediática de Resistencia Galega e que explican a curva no incremento de opinión que se rexistrou nese ano (figura 15, liña azul). Un deles é un editorial titulado “Sobre liberdade (s) de expressom”, no que o xornal xustifica un boicot realizado por activistas a unha charla do xuíz Baltasar Garzón na Universidade de Santiago de Compostela, argumentando que os movementos sociais precisan ser disruptivos para recibir atención mediática: “Se querem fazer extensíveis as suas denúncias ao conjunto da sociedade e nom ficar sem sítio nas agendas informativas, forçados estão a rachar com a normalidade” (“sobre liberdades”, 2014).

Os outros dous artigos deste período están asinados baixo o pseudónimo de Winston Smith, -nome da personaxe protagonista da novela *1984* de George Orwell-, unha firma que habitualmente se ocupa no *Novas da Galiza* de temas relacionados cos medios de comunicación. Na peza titulada “Como se fabricam nos meios as pistolas de Resistência Galega?” comenta as informacións aparecidas en novembro de 2013 en varios xornais, -en

concreto nomea a *ABC*, *El Correo Gallego* e *El País*-, sobre unha suposta compra de pistolas por parte de Resistencia Galega en Portugal. O autor pon en dúbida a fiabilidade da información e denuncia que as cabeceiras reproduzan as notas de prensa do Ministerio do Interior sen contrastar con outras fontes e que se utilicen fórmulas de atribución reservada.


No seguinte artigo do mesmo autor, “Preparando a audiéncia para a repressom política” (Smith, 2014b), preséntase unha valoración do relato oficial dos medios sobre a marcha da dignidade celebrada 22 de marzo en Madrid. Neste caso, o autor denuncia unha criminalización da protesta, que foi utilizada para defender a nova Lei de Seguridade Cidadá. A prensa atribuíu os actos vandálicos a Resistencia Galega e asociou o sindicato nacionalista Central Unitaria de Traballadores (CUT) ao terrorismo. E cando semanas máis tarde a fiscalía descartou a participación de Resistencia Galega na protesta, non se molestou en explicar o cambio de criterio.

Para concluír, os picos de información que aparecen reflectidos na figura 15 en vermello nos meses de novembro 2011 e novembro 2014 corresponden a informacións heteroxéneas que non constitúen unha unidade temática, polo que non nos detemos a explicalas. O segundo manifesto de Resistencia Galega, xuízos, detencións e a disolución de AMI son algúns dos asuntos tratados.

## 7.2. FONTES MENCIONADAS

### 7.2.1. *La Voz de Galicia*

Figura 16. Fontes mencionadas *La Voz de Galicia*



Fonte: elaboración propia

O corpus de textos para a análise das fontes estivo composto por 123 pezas xornalísticas sobre os acontecementos que relatamos no epígrafe 4.6.2. O maior número de fontes

mencionadas corresponden á atribución reservada, fórmula de identificación que recorre a expresións do tipo ‘fontes da investigación’. Das tres cabeceiras analizadas, *La Voz de Galicia* é a que máis recorre a esta fórmula, o que indica por unha banda unha maior dispoñibilidade do xornal dunha rede de fontes propias ás que acudir na procura de información exclusiva. E, doutra banda, é unha expresión que permite dar saída a informacións non contrastadas ou baseadas en especulacións. A atribución reservada, como xa comentamos no marco teórico, é unha porta aberta a converter o rumor en noticia, dado que ocultar a identidade da fonte dilúe as responsabilidades de quen efectúa as declaracións.

O segundo grupo de fontes corresponden ao goberno central que neste caso vai estar representado maioritariamente polo delegado do goberno en Galicia. Esta figura política é unha fonte habitual de información e valoración cada vez que se produce unha acción violenta ou se efectúan operacións, con declaracións públicas aos xornalistas. No período analizado, no que produciu alternancia política no goberno de España e houbo diferentes delegados do goberno, desempeñou un papel especialmente activo na construción mediática do conflito político o popular Samuel Juárez, que xa cando foi nomeado delegado do goberno en Galicia no 2012 asumiu a loita contra Resistencia Galega como unha das súas prioridades de actuación.

Tamén forman parte da categoría de fontes do goberno central as notas de prensa que emite o Ministerio do Interior cada vez que se produce unha operación policial de detención de activistas. As informacións relativas a temas de terrorismo están centralizadas neste ministerio, que publica na web todas as notas de prensa e imaxes que envía aos medios.

As forzas de seguridade, é dicir, a garda civil, a policía e os Tedax, forman parte desta categoría que representa o terceiro grupo máis numeroso de fontes en *La Voz de Galicia*. É común que nas informacións analizadas se inclúan expresións do tipo “según fuentes policiales”. Tendo en conta que e os corpos de seguridade non emiten notas de prensa sobre terrorismo, un tipo de información centralizada no Ministerio do Interior, a presenza de fontes policiais pode obedecer a diferentes circunstancias que non inclúen necesariamente que o xornalista falase cos corpos de seguridade. Por unha banda, pode ocorrer que as notas de prensa gubernamentais veñan sustentadas en fontes policiais e que o xornalista só mencione estas e oculta a orixe da nota. Neste sentido, o xornalista Félix Soria<sup>20</sup>, que exerceu o xornalismo durante varias décadas en *La Voz de Galicia*, explicounos que ás veces os xornalistas ocultan a orixe política das notas de prensa e só mencionan como fonte as forzas de seguridade e que mesmo pode darse o caso de que a propia policía ou a garda civil non se recoñezan nas declaracións que lles atribúen. Unha segunda posibilidade é que os xornalistas si falasen coa policía mais por canles informais baseadas en relacións de confianza.


O peso das categorías de fontes municipais, fontes políticas e Xunta é moi similar e todas elas forman parte da cadea de reaccións políticas que xera un ataque. Aquí inclúense as declaracións dos alcaldes, dos voceiros dos partidos políticos e dos membros do goberno autonómico. Neste mesmo contexto de reaccións tamén entran en acción a veciñanza e as testemuñas, que comentan as vivencias dos ataques dende dunha perspectiva persoal. Este último tipo de fontes ten presenza en *La Voz* no 9% das información analizadas, unha porcentaxe alta en relación aos escasos resultados que obtivemos nos outros medios. Isto débese por un lado, ao maior espazo con que conta o xornal para dar conta dos feitos, o que lle permite completar as informacións principais con outros textos xornalísticos centrados nas vivencias persoais das persoas afectadas polos ataques, e por outro, á dispoñibilidade dunha ampla rede de xornalistas que traballan a pé de rúa, coas diferentes delegacións locais como base.

<sup>20</sup> A transcripción da entrevista con Félix Soria está incluída no anexo 1 e identificada co título de informante 5.

No que fai ás fontes xudiciais e aos colectivos independentistas, neste estudo están presentes maioritariamente nas informacións sobre xuízos. A escasa incidencia das axencias e dos outros medios como fontes das noticias (3%) é outro aspecto singular de *La Voz de Galicia*, que atribuímos a dous aspectos xa comentados, por un lado, a dispoñibilidade de fontes propias de confianza en altas instancias do Estado, que lle permiten obter as súas propias informacións, e por outro, a dispoñibilidade de xornalistas sobre o terreo.

### 7.2.2. ABC

Figura 17. Fontes mencionadas ABC



Fonte: elaboración propia

Das 46 pezas xornalísticas analizadas no ABC, as principais fontes mencionadas corresponden ao goberno central e ás forzas de seguridade (figura 17). Os comentarios que fixemos anteriormente sobre estas categorías para *La Voz de Galicia* son aplicables tamén aquí, aínda que podemos sinalar algunha particularidade do ABC. A versión das fontes de seguridade que recollen os xornais adoita estar en consonancia co relato oficial dos feitos, cando menos, no discurso público –como xa vimos, é posible que os corpos policiais non estean de acordo coas declaracións que se lles atribúen-. Non obstante, nesta cabeceira atopamos no ano 2007 un discurso con orixe nas agrupacións sindicais das forzas de seguridade que entra en contradición coas versións oficiais do goberno sobre Resistencia Galega, un papel que se desvía do comportamento xeral e que interpretamos dentro dunha campaña gremial de defensa de intereses laborais. Referímonos a titulares como o seguinte: “La UFGC<sup>21</sup>s reprueba que se convierta a los tres detenidos en "chivo expiatorio" de los últimos atentados”, que encabeza unha noticia na que os gardas civís rebaten as informacións oficiais facilitadas sobre o arresto

<sup>21</sup> UFGCs, siglas correspondentes a Unión Federal de Gardas Civís


de dous activistas: “son ‘meros obreros’ y no se han resuelto los últimos episodios violentos con sus arrestos”, sinalan, “desde la Delegación del Gobierno de Galicia se intenta ‘vender la sensación de calma’ para ‘tranquilizar’ a la ciudadanía que se ha ‘cogido a los responsables’ de los atentados de los últimos tiempos en Galicia” (Montañés, 2007). A UFGC foi citada noutras informacións nas que lle reclamaba ao goberno que puxera máis medios para loitar contra o terrorismo e máis alá do 2007 non volveu a aparecer.

A categoría de fontes de atribución reservada ocupa o terceiro lugar (12%), un peso importante ao igual que detectamos no caso anterior. E séguenlle en importancia outras fontes institucionais, como as autoridades da Xunta, dos concellos e os partidos políticos. A categoría de medios e axencias representa o 11% das fontes mencionadas, fronte á porcentaxe do 2% de *La Voz*. O feito de que o *ABC* teña unha pequena delegación en Galicia cun reducido número de profesionais explica que teña que recorrer con máis frecuencia ás axencias para obter moitas das súas informacións e, de feito, dentro desta categoría, a fonte con máis mencións é Europa Press, tal e como se pode comprobar nas fichas de análise das fontes incluídas no anexo 3. A razón que acabamos de expoñer tamén permite entender a escasa presenza de fontes veciñais. Finalmente, entre as fontes do *ABC*, a categoría que agrupa os colectivos independentistas ten unha representación do 8%, ao mesmo nivel que as fontes municipais e dos partidos políticos. En moitas ocasións, esta información procede das webs dos colectivos.

### 7.2.3. Novas da Galiza

A representación gráfica das fontes mencionadas no *Novas da Galiza*, resultado de analizar 32 pezas xornalísticas, presenta notables diferenzas fronte ás outras cabeceiras da mostra.

Figura 18. Fontes mencionadas *Novas da Galiza*



Fonte: elaboración propia


A categoría cunha maior representación é a dos colectivos independentistas (28%), como cabe esperar dun xornal que se presenta como ferramenta ao servizo dos movementos sociais. Tamén é relevante neste caso a presenza de fontes mediáticas xa que, tal e como tivemos ocasión de comentar no marco teórico, a falta de recursos que caracteriza os medios alternativos fai que estes teñan que recorrer ás institucións mediáticas dominantes para obter información, xa que non contan nin cunha ampla rede de xornalistas nin con servizos contratados de axencias. Mais a recorrencia aos outros medios non debe interpretarse unicamente como unha necesidade de completar datos que lle faltan, senón como unha labor de escrutinio e avaliación da información oficial publicada sobre o movemento independentista e sobre Resistencia Galega en particular.

As forzas de seguridade e o goberno central representan o cuarto e o quinto grupo de fontes máis citadas, respectivamente. A importancia destas categorías coincide nas tres cabeceiras que compoñen a mostra, xa que se trata de voces cunha implicación directa nos conflitos políticos de carácter violento. A diferenza do *Novas da Galiza* con respecto aos outras cabeceiras é a distancia que vai asumir fronte ás informacións procedentes destas fontes.

Finalmente, outra particularidade desta cabeceira é o maior espazo que concede ás fontes xudiciais (8%) con respecto á prensa dominante, que interpretamos pola maior atención prestada aos procesos xudiciais nos que se ven implicados os activistas.

#### 7.2.4. Gráfico de fontes de conxunto

Figura 19. Fontes *La Voz de Galicia*, *ABC* e *Novas da Galiza*



Fonte: elaboración propia

O gráfico de conxunto (figura 19) permítenos observar claramente as diferenzas no uso das fontes que vimos comentando. Na prensa dominante coinciden nos seis primeiros postos as fontes institucionais representadas polo goberno central, a categoría de atribución reservada, as forzas de seguridade, os partidos políticos e as autoridades municipais e da Xunta. Na prensa alternativa, o maior volume de información procede das voces dos colectivos independentistas e dos outros medios, que representan o 50% da totalidade das fontes mencionadas.

### 7.3. ANÁLISE IDEOLÓXICA

A análise ideolóxica comprendeu a revisión de todos os artigos de opinión relacionados con Resistencia Galega publicados no período 2005-2009 en *La Voz de Galicia* e no *ABC*. No caso da primeira cabeceira reunimos 43 artigos, e no do *ABC*, outros 34. Xa mencionamos na metodoloxía que non incluimos o *Novas da Galiza* no estudo, ao comprobar que os artigos de opinión deste xornal non podían ser analizados coas categorías deseñadas para os medios dominantes, debido á disparidade de contidos.

O obxectivo da análise ideolóxica foi obter datos sobre a definición do grupo e sobre a presenza das seguintes variables: estratexias de polarización, estratexias de extensión do terrorismo e estereotipia galega. Os resultados ao detalle poden consultarse no anexo 2, no que proporcionamos todas as fichas de análise.

#### 7.3.1. Definición do grupo

Táboa 4. Definición do grupo *La Voz de Galicia*

Definición do grupo	Número/porcentaxe
Política	25 (56 %)
Xurídica	7 (16 %)
Patolóxica	13 (28 %)

Fonte: elaboración propia

Táboa 5. Definición do grupo *ABC*

Definición do grupo	Número/porcentaxe
Política	26 (72 %)
Xurídica	6 (17 %)
Patolóxica	4 (11 %)

Fonte: elaboración propia

O léxico máis frecuente que detectamos nos artigos de opinión para definir a violencia política de Resistencia Galega correspondeu ás palabras ‘terrorismo’ e ‘terrorista’, que encadramos dentro da categoría política. Esta categoría, que tamén incluíu definicións como “independentismo radical”, representou o uso máis elevado nas dúas cabeceiras analizadas, un 56% en *La Voz* (táboa 4) e un 72% no *ABC* (táboa 5). De feito, a calificación de Resistencia Galega como organización terrorista comezou a aparecer na prensa a partir do ano 2007, moito antes de que se producise a declaración oficial de organización terrorista, no 2013.

Doutra banda, os articulistas de *La Voz de Galicia* recorreron con máis frecuencia ca os do *ABC* a definicións patolóxicas, cunha presenza do 28% naquel, fronte ao 11% no xornal madrileño. Esta categoría expresouse con palabras e frases como: ‘iluminados’, ‘locos’, ‘descerebrados’ e ‘desnortados’. Ademais, a maior relevancia de definicións xurídicas no *ABC* plasmouse en expresións tales como: “escuadrismo callejero”, “pendencieros” e “delincuentes”. As diferentes categorías poden aparecer combinadas no mesmo artigo.

Doutra banda, para afondar no coñecemento da definición do grupo independentista introducimos unha variable referente ao seu carácter xuvenil, que medimos pola súa presenza ou ausencia nos artigos. Os resultados, incluídos nas fichas do anexo 2, amósannos que esta referencia está presente no 25,5 % dos artigos de *La Voz* –en 11 dos 43 textos que compoñen a mostra– case sempre cun obxectivo estigmatizante, que se manifesta en expresións do tipo “jarraiciños gallegos”, “cachorros peligrosos” e “niñatos”. Nalgúns casos, a referencia ao

carácter xuvenil aparece en forma de negación para reclamar un maior castigo: “A veces tendemos a minimizarlos alegando que son cosa de la chavalada que pone petardos” (Ónega, 2011); “Ya está bien de que algunos intenten hacerlos pasar como jóvenes traviesos cuyo único fin es hacer estallar un petardo de Pascuas a Ramos” (Bermúdez de Castro, 2011).

No diario *ABC* a mención do carácter xuvenil está presente no 38,2% dos textos de opinión –en 13 de 34 textos–, unha porcentaxe superior á rexistrada en *La Voz de Galicia*. Neste caso, atopamos recorrentes referencias á condición universitaria dos activistas, que presentan a Universidade como un foco de disidencia, por exemplo, en frases como esta: “estas minorías violentas se pasean con chulería por las universidades gallegas” (Uriarte, 2008). Tamén detectamos unha actitude paternalista que observa a mocidade como unha etapa perturbadora: “desafectos juveniles e inmaduros acerca de España y de lo español” (De La Vega, 2012) e “Sólo así se explica el pasotismo y el desinterés cívico juvenil, su impotencia y desamparo. Y, en demasiados casos, su ciega entrega a la violencia, la simbólica y la penal” (Arias, 2013).

### 7.3.2. Estratexias de polarización, extensión e estereotipia

Táboa 6. Estratexias de desinformación *La Voz de Galicia*

Estratexias de desinformación	Número/porcentaxe sobre o total de artigos
Polarización	12 (27,9 %)
Extensión do terrorismo	11 (25,5 %)
Estereotipia galega	12 (27,9 %)

Fonte: elaboración propia

Táboa 7. Estratexias de desinformación *ABC*

Estratexias de desinformación	Número/porcentaxe sobre o total de artigos
Polarización	4 (11,7 %)
Extensión do terrorismo	14 (41,1 %)
Estereotipia galega	8 (23,5 %)

Fonte: elaboración propia

As estratexias de polarización están presentes nun 27,9% dos 43 artigos analizados en *La Voz de Galicia*. Este mecanismo reduce a complexidade do conflito a dúas partes enfrontadas, o grupo propio que reúne as virtudes e o grupo alleo, que neste caso estaría representado por Resistencia Galega e que aglutina as maldades. No *ABC*, en cambio, esta práctica só está presente no 11,7% dos 34 textos analizados. Estes fragmentos constitúen algúns exemplos do discurso de *La Voz de Galicia*:

“frente a los que hablan y escriben a cara descubierta, sin más intención que exponer sus argumentos, están los que acechan en la oscuridad, sin otra perspectiva que la de no ser enmascarados por la luz que da la libertad” (Blanco Valdés, 2010)

“Vulgares pistoleros, que para no andarnos con eufemismos, es lo que son. Galicia no necesita a estos niñatos para nada. Sí en cambio está falta de personalidades como la de don Manuel [Fraga] (...), hombre amante de su tierra, trabajador, y por encima de todo, honesto” (Bermúdez de Castro, 2011).

“Marisco, playas y costas increíbles. Es Galicia. La mejor. Pero hay otra. Siniestra y preocupante. La peor” (Pan, 2011).

Mientras que en *La Voz* a polarización constrúese fronte aos activistas que practican a violencia, no diario *ABC* esta estratexia está claramente orientada a desacreditar o nacionalismo, tal e como recolleemos nesta selección de textos:

“La patología nacionalista cursa en España, sin excepciones conocidas, contra la libertad de quienes se limitan a ser españoles” (Ferrand, 2008)

“Las ideas que aquí dominan son reaccionarias y oscuras (...). Adiós pensamiento libre que hoy domina el pensamiento grupal y la mitología” [en referencia ao nacionalismo galego] (Freire, 2011).

“aquí no hay medias tintas. O las ollas, o las urnas. Ese terreno en medio no existe” (Alcalá, 2013).

As estratexias de extensión do terrorismo están presentes nun 41% dos artigos do *ABC* e nun 25% dos textos de *La Voz de Galicia* e concretáanse en deitar unha sombra da sospeita sobre o carácter violento do nacionalismo galego. Extraemos as seguintes mostras do *ABC*:

“Nos hallamos ante la consecuencia lógica del desvarío en que se han embarcado las nuevas élites gallegas en las dos últimas décadas. El ‘stablishment’ gusta de llamarlo ‘construcción nacional’” (Freire, 2011).

“Cabe destacar el apoyo [á violencia], las críticas al sistema judicial y Policía, de algunos diputados electos. Pese a no aclarar si están del lado de los partidarios de la democracia que fueron a votarles, o con los jóvenes indignados que optan por hacer razonar a los discrepantes a base de objetos tan inocuos como las tuercas, las ollas a presión...”. (Alcalá, 2013b)

“¿Qué son Bildu y Amaiur sino excrecencias marxistas del sistema? ¿Qué es ERC, que llegó a un acuerdo con ETA? ¿Qué es Beiras, que calificó de ‘acciones heroicas’ los atentados de ‘Resistencia Galega’?” (González, 2013).

De *La Voz de Galicia*, destacamos os seguintes exemplos:

“Paco Rodríguez, quien denunció que las detenciones son ‘desproporcionadas’. ¿Por qué lo hace? Primero, porque Arzallus también velaba por los chavales de Jarrai” (Blanco, 2005).

“No son de recibo las manifestaciones de Beiras defendiendo a los presuntos miembros de Resistencia Galega. Rozan lo ilícito penal, y no debiera extrañarnos que la Fiscalía incoara las oportunas diligencias” (Bermúdez de Castro, 2013b).

O recurso á estereotipia galega ten unha importancia similar nos dous diarios, cunha presenza do 27% en *La Voz de Galicia* e do 23,5% no *ABC*. Este mecanismo aparece reflectido de dúas maneiras principais. Por unha banda, o pobo galego é caracterizado como pacífico fronte ao carácter anómalo dos grupos de violencia política. Algúns exemplos de *La Voz de Galicia*:

“Y es que a los gallegos nos preocupa el paro y somos felices con nuestra familia” (...). No hay ninguna duda de que los gallegos no queremos como vecinos a los que nos ponen bombas, a quienes nos apuntan con el terror y a quienes muy probablemente han nacido en un sitio equivocado” (Pan, 2005).

“Somos un país de concordia. Lo seguiremos siendo a pesar de algunos intentos marginales” (Rey Fernández-Latorre, 2010)

“En este país pacífico, donde un peculiar sentido del humor ayuda incluso a ablandar las más duras controversias, hay un grupo de personas que han decidido romper la regla de juego esencial de cualquier sistema democrático” (Blanco Valdés, 2011).

“Aprovechándose de la pacífica sociedad gallega, intentan camuflar su peste mientras fabrican bombas mortíferas” (“peste”, 2011).

E vexamos agora exemplos tirados dos artigos publicados no *ABC*:

“[vergüenza] La siento en mi alma gallega, que está forjada, según las costumbres del lugar, en la paz y el entendimiento, en la tolerancia y, si se apura, en la resignación” (Ferrand, 2008).

“Han sido los intelectuales, quienes, fieles a sus costumbres, han abandonado en masa la vieja fe humanista e ilustrada para hacer suyas las ideas antiilustradas del nacionalismo reaccionario” (Freire, 2011).

E doutra banda, no discurso de certos articulistas detectamos un uso da lingua galega para caricaturizar os activistas independentistas ou os representantes políticos do nacionalismo. Só un dos artigos de opinión dos que compoñen a mostra total estaba escrito en lingua galega. Así, a aparición de frases e palabras illadas en galego nos textos en castelán está destinada na maioría dos casos a ridiculizar as persoas que falan galego. Estes son algúns dos exemplos que atopamos en *La Voz de Galicia* e o *ABC*:

“si consiguen enviar a la clandestinidad a los jarraiziños gallegos, éstos habrán alcanzado la mayoría de edad” (Álvarez, 2005).

“Si el amenazado hubiera sido ‘un dos nosos’, la intimidación habría constituido un ataque contra Galicia (o Galiza) y contra su lengua y su cultura” (Blanco Valdés, 2009).

“Teoría del terrorista bueníño” (Blanco Valdés, 2009) [Titular que fai referencia ás declaracións do nacionalista Xosé Manuel Beiras sobre Resistencia galega]

“A Nosa Cultura, que es buena porque es ‘nuestra’” (Freire, 2011) [uso irónico].

“Contra a opressom” (Alcalá, 2013b) [titular irónico en relación a Xosé Manuel Beiras].

Cómpre destacar, ademais, que na construción mediática de Resistencia Galega tamén se produciu un intento de contaminar a cuestión lingüística co terrorismo. Así por exemplo, o Conselleiro de Educación acusou o BNG de apoiar a grupo terroristas por cuestionar a política lingüística da Xunta (D. S., 2014).

#### **7.4. DESINFORMACIÓN, PROPAGANDA E MANIPULACIÓN**

Na análise do discurso que realizamos ata o momento xa demos conta de abondosos casos de desinformación, propaganda e manipulación en relación coa construción mediática de Resistencia Galega. Neste apartado referirémonos a outros casos que non poden ser deducidos da análise de palabras ou expresións presentes no texto, senón da relación intertextual entre varios textos ou da relación extra textual coas circunstancias da situación comunicativa. Así por exemplo, a descuberta de informacións incorrectas pode emerxer da lectura das noticias publicadas día tras día, de xeito que se poidan detectar contradicións ou cambios de versións entre os diferentes textos (relación intertextual); a desinformación tamén pode ser coñecida pola revelación efectuada polos informantes en conversas e entrevistas coa investigadora (relación extratextual).

##### **7.4.1. Todo é Resistencia Galega**

###### **Ataque frustrado en Tui**

En abril de 2010, tres mozos foron sorprendidos en Tui levando un cóctel molotov. O xornal *La Voz de Galicia* contextualizou a nova do incidente cos ataques que viñan producíndose contra as sedes do Partido Popular atribuídos a Resistencia Galega: “Los investigadores continúan a la búsqueda de alguna pista que vincule a los sospechosos con el ataque a las oficinas del PP” (A.M, E.V.P e N. S, 2010), e ao mesmo tempo, apuntou noutra dirección: “la impresión inicial es que el tercer episodio podría ser obra de unos vándalos juveniles que hacían una protesta política relacionada con la reivindicación de la memoria histórica”. A pesares de ser esta a hipótese principal da investigación, o xornal pón a énfase en Resistencia Galega, acompañando a información da detención cun despece titulado “Resistencia Galega reactivó su campaña de atentados contra objetivos políticos”. Ao día seguinte, o xornal deu conta da liberación dos tres detidos e volveu insistir no posible vínculo con Resistencia Galega, aínda que as investigacións apuntaban a “unos vándalos juveniles” (“los tres detenidos”, 2010). A teima en relacionar a acción de protesta co imaxinario colectivo da Resistencia Galega mantívose mesmo ata a resolución do caso, coa celebración do xuízo en xullo de 2014. “Si en su día la Guardia Civil desvinculó a ambos jóvenes de pertenecer a Resistencia Galega –en caso contrario, la causa se habría tramitado conforme a la ley antiterrorista y se hubiera dirimido en la Audiencia Nacional- lo cierto es que ambos están relacionados con otros tres veinteañeros que ayer los acompañaron en el banquillo de los acusados” (L.P. 2014). Os últimos mozos aos que se refire esta información, acusados neste caso de lanzar pintura contra unha estatua de Calvo Sotelo, tampouco tiñan relación con Resistencia Galega, de xeito que a comparación carecía de fundamento.

Figura 20. Noticia de detencions, *La Voz de Galicia*

Domingo, 25 de abril del 2010

Galicia

5

Tercer incidente con artefactos explosivos en el sur de Pontevedra esta semana, tras los ataques a dos sedes del PP

## Tres detenidos en Tui por pintar una estatua y portar un cóctel molotov

A.M./E.V.P./N.S.

La Guardia Civil investiga si tres jóvenes que fueron sorprendidos ayer en Tui después de arrojarse pintura roja a una estatua de José Calvo Sotelo y que portaban un cóctel molotov tienen relación con dos ataques con artefactos incendiarios a las sedes del PP en Nigrán y Gondomar hace cinco días, acciones violentas que reivindicó el grupo independentista Resistencia Galega. Los investigadores continúan la búsqueda de alguna pista que vincule a los sospechosos con el ataque a las oficinas del PP.

Los tres implicados fueron trasladados ayer a los calabozos de la comandancia de la Guardia Civil de Pontevedra y está previsto que a partir de hoy pasen a disposición judicial en Tui.

El incidente de ayer es el tercero de la semana en el sur de la provincia con cócteles molotov. Los dos atentados a las sedes del Partido Popular fueron reivindicados por Resistencia Galega mediante una llamada telefónica a un medio de comunicación de Vigo.

A la espera de que avance la investigación, la impresión inicial es que el tercer episodio podría ser obra de unos vandálicos juveniles que hacían una protesta política relacionada con la reivindicación de la memoria histórica. La estatua del diputado de derechas de la época de la República, el tudesco José Calvo Sotelo, promotor del régimen franquista, ya sufrió pintadas y decapitaciones en el 2006.

Los tres arrestados son A.C.G., vecino de O Rosal de 19 años, y los tudeses D.S.B., de 22, y A.N.F., de 25 años. Los agentes buscan a un cuarto implicado que huyó.

Durante la noche, la Guardia Civil de Tui hizo el cambio de guardia en la casa cuartel y sorprendió a dos jóvenes que pintaban de rojo la estatua de Calvo Sotelo. Unas cámaras de vigi-



Detalle de los daños causados en la sede del PP en Nigrán por un cóctel molotov | JUAN CARLOS GAL

lancia los habían grabado. El incidente ocurrió a escasos metros del cuartel del instituto armado y de la catedral de Tui, donde por la tarde se iba a celebrar la toma de posesión del nuevo obispo.

### Botella con gasolina

A las 8.00 horas, la patrulla se desplegó por el casco urbano y localizó a dos sospechosos en el paseo de Corredera con un bote de pintura roja.

Un tercio que les esperaba portaba un cóctel molotov, un artefacto incendiario construido con un vidrio relleno de gasolina y con mecha, apto para explotar. Todo hace pensar que estos jóvenes tenían relación directa con las pintadas de la estatua.

Según fuentes consultadas, existen sospechas de que los implicados pretendían lanzar el cóctel contra la casa cuartel. Las cristalerías del Concejo de Tui también fueron atacadas hace años.

## Resistencia Galega reactivó su campaña de atentados contra objetivos políticos

El delegado del Gobierno, Antón Louro, declaraba el pasado viernes que las autoridades estaban cerca de esclarecer los atentados contra las sedes del PP. Tras las detenciones de ayer, todos se hacían la misma pregunta: ¿son los mismos autores?

Las fuentes consultadas señalan que aún es muy pronto para determinar una conexión y, de hecho, los investigadores albergan dudas. Las primeras pesquisas consideran que el acto de ayer podría considerarse vandalismo juvenil con tintes políticos.

Resistencia Galega, con sus ataques en Nigrán y Gondomar, inició la semana pasada una nueva campaña de lanzamiento de artefactos explosivos

La efigie de Calvo Sotelo fue decapitada hace cuatro años y maquillada de rosa

El reciente acto de protesta política contra la estatua de José Calvo Sotelo, nacido en Tui, es el último de una larga lista contra símbolos franquistas en la localidad miñota. En febrero del 2006, unos desconocidos arrojaron botes de pintura roja contra el monumento y, días después, el 3 de marzo, otros descontentos decapitaron el conjunto pétreo durante la madrugada.

La estatua mide tres metros de altura y está protegida por una verja. Hay noticias también del vertido de pintura sobre la placa que conmemora su lugar de su nacimiento. Además, otro busto del mismo protagonista histórico fue robado de las dependencias municipales. El 16 de febrero del 2006, tres afiliados de Nós-UP fueron detenidos por apalcar con una azada una vidriera de la casa consistorial, pero no lograron destruir el escudo franquista. Al parecer, ya habían actuado contra otros símbolos de la dictadura en la comarca. El Concello presentó denuncias por los ataques.

### Símbolo franquista

Cuatro años después, los activistas vuelven a dirigirse contra la estatua del político de derechas Calvo Sotelo, ministro de Hacienda en la dictadura de Primo de Rivera y diputado monárquico en las Cortes en la Segunda República. Sus discursos a favor del orden público y sus discusiones con La Pasiónaria le granjearon enemistades. El 13 de julio de 1936, varios policías ligados al socialismo lo sacaron con engaños de su casa de Madrid y lo pasaron en vergüenza por la muerte de un camarada.

El crimen colmó la paciencia del general Franco, quien cinco días después lideró la sublevación militar. La dictadura homenajeó a Calvo Sotelo como un promotor del franquismo.

Fonte: hemeroteca da Biblioteca Xeral da USC

## Artefacto contra o Club Financeiro de Vigo que puido ser

O ataque cun cóctel molotov ao Club Financeiro de Vigo en setembro de 2012 foi relacionado pola prensa con Resistencia Galega. O suceso coincidiu coa detención naqueles días dun grupo de activistas independentistas, así que toda a información de *La Voz de Galicia* estivo orientada a expoñer a posibilidade da conexión:

“Para el delegado del gobierno, Samuel Juárez, la hipótesis más probable es que el ataque esté relacionado con la detención este fin de semana de cuatro radicales independentistas. La sospecha se basa en la proximidad en el tiempo de ambos sucesos (...). La inmediatez con la que se ha producido respecto a las detenciones de cuatro activistas de Resistencia Galega obliga a plantearse su relación” (Martínez, Torres e Gómez, 2012).

Pola súa parte, o *ABC* deu por feito o vínculo: “apenas 24 horas después de la detención de cuatro presuntos miembros de la organización independentista Resistencia Galega, los cachorros de la banda volvían a actuar” (Abet, 2012).

Ao día seguinte, ambos os dous xornais informaban de que a sabotaxe fora reivindicada a través dunha carta enviada a un xornal por un grupo anarquista denominado Acción Directa Anticapitalista, mais a revelación da autoría non disuadiu a prensa de seguir mencionando a hipótese de Resistencia Galega. O que podería ser atribuído a unha confusión virou en teima cando nas informacións publicadas dous anos despois, con motivo das detencions dos supostos autores do ataque, continuou a mesturarse Resistencia Galega no episodio baseándose en especulacións: “El atentado contra el Club Financiero de Vigo pudo haber sido una respuesta a

la detención de varios miembros de Resistencia Galega en el parque de Castrelos con material para elaborar un explosivo. No obstante, causó sorpresa el hecho de haber elegido una sede empresarial” (“detenidos los presuntos”, 2014), publicou *La Voz de Galicia*. “Se sospecha que los dos detenidos podrían estar involucrados a la organización terrorista Resistencia Galega” (“dos detenidos”, 2014), poñía nas páxinas do *ABC*.

Este caso resolveuse nos tribunais ordinarios cando rematabamos de escribir este traballo, en outubro de 2015. A única acusada, que non tiña relación con Resistencia Galega, aceptou dous anos de prisión por un delito de danos.

### Un ex Grapo de Resistencia Galega

“Detenido en Vigo un ex Grapo por atentados de Resistencia Galega” (“detenido en vigo”, 2011). Con este titular de compendio de organizacións consideradas terroristas anunciaba *La Voz de Galicia* o arresto de dous activistas en Vigo, en marzo de 2011, por delitos vinculados ao terrorismo. Segundo o xornal, tratábase dun novo golpe da garda civil á Resistencia Galega. Aínda que a información daba conta da detención de dúas persoas, centrouse principalmente na figura do ex militante do Grapo, que foi obxecto de especial asaño, como queda reflectido no titular: “Ex marido y padre de terroristas, pero ‘sin manos manchadas de sangre’. Ademais, do outro activista detido ofrecíase un nome incorrecto.

Figura 21. Noticia de detención *La Voz de Galicia*

4 GALICIA | Jueves, 10 de marzo del 2011 | La Voz de Galicia

## Detenido en Vigo un ex grapo por atentados de Resistencia Galega

Ex marido y padre de terroristas, pero «sin manos manchadas de sangre»

Telmo Varela Fernández fue arrestado ayer junto a Ioshua Prado

El nombre de Telmo Varela (Vigo, 1955) comenzó a vincularse con los Grapo a mediados y finales de los años setenta. De hecho, en septiembre de 1977 y bajo el alias de Román, fue arrestado tras haber sido herido en un tiroteo con las fuerzas de seguridad, según relatan las crónicas de la época. Por aquel entonces, se determinó que formaba parte de una célula que planeó volar media docena de estaciones de metro en Madrid.

Una década más tarde, estaba cumpliendo una condena de más de treinta años de cárcel por delitos de robo, atentado y depósito de armas de guerra. En este punto, las fuentes judiciales consultadas dejaron claro que, en principio, «no tiene las manos manchadas de sangre». Ya en prisión, y por las fechas en las que anunció su deseo de separarse de la organización terrorista, inició una huelga de hambre con el propósito de acogerse a la reinserción social y que el Gobierno lo indultase.

Este viernes, según Interior, estuvo casado con otra integrante de los Grapo, María Victoria Gómez Méndez, quien fue condenada en Francia a ocho años de cárcel tras ser detenida en París en el 2000 y a quien la policía señala como una de las personas encargadas de custodiar al empresario Pablo Corcón. Ambos son padres de Ignacio Varela Gómez, quien también fue condenado por su pertenencia a la banda armada.

La Guardia Civil acaba de aserrar un nuevo golpe a Resistencia Galega con la detención ayer en Vigo de dos personas a las que fuentes judiciales vinculan con recientes atentados de la organización radical independentista. Presumiblemente, se trataría de una decena de ataques contra sedes de los partidos políticos, constructoras, inmobiliarias y oficinas de empleo. Y es que, en principio y dado que el Juzgado de Instrucción número 9 de Vigo ha decretado el secreto de sumario, no han trascendido los episodios delictivos con los que se relaciona tanto al histórico ex grapo Telmo Varela Fernández como a Ioshua Prado.

Todo parece indicar que las imputaciones concretas se conocerán en el momento en el que estos dos individuos sean puestos a disposición judicial. Las fuentes consultadas adelantaron que, en todo caso, posiblemente estarán vinculados con delitos de terrorismo. Lo cierto es que las fuerzas del orden guardan mucho sobre este operativo y el alcance del mismo, debido, entre otras cuestiones, a que se esperan nuevos arrestos y registros.

La primera de las detenciones, la de Telmo Varela, se produjo sobre las doce de la mañana de ayer. Los guardias civiles adscritos a esta investigación, con una orden judicial, llevaron a cabo un exhaustivo registro en su domicilio, ubicado en el barrio vigués de Coruxo. En la vivienda se encontraron botellines de agua con gasolina similares a cócteles molotov, así como documentos que tendrán que ser analizados en detalle.

En cuanto a Ioshua Prado, fuentes judiciales precisaron que su arresto se produjo a primera hora de la tarde en la zona de San Miguel de Oia, donde tiene fijada su residencia, que esta-  
bu siendo registrada al cierre de esta edición. Al igual que ocurrió con Telmo Varela, el titular del juzgado que instruye este procedimiento judicial autorizó el registro de su domicilio.

**Renuncia a la violencia**  
Se da la paradoja de que el histórico ex grapo suscribió en 1990 un escrito en el que rechazaba el empleo de la violencia. De este modo, según reflejó aquel año la agencia Efe, Telmo Varela dejaba claro que «está y estará siem-  
pre en contra del terrorismo y renuncia expresamente a la utilización de la violencia para la consecución de cualquier objetivo». De confirmarse, las nuevas sospechas de la Guardia Civil, las declaraciones de hace más de una década habrán quedado en papel mojado. En los últimos años, Telmo Varela se había signifi-  
cado en movimientos sociales y en el sindicalismo. De hecho, era secretario comarcal de Vigo de la Central Unitaria de Trabajadores.

### Colocan un artefacto en un inmueble donde vivió el alcalde de Santiago

M. M. SANTIAGO / LA VOZ  
Un pequeño artefacto, colocado en la puerta del segundo piso del número 8 de la rúa Doutor Teixeiro, en Santiago, provocó escasos daños al incendiarse durante la pasada noche, según informaron fuentes policiales, aunque no se alertó a los agentes hasta la mañana siguiente.

comprobaron que en la puerta del domicilio había una mancha de humo, al igual que en las paredes.

**Restos en la papelera**  
La investigación reveló que, en torno a las 8.20 horas de ayer, la mujer encargada de la limpieza de la papelera encontró restos de



Fonte: hemeroteca da Biblioteca Xeral da USC

Ao día seguinte, o xornal corrixiu o nome do activista que citara mal e ademais desmentiu o vínculo dos detidos con Resistencia Galega, atribuíndo as responsabilidades do erro ás fontes: “La Central unitaria de Trabajadores (CUT), a la que pertenece Telmo Varela y donde ejerce

como secretario comarcal de Vigo, desmintió ayer el vínculo de su afiliado con Resistencia Galega, atribuido desde fuentes de la investigación”.

Ao non estar vinculado con Resistencia Galega, este caso perdeu interese e non volveu aparecer na axenda da prensa dominante -o *Novas da Galiza* si que fixo un seguimento das consecuencias xudiciais-. Os detidos foron acusados formalmente de danos e estragos e de tenencia ilícita de material explosivo, mais quedaron marcados coa etiqueta de ‘terroristas’ pola propaganda mediática.

### O falso aparello financeiro de Ferrol

A detención dunha parella en Ferrol en outubro de 2012, acusada de formar parte do aparello financeiro de Resistencia Galega, constituíu un dos casos máis serios de manipulación mediática, agravado polas circunstancias que rodearon as detencións, xa que a parella tiña un meniño lactante de oito meses do que foi separada bruscamente durante catro días. “La policía descabeza el núcleo del grupo terrorista Resistencia Galega”, publicou o *ABC* o 30 de outubro de 2012. Cando o titular chegou aos lectores, os activistas J. S. e S. C. xa estaban incomunicados en Madrid á espera de prestar declaración na Audiencia Nacional, logo de que un grupo de policías irrompera pola noite na súa vivenda e lles obrigara a entregar o seu fillo a unha familiar. A noticia que publicou o *ABC*, citando fontes do Ministerio do Interior, atribuíalles a responsabilidade de recadar fondos destinados a actividades terroristas. Ao día seguinte, o xornal tivo oportunidade de afondar nesta tese nunha reportaxe titulada “Resistencia Galega imita los métodos de financiación de los radicales vascos” (Orgaz, 2012b).

Figura 22. Noticia de ABC



Fonte: hemeroteca da Biblioteca Xeral da USC

As actividades dos presuntos tesoueiros consistían na “organización de pequenos conciertos de música popular, la venta de todo tipo de *merchandising* nacionalista, la ayuda de pequeñas asociaciones culturales e incluso el reparto de loterías”. A información aparecía ilustrada cunha fotografía dunha protesta de solidariedade cos presos e imaxes duns explosivos caseiros que foran incautados noutra operación anterior (figura 22). Puidemos comprobar na web do Ministerio do Interior que foi o propio departamento gubernamental o que facilitou estas imaxes, captadas nunha operación diferente, xunto coa nota de prensa oficial das detencións de Ferrol.

Pola súa parte, *La Voz de Galicia* publicou erroneamente que a muller detida era presidenta da Fundación Artabria, un veterano centro social de Ferrol, que “gestiona una taberna en el barrio de Esteiro con el mismo estilo que las vascas de los nacionalistas radicales” (Varela, 2012). Esta información provocou a reacción da xunta directiva da Fundación Artabria, que enviou un comunicado ao xornal solidarizándose coas persoas arrestadas e denunciando a intoxicación informativa da que foran vítimas. O texto aclaraba que a moza non era a presidenta da Fundación e denunciaba a analogía coa taberna vasca: “a Fundação Artábria fai parte da paisagem cultural de Ferrol desde há 14 anos sem nengumha necessidade de copiar modelos nem estéticas doutras latitudes”. Ademais, pedíalle a *La Voz de Galicia* “que retomasse o seu habitual boicote informativo à Fundação Artábria em lugar se dedicar a difundir mentiras ao serviço da sua campanha criminalizadora paralela à realizada nestes dias polas forças repressivas” (Fundación Artabria, 2012). O comunicado foi parcialmente reproducido na prensa nun discreto espazo, ao final dunha breve información a unha columna. A activista ferrolá foi liberada ao pouco tempo da detención e a súa parella botou corenta días no cárcere antes de quedar libre. A causa foi arquivada.

Este caso provocou as reaccións de Esquerda Unida e do Bloque Nacionalista Galego, que denunciaron o tratamento policial e mediático que recibiu a activista detida. Tamén nós puidemos falar con ela do acontecido e do rol que desempeñaron os medios na súa detención, tal e como se pode consultar na transcripción da entrevista no anexo 1 (informante 1). A informante asegurou que as forzas policiais chegaron á súa casa acompañadas de cámaras de vídeo e que mesmo lle advertiron que cubrixe o rostro. Ademais, explicou que a noticia da súa detención foi difundida aos medios de xeito case simultáneo á operación de detención, xa que comezou a recibir chamadas de amigos que se enteraron do acontecido cando aínda estaban as forzas de seguridade na vivenda. Segundo puidemos comprobar na web do Ministerio do Interior, a nota de prensa<sup>22</sup> foi difundida á prensa esa mesma noite, o que nos conduce a pensar que xa estaba previamente preparada.

Doutra banda, a informante considera que a súa detención foi unha medida policial de presión contra o seu compañeiro, unha táctica que supón a instrumentalización da muller no conflito e que tamén foi denunciada polo colectivo antirepresivo Ceivar nunha entrevista concedida para esta investigación (anexo 1, informante 7). Certamente, durante a lectura do corpus de noticias sobre Resistencia Galega atopámonos con varios casos<sup>23</sup> de mulleres que foron arrestadas no marco de operacións policiais contra as súas parellas e que logo quedaron en liberdade sen cargos aos poucos días. Os medios citaron os seus nomes completos e sinaláronas publicamente como terroristas. A utilización da muller é un tema que fica

<sup>22</sup> A nota de prensa difundida polo Ministerio do Interior está dispoñible na sección de prensa da web, con data 29/10/2012: <http://www.interior.gob.es/es/web/interior/prensa>

<sup>23</sup> Ver por exemplo o caso da activista C.A. recollido nesta información: En libertad una de las detenidas en la operación antiterrorista contra Resistencia Galega (2011, 5 de decembro). *La Voz de Galicia*, p. 8; e o caso da activista J. R. en: Fariñas, Julio A (2011, 6 de decembro). La Audiencia Nacional estudia la posible ilegalización de AMI. *La Voz de Galicia*, p. 6

inexplorado nesta tese mais sen dúbida propón interesantes interrogantes para futuras investigacións.

#### 7.4.2. Falta de rigor nos datos

A falta de rigor é unha característica constante nas informacións sobre Resistencia Galega. Aquí referirémonos a dous tipos de prácticas principais, os erros nos nomes dos activistas e a improvisación de cifras na composición do movemento.

A edición de Galicia do *ABC* publicou en xuño de 2012 unha reportaxe co título “Los líderes de Resistencia Galega recibieron doctrina militar sobre el uso de explosivos” (Abet e Pérez, 2012). A información incluía un despece de contexto que se refería a Matos, Toninho e Losada como tres persoas diferentes, cando en realidade Toninho é o alcume de Antón García Matos. O texto dicía o seguinte: “La Guardia Civil detiene en 2005 a dos jóvenes e identifica como cabecilla del grupo a Antón García Matos, hoy ya procesado por la Audiencia Nacional junto a Toninho y Maria Asunción Losada, todos ellos en busca y captura por la Interpol”.

Ademais, nas informacións elaboradas en Madrid atopamos erros frecuentes nos nomes dos activistas. Así por exemplo, unha serie de reportaxes do xornalista J. Pagola publicadas entre febreiro e abril de 2013 refírese a Martín Santos, en vez de Antón Santos; a Arturo Curto, en vez de Antón Arias Curto; a Xurso Rodríguez, en vez de Xurxo e a Adrán Mosquera, en vez de Adrián.

Doutra banda, as estimacións sobre o número de militantes do movemento varían dunha reportaxe a outra en curtos períodos de tempo. Así, en xullo de 2012 publicouse que Resistencia Galega tiña 40 membros e dous comandos: “Resistencia Galega cuenta, a tenor de las cifras que maneja el Instituto Armado, con alrededor de 40 miembros distribuidos en dos suertes de comandos: el que actúa en la capital gallega y el que se ocupa de la zona de Pontevedra” (Orgaz e Pérez del Pino, 2012). E en setembro atopamos que son 30 membros e tres comandos: “Resistencia Galega suma alrededor de treinta miembros operativos que se distribuyen en tres comandos: el que opera desde la capital gallega y ayuntamientos colindantes; el de la zona de Pontevedra, uno de los más activos en los últimos tiempos, y un tercero de menor importancia en Orense” (Orgaz, 2012). O baile de cifras sobre a composición do movemento está presente en todo o período analizado, ao igual que as dúbidas no número de atentados cometidos. Mentres que nalgúns casos se atribúen a Resistencia Galega accións nas que non participou, outras sabotaxes supostamente cometidas polo movemento non son reseñadas, tal e como ten sinalado o xornal *Novas da Galiza* (“confussum mediática”, 2007)



## 8. CONFIRMACIÓN DAS HIPÓTESES E CONCLUSIÓN

### **HIPÓTESE 1-A PRENSA DOMINANTE DESEMPEÑOU UN ROL PROPAGANDÍSTICO NA ESTRATEXIA DE LOITA ANTITERRORISTA DO GOBERNO CENTRAL, MENTRES QUE A PRENSA ALTERNATIVA DEDICOUSE A CONTRADICIR O DISCURSO OFICIAL OFRECENDO A VERSIÓN DOS COLECTIVOS INDEPENDENTISTAS**

Boa parte da armazón teórica desta tese baseouse no modelo de propaganda desenvolvido por Herman e Chomsky (1994), posto que partiamos da hipótese de que no tratamento de Resistencia Galega a prensa dominante desempeñara un rol propagandístico ao servizo do goberno central. Tal e como demos conta no marco teórico, o modelo de propaganda apóiase na existencia dunha serie de filtros políticos e económicos que condicionan os contidos dos medios: a estrutura da propiedade, a súa orientación comercial, a relación simbiótica coas fontes do poder, as presións externas de grupos influíntes e, por último, o filtro ideolóxico.

De todos os filtros mencionados, comprobamos con evidencias empíricas que a prensa de Galicia estivo fortemente condicionada por dous deles, a relación coas fontes de poder e a ideoloxía. Así, a análise das fontes mencionadas nas noticias amosou que o goberno central foi a principal fonte de información para o *ABC*, cunha representatividade do 23% sobre o total de voces consultadas, e a segunda máis importante para *La Voz de Galicia*, cunha porcentaxe do 16%. Para obter unha dimensión real desta categoría, ás fontes gobernamentais debemos sumarilles as porcentaxes das forzas de seguridade e das fontes de atribución reservada, xa que aínda que aparentemente sexan voces diferentes, todas elas están afiliadas aos mesmos intereses e enuncian o conflito dende a mesma perspectiva, polo que constitúen en realidade un único enunciador<sup>24</sup>. Se facemos este axuste, o uso de fontes gobernamentais elévase ao 56% en *La Voz* e ao 50% no diario *ABC*. Pola contra, as voces dos colectivos independentistas só representan o 4% en *La Voz* e o 8% no *ABC*. Estes datos lévannos a subliñar que a representación do fenómeno de Resistencia Galega está fortemente influenciada polo que din e fan o goberno central e mais as forzas de seguridade, mentres que a outra parte do conflito, representada polo movemento independentista, apenas ten voz no relato. Da constatación deste feito, podemos afirmar que a prensa dominante reproduciu o discurso oficial do poder. Pero de que maneira participou a prensa na estratexia de loita antiterrorista do goberno? Vexamos entón en que consistiu o filtro ideolóxico para dar resposta a esta pregunta.

Nunha adaptación ás circunstancias contemporáneas do filtro do anticomunismo formulado por Herman e Chomsky, falabamos de que existe un filtro ideolóxico relacionado co terrorismo, que tende a polarizar os conflitos entre os violentos que apoian o terrorismo e os demócratas que condenan a violencia. Esta estratexia foi despregada de forma especialmente agresiva no 2013, cando o Partido Popular iniciou unha campaña de mocións de condena da violencia para forzar un posicionamento público dos partidos políticos contra Resistencia Galega. A estratexia foi secundada polo delegado do goberno en Galicia, do mesmo signo político, mediante continuas declaracións á prensa nas que suxería conexións

---

<sup>24</sup> Só atopamos un caso no que as fontes policiais entraron en contradición co discurso oficial do goberno, nun período concreto do ano 2007 no que irrompeu na arena mediática un sindicato policial que reclamaba mais postos de traballo e medios. Referímonos a el no epígrafe 7.2.2.

entre os partidos nacionalistas e a violencia. Este proceso emerxeu á superficie durante a análise que realizamos da atención mediática, xa que foi un dos conflitos que máis atención recibiu non só no seu ano, senón tamén en todo o período estudado. Deste xeito, os medios contribuíron a darlle visibilidade a unha campaña propagandística que serviu tanto ao goberno da Xunta como ao central.

Ademais, a lectura crítica de todos os artigos de opinión permitiunos comprobar que a prensa desempeñou dende as súas páxinas de opinión un rol activo na desactivación de visións do conflito alternativas á difundida polo poder, como quedou reflectido na abondosa cantidade de artigos que se dedicaron a corrixir e criticar as declaracións do político nacionalista Xosé Manuel Beiras sobre Resistencia Galega. A de AGE foi a única voz que se colou nos titulares das principais cabeceiras galegas cun discurso diferente e claro sobre as causas e o alcance real da violencia política en Galicia, mais tivo que pagar o prezo do escarnio.

Doutra banda, a hipótese que estamos a tratar tamén quedou confirmada coa análise da definición do grupo presente no discurso do xénero xornalístico da opinión. Tanto os columnistas de *La Voz de Galicia* como os do *ABC* comezaron a tratar os activistas e a violencia política como ‘terroristas’ e ‘terrorismo’ respectivamente, un lustro antes de que un tribunal ditaminase que Resistencia Galega era unha organización terrorista incipiente. Como tivemos ocasión de reflexionar no marco teórico, o terrorismo é un concepto moi connotado que adoita ser obxecto de manipulacións. Aos Estados, o feito de etiquetar de ‘terrorismo’ as actividades de certo grupos opositores sérvelles, en concreto, para tres propósitos: para deslexitimalos ante a poboación, para baleiralos de contido político e para xustificar un castigo severo. Así as cousas, o feito de que a prensa fixera un uso temperán e frecuente da semántica do terrorismo serviu de vangarda das fortes medidas de represión que acabaría despregando o goberno sobre o movemento.

A definición do grupo que fixeron os xornais foi maioritariamente política, cunha porcentaxe do 56% e do 72% para *La Voz de Galicia* e o *ABC*, respectivamente. Segundo Miquel Rodrigo (1991), o campo léxico da categoría política vai asociado a un tipo de discurso no que se contempla a negociación como saída ao conflito. Non obstante, no caso de Resistencia Galega a definición de terrorista non implicou o seu recoñecemento como interlocutor político, xa que entraron en xogo outros arquetipos, como por exemplo, a súa condición de movemento xuvenil, utilizada como estigma.

Podemos atopar evidencias que nos levan á confirmación desta hipótese nos resultados obtidos en todas as técnicas de análise que aplicamos. Tamén o feito de que a prensa presentase como terroristas ou membros de Resistencia Galega a persoas que non tiñan relación co fenómeno nos indica a súa convivencia coa política antiterrorista, baseada na ideoloxía do mal menor. Non obstante, tamén atopamos resultados que nos esixen matizar a nosa hipótese.

Así, se ben é certo que a prensa dominante participou activamente na difusión da propaganda antiterrorista do Estado, isto non implica necesariamente un apoio ao goberno, que está condicionado ás afinidades ideolóxicas. Isto vímolo na análise da atención mediática do *ABC*, na que puidemos comprobar que o diario efectuou un uso instrumental da violencia para atacar aos gobernos autonómico e central durante a etapa de mandato das forzas socialistas. Neste caso, as críticas baseáronse nunha suposta debilidade na resposta das autoridades.

Quédanos agora confirmar a segunda parte da hipótese: que a prensa alternativa se dedicou a contradicir o discurso oficial e a ofrecer a versión dos colectivos independentistas. Certamente, a análise das fontes mencionadas nas noticias do *Novas da Galiza* amosou que as voces do independentismo representan a principal fonte de información, cunha porcentaxe do 28% sobre a totalidade. A relevancia desta cifra podémola medir tendo en conta que os seguintes grupos de fontes máis importantes representaron o 22%, o 13 % e o 11%,

correspondentes aos outros medios, ás forzas de seguridade e ao goberno central, respectivamente.

Doutra banda, o *Novas da Galiza* fixo emerxer o discurso oculto do conflito político, ao poñer ao descuberto os vínculos dos xornalistas coas instancias do poder e ao revelar as contradicións e manipulacións do discurso oficial, tal e como se desprende da análise dos seus artigos de opinión sobre o rol dos medios. Este labor foi posible debido á ausencia no xornal de relacións de dependencia co goberno.

**HIPÓTESE 2- EXISTE UNHA MARAÑA DE INTERESES INTERCONECTADOS, DE TIPO POLÍTICO E MEDIÁTICO, QUE INFLÚEN NA FORMA EN QUE É REPRESENTADO O CONFLITO**

Na construción mediática de Resistencia Galega detectamos a influencia de lóxicas políticas e tamén mediáticas. Con respecto ás primeiras, xa vimos de comentar na argumentación da primeira hipótese algunhas das estratexias despregadas polo sistema político, que provocaron picos na repercusión mediática do fenómeno. Certamente, a revisión de todos os textos xornalísticos relacionados con Resistencia Galega durante os seus nove anos de traxectoria amosounos que o punto álxido na atención mediática produciuse no ano 2013, coincidindo co primeiro gran xuízo contra o movemento, para logo caer bruscamente. Con todo, o proceso xudicial foi só unha escusa para que os distintos actores políticos fixesen valer os seus intereses de grupo, con declaracións cruzadas e acusacións que alimentaron titulares. Deste xeito, o sistema político actuou como fonte produtora de feitos secundarios relacionados co terrorismo, contribuíndo a amplificar o fenómeno e a retroalimentalo. Ao mesmo tempo, as reaccións do sistema político resultaron proveitosas para os medios, que dispuxeron de abondoso material informativo, nun formato que se adapta perfectamente ás narrativas xornalísticas, o do conflito. Os resultados da análise das fontes permítennos reforzar esta argumentación, xa que se sumamos as distintas categorías de fontes políticas mencionadas (goberno central, partidos e autoridades municipais e da Xunta), comprobamos que estas representaron o 45 % das voces en *La Voz de Galicia*, o 47% no *ABC* e o 23% no *Novas da Galiza*.

Doutra banda, os medios tamén impuxeron os seus propios criterios ao seleccionar e xerarquizar os acontecementos que converteron en noticia e someteron a unha maior valoración. Así, no caso do *ABC*, foron os seus intereses políticos, aliñados cun determinado partido, os que propiciaron que introducíse a sombra de Resistencia Galega en diversos conflitos nos que non tivo participación, como ocorreu co boicot á política María San Gil na Universidade de Santiago ou coa marcha da dignidade de Madrid. O diario sobredimensionou o carácter violento de ambas as dúas protestas; no primeiro caso para poñer en cuestión a autoridade do presidente socialista da Xunta, e no segundo, para xustificar unha reforma lexislativa do goberno central, coñecida como lei mordaza, que restrinxiu os dereitos de manifestación.

Pola súa parte, *La Voz de Galicia* tamén seguiu os seus propios intereses empresariais no tratamento que outorgou á sabotaxe rexistrada na contorna da vivenda dun dos seus columnistas emblemáticos, Roberto Blanco Valdés. A cabeceira converteu o incidente nunha gran campaña de autopromoción e mobilizou todas as súas plumas, incluída a do editor. Para entender o acontecido é útil retomar o modelo de propaganda de Herman e Chomsky (1994), que contempla unha clasificación política das vítimas, segundo sexan merecedoras de atención ou non, unha selección que se efectúa en beneficio propio e que desemboca nun estalido de propaganda cando se trata de vítimas do propio grupo.

Ademais, na cobertura de Resistencia Galega tamén influíron outras lóxicas mediáticas que clasificamos en dous tipos: as que teñen que ver cos condicionantes económicos e produtivos

dos medios; e as relacionadas coa acomodación das institucións sociais ás rutinas dos medios, un proceso do que demos conta no marco teórico, ao falar da mediatización do conflito e da sociedade.

Así, unha lóxica produtiva con evidente impacto na cobertura que ofrece cada medio é a dispoñibilidade ou ausencia dunha rede de xornalistas con capacidade para obter informacións propias sobre os acontecementos. Nesta liña, *La Voz de Galicia*, a única cabeceira analizada que posúe delegacións por todo o territorio galego, só baseou o 3% das súas informacións en fontes de axencias ou doutros medios, tal e como se desprende da análise empírica de fontes. Neste punto, é preciso aclarar que o estudo que fixemos baseouse en contabilizar as fontes mencionadas nas informacións, polo que cabe a posibilidade de que o xornalista oculte ou non mencione as fontes de axencias. Con todo, existen outras evidencias que nos amosan a presenza dos xornalistas de *La Voz* no lugar do conflito, como o uso de fontes veciñais (9%) fronte á ausencia destas voces nos outros medios. A falta de forza de traballo propia foi suplida polo *ABC* cos servizos das axencias de prensa, e polo *Novas da Galiza*, cunha reutilización dos datos publicados pola prensa dominante; pero non para reproducilos de xeito idéntico, senón para sometelos a un proceso de revisión e crítica, que virou nun novo material informativo.

Por último, entre as prácticas de acomodación ás rutinas dos medios máis relevantes para esta investigación, destacamos o feito de que o Ministerio do Interior lles facilite aos xornais notas de prensa das operacións policiais contra Resistencia Galega e mesmo fotografías. Esta práctica resulta beneficiosa tanto para as autoridades gobernamentais como para a prensa. As primeiras asegúranse un control do relato e ás segundas supónlles un aforro de custes e tempo. Esta relación simbiótica prexudica, non obstante, ás persoas detidas, que non teñen oportunidade de ofrecer a súa versión dos feitos e cuxa imaxe é difundida publicamente baixo a etiqueta de ‘terroristas’ sen posibilidade de defensa.

Para concluír coa argumentación desta hipótese, consideramos que quedou demostrada as dobre influencia das lóxicas mediáticas e políticas, aínda que recoñecemos a necesidade de afondar no proceso de produción da información para obter un coñecemento máis completo.

### **HIPÓTESE 3- O TRATAMENTO DE RESISTENCIA GALEGA DENDE A PERSPECTIVA DO TERRORISMO CONDICIONOU DE FORMA DISTORSIONANTE A PRÁCTICA XORNALÍSTICA E DEU LUGAR A DIVERSOS MECANISMOS DE DESINFORMACIÓN**

O tratamento mediático que recibiu Resistencia Galega foi herdeiro das tendencias xornalísticas que se conformaron durante máis de corenta anos de cobertura do conflito vasco. Comezabamos as primeiras páxinas desta tese expoñendo unha serie de trazos que caracterizan a información sobre o terrorismo en España e que recuperamos de novo para contrastalas cos resultados obtidos:

- Aliñamento ideolóxico dos xornais, que afecta á calidade da información.
- Mensaxes contraditorias sobre a natureza do conflito. Dende as autoridades négase o seu carácter político pero a resposta que ofrecen é política.
- Dominio das fontes oficiais na construción das noticias e marxinación das voces dos colectivos sociais.
- Habitual presenza de mecanismos de desinformación.

Todas estas tendencias estiveron presentes na construción mediática do fenómeno de Resistencia Galega. Nesta exposición xa nos referimos ás cuestións ideolóxicas e políticas, así como ao uso das fontes. Fáltanos agora afondar nos mecanismos de desinformación, entre os que destacamos tres principais: a falta de respecto á presunción de inocencia, as atribucións erróneas de accións terroristas e a falta de rigor nos datos publicados.

Nesta tese recollemos varios casos de diferentes persoas que foron acusadas falsamente de pertencer a Resistencia Galega e sometidas a un proceso de intoxicación mediática, sen que mediase un proceso de rectificación unha vez clarificados os feitos. Algúns colectivos sociais que se sentiron prexudicados polas representacións mediáticas presentaron queixas ante os medios e lograron que se corrixisen algúns datos erróneos facilitados nas noticias, como aconteceu co comunicado que a Fundación Artabria remitiu a *La Voz de Galicia*. Con todo, o desmentido foi publicado nun espazo moito máis discreto que o que ocupou o discurso desinformador e sen que o medio asumise ningunha responsabilidade.

Unha razón que explica o alto grao de incorrección dos textos xornalísticos sobre Resistencia Galega é a relación de complicidade que manteñen certos xornalistas coas instancias gobernamentais e policiais. Isto tradúcese na publicación de filtracións baseadas en especulacións cuxa orixe se oculta baixo fórmulas de atribución reservada –a fonte cunha maior porcentaxe de uso en *La Voz de Galicia* e a terceira, no *ABC*- e na reprodución acrítica de notas de prensa de contido propagandístico, que se elevan á condición de noticias sen o obrigado proceso de contraste de fontes.

Doutra banda, a consideración do fenómeno de Resistencia Galega como unha expresión de terrorismo tamén condicionou doutra maneira relevante a cobertura mediática: arredou a posibilidade dun achegamento comprensivo ao fenómeno, é dicir, aquel que buscase entender mais ca xulgar. Ademais, tal e como comprobamos na análise ideolóxica do discurso, nalgúns casos, produciuse unha distorsión do conflito mediante estratexias de polarización, que presentaron os activistas dunha forma simplificada e sen matices como representantes da Galicia sinistra fronte á Galicia do “marisco, playas y costas increíbles” (Pan, 2011).

#### **HIPÓTESE 4- O IMAXINARIO DO TERRORISMO FOI UTILIZADO POLOS SECTORES CONSERVADORES DO NACIONALISMO ESPAÑOL PARA CRIMINALIZAR E DESACREDITAR MEDIATICAMENTE AS EXPRESIÓNS DO NACIONALISMO GALEGO**

Comentabamos no marco teórico que o terrorismo pode ser obxecto de manipulación política e beneficiar ás elites do poder. Así aconteceu co fenómeno de Resistencia Galega, que foi instrumentalizado polo Partido Popular para atacar as expresións democráticas do nacionalismo galego, representadas por AGE e o BNG. Este fenómeno quedou xa explicado na exposición dos conflitos que acapararon unha maior atención mediática e nos que non volveremos insistir. Ademais, na análise ideolóxica do discurso comprobamos que os articulistas da prensa dominante recorreron a estratexias de extensión do terrorismo para contaminar expresións sociais e políticas antagónicas ás do seu grupo. Esta práctica rexistrou unha presenza do 25% sobre o total de artigos de opinión de *La Voz de Galicia* e dun 41% no *ABC*, tal e como demos conta no epígrafe 7.3.2.

Doutra banda, expuxemos no marco teórico que todos os medios de comunicación definen, dalgún xeito ou outro, un discurso da nación. E tamén isto aconteceu na construción mediática de Resistencia Galega. Baixo o discurso da loita contra o terrorismo latexaron visións enfrontadas sobre a identidade colectiva dos galegos e emerxeron estereotipos ancorados en modelos colonias de dominación. Podemos sustentar estas afirmacións cos resultados que obtivemos de analizar a estereotipia galega reproducida nos artigos de opinión, unha práctica que detectamos tanto en *La Voz de Galicia* (27, 9%) como no *ABC* (23,5%). A prensa reproduciu o estereotipo dunha Galicia pacífica sen conflitos que veu a ser perturbada por Resistencia Galega e, de xeito contradictorio, estableceu unha asociación perversa entre o uso da lingua galega e a violencia política.

Gustaríanos concluir esta tese cunha idea que xa expuxemos no marco teórico e que nos parece que saíu reforzada na investigación: todo conflito é unha construción retórica e polo tanto o relato nunca debe ser aceptado sumisamente.



## BIBLIOGRAFÍA

- AIMC (2015). EGM: Año móvil octubre de 2014 a mayo de 2015. Recuperado de <http://www.aimc.es/-Datos-EGM-Resumen-General-.html>
- Alba Rico (2013). Terrorismo gallego y educación juvenil [entrada de blog]. Recuperado en xullo de 2015 de: <https://devoltaparaloureda.wordpress.com/2013/06/11/terrorismo-gallego-y-educacion-juvenil>
- Almuiña, Celso (2003). Medios de comunicación y formación de una conciencia galleguista. En Jesús de Juana e Xavier Castro (dir). *XII Xornadas de Historia de Galicia. Perspectivas plurais sobre a historia de Galicia*. Ourense: Deputación de Ourense.
- Alonso, Luis Enrique (1998). Sujeto y discurso: el lugar de la entrevista abierta en las prácticas de la sociología cualitativa. En Juan Manuel Delgado e Juan Gutiérrez (coord.). *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en Ciencias Sociales* (pp. 225-255). Madrid: Síntesis.
- Altheide, David L. (2002). *Creating fear. News and the Construction of crisis*. Nova York: Aldine d Gruyter.
- Althusser Louis (1988). *Ideología y aparatos ideológicos de Estado. Freud y Lacan*. Buenos Aires: Ediciones Nueva visión.
- Álvarez Pousa, Luis (1999). *Prensa amenazada. Desde a Transición ó Fraguismo*. Santiago de Compostela: Edicións Lea.
- AMI (1998). Informe sobre a repressom. Galiza: Coordinadora Nacional de AMI.
- AMI (2013). A mocidade nom se vende. Relatos de intentos de infiltraçom policial no independentismo galego. Galiza: Terra Livre Ediçoms.
- AMI (2014). XI Asembleia nacional. Contexto nacional. Tese ideológica. Recuperado en setembro de 2015 de: <http://issuu.com/amigz/docs/dossierami1>
- Anderson, Benedict (1993). *Comunidades imaginadas. Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*. Méjico : Fondo de Cultura Económica
- Arendt, Hannah (2005). *Sobre la violencia*. Madrid: Alianza Editorial.
- Avante (2015). Avance datos. EGM 1er acumulado móvil 2015 Galicia. Recuperado de <http://www.avantemedios.com/avanteclientes/AvancePrensayRadio1erAcum2015Galicia.pdf>
- Barreiro, Manuel M. (2011). *A novísima dereita e nós*. Galicia: 2.0. Editora.

- Barreiro M. e Pérez Pena, M. (2013). Hai sociedade para os medios en galego? En Xosé López García, Manuel Rivas Barrós, Rosa Aneiros Díaz. *A Comunicación en Galicia 2013* (pp 235-244). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.  
Recuperado en maio de 2015 de:  
[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2013\\_A-Comunicacion-en-Galicia-2013.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2013_A-Comunicacion-en-Galicia-2013.pdf)
- Bartra, Roger (2007). *Territorios del terror y la otredad*. España: Pre-Textos.
- Batista Viladrich, Antoni (2003). Els mitjans de comunicació, actors de la política basca. En Antoni Segura (coord.). *Mirades sobre Euskadi* (pp 53-83). Barcelona: Pòrtic
- Beiras, Xosé Manuel (1981). *O atraso económico de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- Beiras Torrado, X. M. (2007). Limiar. En: Xavier Macías Virgós (Dir). *Nacionalismo galego: democracia e país*. Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre.
- Benetti, Marcia (2007). Análise do discurso en xornalismo: estudo de voces e sentidos. En Cláudia Lago e Marcia Benetti (coord.). *Metodología de pesquisa en xornalismo* (pp. 107-122). Petrópolis, Rio de Janeiro: Vozes.
- Beramendi, Justo (2002). Prensa y galleguismo político, 1840-2000. En Almuiña, Celso, Sotillos, Eduardo (Coord.), *Del periódico a la sociedad de información (II)* (pp. 91-110). Madrid: Nuevo Milenio.
- Beramendi, J., Núñez Seixas, X. (1995). *O nacionalismo galego*. Vigo: A Nosa Terra.
- Billig, Michael (1995). *Banal nationalism*. Londres: Sage.
- Blanco Ramil, Sandra (2013). *Análise da propiedade da comunicación en Galicia. Estudo das estruturas dos grupos de comunicación galegos e dos seus protagonistas* (tese de doutoramento inédita), Universidade de Santiago de Compostela, España.  
Recuperado en setembro de 2015 de  
<http://dspace.usc.es/handle/10347/10005>
- Borrat, Héctor (1989). *El periódico, actor político*. Barcelona: Gustavo Gili.
- Bourdieu, Pierre (2001). *¿Qué significa hablar?*. Tres Cantos: Akal.
- Buesa, Mikel (2013). *Resistencia Gallega. Una organización terrorista emergente*. (Cuaderno de trabajo nº 17). Universidad Complutense de Madrid: Cátedra de Economía del Terrorismo.  
Recuperado en abril de 2014 de:  
[http://pendientedemigracion.ucm.es/info/cet/documentos%20trabajo/DT17CET\\_resistencia\\_gallega.pdf](http://pendientedemigracion.ucm.es/info/cet/documentos%20trabajo/DT17CET_resistencia_gallega.pdf)

- Cabezas de Alcalá, Silvia (2010). *D'Ermua a Patxi López (1996-2009): La complicitat de la premsa amb la política espanyola al País Basc*. (tese de doutoramento inédita), Universitat Autònoma de Barcelona, España.  
Recuperado en maio de 2015 de  
<http://hdl.handle.net/10803/48522>
- Cal, Rosa (1998). Origen de la prensa nacionalista gallega. Apuntes divulgativos. *Revista Latina de Comunicación Social* 11.  
Recuperado en abril de 2013 de  
<http://www.ull.es/publicaciones/latina/a/16rosa.htm>
- Calhoun, Craig (2007). *Nacionalismo*. Buenos Aires: Libros del Zorzal.
- Campos, Francisco (2010). Grupos de comunicación: reestruturacións, novos modelos de negocio e mellores prácticas. En Xosé López García e Rosa Aneiros (coord.). *A Comunicación en Galicia 2010* (pp. 11-42). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.  
Recuperado en abril de 2013 de  
[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2010\\_Informe-da-comunicacion-2010.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2010_Informe-da-comunicacion-2010.pdf)
- Casero Ripollés, Andreu (2009): El control político de la información periodística. *Revista Latina de Comunicación Social*, 64, 354-366.  
Recuperado o 15 de maio de 2015 de:  
[http://www.revistalatinacs.org/09/art/29\\_828\\_47\\_ULEPICC\\_08/Andreu\\_Casero.html](http://www.revistalatinacs.org/09/art/29_828_47_ULEPICC_08/Andreu_Casero.html)  
DOI: 10.4185/RLCS-64-2009-828-354-366
- Castelló, Enric (2008). *Identidades mediáticas. Introducción a las teorías, métodos y casos*. Barcelona: UOCpress
- Castelló, Enric (Ed.) (2012). *La mediatización del conflicto político. Discursos y narrativas en el contexto español*. Barcelona: Laertes.
- Charaudeau, Patrick (2003). *El discurso de la información. La construcción del espejo social*. Barcelona: Gedisa.
- Chomsky, Noam e Herman Edward S. (1979). *The Washingtgon connection and third world fascism. The political economy of human rights: volume I*. Boston: South end Press.
- Consell de la Información de Catalunya. Informe-Memoria Segon Semestre Any 1999-2000. Expediente 23/1999. pp. 62-101.
- Costas, Xosé-Henrique (Dir). (2009). *55 mentiras sobre a lingua galega: análise dos prexuízos máis comúns que difunden os inimigos do idioma*. Bertamiráns: Laiovento.
- Cottle, Simon (2006). *Mediatized conflict. Berkshire*. Nova York: Open University Press.

- Cuesta, U., Canel M.J., Gurrionero M.G. (Eds.) (2012). *Comunicación y terrorismo*. Madrid: Tecnos.
- Deacon, D. e Stanyer, J. (2014). Mediatization: key concept or conceptual bandwagon?. *Media, Culture and Society*, 36 (7), pp. 1032-1044.  
Recuperado en agosto de 2015 de  
<https://dspace.lboro.ac.uk/dspace-jspui/handle/2134/16178>  
<http://dx.doi.org/10.1177/0163443714542218>
- Deutsch, Karl (1975). *Nationalism and Social Communication. An Inquiry into the Foundations of Nationality*. Massachusetts: The M.I.T. Press.
- Díaz, Caetano (2008). Prensa en galego: entre a caldeirada e o ADN. En Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy (Eds.). *Lingua e Comunicación IV Xornadas sobre Lingua e Usos* (pp. 41-47). A Coruña: Universidade da Coruña  
Recuperado en xuño 2015 de  
[http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro\\_Lingua\\_e\\_Comunicacion.pdf](http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Lingua_e_Comunicacion.pdf)
- Díaz Cerveró, Elba (2009). La representación del terrorismo de ETA en el diario francés Le Monde. *Doxa comunicación*, 9, 165-189.  
Recuperado en junio de 2015 de: <http://hdl.handle.net/10637/5897>
- Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán (2009). *Síntese histórica do soberanismo galego (1846-1936)*. Vigo: Confederación Intersindical Galega.
- Domínguez García, Helena (2010). *La prensa mural del movimiento okupa de Barcelona. Movimientos sociales y comunicación* (traballo de investigación de 12 créditos), Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona
- Domínguez García, Helena (2013). A acción comunicativa dos movementos sociais: xurdimento e características dos medios independentistas galegos. En Margarita Ledo Andión e Maria Inmacolata Vassallo de Lopes (Eds.). *Actas XIII Congreso Internacional Ibercom* (pp 2.520-2.532). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.  
Recuperado en marzo de 2014 de  
<http://www.estudiosaudiovisuais.org/lusofonia/revision/ActasXIIICongresoIBERCOM.pdf>
- Downing, John (2010). Nanomedios de comunicación: ¿medios de comunicación comunitarios? ¿o de red? ¿o de movimientos sociales? ¿Qué importancia tienen? ¿Y su denominación?. En *Conferencia Medios comunitarios, movimientos sociales y redes, 15 de marzo de 2010*. Barcelona: Cátedra Unesco de Comunicación InCom-UAB.  
Recuperado en decembro de 2014 de  
[http://www.portalcomunicacion.com/catunesco/download/2010\\_DOWNING\\_NANOMEDIOS%20DE%20COMUNICACION.pdf](http://www.portalcomunicacion.com/catunesco/download/2010_DOWNING_NANOMEDIOS%20DE%20COMUNICACION.pdf)
- Eiré, Afonso (2008). O futuro do galego nos medios de comunicación. En Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy (Eds.). *Lingua e Comunicación IV Xornadas sobre Lingua e Usos* (pp. 37-40). A Coruña: Universidade da Coruña

Recuperado en xuño 2015 de  
[http://www.udc.es/sn/documentospdf/Libro\\_Lingua\\_e\\_Comunicacion.pdf](http://www.udc.es/sn/documentospdf/Libro_Lingua_e_Comunicacion.pdf)

Eisenstein, Elizabeth L. (1994). *La revolución de la imprenta en la Edad Moderna europea*. Madrid: Akal.

Esculca (s.d.). Estado de dereito de baixa intensidade, Máquinas administrativas com vida propia. [artigo web]. Recuperado en setembro de 2015 de  
<http://esculca.gal/web/node/2564>

Europol (2014). TE-SAT 2014. European Union Terrorism Situation and Trend Report 2014. Recuperado en xullo de 2015 de  
<https://www.europol.europa.eu/content/te-sat-2014-european-union-terrorism-situation-and-trend-report-2014>

Fernández Prieto, Lourenzo (2014). No hablamos de nosotros, hablamos de Historia: Nomes, voces e verdugos. En Joseba Agirreazkuenaga Zigorraga, Eduardo J. Alonso Olea (Eds.). *Naciones en el Estado-Nación: la formación cultural y política de naciones en la Europa contemporánea* (pp. 137-150). Barcelona: Flor Edicions.

Freixeiro, X.R., Ríos, M. e Filloy, L. (Eds.) (2008). *IV Xornadas sobre Lingua e Usos*. A Coruña: Universidade da Coruña.

Galiza Contrainfo (2013, 20 de xuño). Terrorismo é [vídeo]. Recuperado en setembro de 2014 de:  
<http://galizacontrainfo.org/terrorismo-%C3%A9-0>

Gándara, Santiago (2008). Medios y conflicto social. La prensa partidaria de izquierda. En Natalia Vinelli e Carlos Rodríguez Esperón (Comp.). *Contrainformación. Medios alternativos para la acción política*. Buenos Aires: Dariovive.org  
[http://www.dariovive.org/audiovisuales\\_libros/contrainformacion.pdf](http://www.dariovive.org/audiovisuales_libros/contrainformacion.pdf)

García-Lafuente Boix, María (2014). *Prensa y terrorismo de ETA en España (1974-1997)*, (tese de doutoramento inédita), Universitat de València.  
Recuperado en maio de 2015 de  
<http://roderic.uv.es/handle/10550/39453>

García Magariños, José (2013). La amenaza del terrorismo independente gallego. *Ciencia policial: revista del Instituto de Estudios de Policía*, 121, 11-20.

Gellner, Ernest (1988). *Naciones y nacionalismo*. Madrid: Alianza.

Golbspan Herscovitz, Heloiza (2007). Análise de conteúdo em jornalismo: estudo de vozes e sentidos. En Cláudia Lago e Marcia Benetti (coord.). *Metodologia de pesquisa en jornalismo* (pp. 123-142). Petrópolis, Rio de Janeiro: Vozes.

Gomis, Lorenzo (1987). *El medio media*. Barcelona: Mitre.

- González-Millán, Xoán (2000). *Resistencia cultural e diferenca histórica*. Sotelo Blanco: Santiago de Compostela.
- Guibernau, Montserrat (1999). *Nations without States. Political communities in a global age*. Cambridge: Polity Press.
- Gurrionero, M. G., Canel Crespo, M.J. e Guadaño Peyrot L. (2012). El relato del terror. Las actitudes profesionales de los periodistas en la cobertura del terrorismo. En Ubaldo Cuesta, María José Canel e Mario G. Gurrionero (Ed.). *Comunicación y terrorismo* (pp 101-118). Madrid: Editorial Tecnos.
- Hadl, Gabriele (2007). Community Media? Alternative Media? .Unpacking approaches to media by, for and of the people. *Papers in International and Global Communication*, 2/07. Leeds: University of Leeds, Centre for International Communications Research.  
Recuperado en setembro de 2009 de <http://ics.leeds.ac.uk/papers/cicr/exhibits/45/hadl.pdf>
- Hallin, Daniel e Mancini, Paolo (2008). *Sistemas mediáticos comparados*. Barcelona: Hacer.
- Hastings (2000). *La construcción de las nacionalidades*. Madrid: Cambridge University Press.
- Hechter, Michael (1999) *Internal colonialism. The Celtic fringe in British National Development*. New Brunswick: Transaction Publishers.
- Hepp, Andreas (2014). As configurações comunicativas de mundos midiaticizados: pesquisa da midiatização na era da “mediação de tudo”. *Matrizes* 8 (1), pp. 45-64  
Recuperado en agosto de 2015 de:  
<http://www.matrizes.usp.br/index.php/matrizes/article/view/562>
- Hepp, A., Hjarvard, S. e Lundby, K (2015). Mediatization: Theorizing the interplay between media, culture and society. *Media, Culture & Society* 37(2), 314–324  
Recuperado en agosto de 2015 de  
[http://www.andreas-hepp.name/hepp-hjarvard-lundby\\_2015.pdf](http://www.andreas-hepp.name/hepp-hjarvard-lundby_2015.pdf)
- Herman Edward S., e Chomsky, N (1979). *The Washintong connection and third world fascism. The political economy of human rights: volume I*. Boston: South End Press.
- Herman Edward S., e Chomsky, N (1994). *Manufacturing consent. The political economy fo the mass media*. Londres: Vintage.
- Hermida Gulías, Carme (2008). A cantidade e calidade do galego nos medios. En Xosé Ramón Freixeiro, Marisol Ríos e Lucía Filloy (edit). *Lingua e Comunicación IV Xornadas sobre Lingua e Usos* (pp. 57-74 ). A Coruña: Universidade da Coruña
- Herrero Valeiro, Mário (2011). *Guerra de grafias, conflito de elites*. Galicia: Através editora.
- Herzfeld Michael (2005). *Cultural Intimacy. Social poetics in the nation-state*. Nova York-Londres: Routledge.

- Higgins, Michael (2004). Putting the nation in the news: the role of location formulation in a selection of Scottish newspapers. *Discourse & Society*, 15 (5), 633-648.
- Hjarvard Stig (2008). The mediatization of society. A theory of the media as agents of social and cultural change. *Nordicom Review* 29 (2), pp. 105-134.  
Recuperado en agosto de 2015 de  
[http://www.nordicom.gu.se/sites/default/files/kapitel-pdf/269\\_hjarvard.pdf](http://www.nordicom.gu.se/sites/default/files/kapitel-pdf/269_hjarvard.pdf)
- Hobsbawm, E. J. (1992). *Naciones y nacionalismos desde 1870*. Barcelona: Crítica.
- Idoiaga Petxo, e Ramírez de la Piscina, Txema (2002). *Al filo de la (in)comunicación. Prensa y conflicto vasco*. Madrid: Editorial Fundamentos.
- Ignatieff, Michael (2005). *El mal menor. Ética política en una era de terror*. Madrid: Santillana Ediciones Generales.
- Jablonski García, Paulo (2009). *Tratos de favor y clientelismo político en democracia. Dos estudios de caso Galicia y Norte de Portugal* (tese de doutoramento inédita), Universitat Autònoma de Barcelona, Barcelona. Recuperado en maio de 2015 de  
<http://hdl.handle.net/10803/5534>
- Jacquard, Roland (1988). *La desinformación: una manipulación del poder*. Madrid: Espasa Calpe.
- Keane, John (2004). *Violence and Democracy*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Krippendorff, Klaus (1990). *Metodología de análisis de contenido. Teoría y práctica*. Barcelona: Paidós.
- Kymlicka, Will (1999). Nacionalismo minoritario dentro de las democracias liberales. En Soledad García, Steven Lukes (Comps.), *Ciudadanía: justicia social, identidad y participación* (pp. 127-157). Madrid: Siglo XXI de España Editores.
- Lafont, Robert (1971). *La revolución regionalista*. Barcelona: Ariel.
- Ledo Andión, Margarita (1982). *Prensa e galeguismo*. Sada: Edicións do Castro.
- Leguineche, Manuel (1998). *"Yo pondré la guerra". Cuba 1898: la primera guerra que se inventó la prensa*. Madrid: El País-Aguilar.
- Letamendía, Francisco (1997). *Juego de espejos. Conflictos nacionales centro-periferia*. Madrid: Trotta.
- Livingstone, Sonia, e Lunt, Peter (2014). Mediatization: an emerging paradigm for media and communication studies. En Knut Lundby (edit). *Mediatization of Communication* (pp. 703-724). Berlin: De Gruyter Mouton.  
Recuperado en agosto de 2015 de:  
[http://eprints.lse.ac.uk/62122/1/Mediatization\\_in%20lundby.pdf](http://eprints.lse.ac.uk/62122/1/Mediatization_in%20lundby.pdf)

- López, Xosé (Coord.). (2001). *La prensa diaria en Galicia (1976-2000)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- López, Xosé (2012). *El papel de los semanarios Teima y A nosa terra en la recuperación del periodismo de Galicia*. Comunicación presentada en el XII Congreso de la Asociación de Historiadores de la Comunicación, Barcelona  
Recuperado en abril de 2013 de  
<http://ashiscom.org/12congreso/doc/2505150109-xose-lopez.pdf>
- López García, X., Aneiros Díaz, R. e Pérez Pena, M. (Coord.). (2005). *A Comunicación no seu tempo. Actas do encontro celebrado os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2005 en Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.  
Recuperado en maio de 2015 de  
[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2008\\_A-comunicacion-no-seu-tempo-Actas-do-encontro-celebrado-os-dias-30-de-xuno-e-1-de-xullo-de-2005.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2008_A-comunicacion-no-seu-tempo-Actas-do-encontro-celebrado-os-dias-30-de-xuno-e-1-de-xullo-de-2005.pdf)
- López López, Pablo Carlos (2006). Participación socio-política da mocidade. Galiza Nova: comunicación interna, externa e plasmación na axenda dos medios. *Comunicación e Cidadanía* 3. Recuperado en xullo de 2015 de:  
<http://www.observatoriodosmedios.org/foros/download.php?id=135&sid...>
- Luca de Tena (2005). A nossa desinformação é paga. En V.V.A.A. *O país na janela. Três anos de independência informativa* (pp 27-29). Lugo: Fenda Editora.
- Madianou, Mirca (2005). *Mediating the nation. News, aduicenes and the politics of identity*. Londres. UCL Press.
- Máiz, Ramón (2004). Marcos políticos identitarios y medios de comunicación: La Voz de Galicia (1977-1996). En Ramón Maíz (dir). *Identidade colectiva e medios de comunicación. La Voz de Galicia 1977-1996* (pp 83-153). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Marletti, Carlo (1988). Terrorismi e comunicazione de massa. En P. Giofranco (Ed.) *La prova delle armi*. Bolonia: I Muliono.
- Martín Martínez, Magdalena (2009). *Terrorismo y Derechos Humanos en la Unión Europea y en el Consejo de Europa: ¿Marcos de referencia mundial?*  
[Ponencia] Curso de Derecho Internacional y Relaciones Internacionales de Vitoria-Gasteiz.  
Recuperado en junio de 2015 de  
[http://www.ehu.eus/cursosderechointernacionalvitoria/ponencias/pdf/2009/2009\\_10.pdf](http://www.ehu.eus/cursosderechointernacionalvitoria/ponencias/pdf/2009/2009_10.pdf)
- Martínez Fernández, V. e Juanatey Boga, O. (2013). A prensa diaria no seu labirinto En Xosé López García, Manuel Rivas Barrós, Rosa Aneiros Díaz (Coord.), *A Comunicación en Galicia 2013* (pp. 47-56). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.  
Recuperado en maio de 2015 de  
[http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG\\_2013\\_A-Comunicacion-en-Galicia-2013.pdf](http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2013_A-Comunicacion-en-Galicia-2013.pdf)

- Melucci, Alberto (2002). ¿Qué hay de nuevo en los ‘nuevos movimientos sociales’? En: Enrique Laraña, Joseph Gusfield (Ed.), *Los nuevos movimientos sociales. De la ideología a la identidad* (pp. 119-149). Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Méndez Ferrín, X. (2001). Grupúsculos desalmados ou o regreso da prensa de consigna. *A Trabe de ouro*, 48, 553-556. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións
- Miguélez-Carballeira, Helena (2013). *Galicia, a sentimental nation. Gender, culture and politics*. Cardiff: University of Wales Press.
- Míguez Macho, Antonio (2007). Apuntamentos para un estudo da historia da violencia entre as clases traballadoras da Galicia urbana (1890-1936). *Semata, Ciencias Sociais e Humanidades*, 19, 177-197. Recuperado en xullo de 2015 de [https://dspace.usc.es/bitstream/10347/4545/1/pg\\_177-198\\_semata19.pdf](https://dspace.usc.es/bitstream/10347/4545/1/pg_177-198_semata19.pdf)
- Mihelj, Sabina (2011). *Media nations. Communicating belonging and exclusion in the modern world*. Hampshire e Nova York: Palgrave Macmillan.
- Morais, Carlos (2012). *Disparos vermelhos*. Santiago de Compostela: Abrente Editora.
- Navarro, P. e Díaz, C. (1998). Análisis de contenido. En Juan Manuel Delgado e Juan Gutiérrez (Coord.). *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en Ciencias Sociales*. Madrid: Síntesis.
- Navaza, Xavier (1991). *Disparos*. Edicións Xerais de Galicia: Vigo.
- Nossek, H., Sreberny, A., Sonwalkar, P. (Eds.). (2007). *Media and Political Violence*. Cresskill: Hampton Press.
- Ó Caollaí (1986). Dominación cultural en Europa: o caso de Irlanda. *A Trabe de ouro*, 71, 95-103.
- Offe, Claus (1988). *Partidos políticos y nuevos movimientos sociales*. Madrid: Fundación Sistema.
- Ogando, L., Campoy, C., Álvarez, A. (Coord.). (2015). *Cara a unha comunicación non excluín-te*. Santiago de Compostela: Real Code. Recuperado en outubro de 2015 de: <https://cidadaniaecomunicacion.files.wordpress.com/2014/11/caderno-i-do-proxecto-cidec-cara-a-unha-comunicacic3b3n-non-excluc3adnte.pdf>
- Paletz, D. L., Fozzard, P. A., e Ayanian, J. Z. (1982). The I.R.A., the Red Brigades, and the F.A.L.N. in the New York Times. *Journal of Communication*, 32(2), 162–171.
- Penabade Rei, Bernardo (2005). Informaçom e credibilidade. En V.V.A.A. *O país na janela. Três anos de independência informativa* (pp. 7-10). Lugo: Fenda Editora

- Pereira, Rui (2001). *La guerra desconocida de los vascos*. Nafarroa: Txalaparta.
- Pereira, Rui (2005). Meter um paozinho na egranagem. En V.V.A.A. *O país na janela. Três anos de independência informativa* (pp. 43-45). Lugo: Fenda Editora
- Pérez Pena, Marcos S. (2005). *Prensa e transición política en Galicia : a contribucion dos xornais ao proceso de construción identitaria* (tese de doutoramento inédita), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Pérez de Armiño, Karlos e Areizaga, Marta (2002). Medios de comunicación. En Karlos Pérez de Armiño (Dir), *Diccionario de acción humanitaria y cooperación al desarrollo* (pp. 349-354). Barcelona: Icaria Editorial.
- Petersoo Pille (2007). What does 'we' mean? National deixis in the media. *Journal of Language and Politics* 6 (3), 419-436.
- Piñuel, José Luis (1986). *El terrorismo en la transición española*. Madrid: Editorial Fundamentos.
- Puñal Rama, Belén (2015). *Presenza e ausencia das mulleres na prensa. Análise do tratamento da prostitución en El País e ABC (1977-2012)* (tese de doutoramento inédita), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- Rábade Villar, María do Cebreiro (2011). Cultural History and Resistance: The Articulation of Modern Galician Literature. En Kirsty Hooper e Manuel Puga Moruxa (Eds.), *Contemporary Galician Cultural Studies. Between the local and the global* (pp. 54-73). Nova York: The Modern Language Association of America.
- Ramil Blanco, Sandra (2013). *Análise da propiedade da comunicación en Galicia. Estudo das estruturas dos grupos de comunicación galegos e dos seus protagonistas* (tese de doutoramento inédita), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela. Recuperado en setembro de agosto 2015 de [https://dspace.usc.es/bitstream/10347/10005/1/rep\\_611.pdf](https://dspace.usc.es/bitstream/10347/10005/1/rep_611.pdf)
- Reig, Ramón (2011). Los dueños del periodismo. Claves de la estructura mediática mundial y de España. Barcelona: Gedisa.
- Rivas Troitiño, José Manuel (1992). *Desinformación y terrorismo: análisis de las conversaciones entre el gobierno y ETA en Argel (enero-abril 1989) en tres diarios de Madrid*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- Rios Bergantinhos, Noa (2002). *A esquerda independentista galega 1977-1995*. Santiago de Compostela: Abrente Editora.
- Rodrigo Alsina, Miquel (1991). *Los medios de comunicación ante el terrorismo*. Barcelona: Icaria Editorial.

- Roig Sánchez, Blanca Ana, Filgueira López, Ester (2004). O marco interpretativo no ámbito político-simbólico: a información sobre o 25 de xullo en La Voz de Galicia (1977-1996). En Ramón Maíz (Dir). *Identidade colectiva e medios de comunicación. La Voz de Galicia 1977-1996* (pp. 283-299). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Saco Pérez, Fernando (2006). *Os irmáns saco. Ou a loita galeguista baixo o franquismo*. Galiza: Edicións A Nosa Terra.
- Sampedro, Víctor (1996). Naciones que se leen: consumo de prensa e identidade nacional. *Cuadernos de Información y Comunicación*, 2, 125-140  
Recuperado en junio de 2015 de <http://revistas.ucm.es/index.php/CIYC/article/view/CIYC9696110125A/7449>
- Sánchez-Duarte, J. M e Sampedro, V (2011). Visibilidade mediática y terrorismo: El caso de las víctimas de ETA. *Textual & Visual Media* 4, 183-210  
Recuperado en setembro de 2015 de <http://www.ciberdemocracia.net/articulos/sampedrosanchez2.pdf>
- Sánchez Duarte, J. M. (2013). *La construcción mediática de las víctimas del terrorismo El caso español* (tese de doutoramento inédita), Universidad Rey Juan Carlos  
Recuperado en maio de 2015 de <http://hdl.handle.net/10115/11810>
- Schaffert, Richard W. (1992). *Media coverage and political terrorists: a quantitative analysis*. Nova York: Praeger.
- Schlesinger, Philip (1991). *Media, state and nation : political violence and collective identities*. Londres: Sage.
- Scott, James C. (2000). *Los dominados y el arte de la resistencia*. México D. F: Ediciones Era.
- Slavtcheva-Petkova, Vera (2014). Rethinking banal nationalism: banal americanism, europeanism, and the missing link between media representations and identities. *International Journal of Communication* 8, 43-61.  
Recuperado en abril de 2014 de <http://ijoc.org/index.php/ijoc/article/view/2201/1048>
- Smith, Anthony D. (1997). *La identidad nacional*. Madrid: Trama Editorial.
- Soria, Felix (2015, 13 de agosto). Hace 40 años de la "increíble" muerte de Moncho Reboiras en la ferrolana Rúa da Terra [entrada de blog]. Recuperado en xullo de 2015 de <http://im-pulso.blogspot.com.es/2015/08/hace-40-anos-de-la-increible-muerte-de.html>
- Subiela, Xaime (2013). *Para que nos serve Galiza?*. Vigo: Galaxia.
- Tarrow, Sidney (2004). *El poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*. Madrid: Alianza Editorial.

- Tilly, Charles (2007). *Violencia colectiva*. Barcelona: Hacer Editorial.
- Tilly, Charles (2007b). *Contienda política y democracia en Europa 1650-2000*. Barcelona: Hacer Editorial.
- Tilly, Charles (1975). Reflections on the History of European State-Making. En Charles Tilly (Ed.), *The formation of National States in Western Europe* (pp. 3-83). Princeton, New Jersey: Princeton University Press.
- Universitat Rovira i Virgili (2014). Periodismo sobre conflictos políticos y territoriales. Consideraciones y sugerencias para el tratamiento profesional. Recuperado en 2014 de:  
[https://mediosyconflicto.files.wordpress.com/2014/03/mediosyconflicto\\_sugerencias.pdf](https://mediosyconflicto.files.wordpress.com/2014/03/mediosyconflicto_sugerencias.pdf)
- V.V.A.A. (2005). *O país na janela. Três anos de independência informativa*. Lugo: A Fenda Editora.
- Van Dijk, Teun A (1993). El estudio interdisciplinario de las noticias y el discurso. En K.B. Jensen e N.W. Jankowski (eds). *Metologías cualitativas de investigación en comunicación de masas*. Barcelona: Bosch
- Van Dijk, Teun A (1996). Opiniones e ideologías en la prensa. *Voces y culturas*, 10, II semestre, 9-50.  
 Recuperado en junio de 2015 de  
<http://www.discursos.org/oldarticles/Opiniones%20e%20ideolog%EDas%20en%20la%20prensa.pdf>
- Van Dijk, Teun A (2006). Discurso y manipulación: discusión teórica y algunas aplicaciones. *Revista Signos*, 39(60), 49-74  
 Recuperado en junio de 2015 de  
<http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=157013768003>
- Van Dijk, Teun A. (2009). *Discurso y poder*. Barcelona: Gedisa
- Verón, Eliseo (1997). Esquema para el análisis de la mediatización. *Diálogos* 48, 9-16.  
 Recuperado en agosto de 2015 de  
[http://3A%2F%2Feliseoveron.com%2Farchivos%2F1997%2F10%2F20%2Fesquema-para-el-analisis-de-la-mediatizacion%2F&usg=AFQjCNF3L8XjLvj6xxgu9VHeDHnPd0czxg&sig2=I1kpEQ6Slv\\_r-XW8fgojkQ](http://3A%2F%2Feliseoveron.com%2Farchivos%2F1997%2F10%2F20%2Fesquema-para-el-analisis-de-la-mediatizacion%2F&usg=AFQjCNF3L8XjLvj6xxgu9VHeDHnPd0czxg&sig2=I1kpEQ6Slv_r-XW8fgojkQ)
- Vidal Alvarinho, R. (2002). A repressom sobre o independentismo galego. *Abrente*, 24.  
 Recuperado en xullo 2015 de:  
<http://www.primeiralinha.org/abrente/ramiro.htm>
- Vinyamata, Eduard (2005). *Conflictología. Curso de resolución de conflictos*. Barcelona: Ariel
- Wolf, M. (1987). *La investigación de la comunicación de masas*. Barcelona: Ediciones Paidós.

Xicoy i Comas, Enric (2008). Interpretació periodística del conflicte basc. (*Avui, El Periódico i La Vanguardia*. Setembre 1998 – abril 2000). (tese de doutoramento inédita), Universitat Ramon Llull, España. Recuperado en maio de 2015 de <http://hdl.handle.net/10803/9211>

Zabaleta, I, Xamardo N., Gutiérrez, A., Urrutia S., Fernández, I. (2010). Assessment and comparison of current media and journalism systems in the Catalan, Galician and Basque languages. *Catalan Journal of Communication & Cultural Studies* 2(1), 3-21.

### Artigos de prensa impresa e dixital

A actual Xunta deu 1.100 millóns de pesetas aos medios en axudas a dedo (2007, 3 de outubro). *Galicia Confidencial*. Recuperado en maio de 2015 de <http://www.galiciainconfidencial.com/nova/2030-actual-xunta-deu-1100-millons-pesetas-aos-medios-axudas-dedo>

Abet, P. (2012, 18 de setembro). Dos encapuchados colocan un cóctel molotov en Vigo. *ABC*, p. 55.

Abet, P. e Pérez E. (2012, 14 de xuño). Los líderes de Resistencia Galega recibieron doctrina militar sobre el uso de explosivos. *ABC*, p. 52.

Abet, P. (2013, 8 de outubro). Age rechaza todo tipo de violencia y hace unánime la condena al atentado de Beade. *ABC*, p. 51.

Alba Rico (2013, 11 de xuño). “Terrorismo gallego” y educación juvenil [entrada de blog]. Recuperado en maio de 2015 de <https://devoltaparaloureda.wordpress.com/2013/06/11/terrorismo-gallego-y-educacion-juvenil/>

Alcalá, Pablo (2013, 22 de xuño). O en su lado o el nuestro. *ABC*, p. 64

Alcalá, Pablo (2013b, 17 de setembro). Contra a opresión. *ABC*, p.45.

Alfredo Aycart, como en Ben-Hur, altavoz en mano, grita a los redactores en ‘galeras’: ‘¡Más de prisa, no oigo los teclados!’ (2012, 18 de xuño). *El Plural*. Recuperado en maio de 2015 de <http://www.elplural.com/2012/06/18/alfredo-aycart-version-moderna-de-ben-hur-recorre-la-redaccion-altavoz-en-mano-gritando-a-los-de-%E2%80%98galeras%E2%80%99-%E2%80%9C%2%A1venga-mas-deprisa%E2%80%A6-no-oigo-los-teclados/>

Álvarez, J. (2005, 15 de novembro). Redadas preventivas. *La Voz de Galicia*, p. 4.

A.M., E.V.P. e N. S. (2010, 25 de abril). Tres detenidos en Tui por pintar una estatua y portar un cóctel molotov. *La Voz de Galicia*, p. 5.

Arias, Pedro (2013, 24 de xuño). Viejos y jóvenes gallegos. *ABC*, p. 66.

- Ataque contra a vivenda de Roberto Blanco Valdés. (2010, 15 de marzo). Novas da Galiza, p. 4.”
- Ate ja (2015, xullo). *Suplemento do Novas da Galiza*, p. 1.
- Bermúdez de Castro, I. (2011, 27 de setembro). Terroristas, no dementes. *La Voz de Galicia*, p. 15.
- Bermúdez de Castro, I. (2013, 11 de xuño). Patetismo político. *La Voz de Galicia*, p. 14.
- Bermúdez de Castro, I. (2013b, 26 de xuño). Resistencia Galega y Beiras. *La Voz de Galicia*, p. 17.
- Bermúdez de Castro, I. (2013c, 18 de setembro). Terroristas, no presuntos. *La Voz de Galicia*, p. 14.
- Blanco, Lois (2005, 16 de novembro). Paco versus Quin. *La Voz de Galicia*, p. 4
- Blanco Valdés, Roberto L. (2010, 29 de xaneiro). La libertad y sus enemigos. *La Voz de Galicia*, p. 14
- Blanco Valdés, Roberto L. (2009, 10 de xuño). Gloria Lago, también sola ante el peligro. *La Voz de Galicia*, p. 14
- Blanco Valdés, Roberto L. (2011, 7 de xaneiro). Frente a la violencia radical: todos a una y desde ahora. *La Voz de Galicia*, p. 14
- Blanco Valdés, Roberto L. (2013, 19 de setembro). Teoría del terrorista buenño. *La Voz de Galicia*, p. 10
- Burns, Walter (2010, 9 de marzo). A Xunta reparte a dedo máis de 2,4 millóns en convenios entre certos medios. *Galicia Confidencial*. Recuperado en maio 2015 de [http://tendencias.galiciaconfidencial.com/nova/5503-xunta-reparte-dedo-24-millons-convenios-medios?&pag\\_com=3](http://tendencias.galiciaconfidencial.com/nova/5503-xunta-reparte-dedo-24-millons-convenios-medios?&pag_com=3)
- Burns, Walter (2011, 10 de abril). Resistencia Galega defínese como ‘brazo armado do pobo’. *Galicia Confidencial*. Recuperado en maio de 2015 de <http://www.galiciaconfidencial.com/nova/8610-resistencia-galega-definese-brazo-armado-pobo>
- Camacho, Ignacio (2008, 14 de febreiro). Galletarras. *ABC*, p. 5.
- Capeáns, Juan (2013, 24 de decembro). BNG y Anova se alían para pedir el acercamiento de un terrorista. *La Voz de Galicia*, p. 10.
- Casal, Manuel (2010, 29 de xaneiro). Todos somos Blanco Valdés. *ABC*, p. 48.
- Coacciones antidemocráticas al PP (2008, 13 de febreiro). *ABC*, p. 4.

Conde Muruais, Perfecto (190, 7 de setembro). Nacionalistas gallegos, acusados de manter contactos con ETA. *El País*. Recuperado en xullo de 2015 de: [http://elpais.com/diario/1980/09/07/espana/337125609\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1980/09/07/espana/337125609_850215.html)

Confusom mediática perante sabotagens contra intereses urbanísticos e as obras do AVE (2007, 15 de xuño). *Novas da Galiza*, p. 4.

D. S. (2014, 16 de xaneiro). El conselleiro de Educación, citado ante el juez después de acusar al BNG de apoyar a grupos terroristas. *La Voz de Galicia*, p. 8.

De la Vega, Alfonso (2012, 9 de xuño). Bombas patrióticas. *ABC*, p. 66.

Desarticulación en Galicia de las organizaciones E.T.A.-U.P.G. (1975, 21 de agosto). *ABC*, p. 55.

Detalles de la desarticulación en Galicia de la organización subversiva ETA-UPG (1975, 21 de agosto). *La Voz de Galicia*, p. 38.

Detençons de independentistas provocam espetáculo mediático e geram solidariedade (2012, 15 de xaneiro). *Novas da Galiza*, p. 4.

Detenido en Vigo un ex grapo por atentados de Resistencia Galega (2011, 10 de marzo). *La Voz de Galicia*, p. 4.

Detenidos los presuntos autores de un atentado en el Club Financiero de Vigo. (2014, 15 de xaneiro). *La Voz de Galicia*, p. 12

Dos detenidos por atentar contra el Club Financiero de Vigo en 2012 (2014, 15 de xaneiro). *ABC*, p. 75.

El ‘BNPG’, la violencia y los incendios forestales ( 1979, 19 de xullo). *La Voz de Galicia*, p. 14.

El “comando Cospeito” del grupo terrorista se atribuyó los atentados (1995, 30 de setembro). *La Voz de Galicia*, p. 22.

El grupo AGE se queda solo al poner reparos a la condena del atentado. (2014, 3 de outubro). *La Voz de Galicia*, p. 3.

En libertad una de las detenidas en la operación antiterrorista contra Resistencia Galega (2011, 5 de decembro). *La Voz de Galicia*, p. 8

Enérgica condena por parte de las autoridades (2008, 9 de febreiro). *La Voz de Galicia*, p. 4

Fariñas, Julio A (2011, 6 de decembro). La Audiencia Nacional estudia la posible ilegalización de AMI. *La Voz de Galicia*, p. 6

Feijoo censura la ‘injustificable’ reacción de AGE y Juárez pide una condena ‘sin peros’ (2014, 3 de outubro). *La Voz de Galicia*, p. 4.

Feijoo sí paga a ‘traidores’..., perdón, a colaboradores (2012, maio). *El Plural*. Recuperado en maio de 2015 de

<http://www.elplural.com/2012/05/27/nunez-feijoo-si-paga-a-%E2%80%98traidores%E2%80%99%E2%80%A6-perdon-a-colaboradores/>

Ferrand, Martín (2008, 14 de febreiro). Patología nacionalista. *ABC*, p. 6.

Fonseca, J. e Zuloaga, J. M. (1989, 12 de marzo). El Ejército Guerrillero del Pueblo Gallego Libre ha preparado su santuario en Lisboa. *ABC*, p. 35.

Fundación Artabria (2012, 31 de outubro). A Fundação Artábria solidariza-se com Sílvia e Júlio: denunciámos a intoxicación informativa de La Voz de Galicia [entrada de blog]. Recuperado en xullo de 2014 de

<http://agal-gz.org/blogues/index.php/artabria/2012/10/31/a-fundacom-artabria-solidariza-se-com-silvia-e-julio-denunciámos-a-intoxicacom-informativa-de-la-voz-de-galicia>

Freire, Andrés (2011, 6 de decembro). Los militares detenidos. *ABC*, p. 46.

García, F. (2001, 12 de marzo). Un grupo independentista amenaza con acciones violentas en territorio gallego. *La Voz de Galicia*, p. 5.

González, Jaime (2013, 8 de outubro). Pues sí, la extrema izquierda. *ABC*, p. 5.

Grupos organizados dentro y fuera de la Universidad gallega (2008, 13 de febreiro de 2008). *ABC*, p. 11.

Hidalgo, Carlos (2014, 11 de abril). Tres independentistas radicales gallegos, detenidos por el 22-M. *ABC*, p. 88.

Jiménez, José Luís (2008, 14 de febreiro). El socialista Touriño niega una condena de su gobernmno al intento de agresión a San Gil. *ABC*, p. 12.

Jiménez, José Luís (2010, 29 de xaneiro). Atentan contra la casa de Roberto Blanco Valdés. *ABC*, p. 20.

L.P. (2014, 16 de xullo). Aceptan dos años de cárcel por portar un cóctel molotov junto al puesto de la Guardia Civil de Tui. *La Voz de Galicia*, p. 12.

La Audiencia Nacional advierte que los ataques radicales en Galicia se tratarán como el terrorismo etarra (2011, 6 de xaneiro). *La Voz de Galicia*, p. 1.

La tensión nacionalista (2008, 15 de xaneiro). *ABC*, p. 4.

Los cachorros de Jarrai (1998, 26 de xullo). *El Correo Gallego*, p. 3.

- Los tres detenidos en Tui con un cóctel molotov quedaron ayer en libertad con cargos (2010, 26 de abril). *La Voz de Galicia*, p. 9.
- Manifiesto Resistencia Galega (2005, xullo). *Indymedia Brasil*. Recuperado en maio de 2015 de <http://www.midiaindependente.org/es/red/2005/07/323584.shtml>
- Martínez, Ana (2008, 6 de marzo). Las fuerzas estatales siempre satanizan al nacionalismo cuando no les hace falta. *ABC*, p. 52.
- Martínez, A., Torres M., Gómez, J. (2012, 18 de setembro). Atacan con un cóctel molotov la sede del Club Financiero de Vigo. *La Voz de Galicia*, p. 15.
- Montañés, Erika (2007, 16 de decembro). La UFGCs reprueba que se convierta a los tres detenidos en ‘chivo expiatorio’ de los últimos atentados. *ABC*, p. 67.
- Non ten cabida (2011, 17 de setembro). *La Voz de Galicia*, p. 6.
- O noso caminho (2012, xullo). *O Golpe*, p. 3. Recuperado en agosto de 2014 de: <https://docs.google.com/viewer?a=v&pid=sites&srcid=ZGVmYXVsdGRvbWFpbXhcnF1aXZvc2FycmVkaXN0YXxneDo1YWNjYmVmODIwZjhhMTZm>
- Ónega, Fernando (2011, 19 de xaneiro). Peligro, violencia política. *La Voz de Galicia*, p. 14
- Orgaz, J. (2012, 18 de setembro). Detenciones y comicios podrían intensificar la actividad callejera de Resistencia Galega. *ABC*, p. 54.
- Orgaz, J. (2012b, 31 de outubro). Resistencia Galega imita los métodos de financiación de los radicales vascos. *ABC*, p. 51
- Orgaz J. e Pérez del Pino (2012, 2 de xullo). Resistencia Galega, 50 atentados en siete años. *ABC*, p. 82
- Osvaldo Brea, activista da Resistencia Galega (2006, xullo). *Indymedia Brasil*. Recuperado en xuño de 2015 de <http://brasil.indymedia.org/media/2006/07//357875.pdf>
- P., J. (2014, 26 de marzo). Los vándalos tienen nexos con proetarras y Resistencia Galega. *ABC*, p. 29.
- Pagola, J. e Muñoz, P. (2014, 30 de marzo). Los herederos del terrorismo callejero. *ABC*, pp. 20-21.
- Pan, José Manuel (2005, 24 de xullo). Non son coma nós. *La Voz de Galicia*, p. 8.
- Pan, José Manuel (2011, 15 de xuño). Atentados desde Galicia. *La Voz de Galicia*, p. 15.
- Pan, José Manuel (2013, 9 de xuño). “Me gustaría ver el Bloque una condena clara a Resistencia Galega”. *La Voz de Galicia*, p. 8

- Pan, Jorge (2013, 8 de outubro). ‘A un terrorista que matar por matar hay que hacerle lo mismo’. *ABC*, p. 50.
- Paz, R. (2014, 11 de febreiro). Afines a Resistencia vinculan la dispersión de los presos con ‘actos de venganza’ del Estado. *ABC*, p. 64.
- Peste (2011, 2 de decembro). *La Voz de Galicia*, p. 1
- Ponte, Artur (2007, 15 de agosto). Julio Fariñas ou o aval mediático das estratégias repressivas do Estado na Galiza. *Novas da Galiza*, p. 15
- Princípios fundacionais (2002, marzo). *Novas da Galiza*, p. 3.
- Rey Fernández- Latorre, Santiago (2004, 12 de outubro). El compromiso de un título. *La Voz de Galicia*. Recuperado en setembro de 2015 de <http://www.lavozdegalicia.es/hemeroteca/2004/10/12/3106570.shtml>
- Rey Fernández- Latorre, Santiago (2009, 7 de febreiro). Yo protesto. *La Voz de Galicia*. Recuperado en xullo de 2015 de: <http://www.lavozdegalicia.es/opinion/2009/02/07/00031234043299215675436.htm>
- Rey Fernández-Latorre, Santiago (2009b, 30 de agosto). La voz de la calle. *La Voz de Galicia*. Recuperado en setembro de 2015 de: [http://www.lavozdegalicia.es/opinion/2009/08/30/0003\\_7937628.htm](http://www.lavozdegalicia.es/opinion/2009/08/30/0003_7937628.htm)
- Rey Fernández-Latorre, Santiago (2010, 31 xaneiro). Siempre libre. *La Voz de Galicia*, p. 16.
- S.M. e R. S. (1995, 1 de outubro). Belloch alaba la acción policial contra el Novo Exército Galego. *La Voz de Galicia*, p. 23.
- Salgado, Xurxo (2015, 29 de maio). A Xunta inxecta un millón de € aos medios tras o batacazo do PP o 24M. *Galicia Confidencial*. Recuperado en maio 2015 de: <http://www.galiciaconfidencial.com/nova/24307-xunta-inxecta-millon--aos-medios-batacazo-pp-24m>
- Sampedro, D. e Pan, J. M. (2013, 11 de xuño). El BNG pedirá la reprobación del delegado del Gobierno. *La Voz de Galicia*, p. 6.
- Sampedro, X. R. (2012, 15 de xaneiro). Da intoxicación como estratéxida de guerra. *Novas da Galiza*, p. 21.
- Sampedro, Xoán R. (2013, 15 de setembro). Audiencia Nacional española decidirá existencia ou nom de ‘terrorismo’ na Galiza. *Novas da Galiza*, p.16
- Secuestran la Gaceta Universitaria en respuesta a una campaña de Estudiantes Independentistas (1999, 11 de setembro). *El Correo Gallego*, p. 21.
- Smith, Winston (2014, 15 de marzo). Como se fabricam nos meios as pistolas de Resistência Galega? *Novas da Galiza*, p.20.

Smith, Winston (2014b, 15 de maio). Preparando a audiéncia para a repressom política. *Novas da Galiza*, p. 21.

Soria, Félix (2001, 26 de marzo). Los independentistas afirman que el BNG “xa non é unha alternativa de esquerdas”. *La Voz de Galicia*, p. 4.

Sobre liberdade (s) de expressom (2014, 15 de marzo). *Novas da Galiza*, p. 2.

Suárez, R. (2013, 15 de setembro). A informaçom retorcida. *Novas da Galiza*, p. 3.

Tivéronnos nove horas de pé, mentres nos berraban e insultaban. (2014, 28 de marzo). *Praza Pública*. Recuperado de:  
<http://praza.gal/movimentos-sociais/6837/tiveronnos-nove-horas-de-pe-mentres-nos-berraban-e-insultaban/>

Todos los partidos muestran su rechazo absoluto a la violencia (2010, 17 de setembro). *La Voz de Galicia*, p. 10.

Un hombre firme (2010, 29 de xaneiro). *La Voz de Galicia*, p. 11.

Uriarte, Edurne (2008, 14 de febreiro). Quienes gritan fascista. *ABC*, p. 14.

Varela, F. (2012, 31 de outubro). Trasladan a Madrid a los activistas de Resistencia Galega detenidos en Ferrol. *La Voz de Galicia*, p. 14.

### **Outras fontes**

ABC.es  
<http://www.abc.es>

LaVozdeGalicia.es  
<http://www.lavozdegalicia.es>

Novas da Galiza  
<http://www.novasgz.com>

OJD Interactiva  
<http://www.introl.es/medios-controlados/>



## ANEXO I. TRANSCRICIÓN DAS ENTREVISTAS

### Informante 1

-Nome: Silvia Casal Sabín

-Actividade: activista acusada de pertencer a Resistencia Galega e liberada aos poucos días sen cargos.

-Data de realización: 30/10/2015

-Técnica: entrevista telefónica transcrita á man.

**-Silvia, ti e mais o teu compañeiro fostes acusados de pertencer ao aparato de financiamento de Resistencia Galega e detivéronvos nunha espectacular operación policial que recibiu unha grande repercusión mediática. Como foi a detención?**

Eu acababa de chegar á casa de traballar. O neno estaba a durmir. Estabamos os dous na casa, Xulio e mais eu. Non tiraron a porta abaixo porque había un menor dentro. A noticia da miña detención saíu nos medios con media hora de diferenza, ou así. Aínda estaban deténdome e o meu móbil non paraba de soar con chamadas de amigos. Ademais, a policía traía unha cámara e dixéronme que tapara a cabeza para que non se me vira.

**-A cámara era dalgún medio de comunicación?**

Eu creo que non. Teño un amigo na Televisión de Galicia que preguntou isto e díxome que a cámara era da policía.

**-Mais no voso caso non saíron imaxes vosas na prensa**

Dixéronme que se viron imaxes da detención na Televisión de Galicia.

**-Ao teu compañeiro tamén lle advertiron que se tapara?**

Non, a el non lle dixeron nada. Estabamos en cuartos separados.

**-Que pasou co neno?**

Eu preguntei durante a detención cales eran os dereitos do menor, porque creo que a lei non permite unha separación como a que nos impuxeron. Dixéronme que ou o levaban a Servizos Sociais ou llo entregaba a un familiar. Chamaron a miña irmá, que vivía ao lado, pero non puideron entregarlle eu persoalmente ao neno, tiveron que darllo a unha muller policía que non coñecía de nada. Non é por ser dramática, pero o feito de ter un neno de oito meses fixo que levara peor toda a situación. Estada dándolle o peito e practicaba o coleito. E o pequeno estivo catro días sen comer nin durmir. A min doíanme os peitos, a forense asinoume un papel para que levara o sacaleites a Madrid.

**-Que duro, o que contas**

Sofres unha grande impotencia, porque non podes facer nada, teñen moito poder. No tempo que estiven en Madrid, unha amiga fixo trámites para que nos xuntaran, pero nada. Deixáronme libre aos dous días e eu só pensaba en irme e coller un avión ou un autobús para Ferrol, pero non me entregaron o DNI e tiveron que agardar dous días máis para volver á casa. Póñenche nunha situación de desarraigo intencionadamente.

**-Liches algo do que se publicou a prensa?**

Non, dende aquela non volvíu a ver a prensa nin os informativos da Televisión. Pero contáronme algo e sei que publicaron moitas falsidades. Necesitaban demostrar a existencia dun suposto aparato de financiamento, para xustificar moitas das aberracións que cometeron, como as condenas de Antom Santos e Maria Osorio, que non se sosteñen en nada. Tamén publicaron que nos atoparon explosivos, totalmente mentira. Dicían que estaban na nosa casa de Neda que estabamos a restaurar. Era absurdo, se había moitas persoas que tiñan chave desa

casa e os arquitectos entraban e saían! E dixeron de min que traballaba na Fundación Artabria, cando levaba anos sen participar.

**-Afectouche a nivel laboral todo o que se publicou?**

Afortunadamente non, o meu xefe foi unha das primeiras persoas en chamarme cando volví. Levo moitos anos traballando para el e coñéceme. Díxome que estivera tranquila e ao seguinte luns incorporeime como sempre o traballo. Aínda ten un dossier de prensa gardado de todo o publicado para cando eu queira miralo. Afortunadamente, tiven moitos apoios. Tamén dou aulas de teatro e tiña medo das reaccións dos pais e nais, pero contei coa súa confianza. Eu tiña a conciencia tranquila e ao día seguinte de chegar á casa, saín á rúa.

**-Finalmente liberáronte sen cargos.**

Si, eu estou convencida de que a miña detención foi unha forma de presión ao meu compañeiro, Xulio.

**-Xa me teñen comentado dende Ceivar que se adoita deter as parellas dos acusados como medida de presión. É unha forma de utilización da muller similar á que acontece nas guerras**

Totalmente, ademais son moi machistas. Durante a incomunicación en Madrid, a min dicíanme que el non me quería, pois del dependía que puidese estar co meu fillo. E a el dicíanlle que eu sufrira ataques de ansiedade e que me ían levar a un centro de saúde. Pero eu e mais Xulio coñecémonos ben e sabíamos que non era certo.

**-Cal é a situación xudicial do teu compañeiro agora? Nos medios anunciouse que saíu libre con fianza. Está pendente de xuízo?**

Primeiro saíu con fianza e logo arquivouse a causa. Pero tivo que pasar 40 días preso en Madrid. Imaxina, tiven que facer constantes viaxes co neno pequeno para velo. Isto supuxo un grande esforzo económico para nós. De feito, puidemos pagar os gastos do avogado grazas a Ceivar, que nos axudou. Se non, para nós suporía un problema.

**-Por que cres que vos detiveron? Esperabas algo así?**

Nós sabíamos que nos seguía a policía secreta, porque Ferrol é un sitio pequeno e todos nos coñecemos. Viámoslos pasar por diante da nosa casa pero nunca esperei algo así. Foi un despregue espectacular, acordaron a rúa e viñeron policías galegos e tamén chegados de Madrid. Penso que todo isto é para xustificar o salario de tantos axentes dedicados á loita antiterrorista.

**-Suxires que o fenómeno de Resistencia Galega obedece á necesidade de empregar as forzas de seguridade?**

Sabes cantos policías había durante a nosa detención? Os veciños quedaron asombrados. Non sei cantos policías había, tanto de uniforme como de paisano. Viñeron dous coches policiais e outros dous coches de custodia a deter a dúas persoas. Parece que calquera pode ser detido por terrorista.

## **Informante 2**

- Nome: Adolfo Naya
- Actividade: activista independentista
- Data de realización: 07/10/15
- Técnica: cuestionario mediante correo electrónico.

**En 1995 fuches acusado de pertencer a un suposto "Novo Exército Galego", despois dunha acción contra un caixeiro. Que aconteceu? Poderías relatarme como foron os feitos?** Foi nun contexto de desemprego e crise económica, onde a mocidade galega carecía de futuro (moi parecido a día de hoxe), no 93 afundiou o Mar Egeo, morreu unha persoa no derrubamento do vertedoiro de Bens e cun presente era desolador, ante isto decidimos, dous amigos fartos de tanta inxustiza, o 24 de xullo pola noite rociar de gasolina un caixeiro e prenderlle lume. O que non tiñamos previsto é que ao ser un recinto pechado, concentraríanse gases e estouparía.

**-Era a primeira vez que AMI se vía involucrada nunha acción represiva deste tipo?**

A ese nivel de criminalización si, xa tiñamos seguimentos e moita presenza policial nos nosos actos mas non a ese nivel.

**-Oíras falar antes do Novo Exército Galego (NEG)?**

Nunca escoitara tal ate que a policía comezou a preguntarme polo grupo.

**-Quen che comunicou a acusación de pertenza a banda terrorista?**

A policía.

**-Que é o Comando Cospeito?**

Foi unha ocorrencia, non sei se da policía ou da prensa, eu nunca estivera en Cospeito, de feito nin tiña claro onde ficaba exactamente. Deste nome entereime cando saín do cárcere e vin todas as barbaridades que saíron nos meíos.

**-A prensa publicou que os dous detidos confesaron a súa pertenza a NEG. Foi certo?**

Non, nós confesamos que queimáramos un caixeiro automático, mais nunca a nosa pertenza a un grupo que nós mesmos non coñeciamos.

**-Que rol desempeñaron os medios no acontecemento?**

Un rol de desinformación e de crear pánico social, colaborando na creación das redes imaxinarias do terror político, como as definiu Roger Bartra, para xustificar máis represión social e manter o status quo do sistema, ate falou da nosa detención Fraga!

**-Quen cres que creou e filtrou aos medios a noticia da existencia de NEG?**

Penso que foi a policía ou o gobernador civil, Vacas Belda ou o Ministro Belloch. Por que? Supoño que por xustificar as nosas detencións e así criminalizar a mocidade independentista, que naqueles anos era moi activa en todos os movementos sociais e que cada vez xuntaba a máis mocidade. Penso que máis que medo a que se creara un grupo armado, tiñan a que a mocidade, e como tal o independentismo, medrara aquí e se puidera crear un movemento independentista forte.

**-Que implicacións tivo para ti a nivel persoal ou profesional a túa aparición nos medios?**

Evidentemente negativas, xa que durante as semanas que saíron as noticias que falaban de terroristas saían moitos titulares. Mas cando quedou claro que nós non pertenciamos a ningún grupo saíu unha moi pequena nota, e se a día de hoxe, como fixeches, buscas o meu nome no Google, saen noticias das detencións. Durante un tempo foi duro tanto para min como a miña familia, de feito houbo moitas tensións familiares xa que algúns tíos crían que eu era un terrorista e outra parte da familia defendía que non. Mais o tempo cúrao todo, e por sorte non todas as persoas están tan influenciadas polo medios. De feito, hai pouco falando do tema cunha

persoa que non sabía da miña detención, dicíame "fostes uns visionarios, vistes o que lle ía facer Caixa Galicia aos seus clientes" en referencia ás preferentes, do estraño que non ocorreran cousas así, despois de que lle roubaran os aforros de toda a súa vida.

**-Como foi a declaración na Audiencia Nacional?**

Foi moi curta, xa que o Sr. Bueren leu as acusación e sacando o do caixeiro, todo era que se tocaba o tambor nas manifestacións, que colgaba pancartas e facía pintadas. Iso a un xuíz que estaba acostumado e detidos de ETA, fíxolle sorrir e dixo que non era da súa competencia e que tiñamos que ser xulgados na Coruña, xa que non había delito de terrorismo. Finalmente na Coruña fomos condenados por estragos.

**-Como valoras a cobertura mediática no caso do fenómeno Resistencia Galega?**

Penso que é seguir mantendo o discurso que se iniciou con nós da criminalización do independentismo, de feito se valoramos o que está a ocorrer en Cataluña podemos ver que uns dos grandes temores do Estado é o independentismo. Naqueles anos, inicios dos noventa o movemento independentista galego e catalán estaban máis ou menos ao mesmo nivel de organización, mas coa criminalización e persecución a mocidade independentista galega, así como a nosa falta de madurez política, fixo que non medrara o movemento na Galiza.

**-Ves similitudes ou diferenzas co teu caso?**

Penso que ten moitas similitudes xa que collendo panfletos ou comunicados, que puido facer calquera, mais sumado á carraxe de moita xente polo que está a padecer, pódense inventar terroristas para os medios, que lexitimen a represión e faciliten o isolamento do movemento independentista e das persoas que padecen a represión nos cárceres do Estado. O terrorismo é unha táctica, e como tal non pode haber unha loita contra unha táctica, iso sabeo calquera militar ou policía, a loita pode ser contra un grupo determinado que pode empregar determinadas tácticas, mas para o sistema o que busca coa mal chamada loita contra o terrorismo e a creación de terroristas é a doutrina do schok sobre a sociedade civil, así como criminalizar todas as persoas que se rebelan contra un sistema inxusto e criminal.

### **Informante 3**

- Nome: Armando Ribadulla
- Perfil: activista independentista
- Data de realización: 09/10/2015
- Técnica: cuestionario mediante correo electrónico

**-En 1995 fuches acusado de pertencer a un suposto "Novo Exército Galego", despois dunha acción contra un caixeiro. Que aconteceu? Poderías relatarme como foron os feitos?** Foi há tempo, mas tentarei lembrar. Depois da dissolução de APU, a AMI com uma dinâmica nova independentista começou a medrar rapidamente, obviamente com simpatias não ocultas públicas e publicadas por nós com outros movimentos de esquerdas independentistas do estado. Óbvio, pois, éramos independentistas de esquerdas. Toda esta informação pública foi usada para criminalizar-nos desde o media quase desde o início, não apenas manipulando o publicado, mas mentindo de maneira total, comose pode ver aqui: <http://www.diarioliberalidade.org/galiza/reportagens/7027-quem-e-quem-david-balsaguldris.html>. O comunicado do NEG, comunicado falso ou diretamente mandado polo policía, foi utilizado para aplicar a lei anti-terrorista e justificar as nossas detenções -que com comunicado ou sem comunicado tinham pensado fazer, na minha opinião-, justificou um pouco melhor a desproporção das detenções. *La Voz de Galicia* mais que como informador atuou como um agente mais desta repressão. Depois deste comunicado pensei já tinham intenção de ir por nós, polas cabeças visíveis, a modo de escarmento, o escarmento também é por os nossos nomes e apelidos antes mesmo de ser julgados para estigmatizar-nos socialmente (continuam a facelo). As detenções foram praticamente um sequestro, estivemos imcomunicados, não sei tempo, 2 ou 3 dias, na central da policía espanhola da Corunha, separados sem direito a advogado, frequentes interrogatórios e ameaça de tortura se não assinávamos o que queriam em Madrid etc. Só nos declaramos culpáveis duma sabotagem a um caixeiro, baixo estas circunstâncias, nunca de pertença a ningún grupo armado. De ahí depois de ter assinado (baixo tortura psicológica, sem advogados) fomos levados diretamente a Madrid, eu a Carabanchel, onde estive dous meses. Antes sofremos um interrogatório polo juiz da Audiência Nacional (ali eu penso que neguei os feitos que assinara, a verdade não lembro bem agora). Também não lembro bem o juízo que tivemos tempo depois, talvez Adolfo Lembre melhor. O caso é que não fomos culpados de terrorismo nem nenhum delito de terrorismo e não desmentiu nada a prensa depois de sair. AMI continuou a medrar. Hoje há centros sociais por todo o país independentistas, e apesar de não haver uma organização independentista consolidada forte. Penso de todos jeitos que medrou o independentismo em geral no país. Sobre Resistencia Galega, pois penso que en sabotagens concretos contra a banca, ou nalguma luta social, quando o fam independentistas ou gente organizada dentro do independentismo, sempre é terrorismo. Com RG ou sem RG, dá igual. Por que os grupos organizados de fascistas que mataram a Jimmy em Madrid não se declaram terroristas? E por que ainda não se resolveu este assassinato, não o primeiro destes grupos? Deixo aí a pergunta.

#### **Informante 4**

-Nome: Carlos Morais

-Actividade: secretario xeral de Primeira Linha

-Data de realización: 11/05/2012

-Lugar: cafetería Hotel Costa Vella, Santiago de Compostela

Técnica: entrevista persoal rexistrada con gravadora

#### **-Comezamos xa...**

Partías da base de que co cambio de século hai unhas mudanzas. Mas iso é fruto dunhas maduracións que se producen previamente. Dáte conta que coa mudanza de século, a partir dos últimos anos do século XX, hai unha nova recomposición do chamado espazo, do que nós concretamente os que somos comunistas, estamos dentro do movemento independentista mas para nós o elemento central é a luta de clases, somos comunistas, nunha nación que sofre unha presión nacional e por tanto somos patriotas comunistas. Se foramos comunistas nun Estado como España e vivisemos en Madrid non seríamos patriotas españois. Somos patriotas na Galiza, o elemento central é o marxismo e a luta de clases. A partir de final do século XX, hai unha recomposición dentro do espazo da esquerda independentista, provocado por que emerxen uns novos axentes políticos, e hai unha renovación xeracional. A mediados da década dos 90 do século XX ten lugar dous fenómenos de tal importancia que provocan un debilitamento extremo do que era o chamado movemento independentista; por outro lado ese movemento estaba articulado, dividido en dúas grandes correntes de opinión coas súas diverxencias, tácticas e estratéxicas, por dous motivos, basicamente, por non entrar en cuestións máis afondo, ese movemento está esgotado.

#### **-Que dúas correntes eran?**

Por un lado a corrente que está articulada á volta dun proxecto estratéxico que considera que a vía para lograr a independencia nacional da Galiza e o cambio social é unha acumulación de forzas en base a un proxecto político militar, iso era o que era o binomio Exército Guerrilheiro-APU, iso foi derrotado política e militarmente na década dos 90. E a iso úneselle un factor a escala internacional que tivo unha influencia destacada en todo o que foi a esquerda mundial, e á cual o noso país non ficou alleo. Por un lado, a queda do bloco soviético que significou desde a caída do muro de Berlín no ano 1989 ata a implosión da Unión Soviética no ano 1998, entón iso provoca no conxunto da esquerda galega tamén, e tamén na esquerda independentista, unha perda de perspectivas e unha crise; esa crise no caso da primeira corrente, do binomio APU-ESPSCG o que fai é chover sobre mollando. Entón hai unha perda de perspectivas, unha perda de referencialidade, unha toma de decisións precipitada a respecto de identificar socialismo, comunismo, co modelo soviético, polo tanto, o abandono, de todo ese caudal de experiencias acumuladas ao longo de máis 150 anos de luta de clases mundial. Ise factor tamén inflúe na outra corrente, que é a corrente nucleada á volta da FPG, que está completamente debilitada e practicamente no chasis. Entón, eses dous factores...

#### **-Cando, agora?**

Non, falamos da primeira metade da década dos 90.

Entón, a partir de aí, emerxen uns novos axentes, o máis destacado sería Primeira Linha. que se configura entre 1995 e 1996, no seo do BNG, nun momento de criminalización do proxecto revolucionario marxista, dos modelos do socialismo, por identificarse coa Unión Soviética, e a nosa constitución dentro do Bloque e a nosa presenza nun espazo, que era o espazo independentista axiu de revulsivo, e ese revulsivo permitiu, por un lado, a inxección dunhas enerxías das cuais se carecía e a isto se lle une que, dentro do que é a primeira corrente, emerxe

con certo dinamismo a organización xuvenil, que tiña creado APU en 1993, do que foi, que era AMI (...). No momento no que o binomio EG-APU é derrotado, AMI é quen recolle a testemuña desa corrente e comeza unha certa actividade. Entón, ambos fenómenos entrelazados, embora partían de diferentes puntos de vista, e a súa convivencia nunca foi fácil, permitiron unha reactivación que dá lugar a partir do ano 99, no momento no que Primeira Linha decide nun congreso extraordinario abandonar o BNG, a convocatoria por primeira vez, despois de moitísimos anos, dun 25 de xullo unitario, porque a FPG e AMI non se relacionaban, e a partir de aí, iso crea unhas dinámicas, unhas unidades de acción con moitas tensións internas, con diverxencias, con obstáculos e iso ten diferentes fases. A primeira fase e punto de inflexión é que unha parte das forzas acumuladas á volta diso, que arrastran outra xente ou activan outros militantes de diferentes movementos sociais, do sindicalismo, xente que estaba desactivada, a incorporación de xente nova, dá lugar á creación do que se chama o proceso Espiral, que no sei se sabes o que foi.

**-Si**

E iso permitiu o nacemento de Nós-Unidade Popular e o lanzamento dunha nova maneira de facer política dentro da Esquerda Independentista, por iso se lle chamou o 'novo independentismo', que era deixar de actuar unicamente en base a situacións...

**-Non sabía que se lle chamaba o novo independentismo**

Si, de facto o que é o proceso Espiral, creo que a súa lenda, a súa presentación pública era 'o novo independentismo'. O novo independentismo o que pretende é abandonar o consignismo estratéxico, as palabras abstractas para falar de cuestións concretas, tácticas e actuar a nivel local, intervir en cuestións municipais, traballar nos movementos sociais, facer unha política de masas. E dentro desa política de masas si que aparece a necesidade de ter unha liña de comunicación propia. Por que? Porque nese momento, un momento que coincide coa reactivación da esquerda independentista, o inimigo –o capital e España- cambia a súa táctica, que ata ese momento era 'non aparecías, estabas condenado ao ostracismo' (...) estaba moi interesado esa propia lóxica en aparecer nos medios de comunicación; nos últimos anos, eh? antes si porque había un fenómeno normal, tiña unhas dimensións, etc. Mas a partir dese momento no ano 97, 98, 99, 2000, os medios de comunicación o que fan é sobredimensionar a actividade da esquerda independentista. Dedicán entón páxinas e páxinas, que crean unha alarma social.

**-A actividade, pero que actividade, a violenta? Cando poñen un artefacto, ou hai unha manifestación? Realmente, que é o que sae neses anos?**

O que sae naquel momento é sempre identificar independentismo con violencia política, ou as relacións internacionais que mantiña a esquerda independentista coa esquerda abertzale, que estaba nun momento de máxima criminalización por parte do réxime español. Entón, o independentismo sempre saía ligado a iso, e a táctica concreta naquel momento por parte dos medios de comunicación, que os medios de comunicación seguían as sempre a lóxica e as consignas que lles daba o Ministerio do Interior e a delegación do goberno, iso funciona así, ti es xornalista e sabes como funciona isto

**-Bueno, non so co independentismo, con todos os movementos sociais**

Si, en xeral, con todo. Interésame que se diga, aquí non hai liberdade de prensa, aquí o que hai é unha multitudón de cabezallos nos quiosques, mas todos din o mesmo con matices. Claro, ti podes escoller 25 cabezallos, vas ao quiosque e ves todos, e que, mas din todos máis ou menos o mesmo. Non hai un xornal que cuestione o sentido do rexime, ou que lle dea voz aos sen voz. Ben, pois os medios de comunicación naquel momento, ou un sector deles... temos dosieres, temos centenas de páxinas daquela época, nos dedicaron ducias e ducias de páxinas á semana. *El Correo Gallego* estaba especializado niso...

**-A Primeira Linha ou que siglas aparecían. De quen falaban?**

Naquel momento, date conta que a partir de 1999, que nós saímos do BNG, ponse en andamento unha unidade de acción entre a FPG, AMI e Primeira Linha, o que se chamou a Comisión Nacional Unitaria da Esquerda Independentista do 25 de xullo, que fixo campañas. Mas tamén simultaneamente estas dúas xunto coa esquerda independente lanzan unha serie de organizacións políticas de ámbito estritamente comarcal, que eran as asembleas populares comarcais. A primeira é a de Compostela, esas asembleas comarcais o que pretendían era aplicar liña táctica, sumar xente cun programa de mínimos, e facer actividade real e concreta de tipo sectorial. Iso nótase, por lanza o que foi e segue sendo o decano dos medios de comunicación políticos, voceiros políticos a nivel municipal, que é *O Pedroso*, non sei se o coñeces.

**-Si, oín falar del**

Vai polo número 48, sae cada tres meses, son oito páxinas, e fala de política municipal. Que acontece? Que neses momentos, a APC tiña unha actividade moi grande en Compostela.

**-E *O Pedroso* é independentista?**

Era voceiro da APC, e agora é voceiro da asemblea comarcal de Nós-UP Compostela. É o voceiro da asemblea comarcal. Se queres un día quedamos e podo pasarche números.

**-Pois si. E dis que é o decano?**

Da prensa independentista municipal, si. O decano é o *Abrente*. A ver... a FPG pode dicirche o *Espiral*, non vamos discutir

**-O que pasa é que sae moi pouco o *Espiral*, sacan un ao ano**

Si, se pasa dez anos sen saír e logo sacas un, dous, anos despois outro, iso non ten unha regularidade. Falo de prensa regular. Entón, cual é o valor que ten o *Abrente*? O *Abrente* é comunista e está encadrado dentro da esquerda independentista...

**-Hai esquerda independentista que non sexa comunista en Galicia?**

Si

**-Bueno, espera que nos vamos a desviar, esa é outra cousa. Mira, que che interrumpín, estabasme falando da prensa e de *El Correo Gallego*, que neses tempos...**

*El Correo Gallego* era naquel momento o ariete da política de criminalización e intoxicación por parte do Estado español da esquerda independentista e sacaba todas as semanas, non había semana durante varios meses, que non lle dedicase unha capa enteira á APC.

**-Que privilexio**

Nós chegamos á conclusión, á mesma conclusión que chegaron eles, de que iso, efectivamente, nos intoxicaba, nos criminalizaba...

**-Mas ao mesmo tempo sobredimensionaba**

E ao mesmo tempo, esa sobredimensión, lograba que houbera un segmento reducido da poboación que vise con simpatía a nosa actividade porque os medios de comunicación da hipocrisía do inimigo o que facían era reproducir de maneira deformada o que facíamos, co cual gañamos unha referencia diaria. A partir dese momento o que aplicaron foi...

**-E algunha vez vos chamaban ou non, para consultar cousas?**

Poucas veces nos chamaron e algunhas veces fomos nós a falar con eles e tiveron que rectificar. Cando foi o proceso de...

**-Incluso chegastes a falar con eles. Pola indignación, ou que?**

Si, chegamos a reunirnos coa dirección de *El Correo Gallego*. E *El Correo Gallego* chegou a rectificar nun par de ocasións, igual que *La Voz de Galicia*

**-Noticias sobre a asemblea? E saíu unha rectificación publicada. Increíble, eh? Que era, moi sangrante?**

Si, era dunha gravidade tan grande, que bon...

### **-Ameazastes con denuncialos?**

Si, eles o que fixeron, en base a consultar cos medios xurídicos, foi chegar á conclusión de que se non rectificaban podía prosperar a nosa denuncia contra eles por difamación, por inxurias... Cando se pon en andamento o proceso Espiral, nós tamén, o que fixemos foi cambiar a liña comunicativa porque á parte de considerar que a prensa española e burguesa é unha prensa do inimigo, tamén ha que utilizala porque é a prensa convencional a que chega ao 99% da poboación do noso pobo. E ata ese momento, nunha parte do independentismo considerábase o contrario: ‘non, con eses non queremos saber nada, non nos xuntemos, non falemos, sempre todo xornalista, toda xornalista é unha inimiga, traballa para o Ministerio de Interior’. Non, queremos romper con parte dos tópicos e, entón, comezamos a organizar roldas de prensa, convocar aos medios de comunicación, que nunca se facía ata ese momento. Facía anos que se perdera...

### **-Quen, a Asemblea de Compostela ou Primeira Linha?**

Primeira Linha viña con outra práctica porque como estaba dentro do Bloque e había unha tentativa por parte dun sector do BNG en colaboración activa, consciente ou inconsciente, co Estado de criminalizarnos. Entón no 1º Congreso de 1999 dáselle importancia a un congreso que xunta á volta dun centenar de militantes. A unha cousa moi pequena, moi reducida, dedícaselle unha capa enteira durante dous días no *Faro de Vigo* e en *La Voz de Galicia*, páxinas enteiras, dicindo que iso era unha organización marxista leninista, revolucionaria, que defendía a loita armada, que mantiña relacións coa esquerda *abertzale*, amigos de ETA, da guerrilla colombiana, bla bla bla. E todo iso, claro, era negativo por un lado mais tamén era positivo. Entón, nós facíamos roldas de prensa e convocabamos aos medios de comunicación.

### **-E ían?**

Ían ao noso congreso. Eu lembro aquel congreso, naquel primeiro congreso había unha nube de fotógrafos, non podíamos entrar, e de cámaras de televisión. Iso nunca máis se chegou a repetir, ese tipo de cousas. *El Correo Gallego* e tamén *La Voz de Galicia* cometeron varios erros nesa etapa. Por un lado, *El Correo Gallego* chegou a identificar o proceso Espiral con ETA, logo tivo que rectificar. E *La Voz de Galicia* emitiu un comunicado moi burdo, moi primario, como se fose feito por algún estudante de terceiro de BUP ou de COU ou como se chama agora, sobre a creación dunha cousa que se chama FAI, Forzas Armadas Irmandiñas, o que é disparatado. Que unha acción armada da esquerda independentista utilizase as siglas históricas dunha forza anarquista, na cual esa FAI se presentaba publicamente como unha acción armada!

### **-De onde sacaron iso?**

É un invento por parte do Ministerio do Interior, unha creación nos sumidoiros do Ministerio do Interior, e nese comunicado -nós gardámolo-, se chega a dizer que a FAI se oferta ser o brazo armado do Proceso Espiral. Por favor... contactamos co xornal para pedir unha explicación e aí tivo que rectificar *La Voz de Galicia*. Iso e moitos episodios máis... manipulación de fotografías, manipulación de factos, etc. Entón, chegan á conclusión de que iso era negativo e pasaron ao que hoxe sigue sendo o que está en vigor.

### **-O silenciamento?**

Ocultación e condena permanente ao ostracismo. Saímos de maneira esporádica sempre vinculados a violencia política, nada máis. Esa é a política que fai o Estado, o inimigo co conxunto da esquerda independentista. Mas a esquerda independentista, efectivamente, nestes anos puxo en andamento certos proxectos propios para difundir o seu ideario e articular o que é o conxunto do movemento do aspecto máis social. Por un lado, hai medios de comunicación na rede, que a rede nestes últimos doce, trece anos colleu un vigor do que carecía, e cada vez ten maior vigor, a prensa en papel está condenada a ir perdendo cada vez maior número de

lectores e lectoras; e ao mesmo tempo está habendo unha recomposición da prensa. Tamén din que vai pechar *El Correo Gallego* en breve.

**-Ti cres? Home, vailles mal, pero pareceríame moi forte. Xa lle inxectarán cartos...**

Bon, en todo caso, desde o momento que a rede é importante todas as forzas contan cun site ou unha páxina web o cual iso contribúe a difundir e divulgar as túas posicións. Obviamente, estamos falando dun país que ten un nivel de acceso a Internet por baixo da media estatal e a media estatal está por baixo da media europea. Mas tamén é certo que o perfil de xente que accede a Internet é parte do perfil ao que te podes dirixir. É xente cun maior nivel de instrución, urbana, clase traballadora, xente xove, sectores intermedios. Entón, hai uns cambios.

**-Agora que desaparecieron varios medios en galego, quen mantén un espazo galego de comunicación de medios en galego é o independentismo. É quen o está sostendo e quen crea tamén unha axenda temática propia.**

Sabes por que? Porque os medios de comunicación vinculados directa ou indirectamente ao independentismo sobreviviron e non caeron todos nese vendaval no 2009?

**-Por que?**

Os medios de comunicación vinculados ao autonomismo eran medios de comunicación que vivían dos subsidios, no momento no que o goberno bipartido caeu, deixou de inxectarse ese diñeiro a eses medios de comunicación que servían para articular a liña comunicativa do autonomismo, ata o punto de manter os postos de traballo, de grupos de xente. Iso fracasa porque non era real, era mui artificial e era todo un proxecto en base a diñeiro que non era propio. Entón, unha das conclusións á que ten que chegar calquera organización que combata o *status quo* e por tanto navegue a contracorrente, é que tes que basearte fundamentalmente en forzas propias, nunca en forzas alleas, porque as conxunturas cambian. Os problemas, historicamente dos movementos revolucionarios nos últimos cen anos é que dependían sempre de axudas externas, entón se a conxuntura é desfavorábel ou o teu patrocinador polos motivos que sexa, por motivos de Estado, ou xeoestratéxicos, cambia, podes quedar colgado. Entón, hai que apoiarse en forzas propias. Claro, son medios de comunicación modestos, mas permanecen. Terás que falar co Diario Liberdade.

**-Si, xa falei con Mauricio Castro**

Xa che contaría que o *Diário Liberdade* ten unha proxección xeométrica.

**-Si, sobre todo no Brasil. No Brasil dixó que é unha pasada, as entradas maioritarias proveñen de alí, do Brasil. Increíble, non?**

Normal, ten dez veces máis poboación que a Galiza, somos un país pequeno

**-Mais é un medio que se fai desde aquí**

Mais dirixido á lusofonía

**-Si, e mais os colaboradores de Brasil son dalí**

Outro elemento a ter en conta de importancia é que os medios de comunicación da esquerda independentista son en galego portugués

**-Si, eu creo que ese é un dos motivos que impide que cheguen a máis xente**

Ti cres?

**-Si, non por opinión miña persoal, senón porque realmente ten mala prensa aínda o galego portugués. Sabes o que che digo?**

Eu creo que ten máis mala prensa entre os sectores organizados no autonomismo que no pobo. No pobo...

**-No pobo, non? Pero si din 'isto non o entendo', cando ven un trazo, un ç**

Iso non é certo. Nós temos varias experiencias. *O Pedroso* edita 5.000 exemplares, para unha cidade como Compostela... de 8 páxinas. É editado en Tameiga, en rotativa, en papel xornal e

distribúese ou ben en bairros concretos en función do que trate, ou se buzonea. E nós non percibimos iso.

**-Non percibides iso?**

Non, sempre hai alguén que te vai dicir algo, mas é unha inmensísima minoría. Eu póñoche un exemplo, mira. O outro día...

**-O que importan son os contidos, non, por enriba da lingua?**

Vivimos nunha sociedade na cual parte do noso pobo é analfabeto na súa propia lingua. Mas tanto na normativa galego-española como na normativa galego-portuguesa, entendes? Claro. Para nós iso é un principio estratéxico. Porque o galego español, o que fai, a tendencia por esa vía, é a desaparición do idioma. Erosiónao e cada vez se parece mais ao español e as diferenzas cada vez son menores e por tanto as.

**-De feito, a única corrente do independentismo que non é lusista é a FPG, non?**

Lusista, na verdade non é lusista, é reintegracionista.

**-Que diferenza hai entre o reintegracionismo e o lusismo? Non é o mesmo? Bueno, lusismo é o espazo, non?**

Non, lusismo sería unha definición, non digo insultante, mas sacándolle o contido nacional galego. Nós, Primeira Linha, non escribe en portugués, escribe no padrón galego, na versión patriótica galega do galego-portugués., que é unha lingua internacional.

**-Que é, a normativa de AGAL, a que seguides?**

Si, a de AGAL. O nome científico do noso idioma é o galego portugués. Non é galego, é galego-portugués, o galego portugués naceu na Galiza, o galego-portugués de Brasil non é igual que o galego portugués de Cabo Verde, nin o de Cabo Verde é igual que o de Mozambique nin o de Guinea Bissau, ni os portugueses do Alentexo falan igual que os de Braga. Claro, igual que cos españois, non fala igual un tipo de Jaén ca un de Santander. Pero nós entendemos que é unha cuestión fonética. Tu por exemplo falas co galego da Arousa e nós entendemos perfectamente.

**-Si, non é a miña postura persoal, xa che digo, é unha impresión que teño. Dentro dos problemas da comunicación que vexo no independentismo, un dos que pensei que había nos medios era precisamente o reintegracionismo. Pero non o teño comprobado nin sei aínda como o vou comprobar.**

Entón como explicas o fenómeno que está en alza e é emerxente dos centros sociais, cando a inmensa maioría dos centros sociais son en galego-portugués? Pois a Gentalha do Pichel é un elemento chave da actividade de dinamización cultural da cidade, onde van todo tipo de colectivos dunha representación moi superior á que ten a esquerda independentista. Iso non imposibilita chegar á xente. No país, a esquerda nacional, a esquerda autonomista, o que sería o complexo PG-Bloque nace cuns condicionantes conxénitos, cuns problemas, que son que desde o primeiro momento renuncia a dotarse dun Estado, renuncia á independencia como obxectivo estratéxico, o cal é completamente absurdo. Unha organización na recomposición do galeguismo na década dos 60 que renuncia, unha forza que se di nacionalista renuncia xa a que o seu país se dote dun Estado, que é a única ferramenta para poder sobrevivir a escala internacional! Primeiro problema. Segundo, é hispanodependente, en todo, por exemplo, o tema do galego. O galego ten uns complexos moi grandes e arrástraos en case todo. A Gentalha do Pichel, por exemplo, co tema do Apalpador, acadou unha das grandes vitorias no espazo simbólico do independentismo galego. O Bloque por que non o fixo? Non ten máis historiadores, non ten máis xente? Si que tiña e seguramente sabían iso, mais no o fai por complexo. Hoxe vai asumindo...

**-Por medo, non?**

Por medo, claro, que non é o momento, que a xente non o vai entender. A Gentalha do Pichel hai catro ou cinco anos recuperou o que son as festas do barrio da rúa do Medio. E fixo unha

cousa que nunca fixeron as múltiples e centenares de asociacións culturais, de grupos e entidades que a esquerda nacionalista galega tivo neste país nos últimos cincuenta anos, que é pendurar nas casas as bandeiras da patria, con estrela, e non colgou ningunha bandeira española. Nas festas, está o Bloque detrás desde hai cincuenta anos e nunca se atreveu a iso. Iso é normalizar as cousas. E o noso pobo non é tonto nin lle ten medo a esas cousas. É unha opción como outra calquera. Tanto a opción pola bandeira española nas festas como a bandeira norteamericana ou a bandeira de Gran Bretaña... O mundo do Bloque organiza festivais que están consolidados e moitos deses nunca empregaron a bandeira galega.

**-Por exemplo?**

Por exemplo, a asociación esa cultural, Xermolos, que organiza un festival a mediados de agosto, de Guitiriz. Por que non a empregan, por que? Por complexos, por timoratismos, por medos, por medo a perder influencia. Así o que fas é que as cousas continúen igual, non gañas conciencia, non rompes co referentes foráneos, non creas comunidade nacional, non constrúes patria. Iso é outra cousa. Iso digo dunha parte, doutra parte non teñen ningún problema. Por exemplo, en Vigo, CIG-Vigo me sorprende positivamente, nas últimas mobilizacións xigantes, dende que sae ata que acaba a manifestación, cubre todo o percorrido con bandeirolas da patria, e bandeiras da CIG. Aí non hai complexos. E outro o día, na manifestación da greve xeral había máis de mil persoas. Eses medos hai que perdelos e hai que superalos. Se non, estás completamente arrastrado por unhas inercias, unhas dinámicas, que non dás superado.

**-Déixame facer un repaso un momento... Cales son os intentos máis relevantes de unificación do nacionalismo galego. O último de todos e o máis importante sería o Proceso Espiral, do que me falaches. Houbo algún máis, despois?**

Si, Causa Galiza.

**-Que tamén está un pouco parado, non, agora?**

Está morto

**-Pero por que non prospera ningún intento de chegar a un acordo todas as forzas independentistas? Cales son as diferencias?**

Como bos galegos, debemos responder a unha pregunta con outra pregunta. Por que é necesario iso?

**-Bueno, porque son todos os partidos tan pequeniños ou organizacións tan pequeniñas que ao mellor sumando forzas poderían... ao mellor para presentarse ás eleccións ou para convocar un acto sempre tes máis forza, non?**

Eu entendo que as tendencias unitarias, en abstracto, son moi atractivas para todo o mundo. Mais as unidades se teñen que construír en base a acordos, a programas políticos e a acordos estratéxicos, non en base a intencións. Hai diferencias, tácticas e estratéxicas. Se non houbera estas diferencias, non habería esa fragmentación e esa división. Entón, efectivamente, hai enormes dificultades para articular un espazo común no campo da esquerda independentista e...

**-Pero bueno, aínda así, hai cousas nas que traballades xuntos, ou non?**

Si, nós somos favorábeis a crear espazos de unidade e converxencia, mas en base a uns condicionantes, que son tres.

**-Cando dis 'nós', falas de Primeira Linha.**

Si, eu falo de Primeira Linha, ou da corrente que Primeira Linha promove, que é unha corrente que nós definimos como MNLG, movemento de liberación nacional galego. Aí estaría Primeira Linha coma partido comunista combatente, cunha acción política legal que se chama Nós-Unidade Popular, cunha acción xuvenil que se chama Briga, cunha organización estudantil que se chama AGIR, e unha serie de entidades e organizacións sociais, centros sociais, grupos locais... todo iso é o que nós definimos como unha corrente. Entón, agora falo como Primeira Linha, o que pasa é que as posicións que nós podemos defender son as posicións desa corrente

de opinión, desa corrente sociopolítica. Temos tres condicionantes para calquera proceso de unidade que son: en primeiro lugar, que o movemento se ten que definir de maneira nítida e claramente de esquerda anticapitalista. Iso significa que nós descartamos cualquier movemento interclasista.

**-Pero por exemplo, a FPG tamén é esquerda anticapitalista**

Pregúntalle a eles...

**-Estiven nunhas xornadas da FPG en Vigo que falaban precisamente do comunismo no século XXI. Unha das cousas que defenderon todo o tempo é a idea da loita de clases, dicían que nin o feminismo nin o independentismo nin o nacionalismo pode prosperar sen esa perspectiva. Non sei, parecíame que estaban nesa onda... polo menos o Paco Sampedro, o filósofo**

Eu falo de cales son a nosas posicións. Para nós, un dos condicionantes, que sexa un movemento encuadrado dentro dos parámetros da esquerda anticapitalista. En segundo lugar, que se respecte o pluralismo político ideolóxico, a expresión pública debe coñecer que é un movemento plural, con diferentes correntes de opinión e diferentes puntos de vista, e en terceiro lugar, que marque unha división nítida e clara e unha autonomía absoluta a respecto do autonomismo. Para nós, esa nova esquerda independentista, o independentismo articulado en torno a un proxecto integrador da súa pluralidade, non pode ser unha fotocopia a cores do BNG.

**-Xa, pero vós, desde o momento en que vos presentades ás eleccións, se tiverades representación no Parlamento, iso non é unha forma de participar no sistema autonomista?**

Depende do que fagas.

**-Ah, claro, xa.**

O Parlamento, as institucións burguesas son un altofalante para levar as loita populares a ese Parlamento, mais non para lexitimar o réxime nin a política parlamentar, para desde dentro do monstro denunciálo. Seríamos unha especie de cabalo de Troia. Entón, hai dúas maneiras por parte da esquerda, a escala internacional e a nivel histórico, de entender a loita parlamentar ou institucional. Unha, como un elemento máis, non coma o principal, ni o máis importante. Nós partimos da premisa de que a única alternativa viábel para solucionar isto, a grave crise social, enerxética, ecolóxica, política da humanidade como alternativa ao capitalismo é o comunismo, outra cousa é que hoxe a curto prazo non se ve que iso vai acontecer, mas é a única alternativa, o resto son todo reedicións de vellas alternativas de recomposición dun capitalismo de rostro humano, de meterlle parches, de melloralo... Iso está condenado ao fracaso. Estamos nun momento no que o capitalismo a escala mundial está pondo en perigo á mesma supervivencia do planeta. As elites que nos gobernan, as oligarquías mundiais, están pensando sempre a curto prazo, non pensan o que vai pasar de aquí a 10, 20, 25 anos, poñen parches. Isto está camiñando cara o desastre e o caos absoluto; entón, a alternativa é, fronte ao caos, comunismo. A vella consigna de Rosa Luxemburgo de comunismo ou barbarie hoxe hai que reactualizala e é 'comunismo ou caos', non ha outra.

**-Iso escoitino nas xornadas tamén, eh?**

Si? É unha cousa que a FPG asumiu hai pouco tempo que non asumía...

Entón, todo iso leva a que hoxe temos que ser claramente unha forza anticapitalista, onde a loita institucional é un elemento secundario. Hoxe non é o momento de políticas conciliadoras, de políticas mornas, de acordos, de diálogos... Por iso nós, a diferenza doutras correntes do independentismo, non participamos...

**-Que correntes son as máis importantes? Á parte de Nós-UP e a FPG, cales máis hai?**

O mundo do que se chama AMI e Espazo Irmandiño. Son as tres grandes correntes. Mais nós a diferenza desas dúas, non depositamos a máis mínima expectativa na recomposición da

esquerda nacionalista que está levando a cabo o beirismo e eses todos que se foron do Bloque. O resto está participando nas conversas. Nós non participamos en ningunha conversa e pensamos que por aí non. Nós non queremos reeditar un Bloque bis, nós pensamos que a revolución galega vai ser froito non dunha maioría aritmética nun parlamento, nin dunha negociación, vai ser froito dun proceso insurreccional.

Vouche entregar o documento do noso quinto congreso, para que vexas cal foi a estratexia...

**-O quinto congreso cando foi, que é o último?**

En novembro, do 2010.

**-Resistencia galega existe ou é un invento da prensa? Bueno, á parte de que houbo un comunicado, un manifesto**

Existe, é unha apreciación. Ou iso parece. Non cho podo certificar... Nós defendemos unha estratexia insurreccional

[entrega un documento]

**-Déixasmo levar?**

Iso para ti, o que nós definimos como unha insurrección nacional obreira e popular, en base a catro fases dentro da revolución galega e aí máis ou menos está un pouco explicado. Para nós iso é determinante, por iso non participamos en procesos e en acordos con forzas interclasistas e con forzas onde o prioritario para eles é a cuestión electoral-institucional. Que máis dá quitar 5 ou 6 deputados no Parlamento? Iso non vale para nada. O goberno de Raxoy leva cinco meses e o seu grao de desgaste é terrible. Entón, unha boa parte do personal que depositou inmensas expectativas e confianza niso, e masas enteiras, porque identificaban PSOE con corrupción, con desastre, con ineficacia, ineptitude, coa crise, económica.

**-E é máis do mesmo**

É o mesmo! E loitar pola esquerda desde posicións socialdemócratas inofensivas co capital e alternativas é alargar o mal que estamos padecendo. Entón, aquí, isto vai a rebentar, antes ou despois. E aquí a curto prazo, bueno a medio prazo, dende hai anos a medida que as eleccións continúen, non sei hoxe, non escoitei as noticias, non sei que decidiu hoxe o Consello de Ministros, mas todas sextas-feiras lanzan recortes.

**-É verdade, toca recortes**

Toca cortes, agresións, privatizacións... Todo iso vai a provocar uns levantamentos populares de forma espontánea e unha rebelión.

**-Ai si! Estás convencido?**

Estamos convencidos, e as tendencias do Estado son que a burguesía española estase armando ate os dentes, está aplicando dúas tendencias; unha, está recortando gastos militares, non sei se sabes que nestes momentos, o Estado español está alugando os carros de combate a Arabia Saudita, non ten diñeiro suficiente para poder manter carros de combate. En segundo lugar, hai uns días, saíu nos medios de comunicación burgueses que puxo en dique seco ao flamante outrora portaavións Príncipe de Asturias. Non ten diñeiro para poder mantelo mas contrariamente no mes de decembro do ano 2011 a Guardia Civil fixo a maior compra de material antidisturbio, o que eles denominan material antimotín, da súa historia. Entón se compran material antimotín non é para telo almacenado, considera que vai ter que empregalo porque as tendencias de cortes van a provocar luitas, as condicións materiais son as que determinan a conciencia e o persoal, as masas, aquí acreditaban un modelo que non se podía manter, que era artificial, que era o modelo do...

**-Dentro do Estado, que peculiaridades presenta o independentismo galego?**

A máis destacada sería a súa debilidade e fraqueza con respecto ao independentismo vasco e catalán. Mas voltamos novamente a cales son as orixes da recomposición do nacionalismo galego nos anos 60, á fundación da UPG. Entón, eses 10 puntos fundacionais da UPG, que

seguen vixentes, marcan unha folla de rota. Como a UPG nunca foi independentista e mais ben foi sempre antiindependentista, formou durante 40 anos a xeracións enteiras de militantes en que a opción non era o independentismo. Esa é unha das razóns polas cuais o independentismo galego é unha forza minoritaria. En segundo lugar, o independentismo galego ...

**-Porque acapararon eles o...?**

Non, porque consideraban que o nacionalismo galego non tiña que construír un Estado propio, queren camiñar cara o que eles definen como un proceso de autoderminación mas que cae nunha enorme indefinición, non se explica cales son os pasos e cuais son as tácticas a seguir, un encaixe de Galicia dentro do Estado español, un novo pobo español, en parte herdeiro daquela España con 'h' de Castelao, unha hispanoindependencia, unha falta de coraxe político para dicir as cousas como son, e articular un movemento que teña un obxectivo estratéxico. En segundo lugar, date conta que boa parte do independentismo galego se vai articulando en base a gallas, a ramas da UPG que caen.

**-Si, que se escinden, é certo**

Entón, o ADN é o mesmo.

**-Si ,de feito, dentro do Bloque aínda hai independentistas, tamén.**

Si

**-Seguramente máis do que parece, non? Non se sabe... Mira, no País Vasco e Cataluña o independentismo atravesada transversalmente moitas forzas e aquí non. Pareceche destacable esa diferenza?**

Si, a burguesía galega nunca quixo dotarse dun proxecto nacional propio, de forzas políticas que a representasen e integrouse dentro do bloque español, entón forma parte dos partidos españois, sen ningún tipo de problemas. E fracasou toda tentativa de dotarse de forzas políticas propias. Porque ti mira, dende a década dos 70, a última gran tentativa foi a que levou ao experimento do quintanismo, a estratexia de que o Bloque se convertese na forza política que representase os sectores da pequena e mediana burguesía galega. Iso fracasou estrepitosamente. Entón, efectivamente, o independentismo é basicamente un independentismo de esquerda, coas súas diferentes variantes, e non hai un independentismo articulado de centro dereita. Ese é tamén outro dos elementos a ter en conta. Eses son basicamente as principais diferenzas. E logo a terceira, que é un independentismo que, a diferenza do catalán, sempre lle preocupou, sempre tivo como base de apoio, alén da xuventude, a clase obreira. O independentismo catalán non ten ningunha presenza no movemento obreiro, está á marxe do movemento obreiro.

**-De feito, o movemento obreiro é mais ben español**

Date conta que non hai ningunha central sindical nacional catalá con entidade, son cousas minúsculas. A maior parte da militancia que hai agora do independentismo catalán ou está na CGT, que é unha forza estatal, ou ben está nas Comisións ou na UGT. Claro, aquí hai unha CIG, hai un sindicalismo nacional de clase. E é un dos elementos diferenciadores do nacionalismo galego fronte ao catalán.

**-Vale, e fronte ao vasco?**

O vasco ten unha presenza moi importante no movemento obreiro. Hai unha maioría sindical vasca. As organizacións sindicais vascas son maioritarias na comunidade autónoma, no País Vasco e mais en Nafarroa, o que é Euskal Herria. Aí non hai diferenza, niso a diferenza é menor.

(...)

## **Informante 5**

- Nome: Félix Soria
- Actividade: xornalista retirado de *La Voz de Galicia*
- Data de realización: 28/09/2015
- Lugar: O Portiño, A Coruña
- Técnica: entrevista persoal rexistrada con gravadora

Empezamos a falar...

### **-Como funcionan as notas de prensa sobre este tipo de accións de violencia política?**

Lo normal es que si hay visos de violencia grave, si hay explosiones o encuentran explosivos y tal, asume siempre el protagonismo de las notas de prensa y de lo que se vierta a los medios la delegación del gobierno.

### **-E toma a iniciativa...?**

Y toma la iniciativa. Puede tardar 4 horas, puede tardar 12 horas, pero siempre emite una nota con su versión de los hechos, la versión oficial. Luego los medios, todos los medios gallegos, ninguno de ellos, busca confirmar con otras fuentes lo que comunica la delegación del Gobierno. Lo vierten y con alguna información o detalle o conocimiento que tengan pueden matizar detalles, pero la esencia de lo que dice la versión oficial es la única que se refleja en los medios. La única.

### **-Entón a fórmula esta de ‘fontes policiais’ e ‘fontes da loita antiterrorista’, a que se refire?**

‘Fuentes policiales’ es una forma de referirse a la nota oficial de la delegación y de la subdelegación del Gobierno. Porque de hecho las notas de la delegación y de la subdelegación del gobierno están hechas en base a los informes que la policía traslada a la autoridad política, o en base incluso al atestado; igual que en los accidentes. Las notas que pasa una delegación provincial de tráfico están basadas en el atestado de la Guardia Civil de Tráfico. Lo único que con el inconveniente o el agravante social de que cuando se trata de una cuestión política, la versión de la autoridad es una versión también política, no es una versión policial, y a veces no se menciona. Incluso a veces la policía no se reconoce en las declaraciones que le atribuyen. La culpa no es de la policía, si es que hay alguna culpa en ese sentido.

### **-Non estamos buscando culpables**

La responsabilidad de que las notas sean parciales es de la autoridad política.

### **-Ou de xornalistas que non buscaron outra fonte para contrastala...**

En España, en contra de la tradición que hay en Europa Occidental, las autoridades institucionales siguen sin deslindar lo que es la versión política partidista del partido que ostenta el poder de una institución, de lo que es la información puntual de un hecho. Pero eso ocurre en todo, España es una democracia pero hay aspectos, sobre todo en el ámbito de la información, en los que no existen hábitos democráticos. Y sobre todo en el PP. El PSOE eso lo tiene bastante más claro. Las actuaciones de hecho, desde el poder político, son bastantes distintas. En cambio en el PP no. El PP identifica partido y estado, es un concepto fascista casi, de lo que es el poder político en una institución democrática.

### **- Entón, ese poder político nos medios como se fai efectivo? A través dos convenios de publicidade?**

Los medios no son mejores que la clase política dirigente. Los medios son hijos también de 40 años de dictadura, de unos ciertos hábitos, y lo único que hemos hecho ha sido, en cierta medida, aceptar o adecuarnos a que cada uno puede decir lo que le dé la gana, incluso las mayores barbaridades, pero no hemos perfeccionado el sentido de libertad democrática y libertad de

información. Si la autoridad dice una cosa sigue funcionando el mismo resorte que en la época de Franco. Si lo dice la autoridad es así. Y punto. Y en los medios, no todos pero en la mayoría, y en los últimos 8 ó 10 años, eso se ha acrecentado, hemos vuelto a la época... eh... en los años 70 u 80 había más criterio informativo en los medios. A partir de mediados de los 90, mezclado con otra serie de procesos y de fenómenos que se produjeron en el mundo de los medios, hemos hecho una regresión espectacular.

**-Por que?**

Eso se produjo durante el gobierno de Aznar.

**-Si, porque no tipo de loita antiterrorista que el puxo en marcha creo que tamén houbo reunións con medios de comunicación.**

Sí, ETA colaboró involuntariamente, en cierta medida con esa restricción de la libertad de pensamiento y de libertad de información, porque llegó un momento que todo se reducía a que todos estábamos contra ETA, no hay lugar a dudas. Pero estar contra ETA no significaba estar también en contra de todo el movimiento social, de toda discrepancia política, y eso Aznar, hay que reconocer que lo trabajó de fábula. Lo hizo muy bien. Con la colaboración de directores de medios y de los *staff* de los directores de medios. Es más cómodo también para los medios, y más barato.

**-Iso Aznar en Madrid, supoño que aquí en Galicia foi Fraga quen fixo diso unha arte, non?**

Fraga era menos autoritario que Aznar. Fraga dejaba vivir más a los medios que Aznar. Cuando hubo el hundimiento del Prestige (esto *Galicia Confidencial* lo explicó muy bien), las primeras 2, 3 semanas *La Voz* dio una información fenomenal. Yo ya estaba trabajando en Galicia y me enviaron a Francia a cubrir las consecuencias, a ver que había ocurrido allí con el chapapote. Entonces estaba de director de *La Voz de Galicia*, Bieito Rubido, y hubo una información muy buena. Estaba de vicepresidente Rajoy, y Aznar automáticamente, que es listo y hábil y de tonto no tiene un pelo, encargó a su equipo de comunicación un informe rápido y veloz de cuales eran las posiciones que adoptaban los medios de comunicación gallegos, sobre todo de *La Voz*, que era el que más influencia tenía en Galicia, a su gabinete de comunicación. Lo primero que orquestaron fue una cena en la que se reunieron Mariano Rajoy y Santiago Rey Fernández-Latorre, el editor de *La Voz* y allí hubo una serie de pactos, acuerdos y automáticamente la línea editorial cambió. Incluso cuando me enviaron a Francia 2 ó 3 meses después, el director intentó darme criterios de lo que tenía que contar y de lo que no. Incluso me dijo que debía minimizarlo, porque no interesaba que el escándalo tuviera una dimensión demasiado exagerada en el exterior. Yo no hice caso, pero la mayoría de compañeros sí. Entre otras cosas porque las contrataciones laborales y la mentalidad de la gente es la que es, la que le han imbuido. Quiero decir con esto que si Aznar cuidó eso, que era un accidente ( con independencia que hubieran responsabilidades) desde la presidencia de Gobierno, y se ocupa directa y puntualmente de que los medios, además de forma específica, den un giro en sus líneas editoriales para que no perjudiquen al gobierno, imagínate cuando estamos hablando de Resistencia Galega (que son 4 monas por cierto), ya no digamos de ETA, o de una simple manifestación de estudiantes de la Universidade de Santiago, de los Comités Abertos que protestan por la presencia de un derechista. Y en esos casos el mimo que pone el gobierno en controlar lo que publican los medios es atroz. Hay llamadas telefónicas constantes a los directores de los medios, incluso a periodistas, a jefes de sección. En esa época del Prestige estaba el jefe de sección de Galicia Lois Blanco, hoy director general de *La Voz de Galicia*. A él lo llamaron por teléfono, fue invitado a reuniones con políticos del Partido Popular para ver como se informaba del Prestige.

**-Por que se explica tal ímpetu en cubrir o fenómeno de Resistencia Galega, declarándoo banda terrorista sendo un grupo tan pequeno?**

Es una reacción, primero porque interesa crear situaciones maniqueas. O estás conmigo o contra mí.

**-E a quen lle interesa? Á autoridade política, ao periódico...? Por qué? Para contentar ás autoridades políticas? Ao final todo se reduce a un modelo de propaganda? Non é posible escapar deste modelo?**

Sí, es posible escapar, y de hecho muchas veces es una cuestión, se mezclan dos cosas ahí. Por un lado se mezcla que los periódicos reciben dinero de la administración via publicidad institucional ( que eso es lo menos grave) y por otro, otros procedimientos para entregar dinero a la prensa via subvenciones, por reformas tecnológicas por ejemplo. *La Voz de Galicia* cuando compró la nueva rotativa recibió, calculo, del orden de 2 millones y medio de euros en ayudas, en varias partidas. Ayuda de I+D+I, imprimía el DOGA, *El Correo Gallego* volvió a la Voz (ahora es digital nada más). Hay campañas de las consellerías. Por ejemplo, la Consellería de Pesca organiza una campaña para promocionar el bonito del norte, entonces se encarga a 2 ó 3 periódicos de Galicia y a varias emisoras de radio un especial. Hay muchas formas de recibir dinero. Y hay otras más opacas.

Luego también está la línea editorial del propio periódico, que eso es legítimo. Un periódico puede tener la opinión que le dé la gana, y tener una comprensión del mundo y de la realidad.

Al fin y al cabo, de hecho, muchas veces estamos a sacrificar los medios privados, pero lo grave (y a veces lo olvidamos) es lo que está ocurriendo en la TVG, en la Radio Galega , en TVE o en TV3, da igual; que están siendo instrumentos nítidamente políticos, al servicio de un poder político. Y que se veta incluso información de forma descarada. Y los medios privados es legítimo lo que hacen, lo único que hace sonreír es que se presenten como independientes, que cuentan todo lo que hay. Es mentira eso.

**-Entón descríbeme unha paisaxe na que sobre todo é importante a influencia política. E as influencias comerciais, empresariais?**

En el tema del terrorismo y de Resistencia Gallega, no. Son inexistentes, no,no,no,no.

**-Quero decir... cando estoupa un caixeiro?**

No, no, no, no, ni necesita hacerse. Presiones comerciales solo hay cuando hay una intoxicación alimentaria o algo así.

**-E se hai relacións previas?**

En un caso como podría ser el Corte Inglés, es descarado. Nunca se habla mal del Corte Inglés, porque es una de las empresas que más dinero invierte en publicidad. O en estos momentos con la Volkswagen, pero son... la " censura" o las presiones de las empresas son siempre de orden económico, no porque den dinero, sino porque invierten más en publicidad, y los periódicos, sin necesidad de que la empresa diga nada, miran de suavizar. En todo caso no siempre es así, a veces hay periódicos que aún recibiendo mucha publicidad de una determinada empresa y si ocurre algo responsabilidad de ella se publica. En *la Voz* ha ocurrido en ocasiones. Podemos hablar de empresas como El Corte Inglés, Inditex o las eléctricas. Hay un grupo de 10, 12, 14 empresas o consorcios intocables. En el caso de Telefónica y las compañías eléctricas es una cosa desmedida. Y estas empresas nunca van a entrar en el tema del terrorismo, para nada. Yo no tengo noticia de ello y por mi parte son más de 30 años trabajando en prensa y revistas. En momentos de elecciones si que pueden llegar a opinar, pero no directamente, sino a través de opinadores. Cuando ocurrió la catástrofe de Fukushima, en *La Voz*, un colaborador habitual, columnista desde hace muchos años y con un gabinete propio de comunicación, publicó 3 ó 4 artículos defendiendo las nucleares, de forma muy documentada y fina. Y los que estábamos dentro sabíamos que precisamente la empresa de la que es socio llevaba la comunicación de una gran compañía eléctrica en Galicia con intereses en 4 ó 5 centrales nucleares españolas. Sabíamos que este señor estaba escribiendo a quién le paga. Eso sí, el lector no lo sabe. De

todas maneras también es legítimo, lo entiendo. Grave es el hecho de que el periódico solo publica ese tipo de cosas y no publica las otras, la versión de Greenpeace, de los ecologistas, ... solamente cuando hay grandes intereses económicos por el medio es cuando las empresas actúan. En cuestión de violencia y terrorismo, no.

**-Na prensa, cando hai que cubrir o tema do terrorismo, encárgase sempre ao mesmo redactor? hai un redactor especializado en relación a Resistencia Galega?**

En *La Voz* nunca hubo un redactor dedicado a Resistencia Galega. Lo que sí es cierto es que en *La Voz* hay un sistema de información muy localizado. Si Resistencia Galega pone una bomba en Vigo, normalmente es una persona de Vigo y encargada de sucesos. Luego, también se realizan reportajes o crónicas hablando específicamente de Resistencia Gallega.

Cuando volví de Bruselas en el 2001, me nombraron jefe de una sección de investigación recién creada. Éramos nosotros los que en teoría teníamos que elaborar esa información contextualizante y de profundidad acerca del fenómeno de la violencia galleguista. Me reuní con gente de AMI, del Proceso Espiral... Poco después volvió Santiago Rey (padre) y se desmanteló, se decidió hacerlo así, no querían investigar nada. En esa época esa sección era la que se ocupaba de este tipo de temas. Se publicó alguna cosa, y recuerdo que la primera vez que intenté publicar una larga entrevista con Carlos Morais, ya totalmente editada y aprobada por el control de supervisión del director, se nos dijo que no había ningún problema. Pero no se publicó. Por qué? A mí no me dieron ninguna explicación. Se abordaba el Proceso Espiral y se desmentía que hubiese una conexión entre NOS-UP y Resistencia Galega. Que jamás ha existido un vínculo ¡al contrario! En realidad, tampoco había un vínculo.

**-A que se debe a estratexia de alertar? Pode deberse a unha estratexia laboral? Para ter máis traballo?**

No, es un concepto político de la realidad. Un funcionario tiene la libertad de hacerlo. Un juez no. Y un policía tampoco. Muchas veces actúan a iniciativa de un partido político. Mantener de actualidad la violencia forma parte de la esencia del Partido Popular. Yo no creo en las casualidades. Es casualidad que 5 días antes del 27 de septiembre, día de las elecciones catalanas que casi son un plebiscito, detengan a la cúpula de ETA que precisamente ha apostado por el fin de la violencia? No niego la posibilidad que sea casualidad pero, en el tiempo, lo pongo en duda. ETA dejó de matar hace 5 años. Y cada semana aparece en los medios, cuando nadie está defendiendo la violencia. Pero es un tema recurrente, es una forma de hacer política. Los medios contribuyen a ese estado de las cosas. Por comodidad, por convicciones políticas, me da igual, pero como medios están haciéndolo mal.

**-A Audiencia Nacional envía notas de prensa cando hai xuízo en Madrid?**

La Audiencia Nacional es muy impermeable. He estado dos o tres veces en un juicio laboral y es muy impermeable. El periodista que tiene que cubrir allí la noticia no lo tiene fácil. Muy grave ha de ser lo acontecido o que mediáticamente haya algo que no encaje con claridad. De lo contrario nunca se pronuncia, lo evita. Las notas de la Audiencia Nacional son las sentencias ,y alguna de ellas, política. En las sentencias, los dictámenes de procedimientos, de imputaciones, muchas veces hay opiniones políticas.

**-Falemos do ABC. Que sabes do diario ABC?**

*ABC* es un periódico que desde los últimos años de Anson asimiló totalmente la estrategia del Partido Popular. De manera voluntaria y ex profeso. En los últimos 4 ó 5 años por cuestiones políticas, comerciales, de lectores. Los periódicos también intentan ser fieles a sus lectores. *ABC* tiene unos compradores del periódico de una tendencia ideológica determinada. *ABC* lo que hizo fue exacerbar su fidelidad a los lectores de extrema derecha que tenían. Con esto acabó destruyendo su acervo cultural. Tenía un suplemento de letras que era el mejor que suplemento de letras que se hizo en España en el siglo XX. Sobre todo en el ámbito de la literatura. El acervo

de seriedad que tenía lo destruyó. Pero para ser fiel a sus compradores y a alguno de sus grandes anunciantes, sacrificó todo este acerbo, por motivos económicos en el fondo. Para mantener fidelizados a sus compradores y a sus grandes anunciantes se vendió al PP. A Aznar.

**-Como é que ABC é o único xornal estatal que consegue ter unha delegación en Galicia?**

El diario ABC recibe muchas subvenciones de la Xunta. Y hay un interés político de que ABC esté presente en Galicia.

**-O Ministerio do Interior envía notas de prensa?**

La delegación del Gobierno, delegaciones y subdelegaciones del Gobierno. En el Ministerio de Interior lo que hace el ministro es hablar demasiado. Es un error de comunicación que comete el PP siempre que gobierna, no sé por qué. No veo por qué el ministro tiene que hacer según qué valoraciones políticas, de Fiscal, porque es un Ministro de Interior, no el presidente o el vicepresidente del gobierno. Lo que pasa, como decía antes, es que este país está muy mal acostumbrado con estas cosas. El Ministro de Interior que tenemos ahora es un despelote, poniendo medallas a la Virgen de no se qué... en cambio, Mayor Oreja fue un buen Ministro del Interior.

**-Cres que este tipo de presións das que falamos poden ser en Galicia máis acusadas do que poden ser noutras comunidades?**

-No es que sean más acusadas, es que no necesitan hacer tantas presiones. De hecho, donde menos presiones necesita hacer el gobierno para publicar lo que él quiere, uno de los sitios, yo creo que el que más, es en Galicia. Es una cuestión social, de formación social, de criterios, de hábitos. La burguesía gallega es como es, la mayoría de burguesía gallega se avergüenza del gallego. Alucinante. Tiene un concepto de Galicia peyorativo, y un sentido folklórico. Sí, en ese sentido sí son galleguistas. Pero lo que es la cultura y la idiosincrasia de los gallegos, la forma de entender la economía, de explotar el medio, todas esas cosas, la burguesía gallega las demuestra.

**-Por que a prensa non explica o contexto e o substrato social deste conflito político? E a violencia, social, política?**

No hay una violencia social, ni en el País Vasco. Es violencia política hecha por individuos determinados. En ETA eran decenas de militantes, 200, 250 personas que optan por practicar la violencia. No es una guerrilla generalizada. Por ejemplo, en Catalunya existió Terra Lliure y recuerdo que hubo 3 ó 4 periódicos digamos tradicionales que contaron el cómo y el por qué habían llegado a eso. Y explicaron las decisiones personales, el ambiente social que vivieron, los conflictos políticos, económicos y sociales que vivieron hasta llegar a ese punto. En Galicia no he visto nunca ningún medio que explique como es que ese chaval llegó a coger las armas. No hay ningún medio que explique las raíces del problema, como una persona de forma individual llega a esa situación. Ayudaría a entender qué problemas sociales, en los que sí hay una responsabilidad del estado y de la administración, generan que exista tal desapego, incluso a la vida. Por qué una persona llega a eso? Eso los medios no lo explican, y en Galicia nunca.

**-Para acabar, que fortalezas ten a prensa galega?**

Mira, la prensa gallega tiene una gran fortaleza y está desaprovechada. Todas las empresas que editan prensa en Galicia y prácticamente todas las emisoras de radio pertenecen a empresas de gente de aquí. Eso es fenomenal. Menos Prensa Ibérica que compró el *Faro* y luego montó *La Opinión*, el resto de medios gallegos es propiedad íntegra de empresarios gallegos. Eso es una auténtica maravilla. Lo que no se entiende es que siendo así no pongan más atención en la información local y dejen de hacerse esas pajas mentales en hacer política a nivel estatal. Y de hecho, la información local en Galicia es buena, muy buena. Tenemos una información local de lo mejor de Europa. Y *La Voz de Galicia* tiene mucho que ver en esto, pues creó esa mentalidad de “ lo pequeño es lo importante”.

## **Informante 6**

- Nome: Mauricio Castro Lópes
- Actividade: editor do Diário Liberdade
- Data de realización: 28/04/2012
- Lugar: cafetería Derbi, Santiago de Compostela
- Técnica: entrevista persoal rexistrada con gravadora

### **-Dende finais dos noventa, o movemento independentista está nunha nova etapa, coa creación de medios de comunicación, centros sociais...**

O primeiro centro social reintegracionista e independentista é Artabria, de Ferrol. Eu fun o primeiro primeiro presidente de Artabria e do grupo promotor do primeiro centro social, do ano 98. Marcou o inicio da etapa, despois viñeron os outros.

### **-¿Qué me dicías antes dos procesos de reunificación?**

Primeira Linha abandona o Bloque no ano 98 e aí iníciase primeiro unha etapa de unidade de acción coa FPG e coa AMI que conduce ao proceso Espiral. Créanse unhas asembleas independentistas en Compostela, Coruña, Trasancos, Ami e Primeira Linha. A FPG desmárcase. Entón iso deriva na creación de nós-Up no ano 2001, mais xa parte dos últimos 90.

### **-O Diário Liberdade, cando se fundou**

Lánzase na rede o 8 de febreiro de 2010.

### **-Por que?**

Por dous motivos fundamentais. Por un lado, que existise un medio suprapartidario que cunha óptica independentista e anticapitalista informase de maneira aberta sobre todo de toda a actividade dos movementos sociais e políticos á marxe das institucións. A fronteira que marcamos, alén de ser ideolóxica ou política, entre as forzas que podemos considerar revolucionarias ou reformistas, é entre quen non ten voz porque non ten medios de comunicación propios e porque teñen bloqueado o acceso aos medios convencionais tipo La Voz de Galicia e os que non, dentro diso, dentro do Diario Liberdade entran todas as forzas da esquerda independentistas, ata as anarquistas, feministas, ambientalistas, todos os movementos sociais sempre de esquerdas e non institucionais. Ese é o primeiro motivo porque nos parecía que non había unha páxina que cubriese esa función en internet.

E o segundo grande obxectivo é ensaiar na práctica o que ata ese momento era mais ben teórico, que era a aposta do reintegracionismo por integrar Galiza no espazo internacional lusófono. Entón iniciar un diálogo cos movementos populares dos países de fala portuguesa no mundo. Este era o segunda grande obxectivo que tiñamos e que se cumpriu moito máis do que esperabamos. Sobre todo no Brasil temos un eco impresionante, é onde temos máis visitas con máis diferenza. Entón, está a servir por un lado, para que os galegos e galegas teñamos acceso a todo tipo de informacións de actualidade na nosa lingua sen pasar polo español, que sempre exerceu como lingua teito do galego, entón rompemos o acceso vía España, accedemos directamente en galego portugués a todas as noticias a través de páxinas alternativas portuguesas, brasileiras e africanas, e por outra parte, damos a coñecer a propia existencia de Galicia sobre todo no Brasil, onde non sabían que existíamos, agora xa comezan a sabelo.

### **-A xente de Brasil entra a ver as cousas de Galicia ou de Brasil?**

Entran a ver todo mas naturalmente, mais as deles, mas ao mesmo tempo temos por exemplo verificado que nas páxinas da esquerda brasileira falan da CIG, falan da greve xeral galega e temos o pleno convencimento de que o fan porque entraron na nosa páxina, que ten moitos accesos, actualmente andamos nos 10.000 accesos diferentes todos os días, 10.000 computadores diferentes acceden ao Diario Liberdade todos os días; deles, aproximadamente a

metade son de Brasil, e na outra metade, repártense Galiza en primeiro lugar, Portugal segundo, estado español terceiro, e despois viría Angola, cuarto. Entón, eses son os dous obxectivos, por un lado, un obxectivo máis político interno de dar un medio de comunicación directo para a esquerda soberanista galega, e polo outro, facer un ensaio real do que ata agora viña sendo una defensa teórica da incorporación da Galiza ao espazo cultural e lingüístico lusófono.

**-Como vos financiades?**

Na propia páxina temos uns botóns tipo pay pal para que nos fagan doazóns de un euro, de dous ou libre entón recibemos por parte das persoas que nos visitan algunhas axudas; por outra parte, editamos material, neste tempo xa temos editado un CD de grupos de música galega, xa publicamos un disco de música rock en galego, con grupos galegos que nos cederon unha canción cada un, publicamos un conto sobre o Apalpador, ilustrado, para nenos e nenas neste Natal, e despois algo de roupa, merchandising, digamos. Entón, así máis ou menos vamos cubrindo gastos.

**-O voso que é, unha participación de activistas? Hai remuneración?**

É militancia pura, temos unha forma xurídica de asociación cultural, sen fins lucrativos, entón, todo o diñeiro que vamos recadando ten que ser pouco, non pode ultrapasar unha cantidade determinada, e ten que ser totalmente reinvertido na propia actividade comunicativa da asociación. Vamos, que economicamente nos limitamos a manter os gastos de aloxamento, temos un técnico que nos leva todo o tema informático, que el si cobra.

**-Tedes unha redacción física, un local?**

Non, temos unha chea de colaboradores e colaboradoras en distintos países mais non temos ningún local, porque cada un o fai desde a súa casa.

**-Sobre as fontes e o acceso á información, envíanvos comunicados, xa hai o costume de enviar comunicados ao Diálogo Liberdade?**

Si, tanto, que ás veces ata ficamos mal porque non damos metido todo. Sempre hai xente que pensa, 'ah, a min non me queredes meter'. Non, é que non damos feito ás veces, porque dependendo do día, como falamos de traballo voluntario, pode haber un día no que esteamos 15 persoas traballando, entón sen problema, e outro en que sexamos dous, que non deamos feito. Son os 365 días do ano, as 24 horas, grazas a que vamos alternando entre brasileiros e europeos. Os dous grandes grupos son o de Brasil e o da Galiza, con algún portugués que axuda.

**-E os contactos de Brasil xa os tiñades?**

Non, foi todo a través da propia rede.

**-Pois que ben vos funcionou, non? É difícil conseguir xente que se comprometa así...**

Si, a verdade temos un grupo moi amplo de colaboradores e colaboradoras mais con un compromiso moi variado. Hai persoas que publican unha por día ou unha materia cada dous días, e outras que están publicando diariamente tres, catro, seis.

A fonte que comentabas non é so andar vendo páxinas, e tamén o que a xente nos manda e tamén a produción propia. Ou sexa, no Día da Patria, pois vimos a Compostela e cubrimos todas as actividades, mandamos dúas ou tres persoas que percorremos todas as actividades que se fan, facemos fotos, enviamos polas redes sociais, e temos unha persoa nun computador con que falamos telefonicamente, vamos cunha ferramenta que se chama cover it life, que é para facer cobertura ao vivo on line de eventos que a través do telemóbel, tipo tuitar, temos unha caixa que se reproduce na páxina principal e nós desde a rúa podemos mandar e vai actualizando con fotos... moi efectiva. A xente pode escribir tamén. Cando hai eventos tipo Día da Patria, greve xeral, facémolo desa maneira para ir minuto a minuto informando. E se non, pois tamén combinamos con xente. Estes días eu fixen entrevistas á xente que veu participar nas xornadas independentistas galegas, entrevistei un arxentino, unha basca e un portugués. Fáltame entrevista o chileno, que o vou entrevistar dentro duns días en Vigo. Entón, combinamos con

xente dos movementos sociais galegos, facémoslles entrevistas e reproducímolos. Por tanto, reportaxes, entrevistas, noticias de propia creación e opinión. Temos máis de cen colaboradores de opinión, facemos unha proposta moi aberta, ‘queres colaborar connosco en opinión’? A xente sempre se asusta porque di ‘ah, non sei se poderei cumprir prazos’. Non, os prazos márcalos tu, hai xente que nos manda un artigo por semana, un por mes ou cando lle cadra. A nós válenos todo, iso permítenos que a páxina teña moito dinamismo, sempre se está actualizando. De fato, estase publicando aproximadamente 40, á veces 30, ás veces 50 materias diferentes por día, o cal está bastante ben.

**-Tivestes algunha algún problema de censura?**

Si, no Brasil mas unha empresa española, unha multinacional española, Telefónica, que de repente bloqueou... bon, sobre esto non temos constancia oficial, mas foi curioso porque de repente os brasileiros comezaron a comunicar connosco de diferentes estados, e coincidía que todos eran servidos pola filial de Telefónica que se chamaba... como era o nome, non lembro, era unha empresa...

**-Pero que había, unha noticia en particular sobre Telefónica Brasil?**

Non, o acceso á páxina...

**-Que raro...**

Si, entón houbo unha campaña organizada por eles propios nas redes sociais de denuncia, e de repente comezou a funcionar e abriuse. Iso é o que nos fai pensar...

**-Ah, pero chegou incluso ás redes sociais?**

Si houbo unha campaña deles, espontánea, nós non intervimos, denunciando que non podían entrar no Diálogo Liberdade.

**-Ai si? E diso canto tempo hai?**

Iso foi no primeiro ano, aos poucos meses de abrírmolos. Xa debe haber case dous anos, ano e medio...

**-Pero por que se ía molestar Telefónica Brasil, que debe ser un xigante, en bloquear o acceso? Non sei**

Non, eu tampouco sei, non ten moito sentido porque despois de todo tampouco representamos tanto. Mas o certo é que sucedeu, e bom, tal vez algún técnico puidese estar aquí e dicernos, ‘non, olla, foi por isto, por isto e por isto’. Mais aconteceu que tamén lle pasou o mesmo á páxina que naquela altura tiña a esquerda *abertzale*. Á mesma páxina dos vascos tampouco podían acceder. Entón foron varias, entón non sei se de repente algunha directriz...

**-Fixeron unha lista de webs que non lle gustaban ou algo así...**

Si, todo isto non deixan de ser especulacións... non temos certeza absoluta.

**-Vale, pois mira, sobre o Diálogo Liberdade xa me contastes todo o que quería saber máis ou menos e agora quéroche preguntar sobre a túa idea sobre os medios de comunicación galegos. Que tipo de clixés cres ti que difunden sobre o independentismo en La Voz de Galicia, a Televisión de Galicia, El Correo Gallego? Es lector de prensa, ou non tes unha idea sobre os clixés?**

Si, unha idea teño

**-Ti cando les algo sobre independentismo, dáche rabia, indígnaste polo que les, non especialmente, non aparecen cousas... como o ves ti?**

Si, bom, eu creo que o fundamental son dúas cousas, unha o silenciamento, é o máis normal, o máis habitual, digamos, que se silencie todo tipo de iniciativas, sobre todo, iniciativas que poderíamos denominar positivas, entendendo por positivas que non vaian á contra, que se trate pois por exemplo que abriu o Diálogo Liberdade ou que se presentou tal iniciativa en tal concello, ou que se organiza un festival en apoio a tal loita. Ese tipo de cousas, o 90% das veces ou máis, simplemente non aparecen. E despois hai unha segunda vía de incidencia nos medios de

comunicación que é facer unha distorçom do que o independentismo é e que representa, converténdoo nunha especie de caricatura violenta do que realmente somos, do traballo que facemos.

**-Por exemplo?**

Bon, no tema da violencia política...parece que é único que interesa, cando hai algún tipo de violencia que poida ser atribuída a unha organización identificada como independentista ou as especulacións sobre iso e tal. Ou cando hai tamén actuacións represivas, detencións, cargas... e sempre se fai cunha perspectiva que eu diría próxima da criminalización, non obxectiva. Mas en todo caso, eu tampouco me escandalizo especialmente cando comprobo iso porque que non é algo diferente do que sucede cos movementos sociais en xeral, coas loitas que se suceden no noso país. Cando hai unha greve xeral sempre se da unha visión tamén pro patronal, cando hai movementos veciñais sempre se dá unha visión contraria a eses movementos, e favorábel á orde establecida. Entón digamos que están a cumprir o seu papel porque son medios financiados sempre por grandes bancos, constructoras, empresarios e serven a quen serven.

**-Todo isto, como cres que pode afectar ao movemento independentista. Cres que realmente lle afecta dalgunha maneira, que non lle afecta...**

Si, afecta na percepción social que existe sobre o movemento, non creo que afecte directamente ao seu desenvolvemento. É verdade que se tivese un eco maior e máis positivo favorecería en certa forma que as mensaxes puidesen chegar a máis xente. Iso é certo. Mas por outra parte, creo que os problemas do independentismo, os máis importantes, non parten dos ataques ou do silenciamento mediático. Con iso hai que contar.

**-Cal é entón o problema principal?**

Os problemas son propios, son limitacións derivadas do fraccionalismo que nos caracteriza, do fato de sermos un movemento pequeno

**-Moitas organizacións divididas en pequenos grupos...**

Mais iso, tu que estivestes na Cataluña xa o sabes, non é unha exclusiva galega, ás veces pensamos que é o noso país, o minifundio ou non sei que . Eu non concordo nada con esa visión, creo que é unha característica xeral da esquerda en todo o mundo. E que canto máis pequeno é o movemento, máis tendencias disgregadoras xurden. Ou máis se nota, porque na verdade calquer movemento, por exemplo, agora estamos a ver aquí á esquerda reformista, ao Bloque... está igualmente dividido, o que pasa é que estamos a falar de dimensións maiores.

**-Entre os problemas que son endóxenos do independentismo, cres que tamén pode existir un problema de comunicación coa sociedade? Pensas que o movemento ten problemas para facer chegar a súa mensaxe?**

Si, claro

**-E por que, se por exemplo sodes moi impulsivos creando medios de comunicación, iniciativas culturais, centros sociais.. e todo iso. Que é o que pasa? Hai, ao mellor, unha tendencia a facer guettos ou aosectarismo... non sei. Como se podería rachar iso?**

Creo que hai algo de todo iso. Hai algo de sectarismo, hai algo de guettización autoimposta, ás veces parece que a xente está satisfeita na súa marxinalidade, algo diso existe, eu creo. En todo caso, é consecuencia do que falabamos antes, do carácter minoritario que temos, digamos que estamos como nun burato que é difícil saír. Tense ensaiado, algunhas das cousas que falabamos antes, dos procesos que se fixeron a nivel político tentaban superar iso e ata hoxe non fomos capaces. Ata hoxe continuamos eu diría que máis divididos ca nunca. Entón, o tema da comunicación fai parte de todas esas carencias, efectivamente, eu creo que nese aspecto non é no que peor estamos, porque existen iniciativas que funcionan ata certo punto, dentro das nosas limitacións, mas... naturalmente, podíase facer moito máis e moito mellor.

**-Que relación existe entre o independentismo e os centros sociais? Xa me comentaches algo de Artabria... Pola túa experiencia, cres que os centros sociais son instrumentos que alentan o movemento? Cres que se retroalimentan, que hai un vínculo?**


A verdade, o dos centros sociais non é exclusivo do independentismo, existen centros sociais que nin sequera son independentistas, hainos anarquistas, hainos que son dunha esquerda máis morna ou nada rupturistas, que simplemente teñen actividades culturais onde participa todo o mundo. De feito a propia Artabria, que si que é certo que ten unha compoñente independentista maioritaria, conta con participación de xente moi diversa. E supoño que isto pasará en todos.

**-Pero bueno, é unha forma de abrirse, tamén, que entre xente de todas clases**

Si, eu creo que iso é positivo, no fondo é unha forma de comunicación coa sociedade. Nese sentido parécese positivo, mas bon, tampouco podemos igualar, dicir que un centro social automaticamente é independentista porque entra dentro da rede de centros sociais, porque hai algúns que non o son, directamente, a pesar de que esta nova vaga de centros sociais digamos que foi unha idea do independentismo, mas unha idea á cal adheriu todo tipo de xente. Entón hoxe non son todos necesariamente independentistas.

**-Algún de referencia? O Pichel, por exemplo? A nivel xeral, cales son os máis importantes independentistas?**

En Ferrol está Artabria, en Compostela a Xentalha do Pichel, hoxe debe ser a nivel nacional o máis activo. E despois existen na Coruña, en Vigo hai varios, hai tres ou catro, en Ourense, en Lugo, en Pontevedra...



## **Informante 7**

- Nome: Joam Peres
- Actividade: voceiro do colectivo Ceivar
- Data de realización: 07/09/2015
- Lugar: hotel Costa Vella, Santiago de Compostela.
- Técnica: entrevista persoal rexistrada con gravadora

### **- Que dereitos ou liberdades individuais están sendo lesionados no marco da loita antiterrorista contra Resistencia Galega? Estanse producindo maltratos?**

Obxectivamente aínda que non haxa tortura física -que hai casos de tortura física e de violacións e de brutalidade - nos os houbo a día de hoxe no caso de Resistencia Galega. No caso do Exército Guerrilleiro nos anos 80 si houbo: eléctrodos, afogamento de bañeira, bolsa, toallas molladas, tortura. Tortura coma en calquera ditadura. Xa no mesmo deseño do proceso comeza o maltrato, é dicir, unha detención en que a partir do momento que es capturado ou capturada ficas completamente incomunicado, non podes ter contacto con ningunha persoa, nin con avogado, nin con forense nin con absolutamente ninguén durante un período de ata 5 días. É un espazo de impiedade absoluto e iso teno denunciado ata a ONU. O Estado Español ten un sistema legal a día de hoxe que permite que xente detida por motivos políticos, que o Estado Español chama terrorismo ou loita armada, pode ser sometida a todo tipo de tratos.

### **- Iso é un tema que nunca se cuestionou nos medios. No houbo debate, asúmese que en nome do terrorismo todo vale.**

Non se debate, non se toca. Incluso dentro do aparato de xustiza son moi raros, excepcionais, nos casos de tortura, a denuncia que chega a progresar nun xuízo, que senta a alguén no banquillo e é condenado. E incluso ten habido moitos casos de números, de policías implicados en delitos de tortura que foron promovidos a instancias superiores dentro do organigrama policial. Con isto quero dicir que o maltrato existe dende o momento que hai incomunicación e que a vulnerabilidade, digamos, xa é un marco de vulneración psicolóxica. A situación de indefensión na que te encontras é absoluta e sometido a non poder durmir, á tensión que é inherente a unha situación deste tipo, e todo o marco legal deseñado para trincar información, e para vexar e destrozar psicoloxicamente a persoa detida.

Ademais, tamén aplican instrumentos de presión psicolóxica. Os acusados son detidos coas súas parellas como medida de presión, e logo son liberadas. Así aconteceu no caso de tres activistas.

### **- E ti como militante de Ceivar que impresión tes sobre a cobertura dos medios? Algunha vez te vistes implicado ou saístes na prensa e consideraches que non se daba a información correcta?**

Persoalmente non recordo, penso que non. Como organismo antirrepresivo, moitas veces, aparecemos como se fosemos parte de un organigrama, non unha rede de solidariedade con persoas detidas por motivos políticos senón coma unha parte nun organigrama terrorista que se encarga de... vamos, o discurso mediático. O ABC hai cousa de un ou dous anos publicou un organigrama, supoño que facilitado pola Garda Civil onde se mete centros sociais, Causa Galiza, Ceivar, etc. Esa fantasía..

### **- Ceivar envía comunicados? A que medios, aos afíns ou a todos?**

Envíanse a todos os medios. É un traballo estéril, porque non se considera como fonte, aínda que digamos que sería a fonte máis próxima á noticia. Seguimos enviando, á parte temos páxina web, redes sociais, hai onde atopar a información. En definitiva, non é que non se coñeza a fonte, non se considera.

**- Hai diferenza de tratamento cos medios alternativos? Co Novas da Galiza ou con algún máis?**

Si, e con *Sermos*, con *Plaza Pública* incluso; cos medios nacionalistas basicamente.

**- Por que cres que o tema de Resistencia Galega non transcende máis alá de Galicia? Esta encadrado sempre na sección Galicia, como un tema local. Por que non lles parece relevante, porque non é perigoso?**

O feito de encadralo na sección Galicia é algo co que tamén me teño quedado. Non é terrorismo de ámbito estatal, reducen a información para minimizalo. Eu creo que, primeiro, eles non consideran que a día de hoxe sexa un problema de loita armada, ao nivel que puido ser durante 50 anos a existencia de ETA, cunha capacidade militar importante, nin que sexa un problema de estado que informativamente deba envolver a un cidadán de Albacete na problemática. Circunscribino mediaticamente a este territorio.

**- Pero ao mesmo tempo aplícanlle todo o aparato estatal creado para ETA non?**

Aí habería varias cuestións; unha, o tema de declaración de banda armada, que xuridicamente é un mecanismo xurídico que vai permitir que no futuro, se esta existencia de organización armada finalmente se asenta xuridicamente -con dúas sentencias en firme xurídica e politicamente existe- vai permitir que os militantes que sexan procesados en tribunais de excepción, como a Audiencia Nacional, e van ter, á parte dos feitos concretos que teñan que afrontar no tribunal por accións do tipo que sexan, van ter xa de regalo de 6 a 12 anos de pena por pertenza a banda armada. Entón o mecanismo permite un endurecemento cualitativo da represión.

A segunda cuestión, é que ese mecanismo vai permitir estender a aplicación da represión a sectores que ao mellor simplemente se manteñen nunha posición de non condena, ou que comparten obxectivos políticos. A independencia pode ser un. E pode darse en calquera organización que traballe a plena luz do día, legalmente e incluso legalizadas.

**- E iso como se estende? A apoloxía ao terrorismo pode ser un xeito?**

A apoloxía do terrorismo xa sería un delito personalizado.

Poñámonos en escenarios hipotéticos, a acción armada é regular no tempo, o estado non consegue desarticular esa acción en base a represión e existe unha comunidade maior ou menor de lexitimación, xente que non condena ou que recoñece, ou que pensa que tal como está a situación a existencia dunha violencia de resposta fronte a tantas violencias políticas, económica, mediática como hai, non merece maior atención, e que a violencia real é a estrutural. Entón si chegásemos a ese punto de desenvolvemento da cuestión, o Estado podería dicir, bueno, aquí hai unha serie de estruturas, asociacións de familiares de presos, organizacións política, organizacións xuvenís, que digamos, forman parte. Unha decisión puramente política que logo se verifica nun tribunal, e que vai a validala. Todo baseado nunha decisión política. Esa existencia de banda armada deixa a porta aberta a este tipo de tratamentos. Dubido que a día de hoxe o Estado vaia a decantarse por esa vía no caso galego. Sería matar moscas a cañonazos, non ten sentido.

**- Ti crees que hai algún tema nos medios dominantes que se oculten deliberadamente?**

Ocultación da tortura e de todo o que supón o réxime de detención incomunicada, iso é intocable mediaticamente. E en todas as empresas de comunicación, este tema non o abordan. Mais temas: o aparato mediático, o conxunto dos medios de comunicación de masas, a nivel do tratamento informativo do que se chama terrorismo ou loita armada funciona como un aparato dirixido dende una instancia exterior. Eu creo que dende o Ministerio do Interior, aínda que nestes casos a información é policial, é a Policía ou a Gardia Civil quen proporciona información sobre a detención ou sobre como están os detidos, sobre que delitos se lle atribúen. En todo o proceso a información é policial e os principais medios de comunicación pleganse sistematicamente á

versión policial, evitando calquera contraste. Sáltase, viólase absolutamene o código deontolóxico do xornalismo, porque hai una obediencia superior que non pode ser cuestionada. E calquera xornalista que elaborase un relato poñendo distintas versións non chegaría a publicar. Outra cuestión: hai no tratamento informativo libros de estilo sobre como se definen e nomean as cousas, e definimos como entendemos o mundo. Automaticamente a alguén que é detido nunha operación chamada antiterrorista é terrorista. A presunción de inocencia está abolida, ábrese o melón para falar da súa vida e mentir absolutamente, créase un pequeno monstro. O terrorista non ten una vida social, non ten relacións, non forma parte de entramados de ningún tipo, trátase de demonizar os individuos. Para todo iso hai una serie de palabrería: terrorismo, violento, radicais, vándalos...

**- Si, todo un arsenal: dementes, infantiles... Ti cres que, en relación co que dicías do País Vasco, pode estarse a facer unha negación dun fenómeno propio? Dicir que é por imitación?**

Absolutamente. Á parte, se tes posibilidade de analizalo historicamente dende o 73 ou 75, cando existen procesos de loita armada nacionalista ou independentista, o tratamento informativo sempre nega o carácter galego do proceso autóctono endógeno. Sempre somos sucursal de algo externo.

**-De que maneira?**

Pois mira, no ano 1975, cando é o asasinato de Moncho Reboiras, a información de prensa, a información fala da existencia dunha organización que se chama ETA-UPG que nunca existiu. É sistemática a negación do carácter galego do fenómeno e sempre depende do que fixeron outros na Galiza ou de xente da Galiza que quedou fascinada con procesos externos. Sempre se nega que isto nace do propio país porque vulnera a idea dos galegos, do pacifismo, docilidade...

**-Máis casos?**

Reboiras, coa ETA-UPG. Os sete ou oito anos do Exército Guerrilleiro do Povo Galego Ceive... negan que existe un conflito nacional aquí tamén, cun nivel de desenvolvemento diferente, pero existe un conflito nacional político. Se miras nos finais dos 90, a constitución de AMI, que actualmente non existe, foi recibida con declaración do delegado do goberno de que iso era unha trama creada por Jarrai, organización xuvenil vasca creada na Galiza para reproducir dinámicas do movemento independentista vasco. En distintos tratamentos informativos de Resistencia Galega tamén aparecen as viaxes a Euskalherria, o apoio económico, recolectas para apoiar a un preso, non para financiar nada.

**-Que pensas do feito de que cando empeza a aparición de Resistencia Galega coincide coa suspensión de ETA? Hai xente que interpreta o auxe de Resistencia Galega como un transvase de actividades de negocio relacionadas coa seguridade.**

A loita antiterrorista no País Vasco, á parte da súa dimensión de loita contrainsurxente, ten unha dimensión de negocio, de escoltas, escoltas privados... centos de persoas escoltadas, videovixilancia, venda de aparatos. Ademais, hai unha permisividade do Estado co narcotráfico, a prostitución, como o caso de Intxaurren. Todas estas redes, policiais, de narcotráfico e prostitución, a certos niveis, están bastante enmarañadas. Que hai tramas de negocio económico? Está clarísimo. Que a desactivación da loita armada implica que moita xente queda sen traballo é evidente. Incluso hai xornalistas especializados neste tema. É curioso que no momento que ETA declara a tregua, un dos primeiros que sae a negar a veracidade desa tregua é a asociación de escoltas do País Vasco, porque teñen interese económico de que isto siga sendo así.

**-Pero iso non serve para Galicia, non?**

Que se pretenda dirixir todo o negocio cara aquí? Non o creo. Por moito que se inflame mediaticamente, a realidade material é a que é.

**-De que maneira pode influír o conflito do País Vasco no tratamento de Resistencia Galega?**

Inflúe porque eles deciden que mediaticamente, é dicir, o aparato mediático decide que o tratamento da loita armada independentista parte dun deseño antiterrorista global. Non é que os medios sexan independentes para informar, buscar as súas fontes, senón que os directores dos medios actúan baixo ditado policial. En calquera proceso de represión política ti verás que ao día seguinte as frases que publican son idénticas en todos os medios, a nota que recibiron foi a mesma e eu penso que de publicación obrigatoria. Descartar o contraste doutras fontes evidencia bastante como está sendo o xogo.

Os medios equiparan procesos para tratalos da mesma maneira e utilizan unha ideoloxía dominante que hai na cabeza de moita xente, que diante do fenómeno autóctono reacciona da mesma maneira que o fai co que acontece a moitos quilómetros de distancia.

**-A quen lle interesa a existencia de Resistencia Galega? Á Garda Civil, ao Estado, a unha parte do movemento independentista, aos medios?**

Eu o primeiro que diría é que se realmente existe esta organización é unha resultante dun conflito que existe neste país. A organización non nace en Albacete, en Extremadura ou Soria, nace en Galiza porque hai unhas condicións determinadas de negación de dereitos nacionais, de espolio colonial, de empobrecemento... e sobre este caldo de cultivo, dende hai 40 anos existen procesos de loita armada que responden a ese contexto concreto. Non responden ao conflito vasco ou a outro conflito externo.

**-De feito, é un pouco curioso que agora nin está ETA nin está o IRA, e aquí rexurde unha loita armada. É como un fenómeno a destempo, tardío? Por que agora?**

Loita armada houbo sempre dende os anos setenta na Galiza, presos políticos tamén. Non é unha novidade.

Outra cousa. O que me parece fundamental no tratamento informativo é a subordinación absoluta dos medios ás directrices policiais. A instrumentalización política a nivel institucional é clarísima. Calquera xesto de identificación cos presos, de reclamación de que se cumpran os seus dereitos humanos e constitucionais, automaticamente se utiliza para acusar de colaboración. Isto é a criminalización da solidariedade. O estado español coa política de dispersión tamén está vulnerando a lexislación internacional, pactos asinados con outros estados a nivel internacional e a súa propia lexislación penitenciaria. A dispersión é ilegal, mantena porque quere utilizala politicamente. É unha arma política, como é a incomunicación. Na loita contra o terrorismo, entra en xogo o tema mediático, o tema policial, o tema xudicial e o tema penitenciario, é como unha secuencia. Aparato de propaganda, aparato policial de tortura e detención incomunicada, aparato xudicial de excepción, coa Audiencia Nacional, e finalmente o aparato penitenciario.

Outro tema interesante, a existencia de xornalistas nos principais medios de comunicación que son canais de comunicación directa da policía e da garda civil. Normalmente é xente que traballou en información sobre delincuencia común, narcotráfico, prostitución... como Julio Fariñas, por exemplo. Ten o *Novas da Galiza* un artigo sobre el bastante extenso.

**-Cando hai unha noticia de Resistencia Galga danlla a calquera ou a unha persoa concreta?**

Non sei a quen lla dan. Pero imaxínome que Interior terá reunión periódicas cos directores dos principais medios e irán a tomar un café e falarán do importante que é que todos colaborem.

**-A ti non che invitan, non?**

Non, a min de momento, non.

## **Informante 8**

- Nome: Manuel Chao
- Actividade: avogado de presos independentistas
- Data de realización: 13/09/2015
- Técnica: cuestionario mediante correo electrónico.

### **-Cal é o procedemento legal en España para que se declare “terrorista” unha organización?**

A declaración como terrorista dunha organización regúlase no ordenamento xurídico español no Código Penal, no concreto nos artigos integrados no Capítulo VI do Título XXII, establecéndose na Lei de Axuízamento Criminal o proceso a seguir, que fixa a Audiencia nacional como tribunal exclusivo encargado da función de xulgar e executar o xulgado.

### **- A lexislación ao respecto difire ou é similar a outros países europeos?**

Salientar que no Dereito comparado dos países do noso entorno existe unha diversidade legal ao respecto e, ao mesmo tempo, común á hora de legislar *ad hoc* sobre o combate xurídico - político sobre fenómenos de alteración socio-políticos que, en cada momento histórico, se manifesten nun Estado determinado, así, os distintos gobernos Británicos elaboraron leis especiais para xulgar a actividade do IRA; na actualidade distintos países europeos acometen leis específicas para enfrontar o problema "Xihadista"...., legalidades específicas que permanecen nos Corpos Xurídicos e logo poden aplicarse a calquera realidade conflitiva, aínda de distinta natureza. En definitiva, as sinais de identidade deste Dereito penal nos países europeos da nosa contorna caracterízase por un aumento da gravidade das penas máis alén da idea de proporcionalidade, aplicando incluso “penas draconianas”; abolición ou redución ao mínimo das garantías procesuais do investigado, como o dereito ao debido proceso, a non declarar contra si mesmo, á asistencia de letrado, etc; criminalización de condutas que realmente non supoñen un verdadeiro risco para bens xurídicos concretos, adiantando a intervención do Dereito penal a este tipo de condutas.

### **-Con respecto á situación anterior, a declaración de Resistencia Galega como banda terrorista, que cambios supón para as persoas detidas acusadas de participar nesta organización? E para o movemento independentista en xeral?**

Fundamentalmente as xa relatadas na resposta anterior que poden acrecentarse en: tratamento de todo o proceso baixo a lexislación especial, que supón a detención incomunicada, encarceramento provisorio, endurecemento do réxime carcerario e xuízo nun tribunal como a Audiencia Nacional. Por outra banda, colixido do anterior, unha limitación das garantías procesuais e dos dereitos de defensa.

No que atinxe ás repercusión no movemento independentista, desde unha consideración xurídica, como xa dixen, consinte na criminalización de condutas que realmente non supoñen un verdadeiro risco para bens xurídicos concretos, adiantando a intervención do Dereito penal a este tipo de condutas.

### **-No marco da loita contra Resistencia Galega, están a lesionarse dereitos ou liberdades individuais?**

Os xa mencionados que abranguen, sobre todo, a tutela das garantías procesuais que afectan decisivamente ao dereito fundamental de defensa.

**-Cre que o conflito do País Vasco puido ‘contaminar’ o fenómeno de Resistencia Galega en Galicia? De que maneira?**

Penso que o conflito do País Vasco achegou a lexislación especial, -penal, procesual e penitenciaria-, e *ad hoc* xa citada que, logo, foi aplicada dun xeito mimético a outros conflitos distintos e con intensidade ben diferente, aplicando medios e experiencia que non se comparecen ca realidade do fenómeno a combater.

**-Como cre que influíu a cobertura mediática de Resistencia Galega na decisión do xuízo ou na declaración de banda terrorista? Cre que existe algún vínculo?**

Un dos dereitos invocados na demanda presentada perante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos foi a violación do dereito á presunción de inocencia, protexido no artigo 6.2 do Convenio, ao exercer presións o poder executivo sobre o Tribunal Xulgador, incluso durante a celebración do xuízo oral, instando a condena de acusados por pertenza a una organización terrorista até o momento inexistente. E esta actuación levouse a cabo, esencialmente, a través dos medios de comunicación, como podes consultar nas hemerotecas.

**-Que lle parece a cobertura mediática de todo o relacionado con Resistencia Galega? Considera que hai algún tema importante que non se está a tratar? Cal?**

Non sendo eu especialista na materia nin tendo coñecementos de xornalismo, acho que o mais distorsionador é que Galiza apenas conta con ningún medio ou axencia de noticias propia, tanto na escrita como no audiovisual, por tanto, case todos os asuntos con transcendencia de Estado son transmitidos a opinión pública desde a ideoloxía preponderante no poder executivo español, por tanto, unha das principais características foi sobredimensionar a actividade punitiva deste grupo trasladándoo ao terreo de organización terrorista, sen ponderar a verdadeira transcendencia xurídica e política do fenómeno.

Estimo que os medios de comunicación, ao menos a nivel galego, poderían tratar, cun maior equilibrio ideolóxico, a escasa dimensión desta actividade e coadxuvar a unha solución punitiva e penitenciaria mais xusta.

**- Que posición considera que deberían adoptar os medios de comunicación na cobertura deste tipo de conflitos nacionais?**

Penso que esta pregunta xa foi respondida nas precedentes.

**- Apreciou algunha influencia dos partidos políticos nos procesos xudiciais contra Resistencia Galega? Como se manifestou esa influencia?**

Os partidos políticos forman parte do Ordenamento xurídico e político do Estado, por iso, sobre todo, o Partido Popular, sostivo un activismo desproporcionado con este asunto, trasladado dos réditos electorais obtidos puntualmente no País Vasco, sen considerar, como xa diz, a verdadeira dimensión do problema. Por outro lado, os partidos nacionais: BNG, AGE, carecen dunha identidade sólida que lles permita manter unha posición ideolóxica propia con transcendencia xurídica e política, se ben, debo recoñecer a súa labor en prol de situar estas actuacións dentro do senso común, sen que puideran ter a relevancia contra da Orde constitucional vixente que precisaron exacerbar os tribunais da Audiencia nacional para ditaminar o seu carácter xurídico e político de Organización terrorista.

## ANEXO II. FICHAS DE ANÁLISE IDEOLÓXICA DA OPINIÓ

### A. ARTIGOS LA VOZ DE GALICIA

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 01	Medio: La Voz de Galicia	Data: 24-07-2005
	Titular: Non son coma nós		
	Autor: José Manuel Pan		U. rexistro: 1
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: “alimentan el odio y el terror”, “son los enviados del miedo”.
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
	<p>-“Son los enviados del miedo. Son ese tanto por ciento de las encuestas a quienes el desempleo les importa un bledo, y menos aún que sus padres o hermanos sean felices”.</p> <p>-“Non son coma nós”</p>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<p>-“Y es que a los gallegos nos preocupa el paro y somos felices con nuestra familia”.</p> <p>-“No hay ninguna duda de que los gallegos no queremos como vecinos a los que nos ponen bombas, a quienes nos apuntan con el terror y a quienes muy probablemente han nacido en un sitio equivocado”</p>		
	<b>Otras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 02	Medio: La Voz de Galicia	Data: 27-07-2005
	Titular: Cabezas muy espesas		
	Autor: Luís Ventoso		U. rexistro: 9
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	x	Especificar: “de cafres totalitarios a terroristas”
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: “deliran con liberar a Galicia” “alienígenas”, “majadería de dos iluminados”
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	-Sobre a independencia: “desbarran con la idea de independizar a un país que ni se lo plantea”		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Sobre as accións xudiciais: “con buen criterio el juez los ha ascendido de cafres totalitarios a terroristas”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 03	Medio: La Voz de Galicia	Data: 15-11-2005
	Titular: Redadas preventivas		
	Autor: J. Álvarez		U. rexistro: 18
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<b>x</b>	Especificar: independentismo radical, AMI, jarraiciños gallegos
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar: “si consiguen enviar a la clandestinidad a los jarraiciños gallegos, éstos habrán alcanzado la mayoría de edad”.		<b>x</b>
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Refírese ás detencións como “terapias preventivas”		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 04	Medio: La Voz de Galicia	Data: 16-11-2005
	Titular: Paco versus Quin		
	Autor: Lois Blanco		U. rexistro: 19
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<input checked="" type="checkbox"/>	Especificar: independentismo, nacionalismo
	Xurídico	<input type="checkbox"/>	Especificar:
	Patolóxico	<input type="checkbox"/>	Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
	-Extensión á UPG: “Paco Rodríguez, quien denunció que las detenciones son ‘desproporcionadas’. ¿Por qué lo hace? Primero, porque Arzallus también velaba por los chavales de Jarraí”.		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (língua, causas da violencia...)</b>		
	-“las cosas no van bien en el Bloque” -“Habló Quintana. Lo hizo para decir lo contrario: pedir que actúe contra -AMI con todo el peso de la ley”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 05	Medio: La Voz de Galicia	Data: 17-11-2005
	Titular: Una castaña hueca		
	Autor: J. Álvarez		U. rexistro: 24
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<input checked="" type="checkbox"/>	Especificar: organización política independentista
	Xurídico	<input type="checkbox"/>	Especificar:
	Patolóxico	<input type="checkbox"/>	Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar: -“Decidió ayer mandar para casa de sus papás a los diez jarraiciños detenidos”, “rama juvenil” -“Nuestros jarraiciños viajaron a Madrid”		x
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	-Uso irónico da lingua, co uso do diminutivo galego –iño: “jarraiciño”		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Suxire unha esaxeración da operación: “Alguien, tal vez afectado por el síndrome del norte, quiso matar moscas a cañonazos” “Cómo se puede pretender ilegalizar la rama juvenil de una organización política independentista en base a un simple panfleto y a unos cuantos indicios de actos vandálicos chapuceros?”		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 06	Medio: La Voz de Galicia	Data: 17-05-2007
	Titular: Una bomba llena de interrogantes		
	Autor: Xosé Luís Barreiro Rivas		U. rexistro: 39
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<b>x</b>	Especificar: terrorismo cutre
	Xurídico	<b>x</b>	Especificar: chapuceros de la olla a presión y explosivo casero
	Patolóxico	<b>x</b>	Especificar: locos o demasiado astutos, fantasmal organización
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (língua, causas da violencia...)</b>		
	<p>-“La Delegación del Gobierno en Galicia está sucumbiendo a la tentación de devaluar este asunto”</p> <p>-Suposto nome da organización en reintegrado: “Frente á destrución resistencia xeralizada”</p> <p>-Atribúe as causas das explosións a motivos urbanísticos: “lo más preocupante es que este terrorismo cutre relacione su resistencia con el urbanismo”.</p> <p>-“Mientras todo el aparato del Estado parece entretenido en vencer a ETA por medios judiciales, pululan sin control otros modelos criminales”</p>		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 07	Medio: La Voz de Galicia	Data: 16-11-2007
	Titular: Reprobación		
	Autor: aparece na portada sen asinar, a modo de editorial		U. rexistro: 42
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: iluminados, desnortados
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	-Fala en nome dos galegos: “la reprobación de los gallegos es total”		
	<b>Otras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Solicita man dura: “Tampoco estaría de más que conociesen todo el peso de la ley”		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 08	Medio: La Voz de Galicia	Data: 15-12-2007
	Titular: El primer paso		
	Autor: Xosé Luís Barreiro Rivas		U. rexistro: 55
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: descerebrados, gente con escasa madurez, malos instintos y peor cabeza
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar: “cachorros peligrosos”		x
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	<p>-Pide man dura: “Estamos ante el primer paso de una caminata que debe ser abortada sin contemplaciones”</p> <p>-Negación do carácter político: “Lejos de ser atentados dirigidos a la creación de un conflicto político de corte separatista, o a servir de amplificadores de una propuesta ideológica descabellada y utópica, se trata de una actuación ‘justiciera’.</p>		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 09	Medio: La Voz de Galicia	Data: 23-05-2008
	Titular: Unabomber		
	Autor: Fernanda Tabarés		U. rexistro: 76
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<input checked="" type="checkbox"/>	Especificar: anarcoprimitivismo
	Xurídico	<input type="checkbox"/>	Especificar:
	Patolóxico	<input type="checkbox"/>	Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Advertencia do perigo: “Unabomber mató a 3 personas e hirió a 23” -Suxire unha explicación á carta bomba: “la empresa intenta desde hace años acometer un proyecto urbanístico en el entorno de la antigua fábrica de conservas Massó”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 10	Medio: La Voz de Galicia	Data: 10-06-2009
	Titular: Gloria Lago, también sola ante el peligro		
	Autor: Roberto L. Blanco Valdés		U. rexistro: 84
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
	-Neste artigo non se fai referencia explícita nin a grupos independentistas nin a Resistencia Galega. Pero si na noticia orixinal que motivou o artigo.		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	-Uso irónico e despectivo da lingua: “Si el amenazado hubiera sido ‘un dos nosos’, la intimidación habría constituido un ataque contra Galicia (o Galiza) y contra su lengua y su cultura”.		
	<b>Otras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Loa da figura de Gloria Lago: “hay que ser una auténtica valiente para defender hoy en Galicia lo que públicamente defiende Gloria Lago”; una valerosa y honesta ciudadana que defiende sin meterse con nadie la cooficialidad de las lenguas”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 11	Medio: La Voz de Galicia	Data: 11-06-2009
	Titular: Gloria Lago		
	Autor: César Casal		U. rexistro: 85
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: fanáticos dispuestos a todo
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
	-Neste artigo non se fai referencia explícita nin a grupos independentistas nin a Resistencia Galega. Pero si na noticia que orixinal que motivou o artigo.		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	-“Pretender que los niños se pasen al gallego por el sistema de la inmersión en el colegio es la mejor manera de que echen a correr”.		
	<b>Otras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Referencia á lingua: “las amenazas encima estaban escritas en portugués, idioma que no figura en el Estatuto. Menudo cacao tenemos”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 12	Medio: La Voz de Galicia	Data: 29-01-2010
	Titular: Un hombre firme		
	Autor: Artigo sen asinar, na portada, a modo de editorial		U. rexistro: 105
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Artigo motivado polo ataque á vivenda do profesor Blanco Valdés. -Fue un atentado contra el derecho de los lectores de este periódico a conocer distintas opiniones”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 13	Medio: La Voz de Galicia	Data: 29-01-2010
	Titular: La libertad y sus enemigos		
	Autor: Roberto L. Blanco Valdés		U. rexistro: 111
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V4</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
	-“frente a los que hablan y escriben a cara descubierta, sin más intención que exponer sus argumentos, están los que acechan en la oscuridad, sin otra perspectiva que la de no ser enmascarados por la luz que da la libertad”.		
<b>V6</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
	-No artigo non cita expresamente ningún grupo independentista nin a RG, pero si se fai referencia na noticia que motivou o artigo de opinión.		
<b>V7</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Artigo motivado polo ataque ao domicilio de Blanco Valdés		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 14	Medio: La Voz de Galicia	Data: 29-01-2010
	Titular: Delito de pensamento		
	Autor: César Casal		U. rexistro: 112
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico	x	Especificar: “el peor matonismo”, “delincuentes”
	Patolóxico	x	Especificar: “por cabeza tienen esos artefactos explosivos que colocaron”, “mentes dementes”
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
	-“El independentismo gallego, que actúa con métodos violentos como las dictaduras y que no tiene representatividad en las urnas, ha vuelto a violentar al articulista y catedrático Roberto Blanco Valdés”.		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Artigo motivado polo ataque ao domicilio de Blanco Valdés -Pide man dura: “La policía tiene que poner todos los medios para que no vuelva a suceder”. -“Los culpables son mentes dementes. Aprendices de Hitler”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 15	Medio: La Voz de Galicia	Data:29-01-2010
	Titular: La mordaza de madrugada		
	Autor: Fernando Ónega		U. rexistro: 113
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	x	Especificar: “terroristas”, “independentistas que renuncian escandalosamente al diálogo”
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: “contagiados quizá por el odio o por un mimetismo irracional”.
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Artigo motivado polo ataque ao domicilio de Blanco Valdés.</li> <li>-“Buscan la destrucción de las ideas por la vía que intentan siempre los totalitarismos”</li> <li>-“Incapaces de encontrar seguidores, acuden a la técnica del miedo”.</li> <li>-Advertencia do perigo: “un artefacto nocturno puede ser mañana una bala”, “empiezan así, con unas bombas de palenque y cámping gas, y terminan en la negación de la persona”.</li> </ul>		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 16	Medio: La Voz de Galicia	Data: 30-1-2010
	Titular: Lo han hecho imprescindible		
	Autor: Xosé Luis Barreiro Rivas		U. rexistro: 115
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	<p>-Artigo motivado polo ataque ao domicilio de Blanco Valdés.          -“Hablamos el gallego de idéntica manera”          -“Habiendo algunas cosas en las que discrepamos profundamente –entre las que hay que mencionar nuestra visión del nacionalismo y del tratamiento que ha de darse a las lenguas propias- nunca hemos tenido dificultad para respetarnos.          -“Pasó de ser uno más entre nosotros, a ser el símbolo más querido de nuestra libertad”</p>		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 17	Medio: La Voz de Galicia	Data: 30-01-2010
	Titular: Odiadores		
	Autor: Paco Sánchez		U. rexistro: 116
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: necios
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Artigo motivado polo ataque ao domicilio de Blanco Valdés. -Ya lo he visto cerca muchas veces –el caso más duro fue el de mi compañero de curso y amigo, Gregorio Ordóñez. -“Los valientes que atacan un día sí y otro también a Roberto, sin duda, se han inclinado por la salida obtusa”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 18	Medio: La Voz de Galicia	Data: 31-1-2010
	Titular: Siempre libre		
	Autor: Santiago Rey Fernández-Latorre		U. rexistro: 117
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político		Especificar:
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
	<b>DESINFORMACIÓN</b>		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
	-“Es un sarcasmo nauseabundo que se presenten como defensores de Galicia quienes amenazan y atentan contra un hombre que ejemplifica lo que ha de ser un gallego de bien”.		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	-“Nos amenazan nuevos amagos de tiranías, por fortuna antagónicas con el ADN gallego”.		
	-“Habla uno de los gallegos más hermosos y correctos que he escuchado”.		
	-“Somos un país de concordia. Lo seguiremos siendo a pesar de algunos intentos marginales”.		
	<b>Otras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Artigo motivado polo ataque ao domicilio de Blanco Valdés.		
	-“Un hombre de una hechura admirable: su constante fidelidad a un ideario donde mandan los valores de la democracia, la coherencia en el pensamiento y el respeto a las libertades ajenas”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 19	Medio: La Voz de Galicia	Data: 31-1-2010
	Titular: Así non é		
	Autor: Víctor F. Freixanes		U. rexistro: 118
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	x	Especificar: “grupellos radicais que se definen a si mesmos como “patriotas ao servizo de Galicia”,
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: “pequenos grupos que, por desesperación ou inmadurez, por impotencia ou simplemente por falta de intelixencia, cren que desta maneira...”
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	<p>-O único artigo escrito en galego do corpus analizado.</p> <p>-“Discrepo en el [con Blanco Valdés] en bastantes cousas, moi especialmente na consideración e nas estratexias da lingua galega, e máis en certas simplificacións (...) verbo da significación do nacionalismo”.</p> <p>-“Unha das eivas máis graves e determinantes de certos posicionamentos políticos, non por minoritarios menos relevantes, é considerar o país (a sociedade) como unha propiedade particular. Galicia somos nós, non os outros”.</p>		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 20	Medio: La Voz de Galicia	Data: 17-09-2010
	Titular: Eficacia		
	Autor: Artigo sen asinar na portada, a modo de editorial		U. rexistro: 136
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<b>x</b>	Especificar: “grupúsculos fácilmente localizables”, “terrorismo”
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico		Especificar:
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (língua, causas da violencia...)</b>		
	-Comeza a falarse de “terrorismo” nos artigos de opinión -“Pequeños atentados con danos materiais pero sin víctimas” -Advirte do perigo: “si no acaba de mejorar la eficacia contra este terrorismo, algún día lo vamos a pagar caro”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 21	Medio: La Voz de Galicia	Data: 17-09-2010
	Titular: Contra el terrorismo, contundencia		
	Autor: Ignacio Carballo		U. rexistro: 139
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	<b>x</b>	Especificar: “mano del terror”
	Xurídico/ militar	<b>x</b>	Especificar: “espiral de sinrazón hacia el asesinato”, “los violentos”
	Patolóxico		
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Pide man dura: “no cabe más que el aislamiento social y la actuación contundente de las fuerzas de seguridad”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 22	Medio: La Voz de Galicia	Data: 5-1-2011
	Titular: Hay unos locos sueltos		
	Autor: Ernesto S. Pombo		U. rexistro: 150
<b>V2</b>	<b>DEFINICIÓN DO GRUPO</b>		
	Político	x	Especificar: “acciones terroristas-vandálicas”, “kale borroka”
	Xurídico/ militar		Especificar:
	Patolóxico	x	Especificar: “locos sueltos que dedican las madrugadas a poner petardos”, “esquizofrenia”
<b>V3</b>	Referencias ao carácter xuvenil? Especificar:		
<b>V4</b>	<b>Estratexias de polarización</b>		
	-“Todos cuantos habitamos este país y no compartimos su paranoia estamos en su punto de mira”.		
<b>V5</b>	<b>Estratexias de extensión do terrorismo</b>		
<b>V6</b>	<b>Estereotipia galega</b>		
	<b>Outras observacións (lingua, causas da violencia...)</b>		
	-Advirte do perigo: “puede que esos locos que andan por ahí sueltos, cualquiera de estos días se crezcan y nos monten una tragedia de la que estemos lamentándonos durante años”.		
	-“Siguen las mismas pautas que los de la kale borroka vasca”.		

<b>V1</b>	<b>IDENTIFICACIÓN</b>		
	Número: 23	Medio: La Voz de Galicia	Data: 7-1-2011
	Titular: Frente a la violencia radical: todos a una y desde ahora		
